ANEXO XII

# CONCRECIÓN CURRICULAR

## CEIP Nosa Sra. de Xuvencos-Boborás

# ANEXO XII

# CONCRECIÓN CURRICULAR

# SEGUNDO CICLO EDUCACIÓN INFANTIL

# CEIP Nosa Sra. de Xuvencos-Boborás

# ÍNDICE

1. Presentación
2. Formulación e enfoque do proxecto
3. Características evolutivas do neno e a nena de 3 a 6 anos
4. Segundo ciclo de educación infantil
5. Fins da Educación Infantil
6. Métodos pedagóxicos
7. Competencias básicas
8. A titoría e a colaboración familia-escola
9. Período de acollida
10. Atención á diversidade e necesidades educativas específicas
11. Educación do comportamento
12. A educación en valores e para a convivencia (temas transversais)
13. A educación intercultural.
14. Prevención de accidentes e primeiros auxilios
15. Xogos complementarios e psicomotrices
16. Iniciación á lectoescritura na Educación Infantil
17. Iniciación ás matemáticas
18. Introdución á lingua estranxeira na Educación Infantil
19. Novas tecnoloxías da información e da comunicación
20. A educación musical
21. Avaliación: indicadores, procedementos e rexistros

# 1. PRESENTACIÓN

Este proxecto foi concibido para facilita-los procesos de ensino-aprendizaxe, de tal xeito que na organización dos seus recursos materiais, na secuenciación dos contidos, no tipo de actividades suxeridas, nos elementos estéticos (ilustracións, fotografías e deseño) e en tódolos compoñentes educativos que o integran **se tivo en conta a realidade escolar** á que van dirixidos, os problemas cotiáns que xorden diariamente nas aulas, as dificultades e preferencias que ten o profesorado neste tramo educativo, as prácticas, os métodos e as actuacións máis frecuentes e habituais, as relacións co medio e coas familias e, en definitiva, todo aquilo que lle poida afectar á práctica docente e ós estilos de aprendizaxe.

- Dirixido ó segundo ciclo da Educación Infantil nos seus tres niveis (3, 4 e 5 anos), o noso proxecto presenta unha serie de características que, ademais de conferirlle orixinalidade, permiten darlles resposta ás necesidades que atopamos na aula:
- É **aberto** e **flexible:** apóstase por unha programación de contidos e un método de traballo que se adapta ás necesidades concretas de cada contexto e ás do alumnado que nel se integran.
- É **motivador** e **atractivo,** presenta uns personaxes cheos de maxia e fantasía, e ofrece unha gran variedade de actividades que garanten un alto nivel de motivación. O seu formato é de fácil manexo para os pequenos e as pequenas e a estruturación do seu contido estimula e esperta o interese dos nenos e das nenas.
- Presenta uns **contidos secuenciados** segundo o nivel dos nenos e das nenas.
- Contén, entre outras, **actividades manipuladoras** para desenvolver destrezas e habilidades.
- As **unidades didácticas** parten das experiencias e dos coñecementos dos nenos e da nenas e organízanse en dous grupos:

  –Unidades formais ou básicas, que desenvolven os contidos fundamentais.

  –Unidades flexibles de libre utilización. Amplían as posibilidades do proxecto para adaptárense ás diferentes necesidades, ós contextos, á diversidade do alumnado… Permiten, ademais, a realización de adaptacións curriculares máis ou menos significativas mediante unha serie de actividades que poden ser de reforzo, nalgúns casos, ou de ampliación noutros. Tamén posibilitan o achegamento a diferentes contidos culturais ó prestarlles unha especial atención.
- Fai fincapé no **traballo en equipo** mediante o material de ambientación para a aula e as láminas de cartolina do material do alumno.
- Inclúe **contos** motivadores para cada unidade didáctica como material curricular.
- Aborda os contidos da Educación Infantil a través das **novas tecnoloxías da información e da comunicación.**
- Incide en aspectos educativos claves para **a educación do comportamento** (autonomía, coidado do medio, educar para a alimentación, coidado dos espazos, expresión de sentimentos…).
- Concédelle especial importancia á **colaboración familia-escola.**
- Pretende darlle resposta á **diversidade do alumnado** e ten en conta a **pluralidade cultural** como un feito presente nas aulas e no medio próximo e afastado.

- Presenta unha **ampla proposta didáctica** cunha oferta de actividades variada e extensa.
- Concédelle especial importancia á **educación musical** e á **psicomotricidade,** xa que ambas contribúen ó desenvolvemento da creatividade e á expresión de sentimentos e emocións. Inclúe CD de cancións con distintos ritmos, que constitúen excepcionais elementos motivadores e de aprendizaxe.
- Inclúe materiais organizados para facilita-la iniciación á **lectoescritura** e ó desenvolvemento das habilidades **lóxico-matemáticas.**
- O proxecto permite unha primeira aproximación á **lingua inglesa,** fundamentalmente no nivel de 5 anos.

## 2. FORMULACIÓN E ENFOQUE DO PROXECTO

O proxecto desenvólvese arredor duns **centros de interese** comúns para 3, 4 e 5 anos que constitúen eixes globalizadores que servirán para enlaza-los contidos que se van traballar nos distintos ámbitos ou nas distintas áreas de aprendizaxe. Os temas que se seleccionaron son próximos ós nenos e ás nenas, para que, tomando como referencia os coñecementos previos que posúen sobre eles, poidan continuar construíndo o coñecemento. Pártese sempre de experiencias próximas ós pequenos e ás pequenas, relacionadas coa súa vida cotiá como son o colexio, a familia, a rúa, as estacións do ano, a casa, o Nadal, os xoguetes, o xogo, o corpo e os seus coidados, os alimentos, as tendas, os lugares de lecer e diversión, os animais, os medios de transporte…

Ademais, no proxecto adquire especial relevancia o fomento das cuestións referidas á **interculturalidade,** de maneira que os nenos e as nenas, xa desde pequeniños, comecen a comprender que viven nun mundo global no que conviven, se mesturan e se entrelazan unha gran cantidade de culturas e de formas de vivir. Trátase de abri-las portas da aula cara a esa realidade, cada vez máis próxima e inmediata, que é o contacto con persoas doutras razas e con pobos e lugares do mundo que inflúen nas nosas vidas grazas ós medios de comunicación e ós novos problemas e inquietudes que se destaparon na actualidade.

Este enfoque intercultural trabállase desde o principio do proxecto, no nivel 3 anos, a través dos personaxes de diferente cor, para fomenta-lo coñecemento e o respecto pola diversidade étnica e para que, xa desde estas idades, os nenos e as nenas se vaian decatando de que o mundo é máis amplo có seu medio, máis diverso e máis variado. Preténdese que desenvolvan actitudes, condutas e comportamentos de boa cidadanía. Os contidos tratados, entre outros, son: valoración do medio, rexeitamento de actitudes sexistas, igualdade entre homes e mulleres, rexeitamento de comportamentos violentos e competitivos, tolerancia das diferenzas por razóns de calquera índole, respecto polos maiores, respecto cara a outras razas, culturas, linguas, costumes, formas de vida…, normas de cortesía e de cidadanía, educación responsable para o consumo, a paz, o compañeirismo e a cooperación, a solidariedade…

Seguindo con este fío condutor, con 4 anos, ademais dos contidos anteriormente mencionados, introdúcese unha personaxe viaxeira, a mascota Couza, que visita os cinco

continentes para coñecer a distintos tipos de persoas e formas de vida. Deste xeito, iniciarémo-los nenos e as nenas no coñecemento da diversidade, motivada por diferentes causas (raza, etnia, costumes, relixión…), existente na realidade actual, e fomentaremos actitudes de respecto, aceptación, tolerancia, comprensión…, cara a estas diferenzas. A nosa personaxe percorrerá os países do mundo e impregnarase dos seus costumes, das súas tradicións, linguas, formas de vida, do seu folclore…, e achegaralles estas realidades ós nenos e ás nenas dunha forma amena, lúdica, entretida.

No nivel 5 anos continúase con outro personaxe viaxeiro que percorre o planeta e coñece tamén persoas de diferentes razas, aínda que neste nivel se enriquece a proposta inicial ó introduci-los nenos e as nenas nos grandes temas ou nas grandes inquedanzas sociais que lle afectan ó mundo, abordándoos desde unha perspectiva positiva, sempre con finais felices, para que vaian tomando conciencia deles e empecen, xa desde pequeniños, a desenvolveren actitudes de solidariedade, colaboración, compromiso, tolerancia, compañeirismo, axuda… Estas grandes inquedanzas son: o coidado e a conservación do medio, a fame e a pobreza, a discriminación por motivos de xénero, a liberdade de expresión, a solidariedade e as organizacións non gobernamentais, o traballo infantil, a violencia, o consumo, a conservación das especies en perigo de extinción, a inmigración, as grandes desigualdades sociais, a marxinación ó chegar á terceira idade, etcétera.

## 3. Características evolutivas do neno e da nena de 3 a 6 anos

Os nenos e as nenas de 3 a 6 anos presentan unha serie de características cognitivas, afectivas, psicomotoras, de linguaxe, de hábitos de conduta…, que hai que ter en conta á hora de planifica-la acción educativa. Aínda que existan unhas pautas comúns para un mesmo intervalo de idade, isto non quere dicir que tódolos nenos e tódalas nenas evolucionen do mesmo xeito.

Antes de empezar a amosa-las características evolutivas de cada unha das tres idades, **convén aclarar que se trata dunha serie de fitos evolutivos cuxa consecución será o resultado dun proceso que se desenvolverá ó longo do ano, non de algo xa conseguido. Nesta consecución, o papel que a escola desempeñe será algo fundamental, xa que, partindo do que os nenos e as nenas poden ser capaces de conseguir, planificará toda unha serie de estratexias, xogos e actividades que contribúan a estes logros.**

### Desenvolvemento do neno e da nena de 3 anos

O pensamento do neno e da nena desta idade caracterízase por ser concreto, é dicir, o desenvolvemento da súa intelixencia require que continuamente experimenten e manipulen a realidade que os rodea. Comézase a afianza-la función simbólica, que lles permitirá evoca-lo que está ausente, de xeito que, progresivamente, irán pasando da acción e da manipulación dos obxectos á súa representación.

O **desenvolvemento cognitivo** está condicionado en gran medida polo desenvolvemento da linguaxe. Os nenos e as nenas están pasando da aprendizaxe sensorial á intuitiva,

comezan a preve-las consecuencias das súas accións e empezan a soluciona-los problemas que se lles presentan na súa vida cotiá. Aínda non son capaces de se desligar de todo dos seus puntos de vista pero, pouco a pouco, irán descubrindo que o seu aquel de ve-las cousas non ten por que coincidir co dos demais; paulatinamente tomarán conciencia e comprenderán que a forma de actuar e de comportarse dos demais depende dunha serie de motivacións, desexos e necesidades que poden non coincidir coas súas. Intentarán axusta-lo seu comportamento para integrarse e interactuar coas persoas do seu medio.

Pouco a pouco serán capaces de realizar deducións simples e clasificacións seguindo algúns criterios moi sinxelos. A esta idade terán dificultades para establecer relacións causais, temporais e lóxicas.

**No ámbito psicomotor,** os nenos e as nenas son moi áxiles, os seus movementos son suaves e harmónicos. Progresivamente, serán capaces de disocia-los seus movementos ó realizaren asemade acenos diferenciados nos membros superiores e inferiores. Gústalles empezar a amosarse independentes e senten atracción pola actividade física. Van coñecendo o seu corpo pouco a pouco, as súas posibilidades e limitacións motrices, van adquirindo confianza sobre o que son capaces de facer con el e van avanzando no control dos seus movementos. Gústalles correr e parar, facer xiros, gabear, sortear obstáculos, andar en tódalas direccións, patear, saltar cos pés xuntos, subir e baixar escaleiras e bailar, malia que aínda non dominan o ritmo. Poderán mante-lo equilibrio sobre diferentes superficies; manteranse sobre un pé durante certo tempo; equilibraranse sobre a punta dos pés e gardarán o equilibrio estático cos ollos pechados.

A **coordinación óculo-manual** aínda non é moi boa. Serán capaces de realizar diferentes accións que requiren desta coordinación, como abotoar un botón grande. Exercerán certo control sobre o lapis. Progresivamente, controlarán a partida e chegada do debuxo e poderán partir dun punto e chegar a outro dun só trazo; poderán completar e pechar figuras abertas e serán quen de copiar un círculo. Ós pequenos e ás pequenas gustaralles experimentar coa pintura de dedos e empregarán para iso todo o espazo gráfico. Irán adquirindo paulatinamente unha mellor percepción visual do espazo.

Os nenos e as nenas utilizan indistintamente a man esquerda e a dereita; progresivamente, irán afianzando a súa **lateralidade,** polo que é moi importante non meterlles presión en ningún sentido no tocante ó emprego dunha man sobre a outra.

Nesta idade, os nenos e as nenas afianzarán a súa **identidade sexual e de xénero** e utilizarana para defini-las súas preferencias. Chegarán a recoñece-lo seu propio sexo e interesaránlle-las diferenzas fisiolóxicas entre eles.

A **linguaxe** é un instrumento novo que aínda non dominan correctamente. O vocabulario que manexan os pequenos e as pequenas é extenso, dunhas 1000 palabras, que irán aumentando rapidamente, aínda que comprenden o significado de máis palabras das que empregan. Progresivamente, elaborarán enunciados de tres ou catro palabras de estrutura máis complexa e diferenciarán os tempos e os modos verbais. Nas súas

conversas, utilizarán artigos e algúns pronomes e adverbios e aprenderán a facer correctamente a concordancia entre o artigo e o nome.

Os nenos e as nenas desta idade comezan a percibir que a linguaxe, ademais de ser un instrumento de comunicación, é un medio para controla-lo seu propio comportamento. Parece que xa captan o funcionamento do sistema lingüístico e que recoñecen algunhas normas básicas e simples, pero non as excepcións desas normas e, xa que logo, adoitan cometer erros. Tamén comezan a formular moitas preguntas, algunhas delas aparentemente sen sentido. Comentan todo o que ven, senten e imaxinan. Aínda non dominan a pronuncia dalgúns fonemas nin algunhas estruturas gramaticais, pero poden pronuncia-los sons fundamentais da lingua, aínda que, ás veces, nas súas conversas retroceden a unha pronuncia máis cómoda para eles. Ós pequenos e ás pequenas gústalles escoitar para aprender.

Comezan as **primeiras amizades,** gústalles estar con outros nenos e con outras nenas, aínda que seguen sendo egocéntricos e dominantes nas súas relacións. O seu círculo social irase ampliando. Progresivamente, serán capaces de establecer relacións afectivas fóra do ambiente familiar. A relación cos irmáns e coas irmás adoita ser moi cariñosa. Ós pequenos e ás pequenas gústalles xogar en parellas, en grupos de tres e, pouco a pouco, irán ampliando este número. No **xogo** hai unha identificación, fan imitacións tipificadas, como levar algo, mercar, dar… Tamén terán lugar as primeiras pelexas e rivalidades; a esta idade poden responder con certa agresividade ante a frustración polo que o papel do adulto como mediador é fundamental.

Empezarán a coñecer e a asimilar algunhas das normas que rexen a vida en sociedade, así como a entende-lo que é compartir. Por outra banda, é importante que adquiran progresivamente **hábitos de coidado e seguridade persoal,** posto que poderán discriminar e, daquela, evitar algunhas situacións, accións e obxectos que poden ocasionarlles perigo (escaleiras, tesoiras, coitelos, enchufes, mistos…).

Os pequenos e as pequenas aprenderán a comer sós, sen que lles caia a comida ou a bebida, e empezarán a utiliza-lo garfo. Terán a habilidade necesaria para espírense sós e para vestírense sen axuda ou con pouca axuda do adulto malia que aínda non saberán abotoar algunhas pezas de vestir. Sentiranse moi orgullosos do que son quen de facer, gustaralles esa autonomía que pouco a pouco van ir adquirindo. Ó neno e á nena agradaralles que se lles loe, mostraranse colaboradores e dispostos a faceren pequenos "traballiños" na casa e na clase. En canto á orde, saberán que cada cousa debe estar no seu sitio, pero igual que imitan a orde, tamén imitarán a desorde.

Os nenos e as nenas teñen o seu propio concepto da xustiza, saben que deben dici-la verdade e que non deben mentir. Saben distinguir entre verdade e mentira. Tenden a ser sinceros, pero tamén, se non son educados correctamente, poden descubri-las vantaxes de mentir para obte-lo que desexan.

**Desenvolvemento do neno e da nena de 4 anos**

Os pequenos e as pequenas aínda seguen a ter dificultades para establecer relacións entre feitos concretos e a situación na que ocorren.

Continuarán aprendendo de forma intuitiva a través da propia actividade. É a propia experiencia a que lles vai permitir anticipa-lo resultado das súas accións. Non posúen aínda o pensamento lóxico, malia que se van achegando a el. Os nenos de 4 anos poden facer clasificacións e seriacións seguindo criterios algo máis complexos ca ós 3 anos. Aínda non son quen de diferenciaren entre os feitos obxectivos e a percepción subxectiva destes. Séguelles custando traballo ter en conta os puntos de vista dos demais, malia que progresivamente irán sendo máis conscientes de que a súa forma de entender e ve-las cousas non é única. Conforme vaian ampliando as súas relacións sociais e vaian saíndo do círculo familiar coñecerán, comprenderán e aceptarán as opinións, necesidades e demandas dos outros. Nisto xoga un papel fundamental a escola.

Os nenos e as nenas comezan a **orientarse temporalmente;** é moi importante a temporalidade das rutinas cotiás, dos tempos de alimentación, de aseo persoal e de descanso, do tempo de xogo e de traballo na clase, dos días de colexio e dos días de festa, do día e da noite… Irán progresando na adquisición de **nocións de orientación espacial** e pouco a pouco serán quen de representar mentalmente diferentes itinerarios.

Ó longo do curso, os nenos e as nenas dominarán a **motricidade** global en canto á coordinación e ó equilibrio. Progresarán considerablemente nas súas habilidades motoras grosas. Gustaralles saltar, correr, bailar…, así, desta forma, manifestarán comportamentos máis arriscados. Saltarán á pata coxa sen impulso, manteranse sobre un pé, andarán na punta dos pés, gabearán, subirán e baixarán escaleiras e patearán a pelota con soltura. Descompoñerán os ritmos regulares do seu paso, andarán cara adiante, cara atrás, á dereita e á esquerda.

A **coordinación viso-manual** mellorará con respecto ós 3 anos. A nivel de motricidade fina, os pequenos e as pequenas irán adquirindo maior precisión: realizarán nós sinxelos, construirán formas, progresivamente mellorarán o picado, debuxarán figuras nunha dimensión e colorearán formas simples, coñecerán as cores… O debuxo da figura humana é tipo “cágado” (as pernas e os brazos saen da cabeza, e omiten o tronco).

En canto á **lateralidade,** empezan a amosa-lo predominio dun lado do corpo sobre o outro, pero, igual ca ós pequenos e ás pequenas de 3 anos, non se lles debe meter presión en ningún sentido.

En canto á **linguaxe,** o vocabulario destes nenos e destas nenas irá aumentado considerablemente; manexarán unhas 2000 palabras e comprenderán un número maior. Poden presentar un lixeiro ceceo, que é síntoma de inmaturidade e que se corrixirá co tempo. A esta idade amósanse moi charlatáns, ás veces falan para atrae-la atención. Gústalles xogar coas palabras, dicir cousas absurdas e preguntar incansablemente. Constrúen unha historia longa dunha resposta simple, non lles interesan tanto as

respostas e as explicacións que se lles dan, como a forma destas, e fan moitas comparacións. Progresivamente, comprenderán e producirán frases negativas, e integrarán a negación no corpo do enunciado. Comezarán a empregar artigos, pronomes persoais, preposicións de lugar e algúns auxiliares malia que, polo momento, non constrúan estruturas lóxicas de todo coherentes. Ademais, a articulación e a pronuncia non son completamente correctas.

Os nenos e as nenas senten moito interese por tódalas actividades nas que intervén a linguaxe oral: contos, cancións, poesías… Paulatinamente, expresaranse con máis facilidade; isto permítelles realizar exercicios de trabalinguas, dramatizacións, xogos con disfraces, etc. Utilizan a linguaxe como xogo e, por iso, manterán longas conversas e narrarán longas historias nas que mesturarán a realidade e a ficción.

A esta idade os pequenos e as pequenas comunícanse mellor e gozan, desta forma, coas **relacións sociais.** Gústalles xogar sós e cos demais, e amósanse cooperativos no **xogo.** Non buscan a aprobación do adulto, salvo en caso de necesidade. Xogan a determinados roles sociais (a policías, médicos/as, vendedores/as, bombeiros/as…) e realizan as onomatopeas dos diferentes personaxes e animais que interveñen nos seus xogos.

Desde o punto de vista social, amplían o seu círculo de relacións. O seu ámbito xa non é exclusivamente familiar e escolar. Desexan pasar cada vez máis tempo con compañeiros e compañeiras da súa idade. Aínda non se desenvolven ben en grandes grupos, en ocasións poden sentirse un pouco perdidos e procuran o amparo do adulto.

É moi importante responsabilizalos dos seus comportamentos e ensinarlles que as súas accións poden ter diferentes consecuencias. Unhas veces pódense mostrar dóciles e, outras veces, rebeldes. A esta idade usan máis a linguaxe cá agresividade para conseguilo que queren, desta forma, van comprendendo de forma moi simple as posibilidades que a linguaxe lles ofrece á hora de comunicárense. Captan as expresións emocionais dos outros e diferéncianas das súas propias. As súas amizades, igual ca ós 3 anos, continúan sendo pasaxeiras xa que son egocéntricos e móvense por conveniencia.

Os nenos e as nenas posúen un gran sentido do humor. Son divertidos, afectuosos entre eles, expresan as súas emocións sen reparo. Teñen facilidade para adopta-lo comportamento que se espera deles e gústalles comprace-las persoas que os rodean. Con todo, se son descubertos cando están a facer algo incorrecto pásano mal.

Ó longo do curso, os pequenos e as pequenas aprenderán a comer e a beber sós e utilizarán a culler e o garfo. Poderán vestirse sen a presenza do adulto, distinguirán o dereito e o revés e a parte de diante e de atrás das pezas de vestir, poderán abotoarse e aprenderán a calzar correctamente o zapato de cada pé. Ademais, lavarán as mans e a cara sós e secaranas sen mancha-la toalla, cepillarán os dentes e peitearanse con pouca axuda do adulto. En definitiva, serán independentes nas súas necesidades e irán ó baño sós.

Poden colaborar na casa realizando pequenas tarefas domésticas. Como ocorría ós 3 anos, saben que deben dici-la verdade, xa que distinguen entre a verdade e a mentira e, por conseguinte, comprenden que non deben mentir.

**Desenvolvemento do neno e da nena de 5 anos**

Nesta etapa prodúcense logros importantes: os nenos e as nenas realizarán as primeiras abstraccións, serán capaces de operar coas imaxes mentais dos obxectos sen necesidade de telos diante, poderán interiorizar obxectos e accións e manipulalos mentalmente.

O **pensamento** é máis lóxico polo que conseguirán realizar seriacións e clasificacións seguindo criterios máis complexos ca ós 4 anos. Os nenos e as nenas de 5 anos poderán resolver de seu os problemas que se lles presentan na súa vida cotiá, xa que, progresivamente, van necesitando menos do adulto para solucionaren os seus conflitos. Aínda son realistas e egocéntricos e están suxeitos á experiencia directa. Aínda non diferencian os feitos obxectivos da percepción subxectiva destes e cren que os demais pensan coma eles.

Ós nenos e ás nenas gústalles saber por que ocorren determinados feitos e cales son as causas das cousas, aínda que lles custa capta-la temporalidade dos acontecementos.

Seguirán progresando na adquisición de **nocións espaciais e temporais.** Emitirán xuízos prácticos sobre algúns conceptos.

Continuarán avanzando no **seu coñecemento,** tanto no que se refire á súa personalidade, ás súas calidades e ós seus defectos, coma ás súas emocións, necesidades e ós seus desexos. Son máis críticos con eles mesmos e isto fai que, ás veces, baixe a súa autoestima.

No ámbito **psicomotor** acadarán un gran sentido do equilibrio e do ritmo; moveranse con gran soltura. Sentiranse máis seguros: saltarán alternando os pés, subirán a distintos sitios, subirán e baixarán as escaleiras correndo, bailarán seguindo diferentes ritmos. Progresivamente acadarán maior madurez e isto permitiralles poder pasar máis tempo sentados.

O maior grao de **coordinación** permitiralles aprender e practica-la natación, montar en bicicleta, patinar… Os movementos finos gañarán en precisión, poderán recortar con tesoiras e cos dedos con gran soltura. Debuxarán diferentes obxectos e pintarán utilizando, con criterio, as cores primarias e as secundarias. O debuxo da figura humana será máis completo e aparecerán os detalles.

A **lateralidade** quedará definida ós 5 anos, ó manifestarse a predominancia zurda ou destra, aspecto que favorecerá a orientación espacial e consolidará a estruturación do esquema corporal.

A **linguaxe** adquire niveis maiores de corrección. Os nenos e as nenas empezan a comprender algunhas das regras que rexen o intercambio lingüístico. O vocabulario seguirá aumentando progresivamente, manexarán unhas 2500 palabras. Continúan sendo curiosos e inquedos, as preguntas que formulan teñen máis sentido cás dos nenos e as nenas de 4 anos. Preguntan porque teñen verdadeiros desexos de saber e non para xogar como facían ós 4 anos.

A expresión oral continuará mellorando. Progresivamente pronunciarán as palabras case correctamente e, aínda que confundirán algúns fonemas e sons, producirán frases mellor estruturadas, comprenderán algunhas formas pasivas con verbos de acción, aprenderán estruturas sintácticas máis complexas e as distintas modalidades funcionais do discurso (afirmativas, negativas, interrogativas e exclamativas). Así, aprenderán a defini-los obxectos pola utilidade que teñen. Ós pequenos e ás pequenas gústalles contar contos e que llelos conten. Respecto a isto último, se se lles narra unha historia excesivamente longa, poden seguila ata o final e extrae-lo que lles resulta máis rechamante.

Ós 5 anos empezarán a formar unha conduta verbal que se consolidará ós 6. Aumentarán gradualmente o dominio de estruturas semánticas e as súas comunicacións irán adquirindo maior intencionalidade. Empregarán a linguaxe como medio de comunicación e adaptarana a diferentes situacións e interlocutores.

No **plano social e afectivo** son máis seguros e independentes. Poden realizar actividades sen necesidade de pedir permiso ou de requiri-la atención do adulto. As súas amizades son máis sólidas e permanentes, e poden volverse protectores de nenos e nenas máis pequenos. Son máis conformistas, máis naturais e sinxelos. Necesitan a aprobación das súas condutas, intentan colaborar e face-lo que se lles pide e aceptan e respectan as normas que rexen a vida familiar e escolar.

Por outra banda, gústalles elixi-los seus compañeiros e as súas compañeiras de **xogo** e, aínda que coñecen as regras destes, cámbianas se lles convén.

Ó longo do curso aprenderán a emprega-los servizos de mesa correctamente e tardarán un tempo prudencial en comer. Vestiranse sós, saberán ata-los zapatos e abotoa-la roupa se os botóns están por diante, lavaranse e peitearanse sós e colaborarán no momento da ducha.

## 4. SEGUNDO CICLO DA EDUCACIÓN INFANTIL

Durante esta etapa educativa séntanse as bases para o desenvolvemento persoal e social e intégranse aprendizaxes que están na base do posterior desenvolvemento de competencias que se consideran básicas para todo o alumnado. No segundo ciclo desta etapa, dáse especial relevancia ás aprendizaxes orientadas ó coñecemento, valoración e control que os nenos e as nenas van adquirindo da súa propia persoa, das súas posibilidades e da capacidade para utilizar con certa autonomía os recursos dispoñibles

en cada momento. Neste proceso, resulta relevante a adquisición de destrezas para realiza-las actividades habituais cun certo grao de responsabilidade, autonomía e iniciativa na utilización adecuada dos espazos e materiais, e no desempeño das diversas tarefas que se realizan na aula. As interaccións co medio, o crecente control motor, a constatación das súas posibilidades e limitacións, o proceso de diferenciación dos outros, farán que os nenos e as nenas vaian adquirindo unha progresiva independencia con respecto ás persoas adultas.

A linguaxe verbal cobra unha especial importancia xa que é neste ciclo cando se inicia de forma sistemática a adquisición da lingua ó proporcionar contextos variados que permiten amplia-lo marco familiar e desenvolve-las capacidades comunicativas dos menores. Non hai que esquecer que para iso interveñen outro tipo de linguaxes, como son a corporal, a artística, a audiovisual e a matemática, e que no seu conxunto son básicas para enriquece-las posibilidades de expresión e o desenvolvemento xeral dos nenos e das nenas.

Durante este ciclo o contorno das nenas e dos nenos amplíase e diversifícase, o que supón afrontar experiencias novas e interaccionar con elementos novos ata entón descoñecidos. Realizan aprendizaxes orientadas ó establecemento de relacións sociais cada vez máis amplas e diversas.

Os contidos educativos oriéntanse a acadar un desenvolvemento integral e harmónico dos menores. Preséntanse en tres áreas diferenciadas, aínda que en estreita relación, e abórdanse por medio de actividades globalizadas que teñen interese e significado para os nenos e para as nenas. As áreas son:

**Coñecemento de si mesmo e autonomía persoal**

Fai referencia, dunha maneira conxunta, á construción gradual da propia identidade e mais da súa madurez emocional, ó establecemento de relacións afectivas cos demais baseadas no respecto ás normas de convivencia e tamén á autonomía persoal como procesos inseparables e necesariamente complementarios. Os contidos desta área adquiren sentido dende a complementariedade co resto das áreas.

Neste proceso de construción persoal son importantes as interaccións dos nenos e mais das nenas co medio, o crecente control motor, o desenvolvemento da consciencia emocional, a constatación das súas posibilidades e mais das súas limitacións, o proceso de diferenciación dos outros e a independencia cada vez maior con respecto ás persoas adultas.

A identidade é o resultado das experiencias que os meniños e as meniñas teñen ó interaccionar co seu medio físico, natural e social. A devandita interacción debe promove-la súa imaxe positiva , a autoestima, a autonomía…, e os sentimentos que provocan deben contribuír á elaboración dun concepto persoal axustado para un desenvolvemento pleno e harmónico.

As experiencias co contorno deben axudarlles ós cativos e ás cativas a coñecer global e mais tamén parcialmente o seu corpo, as súas posibilidades perceptivas e motrices, gozar das súas sensacións e servirse das posibilidades expresivas do seu corpo para manifestalas. Coñece-las súas características individuais e mais as dos seus compañeiros e compañeiras vai ir contribuíndo a que adquiran actitudes non discriminatorias.

Atenderase do mesmo xeito, ó desenvolvemento da afectividade como dimensión esencial no desenvolvemento da personalidade infantil, potenciando o progresivo recoñecemento, expresión e control de emocións e sentimentos.

Dentro desta área, vaise traballar ademais a adquisición de bos hábitos de saúde, de hixiene e de nutrición. Estes hábitos contribúen ó coidado do propio corpo e dos espazos onde transcorre a vida cotiá, e á progresiva autonomía dos nenos e das nenas .

**Coñecemento do medio**

Con esta área de coñecemento e experiencia preténdese favorecer nos nenos e nas nenas o proceso de descubrimento e representación dos diferentes contextos que compoñen o contorno infantil, así como facilita-la súa inserción neles de maneira reflexiva e participativa.

As interaccións que os nenos e as nenas establezan cos elementos do medio, que coa entrada na escola se amplía e diversifica, deben constituír situacións privilexiadas que os levarán a crecer, a amplia-los seus coñecementos sobre o mundo e a desenvolver habilidades, destrezas e competencias novas.

Para coñecer e comprender como funciona a realidade, o neno ou a nena indaga sobre o comportamento e as propiedades de obxectos e materias presentes no contorno: actúa e establece relacións cos elementos do medio físico, explóraos e identifícaos, recoñece as sensacións que producen, anticípase ós efectos das súas accións sobre eles, detecta semellanzas e diferenzas, compara, ordena, cuantifica, pasando así da manipulación á representación, orixe das incipientes habilidades lóxico-matemáticas.

Achegaranse pouco a pouco ó coñecemento dos seres vivos, ás relacións que se manteñen con eles, ás súas características e ás súas funcións e fomentaranse actitudes de respecto e coidado cara ó medio natural, cara ós seres e os elementos que o integran.

Comezarán a coñecer algunhas manifestacións culturais do seu contorno dende unha perspectiva aberta e integradora que lles permitirá coñecer outras culturas e formas de vida presentes na sociedade. Ademais, iniciaranse de xeito moi sinxelo nas tecnoloxías da información e da comunicación.

**Linguaxes: comunicación e representación**

Pretende mellora-las relacións do neno e da nena co medio. As distintas formas de comunicación e representación serven de nexo entre o mundo exterior e interior ó ser instrumentos que fan posible a representación da realidade, a expresión de pensamentos, sentimentos e vivencias e as interaccións cos demais.

Traballar educativamente a comunicación implica potencia-las capacidades relacionadas coa recepción e interpretación de mensaxes e as dirixidas a emitilas ou producilas, contribuíndo a mellora-la comprensión do mundo e a expresión orixinal, imaxinativa e creativa.

A través das distintas linguaxes, os nenos e as nenas irán descubrindo a mellor adaptación de cada un deles á representación das distintas realidades ou dimensións dunha mesma realidade. Facilitarase que acomoden os códigos propios de cada linguaxe ás súas intencións comunicativas, achegándose a un uso cada vez máis propio e creativo das devanditas linguaxes.

As diferentes formas de comunicación e representación que se integran nesta área son: a linguaxe verbal, a linguaxe artística, a linguaxe corporal, a linguaxe audiovisual e das tecnoloxías da información e da comunicación. Estas linguaxes contribúen de maneira complementaria, ó desenvolvemento integral dos nenos e das nenas e desenvólvense de maneira integrada cos contidos das dúas primeiras áreas. A través das linguaxes, os menores van desenvolve-la súa imaxinación e creatividade, aprenden, constrúen a súa identidade persoal, amosan as súas emocións, o seu coñecemento do mundo, a súa percepción da realidade. Son instrumentos de relación, regulamento, comunicación e intercambio e a ferramenta máis potente para expresar e xestiona-las súas emocións e para representa-la realidade. Son instrumentos fundamentais para elabora-la propia identidade e aprecia-la dos outros grupos sociais.

Neste ciclo, preténdese que os nenos e as nenas descubran e exploren os usos da lectura e da escritura, despertando e afianzando o seu interese por eles. Iniciaranse no coñecemento dalgunhas propiedades do texto escrito e das súas características convencionais cuxa adquisición ha de completarse no primeiro ciclo de primaria. É ademais necesario o desenvolvemento de actitudes positivas cara á propia lingua e a dos demais, espertando a curiosidade por coñecer outras linguas. É preciso tamén o achegamento á literatura infantil como fonte de pracer, gozo, diversión e xogo.

Estas áreas deben concibirse cun criterio de globalidade e de mutua dependencia e entenderse como ámbitos de actuación, como espazos de aprendizaxes que contribúen ó desenvolvemento dos nenos e das nenas destas idades.

## 5. FINS DA EDUCACIÓN INFANTIL

O proxecto, seguindo as directrices marcadas pola nova Lei da Educación, persegue a consecución dos seguintes fins:

- O pleno desenvolvemento da personalidade e das capacidades do alumnado.
- O desenvolvemento afectivo, do movemento, dos hábitos de control corporal, das manifestacións da comunicación e da linguaxe, das pautas elementais de convivencia e de relación social, así como do descubrimento das características físicas e sociais do medio. Ademais, facilitarase que os nenos e as nenas elaboren unha imaxe deles positiva e equilibrada e que adquiran autonomía persoal.
- A educación no respecto dos dereitos e das liberdades fundamentais, na igualdade de dereitos e oportunidades entre homes e mulleres e na igualdade de trato e a non discriminación das persoas con discapacidade.
- A educación no exercicio da tolerancia e da liberdade dentro dos principios democráticos de convivencia, así como na prevención de conflitos e a súa resolución pacífica.
- A educación na responsabilidade individual e no mérito e o esforzo persoal.
- A formación para a paz, o respecto polos dereitos humanos, a vida en común, a cohesión social, a cooperación e a solidariedade entre os pobos, así como a adquisición de valores que propicien o respecto cara ós seres vivos e cara ó medio, en particular o valor dos espazos forestais e o desenvolvemento sostible.
- O desenvolvemento da capacidade do alumnado para regula-la súa propia aprendizaxe, confiar nas súas aptitudes e nos seus coñecementos, así como para desenvolve-la creatividade, a iniciativa persoal e o espírito emprendedor.
- A formación no respecto e no recoñecemento da pluralidade lingüística e cultural e da interculturalidade como un elemento enriquecedor da sociedade.
- A adquisición de hábitos intelectuais e técnicas de traballo, de coñecementos, así como o desenvolvemento de hábitos saudables, o exercicio físico e o deporte.
- A preparación para o exercicio da cidadanía e para a participación activa na vida económica, social e cultural, con actitude crítica e responsable e con capacidade de adaptación ás situacións cambiantes da sociedade do coñecemento.

# 6. MÉTODOS PEDAGÓXICOS

Prodúcese unha aprendizaxe cando o neno ou a nena establece relacións significativas entre a súa experiencia previa e a nova información que se lle presenta, de forma que se produza unha modificación dos esquemas de coñecementos preexistentes e estes evolucionen cara a estruturas cada vez máis elaboradas e complexas. Isto implica unha metodoloxía baseada no **principio de aprendizaxe significativa** que parta dos coñecementos previos dos nenos e das nenas, que conecte cos seus intereses e coas súas necesidades e que lles propoña actividades atractivas dabondo para que aprecien de maneira sinxela e clara a finalidade e a utilidade dos novos contidos que van desenvolvendo. Daquela, aplicar unha metodoloxía baseada neste principio didáctico esixe ter en conta —ademais do xa mencionado— os seguintes requisitos:

- Detecta-los coñecementos previos do alumnado para poder realiza-la intervención axeitada.
- Presentar situacións que non estean moi afastadas nin excesivamente próximas ás súas experiencias para provoca-lo conflito cognitivo que actuará de resorte para que os nenos e as nenas propoñan solucións para cada situación.
- Organiza-los contidos da Educación Infantil tendo en conta que é o neno ou a nena quen ten que asimilalos. O establecemento de contidos que actúen como organizadores previos, a planificación de eixes temáticos, centros de interese ou fíos condutores e o repaso regular e periódico dos contidos abordados con anterioridade contribúen a que os nenos e as nenas sintan confianza e seguridade ante as situacións que se lles presenten.

O esquema de contidos incluído en cada unidade didáctica recolle os contidos tratados nela e as relacións máis significativas que se establecen entre eles.

Para conseguir que as aprendizaxes dos nenos e das nenas sexan significativas e que estas sexan o resultado do establecemento de múltiples conexións, de relacións entre o novo e o xa aprendido, é imprescindible que o proxecto sexa concibido baixo unha perspectiva globalizadora.

Os nenos e as nenas que nos ocupan, os de 3 a 6 anos, atópanse en posesión dun pensamento sincrético, é dicir, captan a realidade como un todo.

Cando os nenos e as nenas destas idades realizan calquera actividade, implícanse totalmente nela e poñen en xogo mecanismos diversos: cognitivos, psicomotores, afectivos, de comunicación, de atención… Con todo, eles non saben que están descubrindo o medio, que están adquirindo un maior coñecemento do seu corpo, que están progresando na súa autonomía persoal, que están ampliando o seu vocabulario, ou que están coñecendo as súas posibilidades expresivas; só pretenden resolver, de forma entusiasta, unha tarefa que necesita a súa participación activa.

De aí que o proxecto se basee, fundamentalmente, no **principio de globalización.** Trátase, pois, dun proceso global de achegamento á realidade que se quere coñecer.

Este proceso será frutífero se permite establecer relacións e construír significados máis amplos e diversificados. Este carácter globalizador non é incompatible coa conformación do currículo en áreas que constitúen un conxunto relacionado cos ámbitos máis significativos do coñecemento para cuxo desenvolvemento o profesorado debe propiciar actividades que contribúan ó desenvolvemento integral do neno e da nena e, con este fin, crear un clima de seguridade e afecto.

Se atendemos a este principio, o proxecto trata os contidos do nivel da Educación Infantil de forma global, e interrelaciona as tres áreas ou ámbitos de experiencia que forman o currículo.

Deste xeito, os contidos organízanse en unidades didácticas significativas para o neno e a nena, que, partindo dos seus propios intereses, vinculan debida e ordenadamente os elementos informativos novos cos que xa teñen.

A actividade é a principal fonte de aprendizaxe e desenvolvemento dos nenos e das nenas. Cómpre tanto para o seu desenvolvemento físico e psicomotor, coma para a construción do coñecemento.

Por isto, a **ensinanza ten que ser activa,** e debe darlle tempo e ocasión a que o neno e a nena participen e sexan protagonistas da súa propia aprendizaxe. Hai que utilizar estratexias que os estimulen a ser creativos e que alenten o desenvolvemento da imaxinación e da capacidade de observación.

A través da acción e da experimentación, os nenos e as nenas expresan os seus intereses e as súas motivacións e descobren relacións, propiedades de obxectos, formas de actuar, normas… En definitiva, aprenden.

Unha das principais fontes de actividade nestas idades é o **xogo.** É necesario dotar de carácter lúdico calquera actividade que vaiamos realizar para o que se debe evita-la división entre xogo e traballo xa que o xogo é o traballo dos nenos e das nenas. É a actividade principal que realizan, favorece a elaboración e o desenvolvemento das estruturas do coñecemento. O xogo é o vehículo que utilizan para se relacionaren e para aprenderen da realidade que os rodea.

Así mesmo, cómpre potencia-lo xogo autónomo, tanto o individual coma o realizado en equipo, pola seguridade afectiva e emocional, pola integración dos nenos e das nenas entre si e cos adultos. Non hai que esquecer **que a interacción con outros nenos e con outras nenas** constitúe un importante recurso metodolóxico que os axuda no seu proceso social, afectivo e intelectual. Neste sentido, a escola debe ofrecer espazos e materiais que axuden a crear un ambiente de xogo estimulante e que teña en conta as necesidades do alumnado.

A ensinanza activa contémplase no proxecto cunha ampla proposta de actividades individuais e de grupo, nas que nenos e nenas poderán desenvolve-las súas capacidades de manipular, explorar, observar, experimentar, crear…, que lles permitirán aplicar e construí-los seus propios esquemas de coñecemento. **O traballo en grupo** potencia a participación e mellora a capacidade de expresión, o cal é, sen dúbida, un dos eixes principais para un bo desenvolvemento cognitivo e emocional.

Un principio metodolóxico moi ligado á actividade é a **motivación,** que se tivo moi en conta para a elaboración do proxecto. É absolutamente necesario que neno e nena se sintan atraídos cara á aprendizaxe. Nisto xoga un papel moi importante que os obxectivos, os contidos e as actividades teñan un nivel axeitado, que respondan ós seus intereses e que os métodos e recursos sexan atractivos e faciliten a aprendizaxe.

No proxecto propóñense varios tipos de estímulos para lograr que nenos e nenas estean motivados:

- Observación, manipulación e exploración.
- Situacións apropiadas de comunicación verbal, plástica e psicomotriz.
- Estímulos afectivos con gabanzas e premios, que son fundamentais pola satisfacción que reportan.

Atende tamén o proxecto ó **principio de socialización.** O egocentrismo é un trazo propio nestas idades e cómpre que o superen. Neste sentido, o proxecto propón gran cantidade de actividades de grupo nas que os nenos e as nenas aprenderán comportamentos e normas, así como a compartir, a respectar, a participar e, en definitiva, a relacionárense cos demais.

Hai que valorar constantemente a participación, o compañeirismo, a axuda e o respecto cara ós demais…, de tal forma que o neno e a nena se sintan inclinados a repetir eses comportamentos que lles proporcionan gratificacións afectivas e a supera-lo egocentrismo propio desta idade; así desenvolverán a súa capacidade de relación, a súa autonomía e a súa independencia.

A **participación da familia** a escola é fundamental xa que a aprendizaxe dos nenos e das nenas de 3 a 6 anos está moi centrada nas súas vivencias, nas rutinas da vida cotiá. Debe existir unha continuidade entre o que fan dentro da escola e o que fan fóra dela. Os docentes deben ser conscientes disto e requiri-la colaboración da familia para conseguir esta continuidade. A existencia de relacións fluídas entre a familia e a escola vai permitir que se teñan **criterios comúns e pautas homoxéneas** de actuación que favorecerán o proceso de aprendizaxe e o desenvolvemento harmónico da personalidade dos nenos e das nenas.

O proxecto é consciente da importancia da vinculación da familia, por isto, ó inicio de cada unidade didáctica proponse un material destinado ós pais ou titores no que se lles informa dos aspectos traballados ou que se van traballar e no que se lles ofrecen unhas

suxestións que facilitarán o afianzamento das aprendizaxes realizadas e a implicación na educación dos seus fillos e das súas fillas, en estreita colaboración coa escola.

Ademais, a través do **Libro para a familia,** os pais e as nais estarán informados sobre aspectos educativos importantes que se van traballar cos seus fillos e coas súas fillas. Contén un apartado que lles vai permiti-lo contacto continuo co centro e cos docentes e que lles proporcionará información sobre todo o que crean conveniente relativo ós seus fillos e ás súas fillas.

A flexibilidade do proxecto e dos seus materiais fai posible que moitos elementos e recursos nel incluídos poidan traballarse tanto na escola coma no fogar, baixo a supervisión do docente e dos pais ou titores respectivamente.

A sociedade actualmente depende en gran medida **das novas tecnoloxías informáticas;** así, o sistema educativo debe integralas nas súas ensinanzas desde idades moi temperás. O ordenador é un medio que enriquece o contexto de aprendizaxe dos nenos e das nenas xa que fai que o proceso de ensinanza sexa máis motivador. Así mesmo, posibilita a aprendizaxe por descubrimento, favorece o traballo en grupo, o desenvolvemento da curiosidade e, ademais, a realidade virtual que proporciona o ordenador potencia a capacidade de abstracción.

O proxecto incorpora esta nova ferramenta metodolóxica e inclúe un CD ROM para cada curso no que se traballan, de forma lúdica e sinxela, diferentes aspectos.

**A organización do tempo**

En Educación Infantil debe respecta-las necesidades dos nenos e das nenas; ademais combina tempos de actividade con períodos de descanso e actividades individuais con relacións en grupo. Debe adaptarse ó desenvolvemento evolutivo, ás necesidades dos nenos e das nenas, ás características da aula e ás posibilidades con que contamos.

É precisa unha adecuada planificación da xornada escolar. Non se debe confundi-lo ambiente distendido e lúdico deste nivel e traballar sobre temas que xurdan espontaneamente coa desorde. Nesta planificación haberá que manter unhas constantes temporais ou rutinas como o saúdo á entrada, o tempo do almorzo, a posta en común, a realización de actividades en grupo e individuais, a despedida…, que lles servirán ós nenos e ás nenas para interioriza-la noción do tempo.

**Agrupamento e organización do espazo**

A aula é o lugar onde as nenas e os nenos constrúen de forma activa a aprendizaxe. Aprenden máis e mellor nun ambiente estimulante, ordenado, con posibilidades de acción, e que permita realizar diferentes tipos de agrupamentos segundo as actividades que se realicen. Por isto:

- É fundamental que os nenos e as nenas perciban a aula como algo seu.

- Debe adaptarse ás súas necesidades, prevendo que dispoñan de lugares propios e de uso común para compartir, para estar sós ou para relacionarse cos demais, espazos para realizar un determinado tipo de actividades, etc.
- Debe favorece-la integración entre iguais e cos adultos, a manipulación de obxectos, a observación… Así, haberá que habilitar determinados espazos para iso: fixaranse áreas ou recunchos para o xogo, para os disfraces, para as actividades plásticas, para as construcións…

O proxecto ofrece un importante recurso educativo para utilizar en tódalas unidades: unha serie de materiais para ambientar e decora-la aula. Ademais do carácter didáctico e educativo, estes materiais teñen a finalidade de crear un clima agradable, atractivo, motivador…, onde os pequenos e as pequenas deberán colaborar e así comezar a tomar conciencia da importancia do traballo en equipo. Estes materiais son:

8. A mascota da aula.
9. O mural da árbore, que se irá decorando cos elementos propios das diferentes estacións do ano.
10. O calendario semanal: empregarase todos os días para a observación do tempo.
11. O mural dos aniversarios: completarase cos nomes ou fotografías dos nenos e das nenas que se tacharán ou retirarán segundo vaian cumprindo anos.
12. A listaxe dos nenos e das nenas: utilizarase a diario para anota-las faltas de asistencia.
13. As láminas secuenciadas dos contos.
14. Tarxetas de vocabulario.
15. As láminas dos equipos de mesa.

No **recreo** continúan o desenvolvemento da súa actividade motora, simbólica e de socialización. A utilización deste espazo esixe unha planificación intencional e unha distribución ordenada para que o neno e a nena vaian aprendendo a utiliza-lo seu tempo libre dende unha maneira guiada ata unha maneira cada vez máis autónoma. No recreo, o mestre ou a mestra poderán recoller unha valiosa información sobre os intereses, sobre o proceso de socialización e reforzar aprendizaxes dos pequenos e das pequenas.

**Os materiais** utilizados na Educación infantil han de ser variados, manexables, atractivos, seguros, suxestivos e adaptados ás características do grupo, que dean ocasións para manipular, experimentar ou representar.

Neste proxecto educativo incluímos algúns **métodos pedagóxicos** que consideramos aplicables para o nivel da Educación Infantil:

- **Métodos centrados na aprendizaxe cooperativa:** baséanse na influencia da interacción social na aprendizaxe; o mestre e a mestra deben fomentar un ambiente de cooperación e de colaboración na aula; deste xeito os alumnos e as alumnas aprenderán uns dos outros.
- **Métodos baseados no xogo de roles:** o profesor ou a profesora proponlles ós seus alumnos e ás súas alumnas unha determinada situación que eles deberán resolver

mediante a súa representación. É un método activo no que deberán investigar sobre as súas necesidades, actitudes, os seus sentimentos e valores.

- **Métodos baseados na personalidade e nos estilos de aprendizaxe:** o profesor ou a profesora deberá coñecer a cada un dos seus alumnos e das súas alumnas e dar unha resposta educativa adaptada a cada necesidade concreta.
- **Métodos indutivos:** o docente debe axudarlle ó seu alumnado a que analice a súa forma de pensar para que aprenda a resolver problemas, para que aprenda a aprender. A tarefa non consistirá en ensinar operacións mentais senón en deseñar tarefas que os leven a descubrir por eles mesmos as ditas operacións.
- **Métodos non directivos:** son os propios alumnos e as alumnas os que deciden que queren aprender e o xeito no que queren aprender. O mestre e a mestra guían a aprendizaxe e fomenta un ambiente de comunicación.
- **Métodos baseados nas diferenzas individuais:** pretenden que os nenos e as nenas desenvolvan unha saúde mental e emocional adecuada. O docente debe coñecer a cada un dos seus alumnos e das súas alumnas individualmente posto que cada un deles ten capacidade de aprender e débeselles da-la oportunidade para facelo.
- **Métodos centrados na aprendizaxe para o dominio:** é un método condutual baseado en que unha vez que o alumnado aprende unha determinada conduta, a probabilidade de que esta se repita dependerá do medio de aprendizaxe. Cada neno ou nena necesita dun tempo concreto para dominar unha determinada noción ou un determinado concepto; unha vez que este é dominado, será quen de aprende-lo seguinte. Tódolos alumnos e tódalas alumnas poden acadar uns mesmos obxectivos, o que varía é o tempo que tardan en conseguilo.
- **Métodos construtivistas:** é necesario que o docente coñeza os coñecementos previos que o seu alumnado posúe para que o novo material que se lles presente se relacione significativamente con eles, así os nenos e as nenas aprenderán a aprender porque serán capaces de realizar autonomamente aprendizaxes por eles mesmos. Para o filósofo e psicólogo ruso Lev Vigotsky a interacción social convértese no motor do desenvolvemento. Remarca a influencia dos contextos sociais e culturais no coñecemento e propón un “modelo de descubrimento da aprendizaxe” no cal promulga, por un lado, que o rol activo do docente é fundamental e, polo outro, defende que as habilidades mentais dos nenos e das nenas se desenvolven “naturalmente” a través de varias rutas de descubrimentos.

# 7. COMPETENCIAS BÁSICAS

Unha das finalidades do proxecto é proporcionarlles a nenos e nenas unha educación completa, que abranga os coñecementos e, dado o carácter preparatorio da Educación Infantil, algunhas das competencias básicas que resultan necesarias na sociedade actual que lles permitan desenvolve-los valores que sustentan a práctica da cidadanía democrática, a vida en común e a cohesión social, que estimule nos pequenos e nas pequenas o desexo de seguir aprendendo e a capacidade de aprender por si mesmos. A adquisición destas competencias permite o desenvolvemento da capacidade do alumnado para regula-la súa propia aprendizaxe, confiar nas súas aptitudes e nos seus coñecementos, así como para desenvolve-la creatividade, a iniciativa persoal, o espírito emprendedor e a capacidade para resolve-los conflitos que se lles presenten na súa vida cotiá.

As competencias básicas constitúen un saber facer, un saber ser e estar, é dicir, un saber que se aplica, que pode adecuarse a unha diversidade de contextos e que ten un carácter integrador; este saber abrangue coñecementos, procedementos e actitudes. Inclúen o desenvolvemento de capacidades e non a aplicación de contidos puntuais. Constitúen unha combinación de destrezas, coñecementos e actitudes adecuadas ó contexto; precísanas tódalas persoas para a súa realización e desenvolvemento persoal. Deben seguir desenvolvéndose, manténdose e actualizándose como parte dunha aprendizaxe ó longo de toda a vida. A incorporación de competencias básicas ó currículo permite poñe-lo acento naquelas aprendizaxes que se consideran imprescindibles. Constitúen un elemento curricular máis pero non se engloban dentro de ningunha área curricular concreta; teñen un carácter globalizador e integrador polo que o proxecto , considera importante incluílas, xa desde a etapa da Educación Infantil.

Hai que definir cales son estas competencias, que as caracteriza e cal é o nivel que se considera básico en cada unha delas e que, polo tanto, deben alcanzar tódolos alumnos e tódalas alumnas. Non constitúen aprendizaxes mínimas comúns pero orientan o proceso de ensinanza porque permiten identifica-los contidos e os criterios de avaliación que teñen carácter imprescindible. As competencias básicas forman parte das ensinanzas mínimas, complementan os elementos do currículo e danlle un enfoque integrador. Cómpre poñelas en relación cos obxectivos, cos contidos e cos criterios de avaliación se se quere consegui-lo seu desenvolvemento efectivo na práctica educativa cotiá.

A nova Lei de educación establece a seguinte clasificación de competencias básicas:

- **Competencia na comunicación lingüística:** refírese á utilización da linguaxe como instrumento tanto de comunicación oral e escrita coma de aprendizaxe e de regulación de condutas e emocións. Esta competencia está referida ó uso polo neno e pola nena das catro destrezas da linguaxe (escoitar, falar, ler e escribir) para construí-lo pensamento, expresar e interpretar ideas, sentimentos ou feitos de forma apropiada e en distintos contextos sociais e culturais e para regula-la conduta, tanto na lingua propia coma no resto das linguas que se utilizan na aprendizaxe.

  No caso do neno e da nena destas idades, as destrezas de falar e escoitar son prioritarias na súa lingua e exclusivas na lingua estranxeira, pero isto non impide o

achegamento ó código escrito, e sobre todo, á literatura infantil a través de contos e relatos. O desenvolvemento da competencia en comunicación lingüística está intimamente ligado, tanto na comprensión coma na expresión, co resto de códigos de comunicación, principalmente co xesto e co movemento mediante a linguaxe corporal e o uso da imaxe e a representación coa linguaxe icónica. O uso destas linguaxes potencia o desenvolvemento das habilidades lingüísticas, crear vínculos cos demais e co contorno, transforma-la realidade, construí-la convivencia e desenvolver unha personalidade firme e segura.

A partir dos cinco anos, o neno ou a nena é competente para expresarse de forma clara e coherente cun vocabulario axeitado á súa idade; de describir obxectos, persoas e situacións; de comprende-la información dun conto ou relato lido por outra persoa e a información visual de viñetas, fotografías, pictogramas, diapositivas, xornais…; de memorizar e recitar pequenas poesías, refráns e cancións na propia lingua e estranxeira. Do mesmo xeito é competente para relatar historias e ler e escribir palabras e frases relevantes relativas ó seu contorno ou vivencias.

- **Competencia matemática:** habilidade para utilizar números e as súas operacións básicas, os símbolos e as formas de expresión e razoamento matemático para producir e interpretar informacións para coñecer máis sobre aspectos cuantitativos e espaciais da realidade e para resolver problemas relacionados coa vida diaria.

  A partir dos cinco anos, o neno ou a nena é competente para identificar e utiliza-los cuantificadores básicos de cantidade, tamaño, espaciais, temporais…; os números de un díxito e asocialos á cantidade; de nomear, identificar e representar formas xeométricas básicas; de agrupar atendendo a dous ou máis criterios (números, formas, obxectos, cores) e resolver problemas sumando ou restando.

- **Competencia no coñecemento e na interacción co mundo físico:** habilidade para interactuar co mundo físico, tanto nos seus aspectos naturais como nos xerados pola acción humana, de modo que facilite a comprensión de sucesos, a predición de consecuencias e a actividade dirixida á mellora e á preservación das condicións de vida propia, dos demais homes e das demais mulleres e do resto dos seres vivos.

  Ó final deste ciclo, o neno ou a nena é competente para localizar e orientarse en espazos cotiáns, para situarse no tempo e localizar acontecementos relevantes; para definir e identificar elementos representativos da súa realidade máis próxima (profesións, medios de comunicación, animais…).

- **Tratamento da información e competencia dixital:** habilidades para buscar, obter, procesar e comunica-la información e transformala en coñecemento. Inclúe aspectos diferentes que van desde o acceso e selección de información ata o uso e a transmisión desta en distintos soportes, así como a utilización das tecnoloxías da información e da comunicación como un elemento esencial para se informar e para comunicarse.

- **Competencia social e cidadá:** permite vivir en sociedade, comprende-la realidade social do mundo no que se vive e exerce-la cidadanía democrática. Incorpora formas de comportamento individual que capacitan as persoas para conviviren nunha sociedade cada vez máis plural, relacionarse cos demais, cooperar, comprometerse e afronta-los conflitos. Supón ser capaz de se poñer no lugar do outro, acepta-las diferenzas, ser tolerante e respecta-los valores, as crenzas, as culturas e a historia persoal e colectiva dos outros.

- **Competencia cultural e artística:** supón apreciar, comprender e valorar criticamente diferentes manifestacións culturais e artísticas, utilizalas como fonte de gozo e enriquecemento persoal e consideralas como parte do patrimonio cultural dos pobos. Supón igualmente aprecia-la expresión de ideas, experiencias ou sentimentos de forma creativa, a través de diferentes medios de expresión (a música, as artes visuais, as artes escénicas, a linguaxe verbal, a linguaxe corporal, as artes populares…).
- **Competencia para aprender a aprender:** supón iniciarse na aprendizaxe e ser capaz de continuala de maneira autónoma. Implica poder desenvolverse ante as incertezas e tratar de procurar respostas que satisfagan a lóxica do coñecemento racional. Consiste en admitir diversidade de respostas posibles ante un mesmo problema e atopar motivación para buscalas desde diversos enfoques metodolóxicos. Require ser consciente do que se sabe e do que queda por aprender, de como se aprende, e de como se xestionan e controlan de forma eficaz os procesos de aprendizaxe para optimizalos segundo as propias capacidades orientándoas ás necesidades persoais. É dicir, coñece-las propias potencialidades e carencias de xeito que tire proveito das primeiras e se esforce para supera-las segundas co fin de sentirse seguro ante novos retos de aprendizaxe e motivado a emprendela ante a perspectiva de éxito.
- **Autonomía e iniciativa persoal:** refírese á posibilidade de operar con criterio propio e levar adiante as iniciativas necesarias para desenvolve-la opción elixida e facerse responsable dela, tanto no ámbito persoal coma no social. Esixe o desenvolvemento de valores persoais tales como a dignidade, a liberdade, a autoestima, a seguridade nun mesmo, a demora da satisfacción e a capacidade para enfrontarse ós problemas, á honestidade e á comprensión das normas que permiten crear un código moral propio.
- **Competencia emocional:** no desenvolvemento de cada unha das accións que a nena e o neno realizan, nun horizonte cada vez máis amplo e en contacto coas persoas que teñen un papel determinante na súa vida, constrúe o autoconcepto e desenvolve a autoestima. O autoconcepto integra todas as claves que sempre vai utilizar para interpreta-la realidade que o rodea e, especialmente, as relacións cos demais. O desenvolvemento da competencia emocional está asociado a unha relación positiva e comprometida cos demais. A actuación natural e sen inhibicións de forma habitual nas distintas situacións que lle toca vivir é a manifestación máis clara desa competencia emocional. Ó concluí-la Educación infantil, o neno ou a nena é competente para manifestar e asumi-lo afecto dos compañeiros e das compañeiras, de interesarse polos seus problemas ou de contribuír á súa felicidade. Tamén o son para controla-lo seu comportamento e tolera-la frustración de non obte-lo que queren e cando queren.

**Contribución da área Coñecemento de si mesmo/a e autonomía persoal ó desenvolvemento de competencias básicas**

A área contribúe a favorece-lo desenvolvemento da **competencia en autonomía e iniciativa persoal**, ó inicia-la aprendizaxe do coñecemento dun mesmo/a, fortalece-la súa autonomía para analizar, valorar e decidir dende a confianza en si mesmo/a e o respecto ás demais persoas e na medida en que se inicia a aplicación de valores e actitudes persoais. Ademais, potencia a capacidade de demora-la necesidade de satisfacción inmediata, aprendendo progresivamente a regula-las propias emocións e desexos, asumindo riscos persoais e aprendendo dos erros, desenvolvendo as habilidades para o diálogo e a cooperación, a iniciación na organización de tarefas sinxelas e actividades de xogo e a convivencia na vida cotiá.

Esta área contribúe ó desenvolvemento da **competencia social e cidadá** mediante a adquisición de habilidades como coñecerse e valorarse, saber expresa-las propias ideas en distintos contextos e escoita-las alleas respectando o seu punto de vista aínda que sexa diferente do propio. Significa construír, aceptar e practicar normas de convivencia favorecendo a práctica do diálogo e da negociación como forma de resolve-los conflitos tanto no ámbito persoal coma no social.

Respecto á **competencia para aprender a aprender**, esta área inclúe aprendizaxes que axudan a ir tomando conciencia das propias capacidades e limitacións mediante o coñecemento do que poden facer por si mesmos/as e do que poden facer coa axuda doutras persoas ou recursos, mediante a adquisición dun sentimento de competencia persoal que favoreza a motivación, a confianza e o desexo de aprender.

Dende esta área desenvólvense capacidades referidas á **competencia no coñecemento e a interacción co mundo físico**, como desenvolverse con autonomía e iniciativa persoal en ámbitos de saúde e consumo que xeran o benestar propio e o dos demais. Desenvolve capacidades para unha axeitada percepción do espazo físico no seu contorno máis próximo e para tomar conciencia progresiva da influencia que teñen as persoas e a súa actividade no espazo.

Cando nesta área se abranguen contidos relacionados co espazo e os obxectos e a relación do neno e da nena con eles, lévase a cabo unha interpretación e representación da realidade que contribúe ó desenvolvemento da **competencia matemática**.

Contribúese a inicia-lo desenvolvemento da **competencia en comunicación lingüística** a través da expresión de ideas, sentimentos, emocións, pensamentos e vivencias e mediante o diálogo para a resolución de conflitos e a estruturación do coñecemento de si mesmo/a.

Cando os nenos e as nenas traballan co adulto na procura, selección, tratamento e utilización da información a través das novas tecnoloxías da información e da comunicación, foméntase a autonomía persoal e iníciase o desenvolvemento da **competencia no tratamento da información e competencia dixital**.

A área contribúe á adquisición da **competencia cultural e artística** ó abranguer contidos relacionados coa utilización dos sentidos na exploración da realidade cultural exterior, identificando as sensacións e as percepcións que se obteñen disto e mediante o recoñecemento das diferentes manifestacións culturais da motricidade humana como os deportes, os xogos tradicionais e as actividades expresivas ou a danza.

**Contribución da área Coñecemento do medio ó desenvolvemento das competencias básicas**

Esta área contribúe ó desenvolvemento da **competencia no coñecemento e a interacción co mundo físico** mediante a percepción do espazo físico en que se desenvolve a vida e a actividade humana e mediante a habilidade para interactuar co espazo circundante, moverse nel e resolve-los problemas en que interveñen os obxectos e as súas calidades. Favorécese desenvolver actitudes propias da investigación científica, como formular preguntas, buscar, seleccionar e interpreta-la información, buscar explicacións, extraer conclusións…

A **competencia social e cidadá** desenvólvese a través da comprensión da realidade social en que viven o neno e a nena, sobre todo, o ámbito máis próximo familiar e escolar.

Esta área inicia o desenvolvemento da **competencia social e cidadá** potenciando a adquisición de habilidades como saber expresa-las propias ideas en distintos contextos e escoitar e respectar outros puntos de vista. Ademais, favorece a práctica do diálogo e da negociación como formas de resolve-los conflitos. Implica dispoñer de habilidades para participar activamente na vida da aula como forma de iniciarse nunha participación cidadá posterior, ademais de construír, aceptar e practicar normas de convivencia.

Contribúe á **competencia matemática** mediante o desenvolvemento da habilidade para interpretar e explicar de forma precisa datos, informacións e argumentacións adaptadas ó nivel de desenvolvemento dos nenos e das nenas. Tamén se abranguen aspectos como o coñecemento e manexo dos elementos matemáticos básicos (números, medidas, símbolos…) e a posta en práctica de procesos de razoamento para resolver problemas en distintas situacións da vida cotiá.

A área contribúe á adquisición da **competencia cultural e artística** na medida en que se aproxima ó coñecemento das manifestacións culturais e artísticas e vanse recoñecendo algunhas delas como propias do patrimonio da súa comunidade.

Esta área contribúe ó desenvolvemento da **competencia no tratamento da información e competencia dixital** ó traballar na procura, selección, tratamento e utilización da información en distintos soportes e con diferentes fins.

Contribúese á **competencia en comunicación lingüística** a través da utilización de textos para interpretar, comprender e representa-la realidade.

En canto á **competencia para aprender a aprender**, a área proporciona o inicio na utilización de distintas estratexias de aprendizaxe, como a observación e rexistro dos feitos, traballo en equipo, planificación e organización das actividades, coñecemento dos diferentes recursos e fontes de información. Implica, tamén, a curiosidade por preguntar sobre o que lles rodea e a procura de diversas respostas posibles.

Á **competencia en autonomía e iniciativa persoal** contribúese desenvolvendo as habilidades para o diálogo e a cooperación, a iniciativa para presentar proxectos, a destreza para argumentar, a iniciación na organización de tarefas e actividades sinxelas, a flexibilidade para aceptar cambios e a convivencia na vida cotiá.

**Contribución da área Linguaxes: comunicación e representación ó desenvolvemento das competencias básicas**

A área contribúe á adquisición da **competencia en comunicación lingüística** ó abranguer tódolos aspectos que a configuran. Irase desenvolvendo a través do uso social e funcional dos diferentes contextos comunicativos, onde os nenos e as nenas aprenderán a comunicar e a expresar pensamentos, emocións, vivencias e opinións, así como a dialogar e a interpreta-la linguaxe escrita mediante sucesivas aproximacións ós textos presentes no contorno social. Desta forma, inician un coñecemento e un uso progresivo dos elementos máis formais da linguaxe, do seu funcionamento social e das normas que rexen os intercambios lingüísticos, todo isto contribúe ó desenvolvemento da autoestima e da confianza en si mesmo/a.

Esta área contribúe ó desenvolvemento da **competencia cultural e artística** ó abranguer contidos que facilitan a expresión mediante diferentes códigos artísticos, así como ó percibir diferentes realidades do mundo da arte a da cultura próxima ó contorno do neno e da nena. Descubrirán os elementos da linguaxe plástica a través da experimentación con diferentes elementos, materiais e técnicas e expresaran as súas ideas e sentimentos con finalidade comunicativa, estética e creativa.

A escoita, comprensión, recitado e dramatización de textos literarios fomentará a comprensión e apreciación do valor cultural da literatura.

A área contribúe ó desenvolvemento da **competencia social e cidadá** ó incrementa-las habilidades para aprender a comunicarse en distintos contextos a través da lingua, en particular, e doutras linguaxes, en xeral, facendo do diálogo un valor de convivencia: poñerse no lugar do outro, resolve-los conflitos, escoitar, traballar en equipo, expresa-las súas ideas e respectar ós demais para aprender a convivir.

Contribúe ó desenvolvemento da **competencia matemática** ó abrangue-lo coñecemento e manexo dos elementos matemáticos básicos en situacións reais ou simuladas da vida cotiá.

As diferentes linguaxes que se abranguen nesta área contribúen ó desenvolvemento da **competencia de aprender a aprender**, xa que permiten iniciarse na aprendizaxe e ser capaz de continuar aprendendo de maneira cada vez máis autónoma e eficaz, así como ir adquirindo conciencia daquelas competencias que entran en xogo na aprendizaxe, como a atención, a concentración, a memoria, a comprensión e expresión lingüística…

A área contribúe ó desenvolvemento da **competencia de autonomía e iniciativa persoal** na medida en que axuda a organiza-lo pensamento, a mellora-lo control emocional, a adquirir habilidades para o diálogo e para traballar en equipo.

Dende esta área trátanse habilidades que contribúen a desenvolve-la **competencia no coñecemento e a interacción co mundo físico** ó utiliza-la lingua como instrumento de comunicación e aprendizaxe, o que favorece a comprensión de sucesos e a interacción co mundo social e natural que os rodea.

Ó **tratamento da información e competencia dixital** contribúese a través do uso da tecnoloxía como ferramenta para acceder á busca, selección e tratamento da información en procesos relacionados coa linguaxe gráfica, sonora e artística para aprender, informarse e comunicar. Nesta etapa a iniciación no uso dos instrumentos tecnolóxicos irá acompañada da adecuada intervención docente para valorar criticamente o seu uso e contidos.

## 8. A TITORÍA E A COLABORACIÓN FAMILIA-ESCOLA

O contacto periódico co centro e co profesorado é importantísimo para a eficacia da acción educativa. Por unha parte, os pais e as nais son os/as que posúen a mellor e máis fiable información sobre os nenos e as nenas; e pola outra, os docentes deben subministrarlles ás familias tódolos datos que consideren relevantes e que lle afecten ó desenvolvemento e á educación dos pequenos e das pequenas. A colaboración sistemática familia-escola vai achegar experiencias enriquecedoras, tanto a pais e nais, coma ós docentes.

Desta maneira, as relacións fluídas entre a familia e a escola van permitir que se unifiquen criterios e pautas de actuación que favorecerán o proceso de aprendizaxe e o desenvolvemento harmónico da personalidade dos nenos e das nenas.

Así, o centro de Educación Infantil comparte coa familia o labor educativo, ó completar e amplia-las súas experiencias formativas. A eficacia da Educación Infantil depende, en gran medida, da unidade de criterios educativos nos distintos momentos da vida do neno ou da nena, na súa casa e na escola. Neste sentido, a escola debe permanecer sempre en disposición de recibi-los pais e as nais para poder comentar calquera aspecto educativo dos seus fillos e das súas fillas e, así mesmo, debe acepta-las súas suxestións e contribucións.

A familia, pola súa banda, debe colaborar estreitamente e comprometerse co traballo cotián dos seus fillos e das súas fillas e coa vida da escola. Só o compromiso e o esforzo compartido permitirán a consecución dos obxectivos que nos marquemos.

A educación neste ciclo de infantil concíbese, como vimos, como un proceso compartido coas familias, que se deberá favorecer dende o centro docente a través da titoría. A titoría é o conxunto de actividades que desenvolve o titor ou titora co grupo de clase, coas súas familias e co resto de mestras e mestres que colaboran na docencia dese grupo. O seu contido forma parte do plan de orientación e atención á diversidade, e a súa planificación, desenvolvemento e avaliación son asesorados polo responsable de orientación do centro. A través dela, o equipo de orientación do centro, axusta e orienta o proceso de ensino-aprendizaxe, prevendo posibles dificultades, favorecendo os procesos de maduración, desenvolvendo a súa capacidade de autovaloración, facilitando a aceptación dun sistema de valores e permitindo unha axeitada socialización. Mediante entrevistas individuais, a iniciativa da familia ou do titor, intercambiaranse as informacións oportunas para facilita-lo proceso de ensino do alumnado.

O proxecto favorece a colaboración familia-escola e ofrece unha serie de materiais, informes e suxestións que os nenos e as nenas levarán para a súa casa:

- **Cuestionario inicial:** é un recurso que lle permite ó docente coñece-los nenos e as nenas en diferentes aspectos físicos, de desenvolvemento, emocionais, psicomotrices, familiares… Pódese complementar cunha entrevista persoal cos pais ou titores.
- **Información sobre cada unidade didáctica** dos contidos que se van traballar. Na primeira ficha de cada unidade aparece unha detallada información sobre os contidos da unidade, sobre como será a actuación pedagóxica e unha serie de suxestións destinadas a reforzar na casa a dita actuación.
- **Contos:** están pensados para que os nenos e as nenas, xa desde pequeniños, tomen conciencia da relación da linguaxe oral coa representación escrita e para que descubran a beleza dos libros e o pracer da lectura. Presentan unha serie de actividades de expresión oral que se traballarán na clase dirixidos polo docente e que os pais, as nais ou os titores poderán reforzar na casa: escoitar, observar, nomear, descubrir, conversar…, e contribuír, desta maneira, a que os pequenos e as pequenas aprendan a ler pouco a pouco. Ó finalizaren a unidade, os nenos e as nenas levarán para a súa casa o conto da unidade no que, a través do traballo coas súas imaxes, poderán repasar cos seus pais os contidos traballados.
- **Unha ficha por unidade para traballar na casa.** Sempre que o docente o considere oportuno, os nenos e as nenas levarán para a súa casa unha ficha para realizala cos pais ou titores, que deberá serlle devolta ó centro.
- **CD interactivo** para reforzar na casa os contidos traballados. É un material para inicia-los nenos e as nenas no manexo do ordenador de maneira moi sinxela. Con el, e na casa, poderanse reforza-los contidos tratados na escola.
- **Informes trimestrais:** ó finalizar cada trimestre levarán para a súa casa un informe que resume os obxectivos que foron conseguindo ó longo deste período de tempo.
- **Libro para a familia** onde se recollen estes e outros aspectos educativos importantes.
- **Actividades** en tódalas unidades didácticas **que requiren a participación da familia:** actividades extraescolares, saídas, excursións, obradoiros, festas, enfeite da clase, traballos manuais…

# 9. PERÍODO DE ACOLLIDA

O período de acollida para o alumnado que se incorpora ó segundo ciclo da educación infantil é un compoñente básico da acción titorial. Os seus obxectivos e contidos esixen o deseño e a toma de decisións por parte do equipo de Educación infantil sobre as actividades que van desenvolver co alumnado e coas familias.

O centro conta cun plan de de acollida dos nenos e das nenas co fin de favorece-la transición dende a escola infantil ou dende a familia á nova situación de ensinanza e aprendizaxe. A organización deste período asegura a incorporación de forma gradual de todo o alumnado dende o inicio das actividades lectivas.

A entrada na escola supón un cambio relevante tanto para o alumnado que ten experiencia previa como para o que procede da familia, xa que implica a saída dun mundo, o familiar, onde ten un papel definido, séntese aceptado, querido, e parte dun espazo coñecido, seguro de acordo cuns códigos coñecidos. Este cambio afecta igualmente ós pais e ás nais e á propia institución escolar.

O período de adaptación debe incluír, xa que logo, un conxunto de actuacións coa familia e cos nenos e coas nenas dirixidas a aceptar e resolver dunha maneira natural e normalizada o conflito que necesariamente produce o cambio. No caso das familias, estas actuacións deben estar dirixidas a ofrecer orientacións para que asuman con naturalidade o proceso, reducindo a ansiedade, os temores e angustias, e para que manteñan comportamentos que contribúan a dar seguridade e confianza ós pequenos e ás pequenas.

No comezo do curso organízase o proceso de achegamento progresivo cara á nova situación, mediante visitas da familia ó colexio e á aula e o calendario de entrevistas individuais para completa-la información e para explicárlle-lo significado e a importancia do período de adaptación. Pediráselles colaboración e axuda para levar a bo término este proceso.

Coa incorporación dos nenos e das nenas continúase o labor de adaptación iniciado coas familias. O mestre ou a mestra deben crear un ambiente onde o alumnado se sinta aceptado, acollido e recoñecido individualmente. É fundamental que os docentes se marquen como obxectivo prioritario incorpora-los pequenos e pequenas á comunidade educativa da maneira máis positiva posible, sen esquece-las particularidades de cada un, respectando os seus ritmos e as súas características persoais e intentando evitar sentimentos de angustia, desconfianza ou inseguridade.

A entrada ata a configuración definitiva do grupo debe ser organizada en grupos reducidos e de forma gradual, propiciando que todos e todas teñan as mesmas condicións e o tempo suficiente para adaptarse.

O proxecto ofrece unha unidade inicial pensada para este período de acollida e de adaptación. É unha unidade diferente ás demais e cun único obxectivo: que os nenos e que as nenas se vaian adaptando á vida escolar. Ademais, ofrece e suxire unha serie de xogos para que a entrada no colexio se realice dunha maneira alegre e divertida e para que axuden ás pequenas e pequenos a tomar confianza co contorno e cos seus novos compañeiros e compañeiras así como co mestre e a mestra. Nesta unidade inicial, presentaráselle ó alumnado a mascota da clase, que vai acompañalos ó longo de todo o curso e que coñecerán ademais a través da música coa canción da mascota e a través de recursos literarios co conto e coa poesía. Aproveitaremos este recurso para que os menores se vaian familiarizando cos materiais, cos espazos da clase, coa dinámica do grupo, coas rutinas diarias…

## 10. Atención á diversidade e necesidades educativas específicas

A concepción da escola como grupo humano implica a aceptación da diversidade do alumnado que, como parte dela, integra e enriquece o labor educativo. Esta aceptación da diversidade do alumnado supón, por parte dos educadores e das educadoras, unha análise e unha reflexión sobre e seu grupo de alumnos e alumnas, así como aceptar que cada un deles ten os seus propios intereses, as súas capacidades, necesidades, motivacións e estilos de aprendizaxe.

Co fin de garanti-la **equidade,** nova Lei de educación aborda os grupos de alumnos e de alumnas que requiren unha atención educativa diferente á ordinaria por presentar algunha necesidade específica de apoio educativo e, así mesmo, establece os recursos precisos para acometer esta tarefa co obxectivo de logra-la súa plena **inclusión e integración.**

Cando falamos de alumnado con **necesidades educativas específicas,** referímonos ós nenos e ás nenas que proceden doutros países e doutras culturas, ós que posúen altas capacidades intelectuais e a aqueles con atraso no seu desenvolvemento de maduración –ben pola presenza dunha ou varias discapacidades ou por outros factores de análogos efectos–.

Os **alumnos e as alumnas inmigrantes** teñen os mesmos dereitos e deberes ca os españois. Débese facilita-la súa incorporación ó sistema educativo xa que poden descoñece-la lingua e a cultura española ou presentar graves carencias nos coñecementos básicos.

**Cos alumnos e coas alumnas superdotados intelectualmente** débense adopta-las medidas necesarias para identificar e avaliar de forma temperá as súas necesidades. Para eles cómpre flexibiliza-la duración dos distintos niveis e das distintas etapas do sistema educativo, independentemente da idade que teñan. Nalgúns casos débese facilita-la súa escolarización en centros que poidan prestarlle unha atención adecuada.

**Os nenos e as nenas** que requiran determinados apoios e determinadas atencións educativas específicas por padecer discapacidades físicas, psíquicas, sensoriais, ou por manifestar graves trastornos da personalidade ou de conduta, deben ter unha atención especializada conforme ós principios de non discriminación e normalización educativa e coa finalidade de consegui-la súa integración. Debemos ofrecer unha adecuada resposta educativa que se axuste ás circunstancias e ás necesidades que neles concorren. Pódense introducir medidas de flexibilización das distintas etapas. A escolarización destes alumnos rexerase polos principios de **normalización e inclusión** e asegurará a súa non discriminación e a igualdade efectiva.

A adecuada resposta educativa para tódolos alumnos e tódalas alumnas concíbese a partir do **principio de inclusión.** Enténdese que unicamente dese modo se garante o desenvolvemento de todos e de todas, favorécese a **equidade** e contribúese a unha maior cohesión social. A atención á diversidade é unha necesidade que abrangue tódalas etapas educativas e a tódolos alumnos e a tódalas alumnas, é dicir, trátase de contempla-la diversidade como principio e non como unha medida que corresponde ás necesidades duns poucos.

O proxecto, para dar resposta a estes alumnos e alumnas, adoptará e utilizará estratexias como:

- Modificación do tempo das aprendizaxes: as fichas de cada unidade didáctica non presentan ningunha orde de paxinación. Así, cada docente poderá traballalas en función da súa realidade educativa e das características individuais de cada un dos seus alumnos e de cada unha das súas alumnas.
- Adecuación da axuda pedagóxica.
- Adecuación da metodoloxía: o traballo individual, en parellas, en pequeno grupo e en gran grupo fai posibles secuencias educativas nas que a aprendizaxe ten carácter cooperativo e resulta beneficiosa para todos, á vez que posibilita o acceso ás zonas de desenvolvemento próximo.
- Adecuación das actividades ás diferenzas individuais do alumnado.

Polo tanto, realizaranse actividades que reforcen as aprendizaxes duns e que amplíen as dos outros. Ademais das actividades propostas para o traballo diario, cuxa realización está suxeita ó criterio de cada docente, incluíronse **“actividades de reforzo”** e **“actividades de ampliación”;** cómpre ter en conta que unhas mesmas actividades poderán ser consideradas como reforzo nun contexto escolar e como ampliación noutro. Hai que destacar tamén a ampla proposta de actividades en cada unha das páxinas dedicadas á explotación de cada ficha, o que amplía o abano de posibilidades de intervir á hora de abordar cada contido concreto e específico.

Este proxecto considera necesario desenvolver un currículo capaz de se adaptar ás necesidades individuais do alumnado, e ten moi presente a atención á diversidade nos seus materiais curriculares.

O material do alumno e da alumna, polo seu deseño e polo seu carácter aberto e flexible, permite que unha mesma actividade se realice de distintas formas segundo as diferenzas individuais.

A proposta didáctica ofrece unha ampla variedade de actividades referidas a cada ficha de traballo, e outras que se inclúen ó final de cada unidade didáctica (xogos complementarios e de psicomotricidade).

Preséntanse tamén un gran número de recursos didácticos para o desenvolvemento da linguaxe, actividades relacionadas co ámbito musical e que, en todo momento, se require e precisa a colaboración da familia como complemento á atención á diversidade.

Os educadores e as educadoras poderán selecciona-las actividades de reforzo ou ampliación que estimen convenientes para os seus alumnos e para as súas alumnas.

Hai que salientar que o proxecto, polo seu carácter aberto e flexible, permite que cada educador ou educadora o adapte no currículo á heteroxeneidade dos nenos e das nenas da súa realidade.

Por último, para conseguir unha oferta educativa de calidade, en particular para o alumnado con necesidades educativas especiais, o profesorado da Educación Infantil colaborará cos profesionais especializados necesarios para introduci-las **adaptacións** axeitadas para a atención destes alumnos. Estas adaptacións poden ser **non significativas** se afectan a determinados elementos do currículo (metodoloxía, actividades, avaliación), pero non modifican os obxectivos; e **significativas,** se lles afectan ós elementos básicos da programación do nivel da Educación Infantil.

**Actividades complementarias**

Como consecuencia do esforzo para atender á diversidade, o noso proxecto ofrece numerosas solucións de carácter práctico para dar resposta a este enfoque, á formación integral, actividades abertas á vida cultural, ó contorno social, en definitiva, á realidade da actualidade.

As actividades complementarias intégranse na programación didáctica porque contribúen a desenvolve-los obxectivos e mais os contidos do currículo. Contribúen a conseguir unha escola máis atractiva para todos os membros da comunidade educativa, a incrementa-lo interese por aprender do alumnado e facilitan a xeneralización das aprendizaxes tanto dentro coma fóra do contexto escolar. Son actividades que lles van permitir ós nenos e mais ás nenas establecer relacións directas co seu grupo de clase, con outros grupos, co contorno (o seu barrio, lugares de lecer, parques, seres vivos…). A través delas, os menores van ir consolidando pouco a pouco o sentido de pertenza e, ademais, van favorece-la creación de actitudes tan positivas coma o interese, a curiosidade, o respecto, a solidariedade, etcétera.

O proxecto inclúe recursos para que os pequenos e as pequenas complementen o proceso de ensinanza-aprendizaxe a través dunha serie de fichas fotocopiables que o docente utilizará para ampliar ou reforzar segundo crea necesario. Ademais, en cada unha das fichas das unidades didácticas, propóñense actividades para realizar en grupo, saídas, visitas culturais guiadas, dramatizacións, realización de obradoiros e recunchos, actividades psicomotrices, musicais… Tamén a través dos materiais para a aula, vaise favorece-lo uso colectivo co obxectivo de que contribúan ó desenvolvemento social, xa que proporcionan ocasións para compartir, para axudar e colaborar e para poñerse no punto de vista dos outros.

## 11. EDUCACIÓN DO COMPORTAMENTO

Un dos principais obxectivos que se lle presenta a Educación Infantil é forma-los nenos e as nenas desde os primeiros anos para que vaian incorporando unha serie de coñecementos, actitudes, comportamentos e hábitos que fagan posible que se desenvolvan satisfactoriamente nos distintos medios da súa vida cotiá.

Cada neno ou cada nena chega á escola cunha serie de costumes, de normas de comportamento e hábitos adquiridos previamente no ámbito familiar. Efectivamente, a familia constitúe o medio natural no que primeiro aprenden comportamentos concretos sobre a maneira de falar, de alimentárense, de aseárense, de reaccionaren, de manifestaren os seus sentimentos e no que comezan a desenvolve-los seus primeiros hábitos de vida; por isto faise imprescindible que a acción educativa que se leve a cabo na escola se complemente coa que se leve a cabo na familia e viceversa, de tal xeito que o neno e a nena se sintan seguros e arroupados en ámbolos dous ambientes, sen que existan contradicións que obstaculicen a normal interiorización das principais normas e dos principais hábitos de comportamento. Se o neno ou a nena percibe que as pautas de comportamento que a escola promulga son as mesmas que hai na súa propia familia, estará aprendendo a valorar aquilo que está ben feito, que é correcto e coherente.

O noso proxecto, que sempre conta coa colaboración e coa participación das familias, vai forma-los nenos e as nenas en aspectos que entendemos fundamentais para a adquisición progresiva de hábitos e comportamentos necesarios para o seu correcto desenvolvemento. Así, ó longo das distintas unidades didácticas traballarémo-la potenciación e o desenvolvemento dun amplo abano de condutas, e axustarémonos ás características e ás posibilidades de cada neno e cada nena. Entre estas condutas, destacamos algunhas que están relacionadas cos seguintes ámbitos do comportamento:

- **Autonomía:** traballarase para que os nenos e as nenas vaian adquirindo un repertorio de comportamentos e actitudes que lles permita, por un lado, actuar de xeito cada vez máis autónomo nas distintas actividades cotiás, principalmente o aseo (lava-las mans, enxaboarse na ducha, ir sós ó WC...), a comida (aprender a colle-los servizos de mesa, comer sen a axuda dos pais...) e o vestido (colle-la súa roupa do armario, vestirse sós progresivamente, bota-la roupa sucia ó lavado, garda-la roupa no armario...); e, por outra banda, resolver con éxito as dificultades que vaian atopando no seu desenvolvemento e potenciar así a seguridade e a confianza en si mesmos.

- **Expresión de sentimentos:** traballaremos aspectos tales como o cariño, a alegría, a tristura, a manifestación de gustos e opinións, o control dos impulsos… O neno ou a nena precisa que se lle axude a identificar e a distingui-los seus sentimentos e as súas emocións para que sexa consciente deles e inflúan de xeito positivo no seu desenvolvemento persoal. Tamén precisa axuda para expresar estes sentimentos e estas opinións de xeito natural de maneira que se cree un clima na casa e na escola baseado no respecto, na confianza e no afecto.
- **Vivir cos demais:** é importante que os nenos e as nenas aprendan que vivimos en sociedade e que necesitamos dos demais para desenvolvérmonos plenamente como persoas e como cidadáns, e que existen un conxunto de normas de convivencia que debemos coñecer e respectar. Polo tanto, deberemos ensinarlles desde pequeniños a relacionárense, a compartir, a saber pedir e agradecer, a respectar a tódalas persoas independentemente da súa raza, cultura, relixión ou sexo, etcétera. A vida escolar implica o establecemento de experiencias que achegan a pequena ou pequeno ó coñecemento das persoas e das relacións interpersoais, xerando vínculos e desenvolvendo actitudes como a empatía e o apego que constitúen a base da súa socialización.
- **Coidado do medio:** é importante que o neno e a nena tomen conciencia desde os primeiros anos de que viven nun medio que nos ofrece todo o necesario para as nosas vidas (luz, auga, alimentos, vexetación...) e que, xa que logo, debemos coidalo ó máximo para evitar que se deteriore. Para isto, fomentaremos comportamentos encamiñados a conservar e respecta-lo medio natural, a valora-la importancia que ten a auga para a vida dos seres vivos, a respectar e coida-los animais e as plantas, a evita-la contaminación da nosa atmosfera mediante a reciclaxe de residuos…
- **Educar para a alimentación:** unha boa nutrición é fundamental ó longo de toda a nosa vida, pero moi especialmente durante os primeiros anos, de aí a importancia de potenciar nos nenos e nas nenas a adquisición de bos hábitos alimenticios a través de aspectos tales como o coñecemento dos distintos tipos de alimentos, da contribución de cada un deles no noso crecemento, do recoñecemento dos distintos sabores, da importancia de comer san e variado, da necesidade de lava-las mans antes de comer, etc., entendendo que a escola debe xogar un papel complementario ó dos pais, auténticos modelos que os nenos e as nenas imitarán en canto ós hábitos alimentarios se refire.
- **O coidado dos espazos:** o colexio, a casa, a rúa, os lugares de lecer e divertimento son espazos onde o neno e a nena se desenvolven diariamente. Por isto, cómpre que os coñezan axeitadamente e que os valoren como parte importante nas súas vidas. Deste xeito, traballarémo-lo desenvolvemento de comportamentos e actitudes encamiñados a mante-la orde e a limpeza destes espazos, así como o coidado das pertenzas, tanto persoais coma dos demais.
- **Hábitos:** consideramos necesaria a adquisición dunha serie de hábitos e actitudes relacionadas co benestar, coa seguridade persoal, coa hixiene, co fortalecemento da saúde… Traballaranse diariamente estes aspectos do comportamento así como a adquisición de actitudes e hábitos de axuda, colaboración, cooperación e tódolos que se deriven da vida en grupo.

Os esforzos dirixidos a conseguir estes comportamentos desexables constitúen todo un labor encomiable para que o alumno e a alumna vaian tomando conciencia e vaian

asumindo valores e actitudes como auténticos cidadáns responsables e comprometidos coa realidade social e co seu medio.

## 12. A EDUCACIÓN EN VALORES E PARA A CONVIVENCIA (TEMAS TRANSVERSAIS)

A Educación Infantil configúrase como un período decisivo para a formación da persoa xa que nesta etapa se asentan os fundamentos non só para unha sólida aprendizaxe das habilidades básicas, senón que tamén se adquiren, para o resto da vida, hábitos de traballo, convivencia ordenada e respecto cara ós demais.

Xunto á formación dun autoconcepto positivo e a construción da súa propia identidade, debe estimularse a adquisición dos valores que se xeran na relación cos outros e co medio no proceso educativo, tales como respecta-los demais e os seus traballos, acepta-las normas, amosar interese por convivir e colaborar cos compañeiros e coas compañeiras e co adulto, respecta-lo medio e, en suma, autorregula-la conduta no xogo, na convivencia, no traballo e en relación coa saúde; así responderán progresivamente dun xeito cada vez máis adecuado ás situacións que se presentan.

A Lei 27/2005, do 30 de setembro de fomento da educación e da cultura da paz propón que en tódolos niveis do sistema educativo se impartan as ensinanzas de acordo cos valores propios da paz e que se potencie unha educación integral ó elimina-la intolerancia e promove-lo diálogo e a non-violencia como práctica que cómpre xeneralizar na xestión e na transformación de conflitos.

A través da educación exercitaranse estes valores que fan posible a vida en sociedade, adquírense hábitos de convivencia democrática e de respecto, é dicir, prepáranse os nenos e as nenas para a participación responsable nas distintas actividades e instancias sociais.

Fomenta-la aprendizaxe ó longo de toda a vida implica, ante todo, proporcionarlle ó alumnado unha educación completa que abranga os coñecementos e as competencias básicas que resultan necesarias na sociedade actual, que lles permita desenvolve-los valores que sustentan a práctica da cidadanía democrática, a vida en común e a cohesión social, e que estimule neles e nelas o desexo de seguir aprendendo e a capacidade de aprender por si mesmos.

O proxecto considera que un dos obxectivos básicos da ensinanza é o de formar conciencias críticas, persoas capaces de pensar por si mesmas. Esta tarefa debe comezar a levarse a cabo desde as idades máis temperás, pois sabemos que unha correcta actuación pedagóxica nestes niveis permitirá contarlles ós alumnos e ás alumnas co fundamento principal para a súa posterior aprendizaxe e desenvolvemento funcional na sociedade.

Para logra-lo obxectivo citado, o noso proxecto concedeulles grande importancia ás actividades de grupo:

- **Diálogos en asemblea,** de tal xeito que cada neno ou nena expoña libremente a súa opinión sobre un tema, partindo dun conto ou de calquera tipo de información subministrada polo profesor ou pola profesora, que coidará de que se respecten as quendas de palabra entre compañeiros e compañeiras.
- Realización de **actividades plásticas en pequenos grupos de traballo.** Este tipo de actividades axúdanlle ó neno e á nena a aprecia-la importancia do traballo cooperativo para lograr un fin común.

Optouse en todo momento por un modelo de ensinanza activa; tanto é así que se considerou a aula como un foro de construción de coñecemento no que o alumnado é protagonista da súa aprendizaxe, e o mestre ou a mestra un orientador ou unha orientadora nesta tarefa.

Nestas idades, o neno e a nena comezan a formarse unha visión do mundo. A formación integral do individuo, que persegue a educación na actualidade, leva implícita a formación en valores democráticos fundamentais como son o exercicio da liberdade, a tolerancia, a solidariedade e a igualdade.

Desta forma, a educación contribúe a avanzar na loita contra a desigualdade e a discriminación por razóns socioeconómicas, de raza, sexo ou relixión. Esta discriminación, xa sexa de orixe familiar ou social, arrastrada tradicionalmente ou que aparecera recentemente como consecuencia dos cambios sociais, dificulta a convivencia pacífica nunha sociedade cada vez máis complexa.

O avance dos medios de comunicación contribuíu a achega-las fronteiras. A sociedade occidental do presente e do futuro é eminentemente multiétnica e a coexistencia nun mesmo contexto de persoas de diferentes razas e culturas é xa unha realidade para a que debemos prepara-lo noso alumnado nunha escola onde se potencie a diversidade e a solidariedade.

Neste sentido, cremos conveniente incluír nenos e nenas de distintas razas cuxa incorporación ós colexios europeos é cada día máis cotiá. Trátase de aprender, a partir do coñecemento das características e dos costumes doutros pobos, que o respecto pola diferenza entre culturas non contribúe a facer a uns cidadáns mellores ca outros, senón ó enriquecemento de todos.

O proxecto  inclúe uns contidos relacionados co currículo que deben estar inmersos no quefacer cotián.

Para conseguir que o alumno e a alumna os interioricen e sexan capaces de facelos operativos nas súas condutas, extrapolándoos a calquera situación que se lle presente,

cómpre preciso desenvolver unha serie de estratexias e ter moi claro que, entre outros medios, se aprende por imitación do comportamento dos adultos.

O educador ou a educadora deberá ter presente que estes contidos son a manifestación dun sentimento e unha expresión de valores asumidos como positivos pola comunidade. Por isto, teraos en conta en todo momento, e mesmo creará situacións que propicien a súa posta en práctica.

Así, por exemplo, o alumno ou a alumna aprenderá máis fácil e rapidamente a ter comportamentos non sexistas se na aula ou no centro impera unha relación non discriminatoria por razóns de sexo que se realiza longas charlas sobre o tema.

Desenvolveremos continuamente actitudes de compañeirismo, de respecto e de axuda ós demais, de orde e limpeza, de uso do diálogo, de rexeitamento da violencia e da agresividade, de coidado dos bens naturais, e fomentaremos un estilo de vida e comportamento cotián como aceptación deses valores que a sociedade necesita e establece como positivos para o seu bo funcionamento.

O proxecto  propón un conxunto de contidos de ensinanzas, principalmente actitudinais, que deben entrar a formar parte das actividades presentadas en tódalas áreas. Son os seguintes:

**Dialoguemos e respectémo-los demais**

Supón educar para a convivencia pacífica da cidadanía democrática. Foméntase a solidariedade, a cooperación, a liberdade, a responsabilidade, o respecto e o rexeitamento de todo tipo de discriminación e intolerancia.

Para isto o noso proxecto propón:

- Establecer normas de convivencia na aula e no centro.
- Crear un clima de confianza no que os nenos e as nenas se expresen libremente.
- Fomenta-la tolerancia e o respecto polos demais.
- Resolver situacións conflitivas a través do diálogo.
- Outorgarlles responsabilidades ós nenos e ás nenas.
- Rexeita-los xogos, os xoguetes e as situacións que inciten á violencia.
- Promover actividades en grupo nas que se coopere, se respecte e se comparta.

**Todos somos iguais**

A sociedade na que vivimos asígnalles ós nenos e ás nenas desde pequenos roles diferentes en función do seu sexo.

Os mestres e as mestras poden e deben corrixir estas desigualdades. Nas súas mans está facer que os nenos e as nenas se formen como persoas que son, en igualdade de condicións e cos mesmos dereitos e obrigas.

Para isto, o noso proxecto:

- Presenta unha distribución equitativa de personaxes masculinos e femininos.
- Propón unha distribución equitativa dos diferentes roles desempeñados por ámbolos dous sexos no ámbito familiar, escolar e profesional.
- Reflicte unha distribución equitativa dos trazos positivos e negativos entre ámbolos dous sexos.
- Rexeita todo tipo de discriminación por razón de sexo.
- Analiza e denuncia a situación de marxinación e de desigualdade que historicamente sufriu e segue a sufri-la muller.
- Non fai distinción entre xogos masculinos e xogos femininos.
- Utiliza unha linguaxe non sexista.
- Asigna responsabilidades na aula indistintamente a nenos e nenas.
- Comenta con eles a necesidade de que tanto os nenos como as nenas deben colaborar nas tarefas domésticas.
- Procura que os espazos ou os recunchos da aula sexan utilizados indistintamente polos nenos e polas nenas.
- Narra contos cambiando os papeis que tradicionalmente se lles asignaban ós homes e ás mulleres.

**Protexámo-lo medio**

Supón achega-los nenos e as nenas ó medio natural para que aprendan a valora-la importancia que este ten para a vida das persoas e para desenvolver actitudes de respecto e coidado cara a el.

Para isto, o noso proxecto propón:

- Propiciar saídas fóra da escola para observa-lo medio natural.
- Ensinarlles a usar de forma responsable os recursos naturais.
- Observar directamente o crecemento dalgunha planta ou o ciclo vital dalgún animal que levaremos á clase.
- Inicialos no coñecemento de materiais reciclables.
- Facerlles observar, directamente ou a través de imaxes, as repercusións que ten a actuación humana sobre o medio natural.
- Explicárlle-la procedencia natural dalgúns obxectos e alimentos.
- Realizar actividades plásticas utilizando materiais de refugallo.

**Consumamos responsablemente**

Aínda que nestas idades os nenos e as nenas non teñen aínda autonomía como consumidores, están constantemente recibindo mensaxes dos medios de comunicación: publicidade sobre lambonadas, pasteliños, xoguetes, material escolar... O que se

pretende é que os nenos e as nenas vaian adquirindo unha actitude crítica e responsable cara ó consumo.

Para isto o noso proxecto propón:

- Ensinarlles ós nenos e ás nenas a coida-los materiais individuais e os comúns.
- Procurar un máximo aproveitamento do material escolar.
- Realizar con eles xogos que non necesiten xoguetes.
- Utiliza-los obxectos da clase que non nos serven para outras actividades.
- Procurar arranxa-los xoguetes estragados.
- Utilizar materiais de refugallo para construír xogos e xoguetes.
- Inventar, coa participación dos nenos e das nenas, anuncios que non se refiran a obxectos de consumo.
- Fomenta-lo consumo de alimentos sans no almorzo e na merenda no canto de pastelaría industrial.

**Vaiamos seguros**

O obxectivo fundamental da educación viaria é a prevención de accidentes.

Nestas idades, os nenos e as nenas aínda non son autónomos nos seus desprazamentos polos espazos urbanos, pero si que utilizan os transportes públicos –algúns desde os tres anos usan o transporte escolar– e os privados no medio familiar.

Por iso cómpre inicialos no coñecemento dunhas normas establecidas, fundamentais para a súa futura participación no ambiente urbano como peóns, viaxeiros ou usuarios de vehículos.

Para isto o noso proxecto propón:

- Realizar saídas curtas polo medio próximo e establecer normas: camiñar polas beirarrúas, non correr, deterse ó chegar a un cruzamento…
- Proporlles xogos nos que sexa necesaria a intervención de figuras como o policía de tráfico, os peóns, os coches…
- Ensinárlle-lo significado dos principais sinais de tráfico.
- Realizar xogos coas cores do semáforo.
- Ensinarlles normas sobre o uso dos transportes: ir sentados correctamente, non distrae-lo condutor, abrocha-lo cinto de seguridade…

**Sexamos bos cidadáns e boas cidadás**

Supón prepara-los nenos e as nenas para o exercicio da cidadanía e para a participación na vida social e cultural, con actitude crítica e responsable.

Para isto o noso proxecto propón:

- Ensinarlles a respecta-las normas de convivencia que rexen a vida na aula.

- Responsabilizalos do coidado dos materiais e espazos comúns.
- Proporlles xogos nos que teñan que discriminar comportamentos adecuados e inadecuados en diferentes situacións.
- Fomenta-lo respecto cara ás persoas maiores.
- Desenvolver actitudes para ser bos cidadáns (respecto, tolerancia, solidariedade, convivencia…).

**Coidémo-la nosa saúde**

O obxectivo fundamental é fomentar nos nenos e nas nenas a adquisición de hábitos de saúde: alimentación sa, descanso, coidado e hixiene corporal, prevención de accidentes…

Para isto o noso proxecto propón:

- Fomenta-lo consumo de alimentos sans: froita, leite, verduras…
- Rexeita-lo consumo abusivo de lambonadas e explicárlle-la súa repercusión sobre a saúde dental.
- Establecer normas de aseo persoal: lava-las mans antes e despois de comer, te-lo nariz limpo…
- Realizar xogos simbólicos relacionados co aseo para que o vexan como un feito agradable.
- Darlle importancia ó descanso.
- Realizar actividades ó aire libre.
- Informalos e previlos sobre as situacións de perigo no recreo, na aula, na casa…

## 13. A EDUCACIÓN INTERCULTURAL

As sociedades modernas caracterízanse pola convivencia nun mesmo seo de distintos grupos étnicos, cos seus correspondentes sinais de identidade cultural, relixiosa e política. Atrás quedou un mundo rixidamente dividido en compartimentos no que os intercambios socioculturais entre uns países e outros eran pouco frecuentes e significativos. Asistimos hoxe en día ó nacemento dun novo mundo favorecedor do enriquecemento a través do intercambio cultural, un mundo verdadeiramente aberto e multicultural.

Unha das realidades sociais de maior transcendencia na actualidade é, sen ningunha dúbida, a inmigración. Este fenómeno, máis ou menos recente, está provocando numerosos cambios nas distintas estruturas sociais e está dando lugar a unha sociedade plural na que a diversidade cultural é unha das súas características principais. Esta diversidade aconsella aproxima-los nenos e nenas ós usos e costumes sociais dende unha perspectiva aberta e integradora que lles permita coñecer diversos modos e manifestacións culturais presentes na sociedade e xerar así actitudes de respecto e aprecio cara a elas.

O fenómeno da inmigración é moi complexo e require que todos teñamos actitudes abertas, flexibles e integradoras, tanto das distintas institucións coma de cada un de nós como seres individuais. Debemos entende-la inmigración como un elemento de enriquecemento cultural e social para as poboacións de acollida xa que supón a posibilidade de coñecer e asimilar novas formas de vida, costumes, festas, alimentación..., sen necesidade de renunciar á nosa propia identidade cultural e sen que as persoas e os colectivos inmigrantes teñan que renunciar á súa propia. Camiñamos cara a unha nova concepción da cidadanía na que se superan actitudes e concepcións excluíntes para dar paso a visións inclusivas desde as cales se entende as persoas como suxeitos de dereito á marxe das fronteiras política, social e economicamente establecidas.

Desde esta perspectiva, faise necesario poñer en marcha cantos mecanismos e actuacións sexan necesarios para ir fomentando novas formas de convivencia baseadas no respecto, na tolerancia e no recoñecemento de novas culturas e as súas distintas formas de expresión.

Neste proceso de cambio e adaptación social vai xogar un papel esencial a escola, como institución social directamente afectada pola chegada nos últimos anos dunha gran cantidade de novos alumnos e novas alumnas procedentes de diferentes culturas, e estratexicamente situada para acometer, desde os primeiros anos de escolaridade, actuacións encamiñadas a conseguir que os ditos alumnos reciban unha ensinanza de calidade que respecte as súas marcas de identidade cultural, e a que o resto de compañeiros e de compañeiras aprendan a coñecer e a aceptar novas manifestacións culturais e a enriquecerse con elas.

Educar desde a interculturalidade implica planificar propostas curriculares que potencien as posibilidades de pensar de maneira crítica e responsable desde as primeiras idades. É preciso recoller, no traballo cotián, a realidade de tódolos alumnos e de tódalas alumnas, facilitando os medios para que poidan achega-las súas vivencias e os seus diferentes puntos de vista.

Neste sentido, o proxecto identifícase plenamente con esta filosofía educativa, e constitúese nunha valiosa ferramenta ó servizo da consecución dunha sociedade autenticamente plural na que, partindo do coñecemento e do respecto da cultura dos demais, vivamos todos en harmonía.

## 14. Prevención de accidentes e primeiros auxilios

Os nenos e as nenas están en continuo movemento, gústalles explorar tódolos currunchos e obxectos da casa ou da escola e, polo tanto, están expostos a moitos perigos. É responsabilidade do adulto evitar que se produzan accidentes infantís e deben tomarse as medidas necesarias para evitalos, xa que son a primeira causa de mortalidade infantil.

É imprescindible que tódolos elementos de risco estean fóra do seu alcance: medicinas, produtos de limpeza, obxectos cortantes, etc. Estes elementos deben gardarse en lugares ós que o neno e a nena non poidan acceder, nin subidos nunha cadeira, e sempre baixo chave. Debemos procurar que aprendan, pouco a pouco, a non toca-las cousas que poidan resultar perigosas, e a respecta-las normas e os límites que os adultos establezan.

Non podemos esquecernos dos obxectos pequenos, nin tampouco dos enfeites excesivamente pesados que poidan danalos no caso de que lles caian. Balcóns e fiestras deben estar sempre pechados ou cos dispositivos de seguridade pertinentes. Evitar almofadas brandas, bolsas de plástico ó seu alcance e utilizar colchóns firmes e consistentes. Coidado especial na cociña, hai que se asegurar de que o neno ou a nena non estea só/a nese espazo da casa ou da escola e de que os mangos das olas e tixolas non sobresaian.

Na rúa non deben ir nunca sós. Hai que ensinarlles a respecta-las normas básicas de seguridade viaria (semáforos, pasos de peóns…). Deben estar vixiados constantemente nos parques e nas zonas de recreo. Non deben subir ós bancos, ás cadeiras, ás randeeiras non apropiados para a súa idade.

Hai que procurar que os xoguetes que utilicen sexan axeitados para a súa idade e seguir sempre as instrucións de uso que traen. Hai que evitar que xoguen coas bolsas que os envolven e con cordas ou fíos que poidan enroscar no pescozo. Como dixemos, é importante que estean vixiados e que non utilicen os xoguetes para golpear a outros nenos e a outras nenas.

Debemos procurar que o ambiente que rodea o neno e a nena sexa o suficientemente protector.

# Primeiros auxilios

No centro escolar, igual ca na casa, na rúa, no coche…, ocorren accidentes que debemos saber atender mediante medidas provisionais ata que chegue a intervención do persoal cualificado se fose necesario. Os tipos de accidentes adoitan ser moi dispares, algúns máis complicados de tratar que outros, pero en tódolos casos a nosa actuación será importante. Debemos actuar sempre con moita serenidade, tranquiliza-lo neno ou a nena, ó darlle confianza e, sobre todo, que eles non se decaten de que estamos nerviosos.

O centro escolar debe dispoñer dun material mínimo que estará ó alcance de todos e en lugares sinalizados. Gasas, compresas, auga osixenada, alcohol, tesoiras, pinzas, antisépticos, vendas, esparadrapo, férulas de inmobilización…, formarán parte da caixa de urxencias do colexio.

Entre as situacións que podemos atopar, salientámo-las seguintes:

**Asfixia por atragoarse**

Os nenos e as nenas manipulan diariamente xoguetes, pezas e obxectos pequenos que poden resultar perigosos. Poden atragoarse cando un corpo sólido ou líquido entra nas vías respiratorias e as tapona.

Nunca debemos golpea-las costas do neno ou da nena; ás veces, o obxecto sae por si só a través da tose; outras veces, necesitará a nosa axuda utilizando o dedo índice, en forma de gancho, ou efectuando presión na boca do estómago. Neste caso, collémo-lo pequeno ou a pequena por detrás, rodeámolos cos nosos brazos e co puño pechado facemos presión no ventre un pouco por riba do embigo. Avisámo-los servizos de urxencia mentres repetímo-la manobra.

**Queimaduras**

As queimaduras son lesións que se producen na pel a consecuencia da calor, a electricidade ou ben por substancias químicas. Dependendo da súa gravidade, poden ser de primeiro, segundo ou terceiro grao.

O primeiro que hai que facer ante unha queimadura é empapar con auga fría a zona afectada e cubrila con gasas húmidas. Nunca debemos aplicar pomadas nin rompe-las ampolas das queimaduras. Se estas foran máis graves, haberá que tomba-lo neno ou a nena sen desprende-la roupa adherida e chama-los servizos de urxencias..

**Picaduras**

Ante a picadura dun insecto, a menos que se produza na boca e poida obstruí-las vías respiratorias, caso no que hai que acudir a un hospital, debemos aplicar frío local e intentar saca-lo aguillón, no caso de que o haxa, coa axuda dunhas pinzas, nunca se debe apertar. Se non temos información sobre posibles alerxias, haberá que chama-la familia.

**Fracturas**

Prodúcense cando hai unha rotura parcial ou total dun óso, provocada por un golpe violento. Cando o neno ou a nena se fractura algún membro do seu corpo, debemos procurar, ante todo, que non se mova; ademais tranquilizarémolo e actuaremos con serenidade.

Se existe ferida aberta hai que tratala primeiro e, despois, inmobiliza-la parte lesionada con algún soporte ríxido. No caso dun brazo ou dunha perna, colocaremos unha férula de inmobilización por riba e outra por debaixo. O brazo inmobilizarémolo cun pano a xeito de estribeira. Avisarémo-la familia ou acudiremos a un hospital.

**Febre**

A febre é a elevación da temperatura corporal por riba dos 37º centígrados. É a indicación de que o organismo se defende contra unha infección ou inflamación e o feito de que sexa pouco ou moi elevada non sempre indica a gravidade do caso.

Antes de nada debemos alixeirar de roupa o neno ou a nena e aplicarlle panos fríos na fronte; procuraremos que o cuarto estea a uns 19º aproximadamente. É importante que non se altere nin chore xa que lle podería subir máis. Procurarase que beba auga ou outro líquido e non lle administraremos antitérmicos se non temo-la certeza de que non padece alerxia a medicamentos. Avisarémo-la familia.

**Lesións no ollo**

En xeral adoita ser algo de po ou de area ou unha pestana que se aloxou baixo a pálpebra ou sobre a córnea e que produce proído ou lagrimexo. Para retira-la area hai que pedirlle ó neno que mire cara abaixo, levantarlle a pálpebra e retira-lo corpo estraño cun bastonete de algodón húmido. Se está instalado na córnea e non hai risco de que dane ou rabuñe o ollo, pedirémoslle ó neno que pestanexe varias veces para poder retiralo. Se está cravado haberá que acudir a un hospital. En calquera caso, nunca se debe frega-lo ollo.

Se se trata dunha salpicadura dalgún produto químico, hai que lavalo con auga abundantemente, e acudir a un centro hospitalario.

## 15. XOGOS COMPLEMENTARIOS E PSICOMOTRICES

A psicomotricidade ten en conta o individuo na súa totalidade, considérao unha unidade psicosomática. Integra os aspectos cognitivos, emocionais, simbólicos e sensoriomotrices e desempeña un papel importantísimo no desenvolvemento da personalidade.

A psicomotricidade pretende desenvolver, a partir do corpo e do movemento, as posibilidades motrices, expresivas e creativas dos nenos e das nenas. Por medio dela, favorécese a comunicación, o coñecemento e a creatividade. Ademais, potencia o diálogo do neno ou da nena consigo mesmo e axúdao a conseguir determinadas aprendizaxes escolares..

A educación psicomotriz constitúe a base de numerosas aprendizaxes escolares, favorece o desenvolvemento da percepción temporal e espacial, o desenvolvemento da simbolización e a aprendizaxe da lectoescritura. Existen moitos conceptos abstractos que os nenos e as nenas deben aprender: as nocións espaciais, as nocións temporais, os cuantificadores, as formas, as figuras xeométricas…, a mellor maneira de aprendelos é, entre outras estratexias, a experiencia e a vivencia co propio corpo.

Por medio da psicomotricidade preténdese que o alumnado adquira o coñecemento do propio corpo, o dominio do equilibrio, o control e a eficacia das coordinacións globais e

segmentarias, o control da inhibición voluntaria e da respiración, a organización do esquema corporal, a orientación espacial e unha axeitada estruturación espazo-temporal.

O **esquema corporal** é a conciencia inmediata, o coñecemento e a representación do propio corpo. Organízase a través das sensacións interoceptivas, propioceptivas, quinestésicas, visuais e táctiles que o corpo recibe ó interactuar co medio. Está influenciado pola idea ou pola imaxe que os nenos e as nenas teñen deles mesmos e pola idea que teñen sobre o que os demais pensan ou senten sobre eles. É fundamental traballar, desde a Educación Infantil, o desenvolvemento dunha imaxe positiva e axustada deles mesmos que contribúa a mellora-la súa imaxe corporal polas repercusións que isto ten sobre a autoestima.

Para que os nenos e as nenas acaden unha axeitada estruturación do esquema corporal, cómpre que coñezan o seu corpo (características físicas, elementos e segmentos que o forman, posibilidades e limitacións motrices…), que controlen a respiración, que recoñezan os eixes imaxinarios do corpo para poder acadar unha maior independencia no control motriz e que poidan iniciar e inhibi-los seus movementos de forma voluntaria.

Para que o movemento dos diferentes elementos e segmentos corporais sexa harmónico, cómpre que exista coordinación entre eles. Os nenos e as nenas, progresivamente, irán adquirindo a **coordinación dinámica xeral** que lles permitirá manexa-los movementos grosos do seu corpo e controla-lo espazo polo que se desprazan.

Gradualmente, e favorecido polas diferentes actividades que o alumnado realiza na clase e polos xogos psicomotrices, irán mellorando a **coordinación visomotora.** Esta coordinación permitiralles acadar unha maior precisión nas actividades motrices de carácter fino.

Outro aspecto que traballa a educación psicomotriz é a **orientación espacial.** Os nenos e as nenas deberán aprender e asimilar diferentes nocións espaciais que primeiro deberán vivenciar co seu propio corpo para, posteriormente, podelas representar mentalmente.

Do mesmo xeito, aprenderán a orientarse espacialmente na súa casa, na súa clase, na súa rúa, no seu barrio…, de forma progresiva. Tamén aprenderán a orientárense no espazo gráfico. Este punto está estreitamente relacionado coa aprendizaxe da lectoescritura.

Paralelamente á adquisición das nocións espaciais vanse incorporando as referentes ó tempo. A aprendizaxe dos conceptos temporais abórdase desde a psicomotricidade por medio da interiorización dos ritmos e da secuenciación de elementos. Os nenos e as nenas, ó longo do período da Educación Infantil, deberán acadar unha axeitada **estruturación espazo-temporal.**

A **lateralidade** defínese como o predominio dun hemisferio cerebral sobre o outro. A lateralización de funcións non se manifesta ata os 3 anos; neste momento empeza a aparece-la preferencia por unha das mans, aínda que os nenos e as nenas continúan utilizando indistintamente as dúas. Non se consegue unha dominancia cerebral ata os 5 ou os 6 anos. Ás veces non existe unha dominancia igual para tódalas funcións; pódese ter unha maior precisión visual cun ollo, unha maior habilidade cunha determinada man e maior destreza cun pé concreto. A escola debe contribuír neste proceso de lateralización pola súa repercusión, entre outros factores, na aprendizaxe da lectoescritura.

O proxecto inclúe en tódalas unidades didácticas xogos complementarios e psicomotrices variados, innovadores e divertidos que traballan, de forma motivadora e lúdica, tódolos aspectos mencionados anteriormente. Estes xogos psicomotores poderán realizarse no patio do colexio, na aula de psicomotricidade ou na clase, isto dependerá de cada actividade. Os materiais que se empregan son moi variados: bancos suecos, zancos, aros, colchóns, picas, ladrillos, escorregadoiro, pneumáticos, papel de periódico, folios, pandeiro, xices, ceras, lapis de cores, cintas adhesivas, tarxetas con debuxos e nomes, sinais de tráfico, caixas de cartón, máscaras, caretas… Estes xogos complementan e afianzan a aprendizaxe das diferentes nocións, habilidades e destrezas traballadas nas diversas fichas de cada unidade, por medio da vivencia corporal destes.

## 16. INICIACIÓN Á LECTOESCRITURA NA EDUCACIÓN INFANTIL

No nivel da Educación Infantil débese procurar que os nenos e as nenas aprendan a facer uso da linguaxe e que se inicien na aprendizaxe da lectura e da escritura. No segundo ciclo preténdese que descubran e exploren os usos da lectura e da escritura, espertando e afianzando o seu interese por elas. A utilización funcional da lectura e da escritura na aula levaraos, coa intervención educativa pertinente, a iniciarse no coñecemento dalgunhas das propiedades do texto escrito e das súas características convencionais, valorándoas como instrumentos de comunicación, información e goce. Debemos espertar nos nenos e nas nenas o interese polos textos escritos presentes na aula e no medio próximo, iniciándoos no seu uso, na comprensión das súas finalidades e no coñecemento dalgunhas características do código escrito. Deste xeito, poderán participar nas situacións de lectura e de escritura que se producen na aula.

A partir dos tres anos o neno ou a nena dispón da capacidade de poder operar con múltiples representacións. Débese empezar a prepara-la conciencia da relación da linguaxe oral coa representación gráfica por medio de pictogramas nun contexto integrado de actividades comunicativas.

Ós catro anos, debe ser quen de recoñecer palabras moi significativas do seu medio. Polo tanto, debemos poñelo en contacto con elas para favorece-la lectura.

Pouco a pouco irá aparecendo no neno e na nena o interese por recoñece-las letras como

compoñente das palabras, momento que debe aproveitarse para que recoñezan a estrutura destas. Traballarase a identificación dos distintos elementos e a estrutura da fala (palabras, sílabas, fonemas) e potenciaranse, a través da linguaxe oral, os aspectos fonolóxicos.

Iniciarase a aprendizaxe das técnicas da lectura e da escritura. Esta aprendizaxe realizarase por medio da comunicación e comprenderá actividades de decodificación, codificación e comprensión.

A aprendizaxe da lingua escrita debe permitir que os nenos e as nenas descubran as posibilidades que ofrece a lectura e tamén a escritura como fonte de pracer, fantasía, comunicación e información.

Dos textos que se poden empregar para a lectura na aula, **os contos** deben ocupar un lugar esencial na formación literaria dos nenos e das nenas. Polo seu contido, pola súa estrutura e polo seu vocabulario, constitúen un instrumento valioso para o desenvolvemento das habilidades lingüísticas.

O proxecto , que completa a nosa proposta malia que está fóra dela, presenta a posibilidade de apoiar e reforza-los contidos de lectoescritura traballados no material básico mediante unha serie de materiais complementarios de iniciación á lectoescritura para diferentes niveis coa seguinte secuencia de contidos:

Para 3 anos: O riso das bolboretas

- Iniciación ás vogais.
  Para 4 anos: O nome das estrelas
- Vogais: a, e, i, o, u.
- Primeiras consoantes: s, p, t, m.
  Para 5 anos: A bolsa das letras
- Bolsa 1: Caderno 1: a, e, i, o, u, p, s, m.
  Caderno 2: t, c, n, l
- Bolsa 2: Caderno 3: d, r, j.
  Caderno 4: b, ñ, v, y.
- Bolsa 3: Caderno 5: f, ch, g, ll.
  Caderno 6: x, q, z, h, k.

Non obstante, para reforzar ou ampliar, segundo o caso, esta proposta, suxírese a utilización doutros materiais complementarios e de apoio para:

- Inicia-los nenos e as nenas na lectura de palabras e frases sinxelas e traballa-las **sílabas trabadas**.
- Abordar contidos máis amplos de lectura cos cadernos: **Ler 1, Ler 2 e Ler 3**.

Dentro dos materiais da aula que compoñen o proxecto inclúense unha serie de materiais, diferentes para cada nivel educativo, que actuarán como apoio e reforzo da aprendizaxe

da lectoescritura. Este material resulta compatible con calquera método que se adopte para posibilitar esta aprendizaxe, sexa cal sexa o seu enfoque, a súa secuenciación e a súa estratexia. Está baseado na observación de imaxes, na asociación da palabra escrita coas ditas imaxes e na combinación palabra/imaxe para, así, forma-las primeiras estruturas sintácticas que, pouco a pouco, evolucionarán cara a estruturas algo máis complexas.

## 17. INICIACIÓN ÁS MATEMÁTICAS

A nova Lei de educación considera que no nivel da Educación Infantil se debe procurar que os nenos e as nenas se inicien nas habilidades lóxico-matemáticas. Para coñecer e comprender como funciona a realidade, os pequenos e as pequenas indagan sobre o comportamento e as propiedades dos obxectos e materias presentes no seu medio: actúan e establecen relacións cos elementos do medio físico, exploran e identifican os devanditos elementos, recoñecen as sensacións que producen, anticípanse ós efectos das súas accións sobre eles, detectan semellanzas e diferenzas, comparan, ordenan, cuantifican pasando así da manipulación á representación, orixe das incipientes habilidades lóxico-matemáticas. Deste xeito e coa intervención educativa axeitada aproxímanse ó coñecemento do mundo que os rodea, estruturan o seu pensamento, interiorizan as secuencias temporais, controlan e encamiñan accións futuras, e van adquirindo maior autonomía respecto ás persoas adultas.

A partir dos tres anos, o neno e a nena están pasando da aprendizaxe sensorial á intuitiva, empezan a soluciona-los problemas que se lles presentan na súa vida cotiá. Progresivamente serán capaces de facer deducións simples e clasificacións se seguen algúns criterios moi sinxelos, a pesar de que aínda non poden establecer algunhas relacións entre os obxectos.

Ós catro anos non posúen aínda pensamento lóxico, a pesar de que se van achegando. Isto permítelles realizar clasificacións e seriacións seguindo criterios algo máis complexos ca ós tres anos.

Ós cinco anos, os nenos e as nenas realizan as primeiras abstraccións e son capaces de operar coas imaxes mentais dos obxectos. O pensamento é máis lóxico e por este motivo conseguen realizar seriacións e clasificacións nas que atenden a varias calidades dos obxectos. Poden resolver por si mesmos algúns dos problemas que se lles presentan.

O proxecto  suxire a utilización de materiais complementarios ó propio método, aínda que independentes del, que reforcen os contidos e principais conceptos

matemáticos traballados nos materiais básicos e que sigan a seguinte secuencia de aprendizaxe:

Para 3 anos:

- Cardinais 1, 2 e 3.
- Propiedades dos obxectos: igual-diferente e aberto-pechado. Cor.
- Nocións básicas de medida: grande-pequeno, longo-curto e alto-baixo.
- Cuantificadores básicos: máis que e cheo-baleiro.
- Formas planas: círculo e triángulo.
- Nocións espaciais básicas: dentro-fóra, enriba-abaixo, un lado-outro lado e diante-detrás.
- Iniciación á seriación.
- Series de cor, forma e tamaño.
- Iniciación á lectura de etiquetas.
- Iniciación ó razoamento lóxico.

Para 4 anos:

- Cardinais 1, 2, 3, 4, 5 e 6.
- Ordinais 1º, 2º, 3º, 4º, 5º e 6º.
- Propiedades dos obxectos: igual-diferente, aberto-pechado
- Nocións básicas de medida: tamaño grande-mediano-pequeno, longo-curto, alto-baixo, groso-delgado, ancho-estreito.
- Cuantificadores básicos: tantos como.
- Nocións espaciais básicas: un lado-outro lado, enriba-abaixo, diante-detrás, preto-lonxe, dentro-fóra, arredor.
- Formas planas: círculo, cadrado, triángulo, rectángulo, rombo.
- Descomposición de números.
- Discriminación de formas e figuras.
- Noción de cantidade.
- Realización de series sinxelas.
- Series crecentes e decrecentes de números.
- Series de cor, forma e tamaño.
- Asociación número e cantidade.
- Ordenación dos elementos da serie numérica.
- Iniciación á suma.
- Razoamento lóxico.

Para 5 anos:

- Cardinais do 0 ó 9.
- Ordinais do 1º ó 9º.
- Nocións básicas de medida: ancho-estreito, alto-baixo, groso-delgado.
- Propiedades dos obxectos: recto-curvo.
- Cuantificadores básicos: maior-menor, máis que-menos que.

- Formas planas: óvalo.
- Nocións espaciais básicas: enriba, esquerda-dereita, arredor, aberto-pechado.
- Series crecentes e decrecentes de números.
- Series de tamaño e cor.
- Relación número e cantidade.
- O anterior e o posterior dun número.
- O dobre dun número.
- Construción da serie numérica por adición da unidade.
- Realización de sumas.
- Descomposición de números.
- Iniciación á resta.
- Agrupación de obxectos polas súas propiedades.
- Discriminación de formas e figuras.
- Razoamento lóxico.

## 18. Introdución á lingua estranxeira na Educación Infantil

A diversidade lingüística e cultural na escola, debido a fenómenos sociais, culturais, económicos, etc., fixo que se promova o ensino dunha lingua estranxeira e que se vaia incluíndo desde a Educación Infantil, especialmente no último ano. Así mesmo, cómpre desenvolver nesta etapa actitudes positivas cara á propia lingua e cara ós demais, espertando a sensibilidade e a curiosidade por coñecer outras linguas. Na introdución dunha lingua estranxeira debe valorarse o achegamento progresivo ós significados de mensaxes en contextos de comunicación coñecidos, fundamentalmente nas rutinas habituais da aula, espertando o interese dos nenos e das nenas por participar en intercambios orais en lingua estranxeira.

Debido á súa gran capacidade de memoriación e aprendizaxe, moitas investigacións sobre a implantación dun idioma estranxeiro nas primeiras idades estableceron entre os 4 e os 7 anos a idade apropiada para empeza-la aprendizaxe dunha segunda lingua, pola súa gran capacidade de memorización e aprendizaxe. Dado que o neno de 4-5 anos se está iniciando na aprendizaxe da lectoescritura, o ensino doutra lingua debe ser exclusivamente oral, en condicións similares ás que se dan cando aprenden a súa propia lingua. Coñecer outras linguas converteuse nunha necesidade e nunha esixencia para poder integrarse de forma natural nunha sociedade cada vez máis complexa en culturas e linguas.

Polo tanto, o proxecto  suxire utilizar materiais complementarios que permitirán a incorporación do inglés como lingua estranxeira nas programacións de aula. Trátase de que os nenos e as nenas comecen a familiarizárense coa lingua inglesa. Os contidos que se suxiren para a Educación Infantil son:

- Cores: azul, vermello, amarelo, verde, laranxa, branco e morado.

- Membros da familia: papá, mamá, avó, avoa, irmán, irmá, tío e tía.
- Números: 1, 2, 3, 4, 5, 6, 7, 8 e 9.
- Festas e celebracións: Nadal.
- Saúdo: “bos días”, “boas noites”, “ola” e “adeus”.
- Frases curtas e sinxelas.
- Partes do corpo: man, cabeza, boca, ollo, barriga, pé…
- Nomes de animais: gato, can, vaca, paxaro, mono e peixe.
- Días da semana.

## 19. Novas tecnoloxías da información e da comunicación

A escola non pode permanecer á marxe das novas tecnoloxías da información e da comunicación. Os nenos e as nenas conviven desde o seu nacemento con todo tipo de equipos tecnolóxicos, e é un feito que viven con máis interese as actividades escolares e que manteñen mellor a atención se na aprendizaxe se empregan medios tecnolóxicos de información e de comunicación: televisión, cine, vídeo, DVD, fotografía e ordenador. Polo tanto, a linguaxe audiovisual e as tecnoloxías da información e da comunicación presentes na vida infantil, requiren un tratamento educativo que inicie os nenos e as nenas na comprensión das mensaxes audiovisuais e na utilización axeitada, identificando o papel que estas novas tecnoloxías teñen nas súas vidas. Na etapa da Educación Infantil deberán iniciarse no uso de diversos instrumentos tecnolóxicos (ordenador, reprodutores de imaxe e son...) e no coñecemento de diferentes producións audiovisuais, valorando progresivamente os seus contidos e tomando conciencia da necesidade de utilizalos moderadamente.

Os máis pequenos asumen con naturalidade a presenza do ordenador no medio escolar. A propia aprendizaxe é para eles un xogo; e o ordenador é un recurso didáctico para aprender e xogar.

Por outro lado, non podemos esquecer que actualmente o manexo do ordenador é unha necesidade. A sociedade actual utilízao en tódolos ámbitos; se queremos prepara-lo alumnado para que sexa membro activo e integrado da sociedade, deben coñecer e saber utilizar esta tecnoloxía. Polo tanto, é importante empezar esta preparación desde os primeiros niveis educativos.

Desta forma, o proxecto  propón traballar co ordenador uns materiais incluídos nun CD para cada curso que propoñen un conxunto de actividades, xogos, exercicios divertidos, atractivos, baseados no debuxo infantil, que incita os nenos e as nenas a resolver situacións de pequenos conflitos e fácil resolución e cuxa realización resulta gratificante e motivadora. En definitiva, consiste en xogar e aprender utilizando o ordenador.

Os contidos propios da Educación Infantil que a través destas novas habilidades e destrezas se van poder desenvolver serán:

3 anos:

- Movemento co rato, sinalar co rato, facer clic co rato, facer clic e arrastrar.
- As cores vermella, amarela e azul.
- Algúns conceptos espaciais.
- Sons e instrumentos musicais.
- Números 1, 2 e 3 e os conceptos correspondentes a estas cantidades.
- Cuantificadores e nocións básicas de medida.
- Parellas escondidas.
- Educación do trazo e direccionalidade.
- Introdución ás primeiras vogais.
- Descubrimento do medio: estacións, paisaxes, animais, tendas, medios de transporte…
- Figuras: círculo, cadrado e triángulo.

4 anos:

- Grafomotricidade a través do trazo e a direccionalidade.
- Cores: verde, laranxa, morado, rosa, branco, negro, gris e marrón.
- Algunhas nocións espaciais.
- Discriminación sensorial.
- Series de razoamento lóxico.
- Serie numérica: do 1 ó 6 e os seus correspondentes conceptos de cantidade.
- Algúns cuantificadores e nocións básicas de medida.
- Iniciación á lectoescritura a través dun xogo de vogais que consiste no recoñecemento das distintas vogais dentro de debuxos e palabras que as conteñen.
- Figuras: círculo, cadrado, triángulo, rectángulo e rombo.

5 anos:

- Grafomotricidade a través da realización dos distintos trazos e xogos de labirintos.
- Cores: tons dalgunha delas, azul claro, azul escuro, amarelo claro e escuro e reforzaranse o resto de cores primarias e as súas combinacións.
- Algúns conceptos espaciais.
- Educación musical.
- Representación numérica; practicarán a través das actividades de aprendizaxe dos números do 1 ó 9 e do 0 e a súa asociación coas cantidades correspondentes.
- Algúns cuantificadores e nocións básicas de medida.
- Algunhas propiedades dos obxectos.
- Composición de quebracabezas.
- Razoamento lóxico.

# 20. A EDUCACIÓN MUSICAL

Tradicionalmente entendeuse a educación musical na escola desde unha perspectiva restritiva, foi entendida como un medio para forma-los alumnos e as alumnas nos distintos coñecementos musicais e para ir espertando as súas posibles aptitudes relacionadas coa materia.

Con todo, novas correntes pedagóxicas relacionadas coa educación musical poñen de relevo enfoques innovadores que salientan a importancia desta non só para desenvolver posibles aptitudes musicais senón para a formación integral da persoa.

Desde esta nova perspectiva, non se trata de coñecer e manexar aspectos simplemente musicais, senón de utiliza-la música como ferramenta educativa capaz de promover obxectivos educativos de carácter extramusical. A escola xoga así un papel fundamental para conseguilo.

Sabemos actualmente que a música ten unha especial importancia no desenvolvemento integral da persoa e que a educación musical debe se-la encargada de orienta-la sensibilidade do neno e da nena, así como de desenvolve-las súas capacidades tanto psíquicas coma sociais. É un medio a través do cal lle chegan formas de expresión que son propias da súa cultura.

A música promove o desenvolvemento sensorial, motor, afectivo, mental, intuitivo e creativo do neno e da nena. Ademais, contribúe ó perfeccionamento da linguaxe; colabora para que consiga o correcto ordenamento psicomotriz, desenvolve a súa imaxinación, mellora as relacións interpersoais entre os compañeiros e as compañeiras e axúdaos a coñecer mellor o ambiente que os rodea.

Na Educación Infantil, a música é algo máis que cantar cancións. Supón unha educación rítmica, auditiva, do pensamento musical, que desenvolva sobre todo a creatividade e a expresión de sentimentos e emocións. A utilización do movemento serviría como medio de expresión e sensibilización motriz, visual e auditiva. A educación musical sería unha forma de coñece-lo propio corpo, de desenvolve-lo sentido rítmico e de fomenta-las relacións sociais e a creatividade. Hai que desenvolve-la capacidade natural, que desde estas idades se ten, para expresar e senti-la música utilizando, sobre todo, unha metodoloxía lúdica.

A música constitúe un aspecto que se traballa dentro do ámbito Comunicación e Representación, está integrada, xa que logo, dentro do ensino regrado. A música en si constitúe un elemento globalizador importantísimo para a aprendizaxe; existe unha relación clara entre os contidos de aprendizaxe da educación musical e as estratexias utilizadas nas restantes áreas ou nos restantes ámbitos de coñecemento da Educación Infantil.

O proxecto non é alleo a esta nova concepción da ensinanza musical e, por iso, outórgalle a importancia que merece, resérvalle un espazo específico en cada unidade, no cal se desenvolven distintas actividades musicais en estreita relación cos aspectos psicomotores. Inclúe un CD con cancións con diversidade de ritmos e melodías e sons do medio próximo para cada nivel educativo. As cancións, ademais de constituíren un elemento motivador e dinamizador da aprendizaxe, xiran arredor dalgúns dos contidos fundamentais das unidades didácticas coas que se vinculan, de maneira que, a través da vía artístico-musical, axudan os nenos e as nenas a descubrir e descifrar algunhas das realidades e das experiencias fundamentais que son obxecto de coñecemento no ámbito da Educación Infantil. O CD de cada nivel proporciona as bases melódicas das diferentes cancións para que poidan ser cantadas tamén sen o apoio vocal.

## 21. AVALIACIÓN: INDICADORES, PROCEDEMENTOS E REXISTROS

A avaliación é un elemento curricular imprescindible que contribúe á mellora da calidade educativa. É unha actividade valorativa e investigadora, facilitadora do cambio educativo.

A avaliación na Educación Infantil permitiranos obter información sobre como se está desenvolvendo o proceso educativo dos alumnos e das alumnas, para poder intervir adecuadamente. Deberá facerse en termos que describan os progresos que realizan e as dificultades que atopan. Desta forma, poderase dar unha resposta adaptada ás necesidades particulares de cada alumno e de cada alumna.

En ningún momento hai que considera-la avaliación como un instrumento de medida, senón como un elemento inseparable do proceso educativo que contribúe constantemente á mellora da actividade educativa.

Na Educación Infantil, a avaliación atenderá a tódolos ámbitos da persoa e terá en conta a singularidade de cada alumno e de cada alumna. Analizará o seu proceso de aprendizaxe, as súas características e as súas necesidades específicas. Subministraranos datos que nos axudarán a entende-los procesos seguidos polos nenos e polas nenas.

A avaliación ten que ter un carácter procesual e continuo, polo que estará presente, de forma sistemática, no desenvolvemento de tódalas actividades e non só en momentos concretos e illados.

O proxecto propón unha avaliación: **global,** porque se referirá ó conxunto de capacidades expresadas nos obxectivos xerais do nivel da Educación Infantil, obxectivos que se adecuarán a cada contexto concreto e a cada alumno e a cada alumna; **continua,** porque se considerará un elemento inseparable do proceso de aprendizaxe dos nenos e das nenas; **formativa,** porque proporcionará unha información constante que permitirá

adapta-la intervención educativa; e **aberta,** xa que se poderá adaptar ós diferentes contextos.

A avaliación terá en conta, polo tanto, os obxectivos xerais da Educación Infantil, os contidos curriculares dos distintos ámbitos de aprendizaxe e tódolos criterios de avaliación establecidos. Estes aspectos quedarán reflectidos nos diferentes rexistros de avaliación do proxecto: rexistros de avaliación inicial, rexistros de avaliación final dos diferentes niveis de 3, 4 e 5 anos, rexistros trimestrais e rexistros de avaliación de cada unidade didáctica.

A información que se lles proporciona ás familias terá un carácter cualitativo, resaltaranse os progresos e os logros dos alumnos e das alumnas nas distintas áreas e, polo tanto, non estará centrada nas carencias e nas dificultades.

Os mestres e as mestras que impartan a Educación Infantil deberán avalia-la súa propia práctica educativa co fin de adecuala ás necesidades do alumnado. É imprescindible que o docente reflexione sobre a adecuación da programación, dos obxectivos e dos contidos presentados, das relacións de comunicación e do clima en que se desenvolven as actividades, do grao de atención educativa personalizada, e de tódolos aspectos que deben recibi-la debida atención. O proxecto  ó final de cada unidade didáctica inclúe un rexistro de avaliación para que o docente poida valora-la súa propia práctica educativa.

¿Que é necesario avaliar?

Nesta etapa consideramos uns indicadores sobre os que se debe avaliar para poder determinar uns resultados do proceso de avaliación que nos definan se a actuación educativa foi a axeitada ou non para dar resposta ás necesidades de cada alumno ou alumna.

Segundo o modelo de avaliación para a Educación Infantil realizado polo Ministerio de Educación e Ciencia en 2005, en educación manéxanse “indicadores de calidade” cuantitativos e/ou cualitativos, como referente do proceso de avaliación. Dentro destes indicadores están os propios obxectivos curriculares que valoran, tanto o funcionamento da etapa, como a calidade do deseño curricular que o sustenta.

O obxectivo primordial da avaliación non é enxuiza-la práctica docente para detecta-lo seu nivel de calidade, senón indagar en que consiste para utilizar esta información na interpretación dos resultados dos alumnos e das alumnas.

Hai que avaliar:

- O inicio da escolaridade.
- O proxecto Educativo.
- O rendemento dos alumnos e das alumnas.

- O ciclo.
- A propia práctica educativa.

¿Como hai que avaliar?

A técnica de avaliación máis apropiada é a observación directa e sistemática. Mediante ela poderemos constata-los coñecementos que vai construíndo o neno e a nena a partir dos que xa posuían, se é adecuada a actuación didáctica, a organización do espazo, a distribución do tempo, os agrupamentos e as formas de relación entre os nenos e as nenas e destes cos adultos, as estratexias e os materiais utilizados.

Desta forma, daremos en cada momento a axuda necesaria e poderemos modifica-la nosa propia actuación didáctica.

+Ademais, pódese recorrer a outros moitos **procedementos de avaliación**:

- Diario do docente.
- Informe diario.
- Escalas de observación.
- Entrevistas coas familias.
- Observacións externas.
- Técnicas audiovisuais.
- Observacións de grupo, xogos.
- Rexistros de incidencias…

¿Cando hai que avaliar?

O feito de que en Educación Infantil a avaliación teña que ser continua, non exclúe a existencia dunha avaliación inicial e dunha avaliación final.

A primeira é necesaria ó comezo de calquera secuencia de aprendizaxe xa que permitirá avalia-los coñecementos previos dos alumnos e das alumnas para construír, sobre eles, aprendizaxes significativas.

Ó comezo da escolarización, o centro iniciará o historial educativo de cada neno e nena que constará dos seguintes documentos:

**O cuestionario de inicio da escolaridade** debidamente cuberto que presentamos a continuación:

# ANEXO XII

# CONCRECIÓN CURRICULAR

# PRIMEIRO CICLO
# EDUCACIÓN PRIMARIA

# CEIP Nosa Sra. de Xuvencos-Boborás

# ÍNDICE

1.Area de coñecemento do medio natural, social e cultural.

2. Área de lingua e literatura galega.

3. Área de lingua e literatura castelá.

4. Área de lingua estranxeira: Inglés.

5. Área de matemáticas.

6. Área de expresión artística.

7. Área de educación física.

8. Área de educación relixiosa.

# ÁREA DE COÑECEMENTO DO MEDIO

## 1. CARACTERÍSTICAS DA ÁREA

Entendemos como “medio” o conxunto de elementos, feitos e factores de diversa índole (natural e social) que teñen lugar no contorno das persoas. Nesta área constrúese un coñecemento da realidade que, partindo das propias percepcións e vivencias dos alumnos e das alumnas, vaise facendo máis racional e obxectivo.

Así mesmo, nesta área proporciónanse os recursos necesarios para iniciar unha aproximación científica á análise do medio, desenvolvendo nos alumnos e as alumnas as capacidades de indagación e busca de explicacións e de solucións aos problemas que presenta a propia experiencia cotiá.

Incorpóranse tamén contidos relacionados coa autonomía persoal, coa saúde, coa participación responsable e crítica en actividades en grupo, etc., así como unha serie de aspectos relativos á sociedade actual que á súa vez han de terse en conta, tamén, desde o resto das áreas do currículo, pero que aparecen con todo o seu significado na área de Coñecemento do Medio e que son, por exemplo:

- O respecto ante a diversidade física e intelectual das persoas.
- A valoración do patrimonio cultural dos pobos.
- A adquisición de actitudes non consumistas.
- A protección do medio ambiente.
- A educación para o ocio e a cultura, etc.

Na área de Coñecemento do Medio conflúen varias disciplinas (Ciencias da natureza, Ciencias Sociais, Antropoloxía, Socioloxía, etc.), con contidos e métodos propios, pero todas elas comprometidas en abarcar aspectos e dimensións do contorno humano. Así, en Primaria esta área ten un carácter integrador e globalizador, xa que en Secundaria os alumnos e as alumnas terán a posibilidade de facer un estudo máis analítico desta materia.

## 2. A ÁREA DE COÑECEMENTO DO MEDIO NO PRIMEIRO CICLO

Centrándonos no primeiro ciclo de Educación Primaria, neste estadio do desenvolvemento dos nenos e das nenas preténdese conseguir unha comprensión do medio a través da formulación gradual e consistente dunha serie de experiencias de aprendizaxe baseadas nas súas propias.

Os contidos da área para todo o ciclo enfócanse basicamente a partir do contorno familiar, escolar e veciñal do alumnado e estrutúranse ao redor dos seguintes bloques de contido:

### 2.1. O ser humano e a saúde

Neste ciclo iníciase para o alumno o coñecemento de si mesmo por medio do desenvolvemento das capacidades de autonomía e autoestima, sempre en relación co seu grupo de iguais e tomando como referencia os grupos sociais aos que pertence.

O desenvolvemento da capacidade de autonomía nos alumnos e nas alumnas destas idades se favorece coa práctica de hábitos hixiénicos e de saúde e respectando normas elementais de seguridade no fogar, no colexio e na rúa.

A autoestima favorécese a través da observación dos cambios experimentados no seu propio corpo; por exemplo, en canto a talla, peso ou dentición. Así, o alumno e a alumna destas idades van tomando conciencia do seu propio corpo, vanse creando unha imaxe de si mesmos axustada á realidade, aceptando as diferenzas cos demais.

### 2.2. Os seres vivos

Nestas idades iniciamos o estudo das diferenzas entre o vivo e o non vivo; por un lado, emprendendo tarefas de observación, exploración e manipulación dos elementos materiais do medio, e, por outro, describindo os trazos máis destacados dos animais e plantas do contorno, diferenciando entre uns e outras para identificar as características básicas e distintivas dos seres vivos.

As clasificacións básicas e a comprensión dos resultados obtidos das observacións realizadas desenvolven nos nenos e nas nenas a capacidade de establecer relacións entre a idea de ser vivo e as funcións vitais.

### 2.3. O medio natural e o contorno social

Neste ciclo entendemos o medio físico, como o contorno inmediato ao alumnado, o seu barrio, veciñanza, escola e localidade.

Para favorecer a adquisición de coñecementos neste ámbito, foméntanse unha serie de destrezas, como son a observación e a recollida de datos de modo guiado sobre os fenómenos e elementos do medio, a comparación de datos para sinalar semellanzas e diferenzas e a realización de clasificacións sinxelas.

Por outra parte, o tempo atmosférico é unha variable do contorno físico que sempre está presente e que os alumnos e as alumnas deste ciclo son capaces de observar. Poden, incluso, usar instrumentos sinxelos para medir a temperatura.

En canto á aproximación neste ciclo ao coñecemento do medio social, concrétase nos grupos primarios aos que pertencen, dentro do ámbito familiar e escolar. Así mesmo, as capacidades que permiten unha progresiva integración nos grupos sociais terán unha atención prioritaria, ao igual que as actitudes de respecto e solidariedade cos membros de cada grupo.

Neste terreo, tamén se inicia o alumnado no estudo dos costumes, festas e tradicións máis representativas do seu contorno, así como no contacto co desenvolvemento tecnolóxico.

Para todo iso, inténtanse desenvolver as súas capacidades de observación e indagación, que lle permitan achegarse ao coñecemento do contorno natural e social.

### 2.4. Noción espazo-tempo

En canto á noción de espazo, neste ciclo preténdese conseguir dos alumnos e das alumnas o dominio de elementos topolóxicos básicos: arriba-abaixo, dentro-fóra, etcétera.

A través de estratexias de comprensión adaptadas a estas idades, favorécese o coñecemento do espazo próximo, para a súa orientación no espazo e a situación dos obxectos nel.

Para desenvolver a noción temporal nos alumnos e nas alumnas destas idades, partimos dos ritmos e experiencias persoais que se teñan, e da observación dos cambios que se producen polo paso do tempo no seu contorno individual.

A historia persoal favorece a introdución dos conceptos básicos do tempo histórico, como son a duración, a sucesión e a simultaneidade, á vez que permite o uso de medidas temporais como o día, o mes e o ano.

## 3. OBXECTIVOS

Preténdese que o alumnado alcance os significados obxectivos da área:

**Objetivos para a etapa**

1. Comprender que o patrimonio natural, cultural, histórico e artístico galego é diferente ao das outras nacionalidades e autonomías que compoñen o Estado español, participando activamente na súa defensa e conservación.

**Obxectivos para o primeiro ciclo**

1.1. Identificar as peculiaridades do noso patrimonio natural, cultural, histórico e artístico, e concienciarse da necesidade da súa conservación.

**Obxectivos para a etapa**

2. Actuar de acordo cos hábitos de saúde e coidado corporal que se derivan do coñecemento do corpo humano e das súas posibilidades e limitacións, conducíndose progresivamente como seres autónomos e amosando unha actitude de aceptación e respecto polas diferenzas individuais (idade, sexo, características físicas, personalidade, etc.).

**Obxectivos para o primeiro ciclo**

2.1. Coñecer globalmente o seu corpo, afianzar a lateralidade, a percepción multisensorial e desenvolver a súa autonomía.
2.2. Manifestar a adquisición de uns hábitos de saúde e coidado corporal derivados do coñecemento dos aspectos básicos da súa corpo (hixiene, aseo, descanso, etc.).
2.3. Mostrar, ante as diferenzas de idade e sexo, unha actitude de aceptación e respecto e, polo tanto, rexeitar todo tipo de discriminación por razóns de índole persoal nos seus xogos e tarefas escolares.

**Obxectivos para a etapa**

3. Participar en actividades de grupo, adoptando un comportamento construtivo, responsable e solidario, valorando as achegas propias e alleas en función de obxectivos comúns, fomentando o cultivo da espontaneidade e a imaxinación e respectando os principios básicos do funcionamento democrático.

**Obxectivos para o primeiro ciclo**

3.1. Participar en actividades grupais respectando as normas establecidas (quendas de palabra, atención nas intervencións, achega de ideas e consideración das decisións e acordos tomados).

**Obxectivos para a etapa**

4. Recoñecer e apreciar a súa pertenza a uns grupos sociais con características e trazos propios, promover un sentimento de pertenza a unha comunidade autónoma, respectando e valorando as diferenzas con outros grupos sociais e rexeitando calquera clase de discriminación baseada nestes feitos.

**Obxectivos para o primeiro ciclo**

4.1. Ser consciente da súa pertenza a certos grupos sociais (familia, colexio e outros grupos de iguais) con características e trazos propios.
4.2. Identificar as características doutros grupos sociais e mostrar respecto por eles.

**Obxectivos para a etapa**

5. Promover un sentimento positivo de pertenza a unha comunidade nacional (Galicia), a un Estado histórico (España) e a unha cultura universal, desde posicións solidarias e respectuosas con outras comunidades, estados e culturas.

**Obxectivos para o primeiro ciclo**

5.1. Ser consciente da identidade galega desde unha posición respectuosa fronte a outras culturas do Estado español.

**Obxectivos para a etapa**

6. Analizar algunhas manifestacións da intervención humana no medio, avaliar criticamente a necesidade e o alcance das mesmas e adoptar un comportamento na vida cotiá acorde coa postura de defensa e recuperación do equilibrio ecolóxico e de conservación do patrimonio cultural, entendendo o medio como un sistema no que interaccionan diferentes elementos (naturais, sociais, culturais...).

**Obxectivos para o primeiro ciclo**

6.1. Recoñecer e describir algunhas das actuacións humanas máis visibles no seu contorno (edificios, coches, parques, etc.) e expresar a súa opinión sobre os aspectos positivos e os negativos destas intervencións.
6.2. Valorar e respectar os diferentes traballos realizados no contorno próximo, como medio para conseguir mellor calidade de vida.
6.3. Participar na conservación e mellora do contorno: manter limpo o seu ámbito espacial, coidar os obxectos materiais (persoais e comúns) e respectar os animais e as plantas.

**Obxectivos para a etapa**

7. Recoñecer nos elementos do medio socionatural os cambios e transformacións realizados co paso do tempo, indagar sobre algunhas relacións de simultaneidade e sucesión dos ditos cambios e aplicar estes conceptos ao coñecemento da realidade social actual e á doutros momentos históricos, fomentando a comprensión do presente mediante o descubrimento da importancia do pasado.

**Obxectivos para o primeiro ciclo**

7.1. Ordenar cronoloxicamente algúns feitos relevantes da súa vida persoal e utilizar para iso as unidades de tempo básicas: hora, día, mes e ano, así como coñecer a evolución que, co paso do tempo, se produce nalgúns aspectos da súa vida (cambios corporais, roupa, colexio, xogos, vacacións, etc.).
7.2. Utilizar as nocións temporais que expresan duración, sucesión e simultaneidade e observar as manifestacións máis palpables destes cambios.

**Obxectivos para a etapa**

8. Aplicar os coñecementos adquiridos a partir do contacto coa realidade social galega, para comprender a súa situación actual, tendo en conta os factores externos que a condicionan influíndo, ás veces decisivamente, no funcionamento da nosa sociedade.

**Obxectivos para a etapa**

9. Identificar os principais elementos do contorno natural, analizando as súas características máis relevantes, a súa diversidade como comunidade autónoma, a súa organización e interaccións e progresar no dominio de ámbitos espaciais de menor a maior complexidade.

**Obxectivos para o primeiro ciclo**

9.1. Identificar os elementos principais do contorno natural, partindo do próximo ao afastado.
9.2. Identificar os elementos do contorno natural da comunidade (paisaxe, fenómenos atmosféricos, e animais e plantas comúns).
9.3. Iniciarse na observación guiada dos elementos principais do contorno natural.

**Obxectivos para a etapa**

10. Utilizar diferentes códigos (cartográficos, numéricos, técnicos, icónicos...) para interpretar, expresar e representar feitos, conceptos e procesos do medio socionatural.

**Obxectivos para o primeiro ciclo**

10.1. Coñecer e interpretar feitos da vida cotiá a través de códigos sinxelos.
10.2. Utilizar correctamente as nocións topolóxicas básicas de posición e proximidade (arriba-abaixo, dentro-fóra, dereita-esquerda, interior-exterior, etc.) e expresalas con debuxos, situacións e xogos sobre espazos limitados ou coñecidos.

**Obxectivos para a etapa**

11. Identificar, formular e resolver interrogantes e problemas en relación cos elementos significativos do seu contorno social e natural, utilizando estratexias progresivamente máis sistemáticas e complexas de busca, almacenamento e tratamento da información, de formulación de conxecturas, de posta a proba destas, de exploración de solucións alternativas, e de reflexión sobre feitos da vida diaria, mantendo unha actitude crítica ante os medios de información.

**Obxectivos para o primeiro ciclo**

11.1. Xerar o interese e a autonomía requiridos para buscar, recoller e analizar a información necesaria para formular e resolver problemas sinxelos do contorno próximo.
11.2. Manifestar a súa capacidade de observación e o uso que fai de todos os sentidos para identificar formas e tamaños nos obxectos e para diferenciar os seres vivos dos inertes, recoñecendo as súas funcións básicas e superando os preconceptos polos que identifica ao ser vivo co que se move.
11.3. Describir os traballos das persoas do seu contorno, relacionando o nome dalgunhas profesións co tipo de traballo que realizan.
11.4. Participar na realización de tarefas e valorar a súa execución coidadosa.

**Obxectivos para a etapa**

12. Identificar algúns obxectos e recursos tecnolóxicos no medio e avaliar criticamente a súa contribución á satisfacción de determinadas necesidades humanas, adoptando posicións favorables a que o desenvolvemento tecnolóxico se oriente cara a usos pacíficos e a unha maior calidade de vida, mellorando a situación ambiental do planeta Terra, sen menoscabo da dignidade humana.

**Obxectivos para o primeiro ciclo**

12.1. Identificar algúns obxectos e recursos tecnolóxicos significativos no medio.
12.2. Recoñecer a finalidade do uso de aparatos e máquinas próximos á súa experiencia (electrodomésticos, utensilios do fogar e escolares, coches, etc.) e valorar os aspectos positivos destes recursos tecnolóxicos.

## 4. CONTIDOS

Os contidos que propomos para este ciclo, na área de Coñecemento do Medio, son os seguintes:

PRIMEIRO CURSO

### 1. O ser humano e a saúde

- Partes do corpo.
- Posicións corporais.
- A cara: partes e expresións.
- As articulacións.
- Os sentidos: órganos e funcións.
- Os sabores: doce, salgado e ácido.
- Os alimentos.
- Os cubertos.
- Normas de hixiene.
- Aseo persoal: utensilios.
- Prendas de vestir: funcións e usos en cada estación.
- A orde.
- A dieta equilibrada.
- Exploración do corpo e identificación das súas características, dos seus cambios e das súas habilidades.
- Exploración de obxectos e situacións a través dos sentidos.
- Identificación e aplicación de hábitos saudables e das normas básicas de convivencia.
- Respecto pola diversidade física e intelectual das persoas.
- Curiosidade por coñecer as características do corpo e os cambios que experimenta.
- Respecto polas diferenzas derivadas dos distintos aspectos de crecemento e desenvolvemento corporal.
- Aceptación das posibilidades e limitacións do propio corpo desde o punto de vista motórico.
- Aceptación dos distintos niveis de destreza, tanto en si mesmo como nos demais.
- Interese na adquisición de hábitos saudables e de hixiene do propio corpo como fonte de benestar.

### 2. O contorno social

- O colexio: a clase, os compañeiros, os profesores, o material escolar.
- O Nadal.
- Tradicións e costumes.
- A familia: pais, fillos, avós, irmáns e netos.
- Os amigos.
- Os xogos.
- A casa: partes e materiais de construción.
- Profesións relacionadas coa casa.
- A rúa: tendas.
- Educación viaria.
- Convivencia na rúa.
- Profesións.
- Útiles de traballo.
- Medios de transporte: terra, mar e aire.
- Medios de comunicación: carta, teléfonos, periódicos, revistas, radio e televisión.
- Vacacións: ocio e descanso.

- Recollida e elaboración de informacións sobre aspectos da vida cotiá.
- Interpretación de códigos non verbais e de signos convencionais sinxelos.
- Elaboración de debuxos sobre situacións coñecidas do medio social e natural.
- Identificación e clasificación de actividades humanas no ámbito laboral.
- Manipulación de ferramentas e máquinas sinxelas do propio contorno e de uso común.
- Adquisición de hábitos de boa educación en actividades en grupo e lúdicas.
- Respecto polas normas de convivencia e polas regras establecidas na familia, na clase, etc.
- Valoración do traballo alleo e do esforzo propio como un ben en si mesmo .
- Respecto e valoración dos servizos públicos como un ben común.

**3. O contorno natural**

- A contaminación e o coidado da natureza.
- Os seres vivos: características.
- Os mamíferos.
- Mamíferos domésticos e mamíferos salvaxes.
- Coidado dos animais.
- As plantas: características.
- Árbores, flores e froitos.
- Estacións e meses do ano.
- Usos da auga e aproveitamento adecuado.
- O aire: utilidade.
- O Sol.
- As aves: características.
- Aves domésticas e aves silvestres.
- Peixes: características.
- Peixes de río e peixes de mar.
- Animais que viven na auga e non son peixes.
- As plantas: características.
- Árbores froiteira e os seus froitos.
- Hortalizas.
- Observación de animais e plantas.
- Observación dos trazos físicos principais do contorno.
- Observación de fenómenos atmosféricos do contorno.
- Identificación e clasificación dos seres vivos e das súas características principais.
- Elaboración de debuxos sobre situacións coñecidas do medio social e natural.
- Interese por descubrir as características de animais e plantas.
- Adquisición de hábitos de respecto, coidado e protección cara ao medio e cara aos animais e plantas que viven nel.
- Sensibilidade pola observación dos fenómenos do medio físico.
- Valoración de diferentes paisaxes no contorno próximo e na nosa Comunidade.

SEGUNDO CURSO

**1. O ser humano e a saúde**

- Partes do corpo: cabeza, tronco e extremidades.

- A cara: partes.
- As articulacións.
- Ósos e músculos.
- Os alimentos: diferentes tipos.
- Prendas de vestir: funcións e usos en cada estación.
- A saúde.
- El deporte e o compañeirismo.
- Saúde e enfermidade.
- Alimentos crus e alimentos cociñados.
- Formas de preparación dos alimentos.
- Orixe dos alimentos: vexetal, mineral e animal.
- Conservación dos alimentos
- Exploración do corpo e identificación das súas características, dos seus cambios e das súas habilidades.
- Exploración de obxectos e situacións a través dos sentidos.
- Identificación e aplicación de hábitos saudables e das normas básicas de convivencia.
- Respecto pola diversidade física e intelectual das persoas.
- Curiosidade por coñecer as características do corpo e os cambios que experimenta.
- Respecto polas diferenzas derivadas dos distintos aspectos de crecemento e desenvolvemento corporal.
- Aceptación das posibilidades e limitacións do propio corpo desde o punto de vista motórico.
- Aceptación dos distintos niveis de destreza, tanto en si mesmo como nos demais.
- Interese na adquisición de hábitos saudables e de hixiene do propio corpo como fonte de benestar.

**2. O contorno social**

- Familia.
- A casa.
- Profesións.
- Tipos de tecido: orixe.
- O Nadal.
- A localidade.
- Alcalde e concelleiros
- Festas locais.
- Paso do tempo: vivenda, vestido, transporte.
- Medios de comunicación.
- Agricultura, ganadería e pesca: útiles e ferramentas.
- Profesións relacionadas con estes sectores.
- Educación viaria.
- Aparellos e máquinas.
- A publicidade.
- Medios de transporte.
- Descubrimentos e inventos.
- Recollida e elaboración de informacións sobre aspectos da vida cotiá.
- Interpretación de códigos non verbais e de signos convencionais sinxelos.

- Recollida de información e documentación sobre aspectos da vida cotiá que experimenten cambios co paso do tempo.
- Elaboración de debuxos sobre situacións coñecidas do medio social e natural.
- Identificación e clasificación de actividades humanas no ámbito laboral.
- Manipulación de ferramentas e máquinas sinxelas do propio contorno e de uso común.
- Adquisición de hábitos de boa educación en actividades en grupo e lúdicas.
- Respecto polas normas de convivencia e polas regras establecidas na familia, na clase, etc.
- Valoración do traballo alleo e do esforzo propio como un ben en si mesmo .
- Respecto e valoración dos servizos públicos como un ben común.
- Respecto polo patrimonio cultural de Galicia e do resto do territorio español.

### 3. O contorno natural

- Mamíferos: características.
- Mamíferos domésticos e mamíferos salvaxes.
- Aves: características.
- Aves domésticas e aves silvestres.
- Peixes: características.
- Peixes de río e peixes de mar.
- Animais: herbívoros, carnívoros e omnívoros.
- Réptiles: características.
- Anfibios: características.
- Plantas: características.
- Árbores e os seus froitos.
- As flores.
- As sementes.
- A auga: lugares onde aparece.
- Fenómenos atmosféricos.
- Usos da auga.
- Ciclo da auga.
- Estados da auga.
- Os insectos. Características.
- Utilidade dos insectos.
- Seres vivos e seres inertes.
- Plantas medicinais e aromáticas.
- Paisaxe de montaña e paisaxe de costa.
- Montaña: partes.
- Defensa da natureza.
- Cadea alimentaria.
- Accións correctas e accións incorrectas para o coidado da natureza.
- A Terra.
- As estacións.
- Fenómenos atmosféricos.
- Exploración guiada da paisaxe e dos elementos que a configuran.
- Observación de fenómenos atmosféricos do contorno.
- Identificación e clasificación dos seres vivos e das súas características principais.
- Elaboración de debuxos sobre situacións coñecidas do medio social e natural.
- Respecto e goce do contorno natural de Galicia.

- Interese por descubrir as características de animais e plantas.
- Adquisición de hábitos de respecto, coidado e protección cara ao medio e cara aos animais e plantas que viven nel.
- Sensibilidade pola observación dos fenómenos do medio físico.
- Valoración de diferentes paisaxes no contorno próximo e en Galicia.

## 5. CRITERIOS DE AVALIACIÓN

Determinarase se o alumnado:

- Coñece globalmente o seu corpo, sitúase no espazo, actúa con autonomía en actividades básicas e demostra o coñecemento dos sentidos e das súas funcións.
- Manifesta a adquisición de hábitos de saúde e coidado corporal (vístese, íspese, pide ir ao aseo, utiliza artigos hixiénicos, lava as mans antes e despois de comer, etc.).
- Mostra unha actitude de aceptación e respecto ante as diferenzas individuais de idade e sexo e, polo tanto, no rexeita nin discrimina a ninguén nos seus xogos e tarefas escolares.
- Mostra aceptación e respecto polas persoas de diferente sexo e idade nas súas conversacións orais.
- Participa nas actividades grupais do colexio (xogos, conversacións, dramatizacións, postas en común, etc.).
- Respecta os demais e as normas establecidas (escoita as intervencións, espera a quenda de intervención, achega ideas, fai preguntas en relación co tema, etc.).
- Recoñece as relacións simples de parentesco, coñece os seus apelidos e expresa o seu recoñecemento e aprecio pola pertenza a unha familia con características e trazos propios.
- Manifesta, en diferentes situacións, a súa satisfacción pola súa pertenza a un grupo de clase, ao colexio, a un equipo deportivo, etc.
- Identifica as diferenzas e semellanzas cos grupos de pertenza dos seus iguais (veciños, curmáns, compañeiros, etc.).
- Interésase polas características doutros grupos sociais, respectando as súas peculiaridades e os seus trazos (de persoas coas que convive, de compañeiros, de veciños, etc.).
- Emprega o coñecemento adquirido sobre aspectos relativos á paisaxe, á actividade humana e á poboación para establecer semellanzas e diferenzas entre as distintas comunidades españolas e valora a diversidade e riqueza de Galicia e do conxunto peninsular.
- Identifica e describe algunhas das actuacións humanas máis visibles no seu contorno (edificios, coches, parques, etc.).
- Recoñece os efectos –positivos e negativos– das actuacións humanas no contorno físico e expresa a súa opinión sobre iso.
- Participa na conservación e mellora do contorno (recolle papeis e lixo, coida os obxectos persoais e os comúns, respecta os animais e as plantas, etc.).
- Ordena cronoloxicamente algúns feitos relevantes da súa vida persoal e utiliza para iso as unidades básicas de tempo: hora, día, mes e ano.
- Expresa verbalmente o seu coñecemento sobre a evolución dalgún aspecto significativo da súa vida (cambios corporais, roupa, xogos, colexio, vacacións, etc.) e achega datos que demostran a compresión desta evolución.
- Recoñece os elementos principais da paisaxe da súa comunidade autónoma (relevo, augas, etc.).
- Identifica e describe oralmente os fenómenos meteorolóxicos (chuvia, neve, trebón, raio, etc.).

- Recoñece e describe con palabras ou con debuxos algún animal e algunha planta comúns no seu contorno.
- Realiza observacións dos elementos principais do contorno, seguindo as pautas marcadas polo profesor o pola profesora.
- Utiliza correctamente as nocións topolóxicas básicas de posición e proximidade (arriba-abaixo, dentro-fóra, dereita-esquerda, interior-exterior, etc.).
- Representa as nocións topolóxicas básicas con debuxos, situacións e xogos sobre espazos limitados e coñecidos.
- Coloca en debuxos que representan espazos moi coñecidos (habitación, aula, etc.) e rutas habituais (camiño do colexio, do parque, etc.) obxectos que previamente exploraron a través dos sentidos para identificar formas e cores.
- Manifesta a súa capacidade de observación e o uso que fai dos sentidos para diferenciar os seres vivos dos inertes ante a presenza de varios obxectos e series.
- Recoñece, coa axuda do profesor o da profesora, as funcións básicas que caracterizan aos seres vivos e supera os preconceptos polos que identifica a os ditos seres co que se move.
- Describe os traballos das persoas do seu contorno e identifica as actividades familiares e escolares e as profesións máis frecuentes, relacionando o nome dalgunhas profesións co tipo de traballo que realizan.
- Participa na realización de tarefas, mostra satisfacción por iso, valora a súa execución coidadosa e mantén o caderno limpo e ben presentado.
- Manipula aparatos sinxelos o xoguetes, empregando procedementos básicos como perforar, enroscar, montar, desmontar, apreixar, afrouxar, cerrar, etc., e mostra destreza suficiente nestas operacións.
- Utiliza instrumentos adecuados para realizar diversas actividades con obxectos e materiais diferentes.
- Recoñece a utilidade de aparatos e máquinas próximos á súa experiencia, por exemplo, electrodomésticos, grampadoras, tesoiras, coches, barcos, etc.
- Valora os aspectos positivos do uso de aparatos e máquinas, como a axuda que prestan no traballo e as dificultades que presenta a súa carencia.

## 6. COMPETENCIAS

Neste Proxecto Curricular establécese a contribución das diferentes áreas do currículo ao desenvolvemento de cada unha das oito Competencias Básicas. As competencias de Coñecemento do Medio detállanse a continuación:

**Competencia en comunicación lingüística**
- Adquirir vocabulario referente ao colexio e á rúa.
- Ler e comprender un texto informativo sinxelo.
- Adquirir vocabulario referente aos alimentos.
- Expresar adecuadamente pensamentos, ideas e emocións.
- Ler, comprender e interpretar instrucións.
- Adquirir vocabulario referente ao coidado e ás partes do corpo humano.
- Adquirir vocabulario referente ao Nadal, á familia e á casa.
- Descifrar mensaxes ocultas seguindo unhas instrucións e interpretando uns códigos.
- Adquirir vocabulario referente aos mamíferos, ás aves e aos peixes.
- Obter e interpretar información.
- Fomentar o interese por resolver encrucillados, sopas de letras e adiviñas.
- Adquirir vocabulario referente ás plantas, á auga, ao sol e ao aire.
- Escoitar, expoñer e dialogar.
- Adquirir vocabulario referente aos fenómenos atmosféricos.
- Adquirir vocabulario referente aos medios de comunicación, aos medios de transporte e ás vacacións.

**Competencia no coñecemento e a interacción co mundo físico**
- Interpretar o mundo físico a través dos conceptos aprendidos.
- Mostrar actitudes de respecto cara aos demais e cara a un mesmo.
- Interpretar un plano sinxelo dunha casa.
- Contribuír a conservar un contorno físico agradable e saudable.
- Realizar observacións.
- Obter e interpretar información acerca do medio físico que os rodea.
- Valorar a importancia de conservar o ambiente.
- Fomentar a importancia de ter un consumo de auga racional e responsable.
- Adoptar unha disposición para unha vida saudable.
- Fomentar a importancia de conservar o hábitat dos animais.

**Competencia matemática**
- Utilizar táboas de dobre entrada para traballar conceptos aprendidos.
- Empregar o cálculo para resolver enigmas ou problemas.
- Interpretar e expresar informacións con números.
- Poñer en práctica procesos de razoamento.

**Tratamento da información e competencia dixital**
- Iniciarse no uso do ordenador.

**Competencia social e cidadá**
- Coñecer sentimentos e emocións en relación cos demais.
- Aceptar normas de convivencia.
- Utilizar a lingua como destreza para a convivencia, o respecto e o entendemento.
- Comprender a realidade social na que se vive.
- Desenvolver uns hábitos de comportamento responsables.

- Desenvolver actitudes de diálogo e de resolución de conflitos.

**Competencia cultural e artística**
- Coñecer as tradicións do Nadal.
- Facer unha tarxeta de felicitación de Nadal, seguindo unhas instrucións.

**Competencia para aprender a aprender**
- Verbalizar o proceso seguido na aprendizaxe: reflexionar sobre que e como se aprendeu.

**Autonomía e iniciativa persoal**
- Fomentar a adquisición e a interiorización de bos hábitos.
- Desenvolver habilidades sociais como respecto aos demais, cooperación e traballo en equipo.
- Elixir con criterio propio.
- Expresar gustos e preferencias.

# ÁREA DE LINGUA GALEGA E LITERATURA

## 1. CARACTERÍSTICAS DA ÁREA

A linguaxe verbal, polas posibilidades que ofrece, é o vehículo primordial da comunicación humana. Medio de comunicación eminentemente social, a linguaxe estrutura o pensamento, permite a adquisición de coñecementos e fai posible a transmisión de informacións de todo tipo. Por ese motivo é un medio de expresión privilexiado no que se reflicten a creatividade e a cultura da persoa.

De acordo con esta concepción funcional da lingua, a acción educativa nesta área na etapa de Educación Primaria ten que radicar en conseguir que os alumnos e as alumnas dominen as catro destrezas básicas da lingua: escoitar, falar, ler e escribir.

Por isto, dedicaremos especial atención á aprendizaxe da lecto-escritura, sobre todo durante os dous primeros trimestres do ciclo, posto que a importancia deste dominio vai trascender e repercutir ao longo de toda a súa vida académica.

Así, o noso Proxecto propón abordar a aprendizaxe da lingua oral e escrita iniciando ao alumno e á alumna en:

- A narración e descrición das experiencias e situacións anecdóticas.
- A produción eficaz de fonemas.
- A utilización dun vocabulario rico en cantidade e calidade.
- A congruencia do discurso co contido.

## 2. A ÁREA DE LINGUA GALEGA E LITERATURA NO PRIMEIRO CICLO

No Primeiro Ciclo de Educación Primaria desenvólvense neste Proxecto contidos pertencentes aos bloques que compoñen a área.

### 2.1. Escoitar e falar

En xeral, respecto á comunicación oral os nenos e nenas utilizan a linguaxe basicamente para describir o seu contorno e narrar a súa experiencia, centrándose a súa atención no anecdótico e captando o directo e o explícito.

Así, convirá traballar co alumnado os seguintes aspectos da comunicación:

- Situacións de interacción comunicativa, espontáneas ou dirixidas, seguindo unha orde espacial, cronolóxica ou lóxica do discurso.
- Estratexias e normas para a comunicación: participación, mantemento do tema da conversa, escoita, respecto da quenda de palabra, solicitar e dar información, comprensión e expresión de mensaxes verbais e non verbais, pronunciación e entoación axeitadas...
- Comprensión de textos orais: sentido global e identificación de informacións relevantes e irrelevantes.

- Produción de textos orais: narración de situacións ou experiencias persoais, descricións sinxelas de persoas, animais e obxectos.
- Audición e reprodución de contos, poesías, trabalinguas, series, adiviñas, cancións...
- Memorización de textos orais axeitadamente escolmados.
- Dramatización de textos adaptados á súa idade.
- A fluidez na articulación de sons.
- A variedade e a riqueza do vocabulario que empregan.
- As estruturas que utilizan e os nexos que aparecen no seu discurso.
- A coherencia, a corrección e a propiedade expresiva alcanzadas.

### 2.2. Ler e escribir

A lectura, e o eficaz desenvolvemento do hábito lector, son prioridades das materias de lingua en Primaria. Para iso cómpre interesar os alumnos na expresión literaria, co obxecto de que recoñezan o seu valor estético, lúdico e comunicativo, e brindarlles os elementos necesarios para familiarizar a nenos e nenas cos libros, provocando neles emocións que esperten o seu interese, perdurable, por unha lectura privada e voluntaria.

A literatura aparece fundamentalmente como contos, lendas, retahílas, cancións, trabalinguas, adiviñas, etc., complementándose con actividades sobre lecturas colectivas, dramatizacións, recitados de poemas, etc.
Traballarase:
- A correspondencia entre fonemas e grafemas en contextos de lecturas.
- A lectura en voz alta coa entoación axeitada.
- A lectura silenciosa comprensiva.
- A memorización de textos breves.
- A utilización da biblioteca con gusto e respecto polas súas normas.

A aprendizaxe da lecto-escritura iníciase no primeiro trimestre do primeiro curso. Este proceso insírese no marco xeral do desenvolvemento comunicativo e sempre se traballa de forma contextualizada, xa que existe unha estreita relación entre a comprensión e a expresión, que son os eixes fundamentais de toda aprendizaxe.

Procurarase que as actividades lles resulten interesantes e útiles, xa que estimularán a súa imaxinación e, máis adiante, desenvolverán a súa sensibilidade estética e a súa capacidade reflexiva. Así potenciarase:

- O coñecemento e uso do sistema de lectoescritura.
- A produción de textos breves para comunicar coñecementos, experiencias ou necesidades: narracións, notas, pequenos diálogos...
- A reprodución de historias, contos, lendas...
- A creación de textos utilizando a linguaxe verbal e non verbal con intención informativa: carteis e murais.
- O manexo adecuado dos instrumentos utilizados habitualmente na escritura: habilidade caligráfica.

### 2.4. Reflexionar sobre a lingua

Neste ciclo, a reflexión sobre a lingua desenvólvese dunha maneira sinxela, enfocándose como unha axuda para as propias producións orais ou escritas, non como un fin en si mesmo.
Así, neste nivel o estudo da lingua céntrase nos seguintes aspectos:

- O abecedario: estúdanse as vogais e as consoantes e a orde alfabética.
- O uso das maiúsculas e das minúsculas.
- A identificación das sílabas como elementos das palabras e destas dentro da oración.
- Concordancia de xénero e número.
- Distinción dos tempos verbais fundamentais: presente, pasado e futuro.
- O vocabulario e as súas características morfolóxicas básicas: campos semánticos, familias de palabras, sinónimos e antónimos.
- En ortografía, planéase o dominio da ortografía natural ou fonética. En canto aos signos de puntuación, interpretarán e usarán adecuadamente o punto seguido e o final de oración e parágrafo, e a coma para separar palabras.
- Manipulación de diversas tipoloxías textuais.

É importante que nenos e nenas de Educación primaria entren en contacto coa realidade cultural (lingüística, patrimonial, social) da comunidade na que viven. A lingua é o principal signo de identificación dun pobo e posuír un idioma propio supón un tesouro cultural.

Tamén se inclúen neste bloque contidos relacionados cos medios de comunicación. Ademais das TIC, que van xogar nun futuro inmediato un papel decisivo na didáctica das linguas, os medios de comunicación son omnipresentes nas sociedades actuais en non poden quedar fóra da aprendizaxe da lingua.
Teranse en conta:

- As características lingüísticas de Galicia: o galego e o castelán como linguas cooficiais.
- As interferencias lingüísticas en contextos bilingües.
- A lingua nos medios de comunicación e nas artes audiovisuais. Características elementais: a radio, a televisión e o cine.
- A lingua nos medios de comunicación escrita. Características elementais: xornais, revistas, cómics...

## 3. OBXECTIVOS

Preténdese que o alumnado acade os seguintes obxectivos:

**Obxectivos para a etapa**

1. Participar en diferentes situacións de comunicación, respectando os sentimentos, ideas, opinións e coñecementos dos demais e adoptando as regras básicas da comunicaión oral.

**Obxectivos para o primeiro ciclo**

1.1. Expresarse oralmente de maneira clara, narrando experiencias propias, ideas, situacións reais e imaxinarias, etc.

1.2. Aceptar as aportacións dos demais, respectando as normas do intercambio comunicativo de forma activa.
1.3. Participar en diálogos, conversas, charlas de clase, etc., respectando as normas que facilitan o intercambio comunicativo (esperar o momento de intervención, respectar as opinións dos demais, etc.).

**Obxectivos para a etapa**

2. Comprender mensaxes orais, e analizalas con sentido crítico.

**Obxectivos para o primeiro ciclo**

2.1. Comprender as ideas expresadas en textos orais (contos, lendas, poemas, adiviñas, etc.), relacionándoas coas propias ideas e experiencias.
2.2. Comprender un texto adecuado á idade.
2.3. Escoitar e comprender a expresión oral dos demais.
2.4. Comprender e utilizar adecuadamente o vocabulario apropiado á súa idade en diferentes situacións.

**Obxectivos para a etapa**

3. Expresarse oralmente con corrección e coherencia para poder manifestarse en diferentes situacións de comunicación.

**Obxectivos para o primeiro ciclo**

3.1. Distinguir e pronunciar todos os sons correctamente.
3.2. Representar e recitar textos orais coa articulación, a entoación e o ritmo adecuados, de forma comprensiva e expresiva e de acordo cos usos e as normas lingüísticas da lingua galega.

**Obxectivos para a etapa**

4. Expresarse por escrito con corrección, coidando a estrutura do texto, os aspectos normativos e a presentación.

**Obxectivos para o primeiro ciclo**

4.1. Utilizar correctamente as estruturas lingüísticas básicas.
4.2. Escribir textos sinxelos e breves empregando oracións curtas e utilizando palabras do vocabulario propio da idade.

**Obxectivos para a etapa**

5. Ler con fluidez, ritmo e entoación axeitada, comprendendo distintos tipos de textos adaptados á súa idade.

**Obxectivos para o primeiro ciclo**

5.1. Ler textos coa articulación, o ritmo, a fluidez, a expresividade e a seguridade necesarios e ser capaz de extraer algunha información específica: identificar personaxes, explicar o argumento, interpretar as instrucións das actividades, etc.
5.2. Iniciarse na adquisición e o hábito do gusto pola lectura.

**Obxectivos para a etapa**

6. Utilizar a biblioteca para afirmar o hábito lector e ampliar o vocabulario, servíndose do dicionario como recurso básico.

   **Obxectivos para o primeiro ciclo**

   6.1. Utilizar a biblioteca para fomentar o gusto pola lectura e o hábito lector.
   6.2. Promover o hábito do recurso do dicionario para ampliar o vocabulario.

**Obxectivos para a etapa**

7. Utilizar as destrezas básicas da lingua como instrumentos de aprendizaxe para comprender, recoller datos, elaborar e memorizar conceptos en todas as áreas.

   **Obxectivos para o primeiro ciclo**

   7.1. Utilizar a linguaxe como instrumento de aprendizaxe para memorizar, anotar, preguntar, comprender, responder...

**Obxectivos para a etapa**

8. Procurar unha mellora progresiva no uso da lingua, explorando canles que permitan desenvolver a sensibilidade, a creatividade e o sentido estético.

   **Obxectivos para o primeiro ciclo**

   8.1. Explorar as posibilidades expresivas e orais da lingua para desenvolver a propia personalidade e a sensibilidade estética, buscando canles de comunicación creativas no uso autónomo e persoal da linguaxe.
   8.2. Utilizar os coñecementos de lecto-escritura para a comprensión de textos e o intercambio de experiencias e sentimentos.

**Obxectivos para a etapa**

9. Apreciar o valor dos textos literarios como fonte de formación e información e consideralos como un medio de aprendizaxe e enriquecemento persoal da máxima importancia.

   **Obxectivos para o primeiro ciclo**

   9.1. Utilizar indicadores sinxelos na lectura de textos (ilustracións, títulos, etc.) para formular conxecturas sobre o seu contido.
   9.2. Comprender o sentido global de textos de nivel adecuado e responder, oralmente e por escrito, a preguntas que demostren dita comprensión.

**Obxectivos para a etapa**

10. Reflexionar sobre as producións lingüísticas propias e alleas, observando os seus elementos formais.

    **Obxectivos para o primeiro ciclo**

    10.1. Redactar textos breves (narracións, notas...) coas grafías adecuadas, os signos de puntuación correspondentes, as palabras separadas, etc., e presentando o escrito de forma clara e limpa.

10.2. Expresarse por escrito, dominando a ortografía natural e as normas básicas da lingua escrita.
10.3. Manipular a lingua oral e escrita de maneira simple: transformar oracións (afirmativas en negativas), substituír palabras polos seus sinónimos, ordenar frases, recoñecer palabras que expresan accións, nomes, cualidades, etc.
10.4. Familiarizarse con algunhas reflexións elementais sobre a importancia da linguaxe, do seu correcto uso e das súas regras.

**Obxectivos para a etapa**

11. Valorar a lingua galega, facendo uso dela con normalidade en todas as situacións comunicativas.

**Obxectivos para o primeiro ciclo**

11.1. Escoitar, reproducir e representar expresións da linguaxe oral tradicional (adiviñas, cancións, contos, trabalinguas, etc.).
11.2. Valorar estas expresións como un feito cultural enriquecedor.
11.3. Recuperar o uso normalizado da lingua galega nos casos nos que se fai un uso restrinxido dela.

**Obxectivos para a etapa**

12. Recoñecer e valorar positivamente a diversidade lingüística de Galicia e de España.

**Obxectivos para o primeiro ciclo**

12.1. Recoñecer e apreciar a unidade e a diversidade lingüísticas, respectando as peculiaridades dos diferentes rexistros e variedades lingüísticas de Galicia dentro da realidade plurilingüe de España, valorando esta diversidade como un feito.

**Obxectivos para a etapa**

13. Superar as interferencias doutras linguas na propia, de cara ao emprego do código estándar.

**Obxectivos para o primeiro ciclo**

13.1. Coñecer os problemas que orixina o contacto entre linguas, asumindo a necesidade do emprego do código estándar.

**Obxectivos para a etapa**

14. Valorar o papel dos medios de comunicación como instrumentos de traballo, mantendo unha actitude crítica ante as mensaxes que transmiten.

**Obxectivos para o primeiro ciclo**

14.1. Ser capaz de comprender e producir textos sinxelos nos que se utilice a linguaxe verbal e a non verbal (música, imaxe, etc.) cunha intención comunicativa determinada, respectando certa organización temporal, espacial e lóxica na confección dos mesmos.
14.2. Examinar con criterio crítico diversos tipos de medios de comunicación.

**Obxectivos para a etapa**

15. Conseguir, a través da linguaxe, a formación dun pensamento crítico que impida discriminacións e prexuízos.

**Obxectivos para o primeiro ciclo**

15.1. Distinguir usos racistas, sexistas e outros estereotipos que se atopan na linguaxe, en conversas, audicións, contos e imaxes, e introducir as autocorreccións pertinentes.

## 4. CONTIDOS

Os contidos na área de Lingua Galega e Literatura son os seguintes:

PRIMEIRO CURSO

### 1. Lecto-escritura

- Letras: *a, e, i, o, u, l, m, s, p, e* (coordinación), *t , n, d, h, c, f, g, t, -r, -r-, x, b, ñ, z, rr* e as súas grafías.
- Dígrafo: *ch* e a súa grafía.
- Sílabas: *ca, co, cu, que, qui, ga, go, gu, gue, gui, ce, ci.*
- Letras: *v, k* e as súas grafías.
- Dígrafo: *ll* e a súa grafía.
- Sílabas: *güe-güi*.
- Grupos consonánticos: *fr, fl, pr, pl, tr, dr, br, bl, cr, cl, gr, gl.*
- Interrelación entre os códigos oral e escrito: discriminación dos sons das palabras e correspondencia dos fonemas coas súas grafías.
- Diferenciación de fonemas.
- Segmentación silábica.
- Respostas a preguntas sobre a lectura.
- Colocación das letras que faltan en determinadas palabras.
- Lectura comprensiva de diferentes textos escritos.
- Lectura e memorización de retahílas e cancións.
- Manifestacións persoais sobre libros lidos.
- Pronunciación correcta.
- Interpretación do til e dos signos de puntuación para dar sentido e expresividade á lectura.
- Copia e ditado de frases e textos.
- Lectura de textos, tanto literarios como no literarios.
- Valoración da lectura como fonte de pracer e de información.
- Consolidación do hábito lector e respecto polas normas que rexen o uso da biblioteca. Gusto polo coidado dos libros.
- Valoración do texto literario escrito como fonte de información, de aprendizaxe e diversión.
- Gusto por ler e recitar poesías.
- Interese por participar en comentarios colectivos de lectura, avaliando as actitudes dos protagonistas nas narracións.

## 2. Expresión oral e escrita

- Contos.
- Adiviñas.
- Trabalinguas.
- Panxoliñas.
- Poesías.
- Cancións.
- Afianzamento do proceso lecto-escritor.
- Escritura de frases: dadas unha, dúas palabras, dadas palabras desordenadas.
- Escritura de contos, cartas e diálogos.
- Comprensión de textos orais e escritos en distintas situacións de comunicación.
- Uso das habilidades lingüísticas e regras interactivas adecuadas na comunicación cos demais (conversación, diálogo, descrición, narración, etc.) e na comunicación escrita.
- Produción de textos orais e escritos referidos a distintas situacións e intencións comunicativas: expresar vivencias, sentimentos e ideas; transmitir informacións, describir situacións reais ou imaxinarias, describir, narrar, etc., experimentando as posibilidades creativas que brindan a linguaxe oral e a escrita.
- Recitación e representación oral de textos literarios e non literarios: cancións, chistes, trabalinguas, onomatopeas, etc.
- Realización de comentarios de textos escritos. Iniciación á argumentación e ao resumo.
- Valoración da linguaxe oral como medio de relación.
- Valoración da linguaxe escrita como código comunicativo.
- Valoración da claridade e a orde na expresión.
- Valoración do feito de saber escoitar os demais e de facerse escoitar, respectando as quendas de palabra e respectando as opinións alleas.
- Interese por participar en diálogos.
- Gusto e interese pola produción de textos propios, caracterizados pola súa corrección, beleza e creatividade.

## 3. Estudio da lingua

- O artigo: *o*, *a*, *os, as*.
- O artigo: *un, unha, uns*, *unhas*.
- As contraccións *do, da, no, na.*
- A palabra, a letra e a sílaba.
- O nome común e o nome propio.
- Adxectivos calificativos.
- O xénero: masculino e feminino.
- O número: singular e plural.
- A concordancia. Artigo, nome e adxectivo.
- Diminutivos: *-iño*, *-iña*.
- As onomatopeas.
- Sinónimos e antónimos.
- Familias de palabras.
- Os aumentativos acabados en *-aza, -azo.*
- O verbo: pasado e futuro
- Uso da letra maiúscula.

- Transformación de frases afirmativas en negativas.
- Recoñecemento e uso de frases interrogativas e exclamativas.
- Dominio da ortografía natural e de certas normas: uso de maiúsculas, *mp*, *mb*, *nr*.
- Transformación de oracións dadas do singular ao plural e viceversa.
- Utilización de familias de palabras.
- Cambios de palabras polos seus sinónimos e antónimos.
- Uso de aumentativos e diminutivos.
- Ordenación de frases desordenadas.
- Articulación correcta dos sons e sílabas de acordo coa ortografía natural.
- Identificación e uso das normas sintácticas, morfolóxicas e ortográficas simples nas producións orais e escritas.
- Ampliación de vocabulario, explicación do significado de palabras coñecidas e identificación de familias de palabras.
- Lectura de textos, tanto literarios como non literarios.
- Resumo das ideas fundamentais dun texto dado, respectando a secuencia argumental.
- Manifestación de opinións persoais sobre os textos escoitados e lidos.
- Produción de textos propios a partir dun comezo dado, dun final ou dun título.
- Comprensión de mensaxes que utilicen unha linguaxe non verbal, anuncios, historietas debuxadas, interpretación de xeroglíficos, de cancións, etc.
- Produción de mensaxes deste tipo: debuxo dunha historia escoitada ou lida, invención dun anuncio, etc.
- Valoración e respecto polas normas ortográficas e preocupación por consultar, no dicionario, palabras de ortografía difícil.
- Valoración da competencia, por igual, nas dúas linguas oficiais de Galicia.

SEGUNDO CURSO

**1. Lecto-escritura**

- Afianzamento do proceso lecto-escritor.
- Contos.
- Adiviñas.
- Trabalinguas.
- Poesías, rimas.
- Cancións.
- Fórmulas.
- Lendas.
- Interrelación entre os códigos oral e escrito: discriminación dos sons das palabras e correspondencia dos fonemas coas súas grafías.
- Diferenciación de fonemas.
- Segmentación silábica.
- Respostas a preguntas sobre a lectura.
- Colocación das letras que faltan en determinadas palabras.
- Lectura comprensiva de diferentes textos escritos.
- Lectura e memorización de retahílas e cancións.
- Manifestacións persoais sobre libros lidos.
- Pronunciación correcta.

  - Interpretación do til e dos signos de puntuación para dar sentido e expresividade á lectura.
  - Copia e ditado de frases e textos.
  - Lectura de textos, tanto literarios como no literarios.
  - Valoración da lectura como fonte de pracer e de información.
  - Consolidación do hábito lector e respecto polas normas que rexen o uso da biblioteca. Gusto polo coidado dos libros.
**Food:** biscuit, banana, juice, sandwich, apple
**Verbs:** touch, shake, wave, nod, stamp

**UNIT 7**
**Structures:** How many? Have you got? I've got
**Toys:** bike, ball, teddy bear, skateboard, car, doll

**UNIT 8**

**The beach:** beach, sun, sea, ice cream, hat
Repaso general de vocabulario.

**FESTIVIDADES**

**Halloween:** Halloween, pumpkin, witch, ghost, bat, cat
**Christmas:** Happy Christmas, Christmas tree, Santa Claus, present, star, snowman
**Easter:** Easter egg, chick, card

## SEGUNDO CURSO – Contidos

**STARTER**
**General revision from Book 1**
**Greetings:** Hello, again! Goodbye, How are you? I'm fine.
**Animals:** bee, owl, snail, frog, ladybird.

UNIT 1
**The home:** house, kitchen, bathroom, living room, bedroom, door, window, table, chair, bed, fridge, cooker, sofa, television, shower, cupboard
**Structures:** Where is…?

Prepositions: **on, in, under, next to**

UNIT 2
**Parts of the body:** head, face, eye, nose, mouth, ear, arm, leg, foot
**Clothes:** T-shirt, jumper, skirt, trousers, socks, skirt, boots, shoes, scarf, coat
**The weather:** It's raining, it's snowing, it's sunny, it's windy
**Animals:** cow, ladybird, snail, bee, frog, owl,

UNIT 3
**Animals and their homes:** fish, cow, monkey, sheep, pig, dog, horse, chicken, cat, lion
**Places:** garden, house, farm, zoo, jungle, river
**People:** farmer
**Structures:** Where is…? Who lives?
**Colours:** Review of colours from Book 1.

UNIT 4
**Daily routines:** get up, wash my face, have breakfast, brush my teeth, go to bed, go to school
**Family:** mum, dad, grandma, grandad, brother, sister

UNIT 5
**The park:** tree, swing, slide, see-saw
**Toys:** ball, bike, skateboard, skipping rope, bat, kite
**Verbs:** skip, fly, swim, dance, run, climb
**Structures:** Can / Can't / Can you?

**REVISION 2**
**Animals:** pig, horse, sheep, chicken, cow
**Colours:** Review of colours from Book 1.
**Prepositions of place:** in, on, under, next to

**UNIT 6**

**Food:** biscuit, orange juice, banana, apple, cake, milk, water, sandwich, chocolate, eggs, oranges, pears, apples
**Structures:** How old are you? I'm seven. How many? Can I have a/an…please? Where is…?
**Numbers:** 1-10

**UNIT 7**
**Sizes:** big, small
**Adjectives:** happy, sad, tired, hungry, thirsty
**Colours:** Review of the colours from Book 1.
**Structures:** I'm…

**UNIT 8**
General review of the whole course.

**FESTIVIDADES**

**Halloween:** Halloween, pumpkin, monster, mask, witch, ghost, bat, cat
**Christmas:** Merry Christmas, Christmas tree, Santa Claus, Christmas lantern, snowman
**Saint Valentine's Day:** I love you, card
**Easter:** Easter egg, chick, card

# ÁREA DE MATEMÁTICAS

## 1. CARACTERÍSTICAS DA ÁREA

Para a educación matemática, a experiencia e a indución son puntos básicos de referencia para os alumnos, no que respecta á construción e o desenvolvemento do pensamento matemático, xa que, a través da conceptualización e aplicación das operacións concretas, como contar, clasificar, comparar e relacionar, van a adquirir decontado as representacións lóxicas e matemáticas que posteriormente lles servirán para asentar as operacións formais abstractas de carácter dedutivo. Así pois, as matemáticas cumpren un papel formativo, funcional e instrumental básico para as capacidades intelectuais.

A nosa proposta aséntase nos dos principios fundamentais para a elaboración do coñecemento: a) o carácter construtivista do pensamento infantil (na liña de Piaget, Aebli e Vygotsky), e b) a propia estrutura epistemolóxica da matemática.

A partir desta dobre fundamentación, o alumno e a alumna progresan desde o coñecemento sensomotor da realidade –cantidade, magnitude, medidas corporais– e a conceptualización das operacións concretas –contar, comparar, clasificar, relacionar, seriar– ata as representacións lóxicas propias do pensamento formal.

Los principios básicos desta área nesta etapa son os seguintes:

- As matemáticas deben presentárselle ao alumnado como un conxunto organizado de coñecementos e procedementos que van evolucionando ao longo do tempo, reforzando a utilización paralela do razoamento empírico indutivo e do razoamento dedutivo e a abstracción (aínda que partindo da experiencia e da indución construtivas).
- Os contidos da aprendizaxe das matemáticas deben relacionarse coa experiencia cotiá do alumnado. A ensinanza-aprendizaxe das matemáticas debe atender equilibradamente, primeiro, ao establecemento de estratexias e destrezas cognitivas; logo, á súa aplicación funcional no contorno, e, finalmente, ao seu valor instrumental crecente, formalizador do coñecemento humano e do coñecemento científico.

## 2. A ÁREA DE MATEMÁTICAS NO PRIMEIRO CICLO

No primeiro ciclo de Educación Primaria, desenvólvense neste Proxecto contidos dos catro bloques que compoñen a área.

### 2.1. Números e operacións

De modo intuitivo, e a partir da súa experiencia, os alumnos e as alumnas destas idades inician a asimilación do concepto de número natural, do sistema de numeración decimal e de operacións aditivas (suma e resta), ata abordar a multiplicación, que se introduce neste ciclo de forma experimental, sen formalizala. Todas estas operacións se aplican a situacións da súa vida cotiá, destacando tamén o papel do cálculo mental para o desenvolvemento da capacidade de operar

con números e de estimar resultados. Así, neste ciclo, deberán empezar a elaborar as súas propias estratexias de cálculo e a usalas para facer estimacións o aproximacións.

### 2.2. Medida

Neste ciclo, a medida trabállase de forma experimental mediante a realización de medicións de lonxitudes, capacidades e masas. Primeiro, con unidades corporais, e posteriormente, con unidades arbitrarias, poñendo aos alumnos e ás alumnas en situación de que descubran a necesidade de utilizar unhas unidades de medida convencionais aceptadas e utilizadas por todos.
Neste ciclo faranse medicións directas coa conséguente necesidade de utilizar instrumentos e unidades de medida oportunos que permitan expresar o resultado.
As unidades de medida do tempo introdúcense precedidas do establecemento de relacións temporais como *antes*, *despois*, *agora*, *onte*, etc. os alumnos e as alumnas acostumaranse, neste ciclo, a manexar o calendario, o reloxo e as moedas de curso legal, facéndose necesario o estudo do euro.
A aprendizaxe destes coñecementos aplicarase á resolución de problemas concretos ambientados na súa vida cotiá, co que comezarán a desenvolver a capacidade de estimar resultados relacionados con ela.

### 2.3. Xeometría e situación no espazo

O estudo dos conceptos xeométricos realízase tomando a realidade como punto de partida, recoñecendo corpos e formas xeométricas nos obxectos familiares do contorno; e establecendo previamente relacións espaciais tales como *arriba-abaixo*, *dereita-esquerda*, *dentro-fóra*, *interior-exterior*, etc.
A través destes obxectos, recoñécense e identifícanse as principais formas (cadrados, círculos, triángulos) e corpos xeométricos (cubos, esferas, etc.), e realízanse composicións e descomposicións de figuras planas.
Con estes conceptos desenvólvense nos alumnos e nas alumnas as capacidades de comprensión, representación e orientación espacial, así como a capacidade de organizar e describir desprazamentos propios o sobre a situación dos obxectos, buscando puntos de referencia que os axuden.

### 2.4. Organización da información

Neste ciclo iníciase o tratamento da recollida e organización de datos para manexar información, partindo da observación de fenómenos que suceden no seu contorno inmediato. Iníciase a interpretación de datos, de táboas de rexistros con poucos datos e de diagramas de barras e gráficas sinxelas.

## 3. OBXECTIVOS

Preténdese que o alumnado alcance, ao finalizar o primeiro ciclo de Educación Primaria, os seguintes obxectivos:

### Obxectivos para a etapa

1. Utilizar o coñecemento matemático para comprender, interpretar, valorar e producir mensaxes orais e escritas sobre feitos ou fenómenos coñecidos.

   **Obxectivos para o primeiro ciclo**
   1.1. Utilizar espontaneamente os números naturais e palabras sinxelas relativas a comparacións e operacións (más, menos, igual, maior, etc.) para comprender e interpretar informacións e mensaxes sobre situacións cotiás do seu contorno.
   1.2. Consolidar os conceptos matemáticos básicos sobre o número, a medida, as formas xeométricas e a súa situación no espazo, e as súas posibilidades operatorias e de organización da información.

**Obxectivos para a etapa**

2. Recoñecer no seu medio habitual situacións e problemas nos que se requira o manexo de operacións elementais de cálculo, de xeometría e de lóxica; formulalos empregando a linguaxe matemática e resolvelos mediante os algoritmos correspondentes.

   **Obxectivos para o primeiro ciclo**
   2.1. Detectar problemas sinxelos do contorno cotián para cuxa resolución se requiran as operacións e destrezas básicas do cálculo.
   2.2. Utilizar a operatoria elemental para resolver situacións problemáticas da vida cotiá.
   2.3. Interpretar mensaxes orais e escritas relativos á vida cotiá o á propia actividade escolar e que conteñan números e unha operación aditiva, distinguindo o papel dos termos.

**Obxectivos para a etapa**

3. Apreciar o papel das matemáticas na vida cotiá, gozar co seu uso e recoñecer o valor de actitudes como a confianza nas súas propias capacidades para afrontar os problemas, a tenacidade e perseveranza na busca de solucións e apreciar o que de positivo teñan os erros cometidos.

   **Obxectivos para o primeiro ciclo**
   3.1. Demostrar curiosidade polas distintas representacións dunha situación concreta, por outras formas de contar ou medir (reorganizando datos, usando distintos materiais e instrumentos, etc.).
   3.2. Valorar a necesidade e importancia das matemáticas na vida cotiá.
   3.3. Mostrar interese e perseveranza na busca de solucións a sinxelas situacións problemáticas.

**Obxectivos para a etapa**

4. Coñecer, valorar e adquirir seguridade nas propias habilidades matemáticas para afrontar situacións diversas, que permitan gozar dos aspectos creativos, estéticos ou utilitarios, e confiar nas súas posibilidades de uso.

   **Obxectivos para o primeiro ciclo**
   4.1. Manifestar satisfacción polo progreso dos seus coñecementos matemáticos, pola autonomía que lle proporcionan os mesmos e pola aplicación destes

coñecementos a actividades e situacións lúdicas, valorando o esforzo invertido nas operacións e non limitando o seu interese á obtención dun resultado determinado.

4.2. Afrontar con autonomía as situacións problemáticas, sen pedir axuda ante a primeira dificultade e sen abandonar pequenas tarefas ata telas concluído razoablemente, apreciando o que de positivo teñen os erros cometidos.

**Obxectivos para a etapa**

5. Elaborar e utilizar estratexias persoais de cálculo mental, estimación e orientación espacial para a resolución de problemas elementais, modificándoas se fora necesario.

**Obxectivos para o primeiro ciclo**

5.1. Utilizar os números para cuantificar magnitudes pequenas do seu contorno, de maneira exacta ou aproximada, contando o estimando.

5.2. Realizar medicións (lonxitude, capacidade e masa) con atención, escollendo entre as unidades corporais e instrumentos de medida dispoñibles os que mellor se axusten ao tamaño e á natureza do obxecto que se desexa medir.

5.3. Expresar correctamente as medidas realizadas, indicando a unidade utilizada.

5.4. Recoñecer e describir con linguaxe coloquial formas e corpos xeométricos do contorno próximo (circulares, rectangulares, cadrados, triangulares, cúbicos e esféricos).

**Obxectivos para a etapa**

6. Utilizar de forma adecuada os medios tecnolóxicos tanto no cálculo como na busca, tratamento e representación de informacións diversas.

**Obxectivos para o primeiro ciclo**

6.1. Coñecer e utilizar, de forma experimental, as medidas de lonxitude e de tempo mediante o emprego da calculadora e o ordenador.

6.2. Explorar e utilizar instrumentos sinxelos de cálculo.

**Obxectivos para a etapa**

7. Identificar formas xeométricas no seu contorno e ser capaz de expresalo con claridade, utilizando o coñecemento dos seus elementos e propiedades para incrementar a súa comprensión e desenvolver novas posibilidades de acción no dito contorno.

**Obxectivos para o primeiro ciclo**

7.1. Debuxar formas planas e representar as tridimensionais con axuda de materiais diversos, recoñecendo algunhas das propiedades das formas xeométricas (redondez, simetría, etc.) e utilizándoas nas súas propias composicións.

7.2. Identificar a situación dun obxecto no espazo respecto a si mesmo ou a outro obxecto fixo e visible, utilizando os termos adecuados (arriba-abaixo, diante-detrás, dentro-fóra, cerca-lonxe, esquerda-dereita), e describir sinxelos desprazamentos en relación cos puntos de referencia elixidos.

**Obxectivos para a etapa**

8. Utilizar técnicas elementais de recollida de datos para obter información sobre fenómenos e situacións do seu contorno, representalos gráfica e numericamente e formar un xuízo sobre eles.

**Obxectivos para o primeiro ciclo**

8.1. Iniciarse na observación e toma de datos da realidade cotiá.
8.2. Representar datos mediante sencillos diagramas de barras e interpretar tablas y gráficas similares contextualizadas.
8.3. Representar datos mediante un diagrama de barras e interpretar táboas e gráficas similares contextualizadas.

## 4. CONTIDOS

Os contidos para este ciclo, na área de Matemáticas, son os seguintes:

PRIMEIRO CURSO

### 1. Números e operacións. Resolución de problemas

- Unidade.
- Números: 0 ao 99.
- Número maior e número menor.
- Series ascendentes e series descendentes.
- A suma: signos + e =.
- A resta: signos − e =.
- A decena.
- Problemas de sumas e de restas.
- Suma en vertical.
- Resta en vertical.
- Suma e resta de números de 2 cifras.
- Composición e descomposición de números.
- Descomposición dun número en suma de sumandos.
- Descomposición de números en unidades e decenas.
- Sumas nas que falta un sumando.
- Sumas de tres sumandos.
- Sumas de sumandos repetidos.
- Dobre.
- Números ordinais do 1.° ao 10.°
- Lectura e escritura de números.
- Composición e descomposición aditiva de números.
- Distinción de equivalencias entre ordes de unidades.
- Comparación e ordenación de números. Series regresivas e series progresivas.
- Realización de sumas e de restas con números naturais de ata tres cifras.
- Realización de sumas e de restas con levadas nas unidades e decenas.
- Utilización do ábaco e das regretas na formación de números e na fase de iniciación das operacións.
- Elaboración de estratexias persoais de cálculo mental con números sinxelos.

- Curiosidade por indagar e explorar nas relacións que aparecen en conxuntos numéricos.
- Sensibilidade e interese polas informacións e mensaxes de natureza numérica, apreciando a utilidade dos números na vida cotiá.
- Rigor na utilización de códigos numéricos.
- Confianza nas propias capacidades para a elaboración de estratexias persoais de cálculo mental.
- Aprecio pola limpeza, a orde e o rigor na elaboración de operacións e de representacións matemáticas.
- Valoración do esforzo empregado na resolución de problemas matemáticos, non limitándose a valorar únicamente a consecución dun resultado determinado.

**2. Xeometría e orientación no espazo**

- Triángulo, cadrado, círculo e rectángulo.
- Dereita-esquerda.
- Simetrías.
- Diante-detrás.
- Esquerda-dereita.
- Itinerarios.
- Cerca-lonxe.
- Dentro-fóra-no bordo.
- Liñas abertas, pechadas, curvas e rectas.
- Composición e descomposición de figuras e obxectos.
- Polígonos: triángulos e cuadriláteros.
- Recoñecemento e descrición de formas planas o corpos xeométricos en obxectos que sexan familiares.
- Situación e localización dos obxectos no espazo con referencia a un mesmo ou a un punto determinado.
- Formación de figuras planas e corpos xeométricos utilizando a composición e a descomposición doutros corpos e figuras.
- Interpretación e recoñecemento de situacións espaciais e itinerarios sinxelos.
- Valoración da importancia das medicións e as estimacións na vida cotiá.
- Curiosidade e interese por descubrir a medida dalgúns obxectos cotiáns e a duración de actividades habituais, así como por expresar os resultados con unidades de medida.
- Interese e gusto pola identificación de situacións, orientacións e relacións espaciais utilizando a linguaxe xeométrica básica, así como por identificar formas e relacións xeométricas a partir dos obxectos do contorno.
- Sensibilidade e gusto pola elaboración e a representación de sinxelas construcións xeométricas.

**3. Medidas e tratamento da información**

- Antes-despois.
- Medidas non convencionais de lonxitude: palmo, pé, paso.
- Moitos-poucos-ningún.
- O día; día-noite.
- Recoñecemento, reconto e clasificación de obxectos.
- Iniciación aos gráficos de barras.
- Medidas non convencionais de peso e capacidade.

- Secuencia de 4 momentos.
- Os días da semana.
- Os meses do ano.
- Grande-pequeno.
- O euro. Moedas: 1 e 2 euros,10 e 20 céntimos de euro; Billetes: 5, 10, 20 e 50 euros.
- Gráficos de barras.
- Cadros de dobre entrada.
- O reloxo: hora en punto e media hora.
- Dobre e metade.
- Estimación de pesos.
- Representación de datos nunha táboa.
- Interpretación de gráficas estatísticas.
- Localización no plano cuadriculado.
- Recoñecemento e identificación de lonxitudes, capacidades e masas.
- Realización de medidas e utilización de instrumentos convencionais e non convencionais.
- Elaboración e utilización de estratexias persoais para realizar estimacións de medidas.
- Establecemento de relacións temporais: onte, hoxe, mañá, o ano pasado, etc.
- Manexo do calendario e lectura das horas en reloxos de agullas.
- Recoñecemento e utilización da moeda: o euro.
- Recollida, rexistro e representación de datos sobre obxectos, fenómenos e situacións familiares, utilizando técnicas elementais.
- Elaboración de táboas de rexistros sinxelas, a base de debuxos, sobre observacións relativas a situacións coñecidas.
- Interpretación de táboas sinxelas e gráficos estatísticos sobre situacións familiares e coñecidas.
- Valoración da importancia da linguaxe gráfica como forma de representar datos.

SEGUNDO CURSO

### 1. Números y operaciones. Resolución de problemas

- Números: 0 ao 999.
- Número maior e número menor.
- Serie progresiva e serie regresiva.
- Número anterior e número posterior.
- Composición e descomposición de números.
- Unidade, decena e centena.
- Sumas levando.
- Restas levando.
- Composición e descomposición de números.
- Táboas de multiplicar do 1, do 2, do 3, do 4, do 5, do 6, do 7, do 8, do 9 e do 10.
- Cálculo mental.
- Números ordinais do 1.° ao 10.°
- Números pares e números impares.
- Dobre e triplo.
- Multiplicación.
- Táboas de multiplicar.

- Problemas de sumas, restas e multiplicacións.
- Termos da resta.
- A división como reparto.
- A metade e o tercio.
- Lectura e escritura de números.
- Composición e descomposición aditiva de números.
- Distinción de equivalencias entre ordes de unidades.
- Comparación e ordenación de números. Series regresivas e series progresivas.
- Realización de multiplicacións.
- Realización de sumas e de restas con levadas nas unidades e decenas.
- Utilización do ábaco e das regretas na formación de números e na fase de iniciación das operacións.
- Elaboración de estratexias persoais de cálculo mental con números sinxelos.
- Curiosidade por indagar e explorar nas relacións que aparecen en conxuntos numéricos.
- Sensibilidade e interese polas informacións e mensaxes de natureza numérica, apreciando a utilidade dos números na vida cotiá.
- Rigor na utilización de códigos numéricos.
- Confianza nas propias capacidades para a elaboración de estratexias persoais de cálculo mental.
- Aprecio pola limpeza, a orde e o rigor na elaboración de operacións e de representacións matemáticas.
- Valoración do esforzo empregado na resolución de problemas matemáticos, non limitándose a valorar únicamente a consecución dun resultado determinado.

**2. Xeometría e orientación no espazo**

- Dereita-esquerda.
- Simetrías.
- Diante-detrás.
- Cerca-lonxe.
- Dentro-fóra-no bordo.
- Maior que, menor que, igual a.
- Polígonos: cuadrilátero, triángulo, pentágono.
- Elementos dun polígono: lados e vértices.
- Corpos xeométricos: cubo, esfera, cilindro, pirámide e prisma.
- Itinerarios e labirintos.
- A cuadrícula.
- Series.
- Periodos e ciclos.
- Coordenadas no plano.
- Liña recta, curva e poligonal.
- Liñas poligonais abertas e pechadas.
- Circunferencia e círculo.
- Mosaico con figuras xeométricas.
- Planos e bosquexos.
- Recoñecemento e descrición de formas planas o corpos xeométricos en obxectos que sexan familiares.
- Situación e localización dos obxectos no espazo con referencia a un mesmo ou a un punto determinado.

- Formación de figuras planas e corpos xeométricos utilizando a composición e a descomposición doutros corpos e figuras.
- Interpretación e recoñecemento de situacións espaciais e itinerarios sinxelos.
- Valoración da importancia das medicións e as estimacións na vida cotiá.
- Curiosidade e interese por descubrir a medida dalgúns obxectos cotiáns e a duración de actividades habituais, así como por expresar os resultados con unidades de medida.
- Interese e gusto pola identificación de situacións, orientacións e relacións espaciais utilizando a linguaxe xeométrica básica, así como por identificar formas e relacións xeométricas a partir dos obxectos do contorno.
- Sensibilidade e gusto pola elaboración e a representación de sinxelas construcións xeométricas.

### 3. Medidas e tratamento da información

- El reloj: horas en punto, medias horas y los cuartos.
- La fecha.
- Los meses del año.
- Más que/menos que/tantos como.
- Recuento y anotación de frecuencias.
- Gráficos de barras.
- Cuadros de doble entrada.
- O euro.
- Moedas: 1, 2, 5, 10, 20 e 50 céntimos de euro.
- Medidas non convencionais: o palmo e o pé.
- Medidas de capacidade: litro, medio litro e cuarto de litro.
- Medidas de lonxitude: metro-centímetro
- Medidas de peso: quilo-medio quilo-cuarto de quilo.
- Recoñecemento e identificación de lonxitudes, capacidades e masas.
- Realización de medidas e utilización de instrumentos convencionais e non convencionais.
- Elaboración e utilización de estratexias persoais para realizar estimacións de medidas.
- Establecemento de relacións temporais: onte, hoxe, mañá, o ano pasado, etc.
- Manexo do calendario e lectura das horas en reloxos de agullas.
- Recoñecemento e utilización da moeda: o euro.
- Recollida, rexistro e representación de datos sobre obxectos, fenómenos e situacións familiares, utilizando técnicas elementais.
- Elaboración de táboas de rexistros sinxelas, a base de debuxos, sobre observacións relativas a situacións coñecidas.
- Interpretación de táboas sinxelas e gráficos estatísticos sobre situacións familiares e coñecidas.
- Valoración da importancia da linguaxe gráfica como forma de representar datos.

## 5. CRITERIOS DE AVALiACIÓN

Terase en conta se o alumnado:

- Utiliza espontaneamente os números naturais e palabras sinxelas relativas a comparacións e operacións (máis, menos, igual, maior, etc.), cando comunica verbalmente experiencias propias, tanto escolares como extraescolares.
- Interpreta mensaxes, relativos á vida cotiá ou á propia actividade escolar, que conteñen números e unha operación aditiva, distinguindo o papel dos termos.
- Le, escribe e compara números naturais nun contexto (en particular, con referencia aos seus propios parámetros persoais).
- Coñece o valor de posición de cada díxito.
- É quen de realizar representacións icónicas ou materiais de cantidades pequenas, e viceversa.
- Selecciona e aplica pertinentemente a operación necesaria cos datos dispoñibles, en situacións de suma que implican unión ou incremento e en situacións sinxelas de resta que implican separación ou diminución.
- Escolle un procedemento de cálculo numérico adecuado á operación aditiva que debe realizar (algoritmos de lapis e papel, cálculo mental exacto ou aproximado, etc.) e o executa con corrección.
- Realiza medicións (lonxitude, capacidade e masa) con atención, escollendo entre as unidades corporais e os instrumentos de medida dispoñibles os que mellor se axusten ao tamaño e á natureza do obxecto que se desexa medir.
- Expresa correctamente as medidas realizadas, indicando a unidade utilizada.
- Recoñece e describe, con linguaxe coloquial, formas e corpos xeométricos do contorno próximo (círculos, rectángulos, cadrados, triángulos, cubos e esferas).
- Debuxa con certa corrección as formas planas, e representa as tridimensionais con axuda de materiais diversos.
- Coñece algunhas das propiedades das formas xeométricas (redondez, simetría, etcétera) e utilízaas nas súas propias composicións utilitarias o estéticas.
- Identifica a situación dun obxecto no espazo respecto a el mesmo ou a outro obxecto fixo e visible, utilizando os termos adecuados (arriba-abaixo, diante-detrás, dentro-fóra, cerca-lonxe, esquerda-dereita).
- Describe sinxelos desprazamentos en relación cos puntos de referencia elixidos.
- Recolle información sobre fenómenos moi familiares, obtendo datos mediante sinxelas técnicas de conteo ou observación, e organízaos nunha táboa.
- Representa datos mediante un diagrama de barras e interpreta táboas e gráficas similares contextualizadas.
- Manifesta curiosidade por coñecer as distintas representacións dunha situación concreta e por outras formas de contar o de medir (reorganizando datos, usando distintos materiais e instrumentos, etc.).
- Demostra satisfacción polo progreso dos seus coñecementos matemáticos e pola autonomía que estes lle proporcionan.
- Aplica os coñecementos matemáticos a situacións e actividades lúdicas.
- Valora o esforzo invertido nas operacións matemáticas e non limita o seu interese á obtención dun resultado determinado.
- Afronta con autonomía as situacións problemáticas, sen pedir axuda ante a primeira dificultade, e non abandona as tarefas sen intentar concluílas razoablemente.
- Aprecia o que de positivo teñen os erros cometidos no ámbito do coñecemento matemático.

## 6. COMPETENCIAS

Neste Proxecto Curricular establécese a contribución das diferentes áreas do currículo ao

desenvolvemento de cada unha das oito Competencias Básicas. As competencias de Matemáticas detállanse a continuación:

**Competencia en comunicación lingüística**
- Comprender e interpretar unha información escrita e con imaxes.
- Desenvolver a comprensión e mellorar as destrezas comunicativas.
- Incorporar a linguaxe matemática á expresión habitual.
- Comprender e utilizar distintos tipos de textos: receitas, adiviñas…
- Descifrar mensaxes ocultas seguindo unhas instrucións e interpretando uns códigos.
- Comprender e utilizar distintos tipos de textos para traballar conceptos matemáticos: encrucillados, sopas de letras e adiviñas.
- Comprender e interpretar outras linguaxes.
- Incidir nos contidos asociados na descrición verbal dos razoamentos.
- Desenvolver a comprensión e mellorar as destrezas lingüísticas.
- Escoitar, expoñer e dialogar.
- Expresar pensamentos e opinións.
- Ler, comprender e interpretar información.

**Competencia no coñecemento e a interacción co mundo físico**
- Percibir o colexio como o espazo físico no que se desenvolve parte da súa vida cotiá.
- Coñecer a realidade a través dos conceptos básicos de medida.
- Comprender, analizar e interpretar a información dunha receita de cociña.
- Utilizar representacións gráficas para interpretar información.
- Incorporar habilidades para interpretar o medio que o rodea e desenvolverse con autonomía e iniciativa persoal.
- Fomentar o interese por coñecer e interpretar a información que ofrece o reloxo dixital e o reloxo analóxico.

**Competencia matemática**
- Utilizar en situacións fóra da aula os contidos estudados.
- Poñer en práctica procesos de razoamento e de desenvolvemento da atención.
- Apreciar a noción de cantidade no cotián.
- Aplicar os conceptos matemáticos aprendidos en situacións cotiás.
- Seleccionar as operacións adecuadas para resolver un problema.
- Manexar os conceptos espaciais básicos en situacións reais.
- Empregar o cálculo para resolver enigmas ou problemas.
- Fomentar o interese por expresar a información de forma numérica.
- Fomentar a curiosidade por coñecer as relacións que existen entre os números.
- Utilizar unidades de medida non convencionais na vida cotiá.
- Resolver problemas relacionados coa vida cotiá.
- Manexar adecuadamente as moedas de euro en situacións reais.
- Comprender, interpretar e realizar gráficos de barras.
- Interpretar e expresar informacións, datos e argumentacións.
- Interpretar e aplicar unha información.

**Tratamento da información e competencia dixital**
- Iniciarse no uso do ordenador.
- Nomear as partes do ordenador.

**Competencia social e cidadá**
- Utilizar as matemáticas como destreza para a convivencia e o respecto.

- Traballar en equipo, aprendendo a aceptar outros puntos de vista distintos do propio.
- Desenvolver habilidades sociais, como o diálogo e o traballo en equipo.

**Competencia cultural e artística**
- Utilizar algunhas obras de arte para traballar contidos matemáticos.
- Realizar un debuxo, seguindo unhas indicacións, e, fomentar así, a creatividade.
- Desenvolver a habilidade para construír un reloxo de cartolina, seguindo unhas instrucións.

**Competencia para aprender a aprender**
- Verbalizar o proceso seguido na aprendizaxe: reflexionar sobre que e como se aprendeu.
- Comprender, analizar e resolver problemas.
- Utilizar ferramentas matemáticas básicas para realizar calquera aprendizaxe.

**Autonomía e iniciativa persoal**
- Utilizar as matemáticas para fomentar a adquisición e a interiorización de bos hábitos.
- Saber tomar decisións ante un problema.

# ÁREA DE EDUCACIÓN ARTÍSTICA

## 1. CARACTERÍSTICAS DA ÁREA

A área de Educación Artística está integrada por formas de comprensión, expresión e representación plástica, musical e dramática, mediante as cales se comunican diversos aspectos dos mundos interior e exterior do neno e da nena.

Corresponde á Educación Artística potenciar o desenvolvemento de dúas capacidades básicas: por un lado a da percepción das representacións plásticas, musicais e dramáticas, e por outro, a da expresión de ideas e sentimentos a través delas, o que require o uso de regras, técnicas e recursos cun código propio, segundo o momento histórico e a cultura nos que se levan a cabo.

## 2. A ÁREA DE EDUCACIÓN ARTÍSTICA NO PRIMEIRO CICLO

### 2.1. Área de Expresión Plástica

A Expresión Plástica emprega as imaxes como soporte material e mediador, realizadas con instrumentos clásicos (debuxo, pintura e escultura), ou ben reproducidas por medios tecnolóxicos máis modernos (fotografía, cine, vídeo, televisión ou ordenador).

Este ciclo supón a iniciación da aprendizaxe de significados e valores estéticos, partindo da produción propia dos alumnos e das alumnas, ata chegar á apreciación e ao goce das obras artísticas. Así, neste proxecto curricular contémplanse os catro aspectos básicos que comprenden a área.

#### 2.1.1. A linguaxe plástica: a imaxe e a forma

Para lograr do alumno e da alumna destas idades a distinción entre formas naturais e artificiais, propóñense unha serie de exercicios de observación, identificación e clasificación das formas como naturais ou manipuladas, que axudan a traballar a percepción e a avaliación estética da imaxe no contorno próximo, e permiten iniciar a interpretación da linguaxe plástica e a creación gráfica libre dunha mensaxe visual.

Tamén neste ciclo se traballa con actividades de representación figurativa de ambientes e paisaxes, de organización de formas no plano e a súa adaptación ao espazo, e foméntase nos nenos e nas nenas destas idades o uso correcto dos materiais de debuxo, o esforzo por controlar o trazo en espazos acoutados, a descrición por retentiva gráfica, a identificación cromática, a precisión no recortado e punzado, así como as produción plásticas en equipo.

Con todo iso, desenvólvese a curiosidade pola tarefa proposta, a valoración da autonomía artística e o respecto ás opinións estéticas alleas.

#### 2.1.2. Elementos formais na composición plástica

Simultaneamente aos conceptos anteriores, introdúcense os alumnos e as alumnas na realización de imaxes, formas e composicións plásticas de menor a maior complexidade: dende sinxelos intentos de expresión libre con papel recortado ata a creación de texturas e composicións con arxila ou outros materiais, como témpera, pintura de dedo, plastilina ou soportes de reciclaxe.

Co emprego destes materiais no primeiro ciclo, foméntase no alumnado a súa confianza no seu manexo e nas propias posibilidades creativas en tres dimensións, a curiosidade pola experimentación de novos materiais e técnicas e a satisfacción pola utilidade do obxecto creado.

#### 2.1.3. A elaboración de imaxes

Así mesmo, no primeiro ciclo vaise traballando paulatinamente a asimilación de conceptos como punto, liña, cor, textura e forma, e a organización de composicións plásticas.

Dentro do ámbito da organización de formas na composición, a curiosidade polas mesturas e combinacións de cor e a exploración táctil de texturas traballaranse, neste ciclo, como actitudes xeradoras doutras moitas, máis complexas, como o desexo de atopar novos materiais e de probar outras técnicas que doten a composición persoal de elementos formais menos frecuentes e máis creativos.

#### 2.1.4. Artes e cultura

Neste ciclo preténdese a iniciación no coñecemento, na valoración e no respecto do patrimonio artístico, cultural e artesanal do contorno, e a constatación desa valoración na manifestación dunha actitude de interese e respecto cara a el, dentro e fóra da aula.

### 2.2. Área de Expresión Musical

A música utiliza as calidades do son, tales como intensidade, altura e duración. A dramatización combina elementos do xesto corporal, a voz, o espazo e o tempo escénico. As dúas contribúen, ao igual que a plástica, á reconstrución dos contidos da experiencia, do pensamento, da creatividade e da fantasía, manexando diferentes soportes materiais e procedementos mediadores das artes, que poden ser entendidos como linguaxes en tanto que utilizan códigos con carácter normativo e representativo propios.

Os nenos e as nenas entre os seis e os sete anos, nun paulatino proceso de desenvolvemento e control da súa actividade motora, definen e afirman a súa lateralidade e consolidan a integración do seu esquema corporal, achegando cada un deles cando chega á Educación Primaria, cunha bagaxe individual diferente en canto a vivencias, experiencias e coñecementos.

Neste proxecto, durante as primeiras sesións de traballo, as actividades centraranse en aspectos vivenciais nos que se impliquen a voz, o corpo e os instrumentos, e que apoien con naturalidade a adquisición de contidos

fundamentais (calidades do son, pulso, acento, temas e frases melódicas, etc.) que articulen o resto das aprendizaxes e conduzan á comprensión da linguaxe musical, sempre a través das composicións musicais analizadas e interpretadas.

De modo sinxelo, sentan as bases que organizan a estrutura do coñecemento musical.

O traballo con composicións musicais prepara o alumno e a alumna para a interpretación en todas as súas versións: vocal, instrumental, expresión corporal e danza, actividades que contribúen ao proceso de maduración psicofísica dos nenos e das nenas, nivelando desequilibrios e axustando o corpo para a sincronización músico-motora e integrando as achegas individuais nun traballo conxunto, de forma diferenciada e cooperativa.

Así, a expresión corporal, a psicomotricidade e a danza forman un todo integrado do que se obterán valiosos datos para a avaliación e referencias de actuación co fin de colaborar no desenvolvemento harmónico do alumnado.

En resumo, correspóndelle á Educación Artística potenciar o desenvolvemento das capacidades necesarias para a culminación de dous procesos básicos: o de percepción das representacións plásticas, musicais e dramáticas, e o de expresión de ideas e sentimentos a través delas, o que require o uso de regras, técnicas e recursos cun código propio. Por iso, e aínda que a plástica, a música e a dramatización constitúen ámbitos artísticos ben diferenciados, englóbanse nunha área común.

## 3. OBXECTIVOS

Ao finalizar o primeiro ciclo de Educación Primaria, preténdese que os alumnos e as alumnas alcancen os seguintes obxectivos:

**Obxectivos para a etapa**

1. Indagar as posibilidades do son, da imaxe, do xesto e do movemento como elementos de representación, utilizalas para expresar ideas, sentimentos e vivencias de forma persoal e autónoma en situacións de comunicación e de xogo.

**Obxectivos para o primeiro ciclo**

1.1. Reproducir as calidades do son no corpo, obxectos diversos e instrumentos.
1.2. Coñecer distintos instrumentos musicais escolares e utilizalos para realizar acompañamentos moi sinxelos de cancións e melodías.
1.3. Interiorizar secuencias rítmicas sinxelas.
1.4. Identificar algunhas calidades do son, presentes no contorno habitual, como resultado dunha exploración auditiva e lúdica.

**Obxectivos para a etapa**

2. Explorar e contrastar os seus coñecementos artísticos á observación coas características significativas das situacións e dos obxectos da realidade cotiá, intentar

seleccionar aquelas que se consideren máis útiles e axeitadas para o desenvolvemento das actividades artísticas e expresivas.

**Obxectivos para o primeiro ciclo**

2.1. Describir algunhas calidades (tamaño, forma, cor, textura, etc.) de materiais e obxectos manipulables, presentes no contorno, como resultado dunha exploración multisensorial e lúdica.
2.2. Seleccionar aquelas características que se consideren máis útiles e adecuadas para o desenvolvemento das actividades artísticas expresivas, partindo do contorno máis próximo.

**Obxectivos para a etapa**

3. Utilizar o coñecemento dos elementos plásticos, musicais e dramáticos básicos na análise de producións artísticas propias e alleas e na elaboración de producións propias, planificando os procesos de acordo cos seus contidos e coas finalidades que se pretenden conseguir.

**Obxectivos para o primeiro ciclo**

3.1. Realizar composicións gráficas cuxa elaboración poña a proba o control da psicomotricidade fina.
3.2. Experimentar as posibilidades estéticas de diferentes tipos de movementos, de xestos e de posturas.
3.3. Elaborar instrumentos musicais sinxelos utilizando diversos materiais do contorno.
3.4. Participar en danzas e en xogos dramáticos que integren nun todo articulado as distintas achegas individuais.

**Obxectivos para a etapa**

4. Expresarse e comunicarse con mensaxes diversas, utilizando para iso os códigos e as formas básicas das distintas linguaxes artísticas, así como as súas técnicas específicas.

**Obxectivos para o primeiro ciclo**

4.1. Representar a realidade próxima e situacións imaxinadas.
4.2. Utilizar a linguaxe plástica para expresar os sentimentos.
4.3. Planificar a realización plástica dunha situación vivida.
4.4. Interpretar mensaxes e ideas musicais dun modo estético.

**Obxectivos para a etapa**

5. Realizar, de forma cooperativa, producións artísticas que supoñan a asunción de papeis diferenciados e complementarios na elaboración dunha obra común.

**Obxectivos para o primeiro ciclo**

5.1. Realizar producións colectivas, cooperando na elaboración dun único produto final.
5.2. Valorar e respectar as achegas dos demais na produción dunha obra artística común.

**Obxectivos para a etapa**

6. Explorar materiais e instrumentos diversos (plásticos, musicais e dramáticos) para coñecer as súas propiedades e posibilidades de utilización con fins comunicativos e lúdicos.

   **Obxectivos para o primeiro ciclo**

   6.1. Crear e representar a través da materia.
   6.2. Explorar e utilizar materiais plásticos diversos con precisión.
   6.3. Coñecer as propiedades dalgúns materiais comúns e as súas posibilidades de utilización frecuente con fins comunicativos, lúdicos e creativos.

**Obxectivos para a etapa**

7. Utilizar a voz e o propio corpo como instrumentos de comunicación e representación plástica, musical e dramática, e contribuír con iso ao equilibrio afectivo e á relación cos outros.

   **Obxectivos para o primeiro ciclo**

   7.1. Memorizar un repertorio de cancións xestualizadas e de roda axeitadas ás súas capacidades, que lle permitan ao alumnado relacionarse cos demais.
   7.2. Interpretar cancións e melodías ao unísono, poñendo atención no carácter, na expresión, na dicción e na dinámica.
   7.3. Familiarizarse coa propia voz e co propio corpo como punto de partida da consolidación da autoimaxe, xerme da autoestima persoal, e da imaxe e estima dos demais.

**Obxectivos para a etapa**

8. Coñecer algunhas das posibilidades dos medios audiovisuais e das tecnoloxías da información e da comunicación nos que operan a imaxe e o son, e os contextos nos que se desenvolven, ser capaz de apreciar criticamente os elementos de interese expresivo e estético.

   **Obxectivos para o primeiro ciclo**

   8.1. Observar diferentes medios de comunicación do contorno cotián que utilicen a imaxe e o son e que poidan ser empregados como un recurso de educación artístico-musical, apreciar as súas calidades e as súas limitacións.
   8.2. Desenvolver progresivamente a capacidade crítica respecto á expresión e á estética dos medios de comunicación e traballo audiovisual.
   8.3. Desenvolver progresivamente a capacidade crítica respecto á expresión e estética dos medios de comunicación que utilizan a imaxe e o son.

**Obxectivos para a etapa**

9. Comprender e usar os elementos básicos da notación musical como medio de representación, expresión e coñecemento de ideas musicais propias e alleas.

   **Obxectivos para o primeiro ciclo**

   9.1. Iniciarse na lecto-escritura da linguaxe musical, con grafía tanto convencional como non convencional.

9.2. Confiar no valor comunicador das diversas grafías da linguaxe musical.

**Obxectivos para a etapa**

10. Potenciar a experimentación, a libre expresión e a orixinalidade como medio para conseguir o desenvolvemento das capacidades creativas e artísticas.

**Obxectivos para o primeiro ciclo**

10.1. Iniciarse na experimentación e na libre expresión como medios de desenvolvemento creativo.
10.2. Secuenciar progresivamente o proceso que vai dende a idea orixinal ata o resultado final.

**Obxectivos para a etapa**

11. Ter confianza na elaboración artística propia, gozar da súa realización e apreciar a súa contribución ao goce e ao benestar persoal.

**Obxectivos para o primeiro ciclo**

11.1. Mostrar confianza nas propias capacidades creativas.
11.2. Gozar realizando creacións artísticas propias.

**Obxectivos para a etapa**

12. Coñecer e respectar as principais manifestacións artísticas do contorno e da súa comunidade autónoma, así como os elementos e as profesións dos ámbitos artísticos máis destacados do patrimonio cultural e artístico, desenvolver criterios propios de avaliación.

**Obxectivos para o primeiro ciclo**

12.1. Gozar das obras de arte que ofrece o contorno cotián.
12.2. Coñecer algúns elementos moi destacados do patrimonio cultural.
12.3. Iniciarse no coñecemento dos costumes populares a través das cancións tradicionais.
12.4. Desenvolver a sensibilidade e o gusto por todo o belo e creativo que nos achegan outras culturas.

## 4. CONTIDOS

Os contidos propostos para este ciclo, na área de Educación Artística, son os seguintes:

### 4.1. Área de Expresión Plástica

PRIMEIRO CURSO

**1. As formas e a súa articulación**

- A liña.

- Liña recta: horizontal, vertical inclinada, articulada aberta, articulada pechada, formas xeométricas básicas.
- Series de repetición.
- Liña curva: aberta, pechada, formas circulares.
- Liña curva a man alzada.
- Modulación da liña.
- A cor: primarias e mesturas.
- Cor obxectiva.
- Cor subxectiva.
- Recoñecemento de formas habituais no contorno próximo.
- Observación e clasificación de formas naturais e formas artificiais.
- Inicio e desenvolvemento progresivo da lectura de imaxes cotiás.
- Elaboración gráfica dunha mensaxe a través de imaxes.
- Observación da importancia da cor nas imaxes.
- Interpretación de signos e símbolos convencionais sinxelos.

### 2. A elaboración de imaxes no plano. O espazo. O volume

- O tamaño, a proporción e o espazo.
- Análise do espazo compositivo.
- A simetría: o obxecto simétrico.
- A cor: diferenza de ton, textura visual, textura táctil.
- Representación do volume no plano.
- Análise de espazo próximo e das formas máis coñecidas (arriba-abaixo, diante-detrás, preto-lonxe, grande-mediano-pequeno, liso-rugoso, fino-groso, etc.).
- Coordinación da cor e da forma.
- Estruturación dos diferentes elementos da composición que se desexa, no espazo, en función da forma, etc.
- Análise, distribución e exploración cromática (combinacións, mesturas, contrastes de cor, etc.).
- Exploración táctil e visual de diferentes texturas.
- Utilización de diferentes elementos, materiais e recursos para a planificación e realización da composición plástica e visual.
- Representación da propia imaxe a través de diversas técnicas de composición plástica.
- Representación de narracións de feitos cotiáns a través de composicións plásticas.
- Utilización do punto, da liña e da forma axeitados ao espazo cadrado.
- Representación e experimentación das posibilidades expresivas da liña.

### 3. A linguaxe visual. Arte e cultura

- Asociación de imaxes.
- Identificación de imaxes do contorno.
- O símbolo, o signo.
- O pictograma.
- A linguaxe táctil.
- Identificación de sinais.
- O tempo: a imaxe secuencial.
- Representación bidimensional do tecido.
- Deseño téxtil.

- Modelado en plastilina.
- Asistencia a exposicións, representacións musicais e dramatizacións (monicreques, escenificación de contos, etc.) e comentario das impresións que causaron no alumnado.
- Participación nas festas populares e nos actos artísticos do barrio e da localidade.
- Integración de actividades artísticas colectivas no centro escolar.
- Realización de gravacións de actividades artísticas para a súa posterior reprodución.
- Utilización da radio, da televisión, etc., para o goce das actividades artísticas.
- Interpretación de obras artísticas do contorno.
- Busca de información sobre actividades artísticas do contorno.

SEGUNDO CURSO

### 1. As formas e a súa articulación

- O punto. A liña: valores expresivos e compositivos.
- A liña recta cruzada: en cruz e en aspa.
- A liña recta: relación de tamaños.
- A liña curva en elementos naturais.
- A liña configuradora de formas.
- Liña fina e liña grosa.
- Cadrado e rectángulo.
- Descomposición de formas.
- A cor: función expresiva e función representativa.
- Cor: fría e quente, primarias e mesturas.
- Recoñecemento de formas habituais no contorno próximo.
- Observación e clasificación de formas naturais e formas artificiais.
- Inicio e desenvolvemento progresivo da lectura de imaxes cotiás.
- Elaboración gráfica dunha mensaxe a través de imaxes.
- Observación da importancia da cor nas imaxes.
- Interpretación de signos e símbolos convencionais sinxelos.

### 2. A elaboración de imaxes no plano. O espazo. O volume

- O espazo compositivo: preto-lonxe, enriba-debaixo, diante-detrás.
- Texturas visual e táctil.
- Relación da cor.
- Representación do espazo.
- A simetría: axial vertical, axial horizontal.
- Imaxe especular.
- A luz: configuradora de formas e volumes.
- Translacións e rotacións.
- Imaxes bi- e tridimensionais.
- Análise de espazo próximo e das formas máis coñecidas (arriba-abaixo, diante-detrás, preto-lonxe, grande-mediano-pequeno, liso-rugoso, fino-groso, etc.).
- Coordinación da cor e da forma.
- Estruturación dos diferentes elementos da composición que se desexa, no espazo, en función da forma, etc.

- Análise, distribución e exploración cromática (combinacións, mesturas, contrastes de cor, etc.).
- Exploración táctil e visual de diferentes texturas.
- Utilización de diferentes elementos, materiais e recursos para a planificación e realización da composición plástica e visual.
- Representación da propia imaxe a través de diversas técnicas de composición plástica.
- Representación de narracións de feitos cotiáns a través de composicións plásticas.
- Utilización do punto, da liña e da forma axeitados ao espazo cadrado.
- Representación e experimentación das posibilidades expresivas da liña.

**3. A linguaxe visual. Arte e cultura**

- A cor: mestura aditiva, contraste simultáneo.
- Técnica subtractiva de aplicación de cor e creación de texturas.
- Contraste branco-negro.
- Técnica mixta: magro-graxo.
- Imaxe: transcrición da linguaxe icónica ao verbal.
- Representación do movemento.
- O módulo, a multiplicidade, a disposición do espazo na escultura.
- Asistencia a exposicións, representacións musicais e dramatizacións (monicreques, escenificación de contos, etc.) e comentario das impresións que causaron no alumnado.
- Participación nas festas populares e nos actos artísticos do barrio e da localidade.
- Integración de actividades artísticas colectivas no centro escolar.
- Realización de gravacións de actividades artísticas para a súa posterior reprodución.
- Utilización da radio, da televisión, etc., para o goce das actividades artísticas.
- Interpretación de obras artísticas do contorno.
- Busca de información sobre actividades artísticas do contorno.

## 4.2. Área de Expresión Musical

PRIMEIRO CURSO

I. BLOQUE PERCEPTIVO

**1. ESCOITA**

**O oído**

- O silencio como condición cualitativa indispensable de toda audición.
- Sons de dentro e de fóra da aula.
- Calidades do son: altura, intensidade, timbre e duración.
- Recoñecemento do timbre dende os instrumentos de pequena percusión.
- Audicións dende o contorno máis próximo.

- Audición interior.
- Recoñecemento do timbre a través de sons da casa, da rúa e do colexio.
- Recoñecemento de sons da natureza.
- Ditados rítmicos, de duracións e de alturas.
- Recoñecemento auditivo do *Pizzicato*.
- Audición de pequenas pezas musicais ou fragmentos sinxelos de obras maiores con recoñecemento dos seus elementos formais básicos.

**Grafías musicais**

- Descubrimento dos elementos musicais básicos de calquera composición, dunha forma sinxela e lúdica: ritmo, melodía, harmonía e forma.
- Utilización de diferentes linguaxes para a comunicación musical: sons e danzas.
- Grafías non convencionais para música, teatro e danza.
- Representación dos elementos musicais básicos de calquera composición musical con grafías tanto convencionais como non convencionais, dunha forma experiencial que desenvolva a intuición como proceso perceptivo de aprendizaxe.
- Formas musicais menores: rondó, bipartita, ostinato.
- Interpretación dun musicograma convencional sobre sons de animais.
- Percepción das calidades de sons dende grafías non convencionais encamiñadas a iso.
- O signo de repetición ":"
- Inicio da lecto-escritura dirixida da linguaxe musical.

**Cultura musical**

- Iniciación ao recoñecemento dos estilos musicais doutras culturas.
- Recoñecemento do nome de instrumentos dende a súa fotografía, o seu debuxo ou a mímica no modo de tocalos.
- Distinción das agrupacións instrumentais da pequena percusión: madeira, metal e membrana.
- Descrición de sons atendendo ás súas calidades, como marco descritivo.

II. BLOQUE EXPRESIVO

## 2. INTERPRETACIÓN E CREACIÓN

**A voz**

- Exploración das posibilidades expresivas da voz: respiración, relaxación, emisión articulación, fraseo, inflexións, prosodias, entoación musical.
- Interpretación de cancións, rimas, rondós, trabalinguas e panxoliñas.
- Aproximación activa á música vocal doutras culturas.
- Articulación de sons onomatopeicos de animais, máquinas...
- Interpretación vocal dende musicogramas non convencionais.
- Emisión simultánea de prosodias con dúas alturas tonais.
- Polirritmias vocais.
- Iniciación á lectura de diferentes ritmos apoiada na prosodia vocal.
- Imitación de sons da natureza.

- Achegamento á comprensión das posibilidades expresivas da voz.
- Interpretación dun repertorio de cancións con intervalos melódicos curtos, ritmos sinxelos, tesitura axeitada e que faciliten as relacións interpersoais dende un traballo cooperativo e complementario.
- Práctica de vocalizacións e xogos de entoación.
- Improvisacións vocais individuais, colectivas e en cadea.

**O corpo**

- Desenvolvemento espacial a través do movemento e do trazo gráfico.
- O corpo propio como fundamento do movemento rítmico e da danza dende a experiencia e a técnica expresiva de Rudolf Laban: muro, frecha, parafuso e bóla. De forma individual.
- O propio corpo en movemento rítmico e de danza en relación cos doutros.
- O corpo como instrumento de percusión: percusión corporal.
- Percusión corporal: improvisación e interpretación de esquemas previos.
- Interpretación de cancións de roda e danzas sinxelas que non esixan unha lateralidade perfectamente definida.
- Aprendizaxe en eco de diferentes danzas.
- Experimentación do control tónico-postural e do equilibrio estático e dinámico.
- Coordinación rítmico-motora individual e colectiva, asociada e disociada: visomanual, visoespacial, dinámica xeral.
- Práctica de exercicios de afianzamento da lateralidade e de coordinación xeral, específica e segmentaria.
- Exploración do tempo, do espazo e da comunicación total a través da mímica.
- Interpretación de movementos rítmicos e musicais con improvisación dirixida e non dirixida de xestos, posturas e desprazamentos.
- Elaboración de sinxelas coreografías en momentos moi contextualizados.
- Conexión con actividades que integren a voz e o movemento simultaneamente.
- Práctica de xogos populares cotiáns, de invención ou doutros lugares e doutras culturas.

**Os instrumentos**

- Análise e utilización das posibilidades sonoras dos instrumentos de pequena percusión.
- Acompañamento instrumental do repertorio de cancións.
- Dominio do control postural máis adecuado para tocar os instrumentos utilizados na clase.
- Diferenciación de timbres cunha finalidade expresiva, dentro da interpretación de pezas sinxelas.
- Sinestesia de sons de animais interpretados con instrumentos musicais e obxectos caseiros de uso cotián.
- Diferenza de duración entre a percusión de madeira e de metal e posteriormente de membrana.
- Construción de instrumentos sinxelos.
- Instrumentación sinxela de textos, danzas e dramatizacións, como efectos especiais.

SEGUNDO CURSO

I. BLOQUE PERCEPTIVO

## 1. ESCOITA

### O oído

- Audición e recoñecemento de sons do mar.
- As calidades do son relacionadas co medio mariño e as máquinas.
- Recoñecemento dos sons sol e mi dende ditados con diferentes instrumentos.
- Descrición das sonoridades de diferentes tipos de percusión corporal.
- Audicións didácticas de obras musicais populares e de autor.
- Execución de diferentes contextos sonoros como marco ambiental para unha representación ou unha evocación.
- Distinción do timbre nos metalófonos e nos xilófonos.
- Ditados: rítmicos, de alturas e de duracións.
- O silencio como condición cualitativa indispensable de toda audición.
- Calidades do son: altura, intensidade, timbre e duración.
- Audición de pequenas pezas musicais ou fragmentos sinxelos de obras maiores con recoñecemento dos seus elementos formais básicos.

### Grafías musicais

- Forma musical: AB-AB-AB (bipartita).
- Exposición sensorial do ritmo ternario.
- Lectura rítmica con instrumentos e con voz.
- Invención de propostas rítmicas.
- As calidades do son a través da linguaxe musical non convencional.
- Notas sol, mi e a con onomatopeas.
- Partituras non convencionais: representación e escrituras.
- Grafías non convencionais: negra, corchea e branca cos seus respectivos silencios.
- Relación entre o tamaño dun instrumento e a súa altura musical: canto máis grande máis grave e canto máis pequeno máis agudo.
- Notas sol e mi con duracións determinadas de antemán.
- Diversas lecturas de grafías convencionais.
- Reprodución de unidades musicais sinxelas: ostinatos, fórmulas rítmicas, melodías, etc.
- Recoñecemento e interpretación do ritmo nunha melodía sinxela.
- Lectura rítmica de palabras e de textos.
- Iniciación da lecto-escritura dirixida da linguaxe musical.

### Cultura musical

- Aproximación ás familias instrumentais: recoñecemento.
- Práctica de xogos populares cotiáns, de invención ou doutros lugares e culturas.
- Diferentes instrumentos populares e actuais das tres familias instrumentais.
- Folclore popular español, especialmente da comunidade autónoma de residencia.
- Achegamento ao folclore artístico musical doutras culturas presentes no propio ámbito escolar.

II. BLOQUE EXPRESIVO

## 2. INTERPRETACIÓN E CREACIÓN

### A voz

- Exploración das posibilidades expresivas da voz: respiración, relaxación, emisión articulación, fraseo, inflexións, prosodias, ton musical.
- Práctica de vocalizacións e xogos de ton.
- Interpretación de diferentes ritmos a través da prosodia.
- Interpretación de cancións con intervalos melódicos curtos, ritmos sinxelos, tesitura axeitada e que faciliten as relacións interpersoais.
- Práctica de vocalizacións e de xogos de ton e fraseo.
- Improvisacións vocais individuais, colectivas e en cadea: sons onomatopeico, ritmos prosódicos...
- Aproximación activa á música vocal doutras culturas.
- Emisión simultánea de prosodias con dúas alturas tonais.
- Interpretación de esquemas rítmicos coa voz.
- Timbre e altura con onomatopeas.

### O corpo

- Fononimias das notas sol e mi.
- Imitación corporal de diversos elementos do medio mariño.
- Percusión corporal con maior precisión rítmica e locativa dentro do esquema corporal.
- Imitación de diversas máquinas: con sons e con expresión corporal.
- Danzas, xogos e dramatizacións.
- Xogo dramático con marionetas.
- Representación de escenas da vida cotiá con fondo musical.
- Dominio do control postural para o toque de diversos instrumentos.
- Emisión de sons corporais pola frotación das palmas das mans.
- Combinación motora entre a respiración, a relaxación e a coordinación en si mesmo e cos demais.
- Experimentación do control tónico-postural e do equilibrio estático e dinámico.
- Coordinación rítmico-motora en axuste espontáneo e dirixido de diferentes compases e ritmos.
- Experimentación da proposta dinámica de Rudolf Laban: muro, frecha, parafuso e bóla.
- Elaboración de coreografías sinxelas.
- Interpretación de coreografías sinxelas.
- Conexión das actividades vocais e corporais: canto espontáneo e improvisacións sonoras acompañando o movemento.
- Práctica de xogos populares cotiáns, de invención ou doutros lugares e culturas.

### Os instrumentos

- Instrumentación de escenas mariñas.
- Acompañamento instrumental de cancións e vilancicos.

- Iniciación á percusión con baquetas.
- Acompañamento instrumental e corporal.
- Improvisacións con láminas en tonalidade pentatónica de DO maior.
- Utilización do corpo como instrumento musical básico.
- Coordinación rítmica sinxela da interpretación tocando un instrumento.
- Instrumentación sinxela de textos, danzas e dramatizacións.
- Práctica de exercicios de afianzamento da lateralidade e de coordinación xeral, específica e segmentaria.

## 5. CRITERIOS DE AVALIACIÓN

Determinarase se o alumno e a alumna:

- Describe algunhas calidades (tamaño, forma, cor, peso, textura) de materiais e obxectos manipulables presentes no ámbito, como resultado dunha exploración multisensorial lúdica.
- Realiza composicións gráficas a elaboración das cales requira o control da motricidad fina.
- Representa por medio dunha secuencia curta de imaxes (antes, agora, despois) personaxes ou accións familiares e significativas para el.
- Identifica algunhas calidades do son presentes no medio (obxectos sonoros, instrumentos musicais, son do ambiente, etc.), como resultado dunha exploración multisensorial lúdica.
- Mostra unha actitude coherente ante o silencio, segundo os diferentes contextos e situacións.
- Interpreta cancións e melodías sinxelas ao unísono e pon atención no carácter, a expresión, a dicción e a dinámica.
- Segue o ritmo musical coa voz e ápoiase en movementos ou utiliza algún instrumento de percusión de doado manexo (pandero, cascabeis, caixa chinesa, claves, etc.).
- Responde corporalmente a percepcións auditivas e visuais recibidas do ámbito.
- Representa diferentes roles e situacións da vida cotiá mediante o xogo colectivo, utilizando os recursos expresivos do corpo (xestos, actitudes e movementos).
- Utiliza os recursos expresivos do corpo, os obxectos, a luz e o son para representar personaxes e situacións dramáticas sinxelas e para comunicar ideas, sentimentos e vivencias.
- Identifica algún dos elementos básicos do xogo dramático (personaxes, trama, espazo e tempo) e realiza improvisacións a partir deles.
- Imita, mediante pantomima, a personaxes ou accións cotiás, incorporando á representación ruídos e onomatopeas e adecuando o ritmo dos movementos ás características do personaxe ou acción representados.
- Utiliza algúns recursos dramáticos e expresivos básicos (monicreques, marionetas, teatro de sombras, etc.) na realización de representacións colectivas xunto a outros compañeiros.
- Realiza individualmente ou en grupo producións artísticas sinxelas onde se integran as diferentes linguaxes artísticas e expresivas (corporal, plástico, icónico e musical).
- Comenta as súas impresións sobre algunha das manifestacións artísticas ás que o alumno e a alumna teñen acceso, relacionando os elementos presentes na obra coa experiencia e os gustos persoais.

## 6. COMPETENCIAS

Neste Proxecto Curricular establécese a contribución das diferentes áreas do currículo ao desenvolvemento de cada unha das oito Competencias Básicas. As competencias de Educación Artística, detállanse a continuación:

**Competencia en comunicación lingüística**
- Valorar a obra artística.
- Buscar a orixinalidade narrativa e formal.
- Obter información relevante e suficiente a partir da observación.
- Describir procesos de traballo e argumentación de solucións.
- Desenvolver capacidades relacionadas coa fala, como a respiración, a dicción e a articulación.
- Adquirir un vocabulario específico da área.
- Xerar intercambios comunicativos.

**Competencia no coñecemento e a interacción co mundo físico**
- Aproveitar a información xestual ofrecida polo contorno humano e modélico.
- Utilizar con fruición as técnicas plásticas.
- Explorar de maneira sensorial os espazos.
- Tomar conciencia da importancia de contribuír a preservar un contorno físico agradable e saudable.
- Utilizar o medio como pretexto para a creación artística.
- Mostrar actitudes de respecto cara aos demais e cara a un mesmo.
- Apreciar o contorno a través de cores, formas, sons, texturas, etc., presentes na natureza e nas obras realizadas polo home.

**Competencia matemática**
- Representar xeometricamente os esquemas de debuxo e as formas de seres e obxectos cotiáns.
- Poñer en práctica procesos de razoamento e identificar a validez destes.
- Valorar o grao de certeza dos resultados derivados do razoamento.
- Seleccionar as técnicas adecuadas para calcular os pulsos.

**Tratamento da información e competencia dixital**
- Transmitir información mediante técnicas plásticas.
- Analizar a imaxe e a mensaxe que transmite.
- Usar a tecnoloxía para o tratamento de imaxes visuais.
- Analizar a imaxe, o son e as mensaxes que estes transmiten.
- Buscar, seleccionar e intercambiar información sobre manifestacións artísticas para o seu coñecemento e goce.
- Usar a tecnoloxía para mostrar procesos relacionados coa música e coas artes visuais.

**Competencia social e cidadá**
- Indagar e planificar procesos.
- Coidar e conservar materiais e instrumentos.
- Ter flexibilidade ante un mesmo suposto.
- Traballar en equipo cooperando e asumindo responsabilidades.
- Aplicar técnicas concretas e utilizar os espazos de maneira apropiada.
- Seguir as normas e as instrucións dadas.

- Expresarse buscando o acordo con actitude de respecto, de aceptación e de entendemento.

**Competencia cultural e artística**
- Ter interese polo coñecemento dos materiais.
- Experimentar con técnicas e materiais.
- Explorar os materiais cromáticos e gozar cos resultados obtidos.
- Intercambiar información sobre imaxes de calquera época e cultura.
- Representar formas presentes no espazo natural.
- Coñecer diferentes códigos artísticos e utilizar as técnicas e os recursos que lles son propios.
- Facilitar a expresión e a comunicación.
- Coñecer, valorar e manter unha actitude crítica ante as manifestacións culturais e artísticas.
- Promover a iniciativa, a imaxinación e a creatividade.
- Apoiar e apreciar as iniciativas e as contribucións alleas.

**Competencia para aprender a aprender**
- Ter curiosidade respecto do resultado final dunha actividade manipulativa.
- Valorar o potencial creativo contido nas formas sinxelas.
- Indagar e planificar procesos.
- Esforzarse por alcanzar resultados orixinais.
- Reflexionar sobre o proceso de iluminación.
- Observar co obxecto de adquirir información relevante e suficiente.
- Reflexionar sobre os procesos na manipulación de obxectos, a experimentación con técnicas e materiais e a exploración sensorial de sons, texturas, formas e espazos.
- Utilizar os coñecementos adquiridos en situacións diferentes.

**Autonomía e iniciativa persoal**
- Manipular materiais e adquirir bagaxe plástica expresiva.
- Experimentar e gozar co uso de técnicas e materiais.
- Desenvolver iniciativas e solucións diversas.
- Favorecer a creatividade levando a cabo iniciativas e barallando diferentes posibilidades.
- Fomentar a orixinalidade e a busca de novas formas innovadoras no proceso creativo.
- Elixir os recursos tendo en conta a intencionalidade expresiva do que se desexa lograr.
- Planificar o proceso creativo e esforzarse por alcanzar resultados orixinais.
- Adquirir coñecementos e buscar solucións a partir da exploración e da indagación.

# ÁREA DE EDUCACIÓN FÍSICA

## 1. CARACTERÍSTICAS DA ÁREA

A área de Educación Física está orientada ao desenvolvemento das capacidades e habilidades do corpo, co obxectivo de aumentar e perfeccionar as súas posibilidades de movemento, afondando no coñecemento e dominio da conduta motora, como axente activo do comportamento humano; conduta que depende de tres variables fundamentais: o propio corpo, o espazo e o tempo.

De maneira que o corpo e o movemento, no espazo e o tempo, constitúen os eixes básicos da acción educativa nesta área. O corpo, como posibilitador de vivencias lúdicas e de comunicación dirixidas á aceptación do propio corpo, a melloralo e a utilizalo convenientemente. O movemento, como instrumento de relación e participación, posibilita e desenvolve o coñecemento, mellora e incrementa a funcionalidade anatómica, facilita a comunicación, conserva e mellora a saúde, o estado físico e psíquico, potencia a autoestima e o interese pola superación, e compensa o sedentarismo e as restricións habituais do medio.

Desde esta perspectiva, a Educación Física educa o corpo, pero tamén forma o carácter, fortifica a personalidade, contribúe ao desenvolvemento de actitudes de solidariedade, etc.

En función diso, convén ter presente que os alumnos e as alumnas, na etapa de Educación Primaria, teñen unha visión totalizadora da realidade, polo que as actividades e os contidos deben estar contextualizados na súa propia experiencia de maneira que poidan establecer relacións significativas entre o que saben e o que van aprendendo.

Neste ciclo, o bloque de contidos máis importante é o que corresponde á estruturación do esquema corporal, é dicir, a toma de conciencia sobre o corpo (eixe corporal e diferentes segmentos), en repouso e en movemento, en relación co espazo que nos rodea. Os elementos básicos que conforman o esquema corporal son: control tónico-postural, relaxación, respiración, percepción espacial, temporal e espazo-temporal, ademais do afianzamento do proceso de lateralización.

Esta estruturación permítelles aumentar progresivamente a competencia motora, construíndo o seu esquema corporal en interacción co espazo, co tempo, co movemento propio e co dos outros.

Para conseguir este coñecemento da estruturación corporal, deberanse consolidar os conceptos topolóxicos básicos, situar estas nocións tanto no espazo inmediato como respecto a si mesmo, aos demais e aos obxectos, e adecuar o movemento corporal aos elementos rítmicos e temporais.

Deberase facilitar, polo tanto, o desenvolvemento das súas habilidades básicas e a adquisición de esquemas motores novos, mediante a diversidade de estímulos externos e o fomento da súa capacidade perceptiva.

## 2. OBXECTIVOS

Preténdese que o alumnado alcance, ao finalizar o primeiro ciclo de Educación Primaria, os seguintes obxectivos:

**Obxectivos para a etapa**

1. Coñecer e valorar o propio corpo e a actividade física como medio de exploración e gozo das posibilidades motoras, de relación con outras persoas, de interacción co medio e como recurso para organizar o tempo libre e posibilitar unha mellor calidade de vida, fomentando o respecto e a aceptación da propia identidade física.

**Obxectivos para o primeiro ciclo**

1.1. Recoñecer cada unha das partes do corpo e o seu carácter global.
1.2. Interiorizar a mobilidade, tanto do eixe corporal como dos diferentes segmentos en posicións diferentes.
1.3. Incrementar o coñecemento das posibilidades corporais, e desenvolvelas e enriquecelas en función das relacións cos demais e co contorno.
1.4. Consolidar a lateralidade.
1.5. Valorar o propio corpo e a actividade física.

**Obxectivos para a etapa**

2. Adoptar hábitos de hixiene, de alimentación, posturais e de exercicio físico, comprendendo os factores que os determinan e relacionando estes hábitos cos seus efectos sobre a saúde, ademais de manifestar unha actitude responsable cara ao propio corpo e de respecto ás demais persoas.

**Obxectivos para o primeiro ciclo**

2.1. Desenvolver as posibilidades de control postural e respiratorio.
2.2. Progresar na consolidación de hábitos hixiénicos, alimentarios, posturais, de exercicio físico e saudables en xeral.
2.3. Desenvolver unha actitude responsable cara ao propio corpo e cara ao dos demais.

**Obxectivos para a etapa**

3. Utilizar as capacidades físicas básicas, as destrezas motoras e o coñecemento da estrutura e o funcionamento do corpo para a actividade física e para adaptar o movemento ás circunstancias e condicións de cada situación.

**Obxectivos para o primeiro ciclo**

3.1. Adecuar o propio movemento no espazo en función do movemento colectivo.
3.2. Sincronizar o movemento corporal con estruturas rítmicas sinxelas e colectivas.

**Obxectivos para a etapa**

4. Resolver problemas que esixan o dominio de patróns motores básicos, adecuándose a estímulos perceptivos e seleccionando os movementos logo de avaliación das súas posibilidades.

**Obxectivos para o primeiro ciclo**

4.1. Tomar conciencia do espazo no que se vive, desprazarse por el en todas as direccións e utilizando nocións topolóxicas básicas.
4.2. Percibir con precisión as distancias e os obstáculos en percorridos cada vez mais complexos.

**Obxectivos para a etapa**

5. Regular e dosificar o esforzo, chegando a un nivel de autoesixencia acorde coas súas posibilidades e coa natureza da tarefa que se realiza, e utilizalo como criterio fundamental de valoración do esforzo e a calidade do movemento, e non do resultado obtido.

**Obxectivos para o primeiro ciclo**

5.1. Valorar o interese e o esforzo persoal por encima do éxito ou dos resultados obtidos.
5.2. Dosificar o esforzo a teor da natureza da tarefa que se realiza.
5.3. Participar con agrado na actividade física, independentemente da súa capacidade.

**Obxectivos para a etapa**

6. Utilizar os recursos expresivos do corpo e do movemento para comunicar sensacións, ideas e estados de ánimo, e comprender mensaxes expresadas deste modo.

**Obxectivos para o primeiro ciclo**

6.1. Desenvolver a creatividade interpretativa mediante a actividade física e a expresión corporal.
6.2. Reproducir estruturas rítmicas a través do movemento corporal.
6.3. Mostrar a desinhibición e a seguridade en si mesmo, necesarias para expresarse corporalmente.

**Obxectivos para a etapa**

7. Participar en xogos e actividades físicas establecendo relacións equilibradas e construtivas co grupo, aceptando as limitacións propias e as alleas, valorando a riqueza das diferenzas persoais e evitando a discriminación en función de características persoais, sexuais e sociais, así como os comportamentos agresivos e as actitudes violentas nas actividades deportivas e competicións.

**Obxectivos para o primeiro ciclo**

7.1. Participar en xogos e actividades físicas colectivas.
7.2. Relacionarse cos demais, compartir xogos e actividades físicas, e respectar as normas e regras que os rexen.
7.3. Evitar comportamentos agresivos e actitudes violentas nos xogos e nas actividades físicas competitivas.

**Obxectivos para a etapa**

8. Coñecer e valorar diferentes formas de actividades físicas e deportivas, e os contornos en que se desenvolven, participando na súa conservación e mellora.

**Obxectivos para o primeiro ciclo**

8.1. Participar en actividades físicas e deportivas organizadas no centro.

8.2. Utilizar de forma adecuada e respectuosa o material co que se realizan as actividades físicas e deportivas, coidar o espazo onde se desenvolven.

8.3. Coñecer e practicar actividades físicas do seu contorno habitual.

## 3. CONTIDOS

Os contidos que propomos para este ciclo, na área de Educación Física, son os seguintes:

PRIMEIRO CURSO

- Partes do corpo.
- Dereita e esquerda respecto a si mesmo (lateralidade).
- Características corporais e morfolóxicas básicas.
- Partes do corpo implicadas nas accións de movemento.
- Relacións topolóxicas básicas.
- Distancia e posición referidas ao propio alumno e á propia alumna.
- Distancia e posición referidas a un obxecto.
- Hixiene persoal: materiais e procedementos necesarios.
- O salto.
- O xiro.
- Formas de desprazamento con saltos e xiros.
- Sentido do desprazamento.
- O xogo.
- Aplicación de forza para o transporte de obxectos.
- Diferentes posibilidades dimensionais do corpo humano.
- Posibilidades dimensionais de distintos materiais.
- Alimentación sa e equilibrada. A dieta.
- O xesto como movemento.
- O ritmo e o movemento natural.
- Linguaxe expresiva corporal e linguaxe musical: a súa relación.
- Dramatización e danzas.
- O xogo: xogo libre e xogo organizado.
- As regras e a súa aplicación no xogo organizado.
- Xogos populares e tradicionais.
- Cooperación entre participantes no xogo.
- Percepción, identificación e representación do propio corpo, e afirmación da lateralidade.
- Experimentación e toma de conciencia da mobilidade do eixe corporal, tendo en conta o ton muscular en diferentes posturas.
- Coordinación dinámica global en desprazamentos e xiros.
- Experimentación do equilibrio estático e do dinámico.
- Adecuación da actividade física ás posibilidades persoais de cada alumno ou alumna.

  - Posta en práctica de normas básicas de hixiene corporal.
  - Afianzamento da conduta neuromotora.
  - Utilización das habilidades motoras básicas, con seguridade e autonomía en diferentes situacións habituais.
  - Planificación da conduta motora previa á acción.
  - Coordinación progresiva dos movementos globais en espazos habituais.
  - Destreza na manipulación de obxectos coñecidos.
  - Realización de xogos e actividades recreativas, así como de xogos populares do seu contorno.
  - Práctica de xogos libres e organizados respectando as regras.
  - Práctica de xogos nos que se utilicen, fundamentalmente, os desprazamentos e as habilidades motoras básicas.
  - Utilización correcta de espazos e materiais para a actividade física.
  - Experimentación e exploración das posibilidades e dos recursos comunicativos do corpo a partir de movementos rítmicos.
  - Utilización do xesto e do movemento para a comunicación e a representación.
  - Coordinación do movemento con ritmos sinxelos, explorando as súas calidades.
  - Expresión libre a través do baile.
  - Elaboración de mensaxes sinxelas a través de xestos e movementos.
  - Respecto cara ao seu propio corpo.
  - Valoración e aceptación das posibilidades do propio corpo e do dos demais.
  - Desenvolvemento da confianza en si mesmo e da autonomía persoal.
- Adquisición progresiva de hábitos de hixiene e de seguridade na actividade física.
  - Reforzo da autoestima.
  - Confianza e autonomía das accións motoras en diversas situacións e nos medios coñecidos.
  - Conciencia e valoración da actividade motora ben executada.
- Valoración do esforzo en si mesmo, independentemente do resultado obtido na execución dunha actividade física de tipo competitivo.
  - Participación cooperativa en diversas actividades motoras.
  - Participación e cooperación nos xogos, aceptando as normas e respectando os demais.
  - Valoración dos xogos e da participación e colaboración de todos.
  - Participación, interese e espontaneidade en situacións nas que se requira a libre expresión do corpo.
  - Interese por mellorar e aumentar as calidades expresivas e comunicativas do corpo.

SEGUNDO CURSO

  - Partes do corpo.
  - Dereita e esquerda respecto a si mesmo (lateralidade).
  - Características corporais e morfolóxicas básicas.
  - Partes do corpo implicadas nas accións de movemento.
  - Tamaños.
  - Segmentos corporais.
  - Segmento corporal dominante.
  - Postura e equilibrio.
  - Conciencia postural.
  - Relacións topolóxicas referidas ao propio corpo.

- Espazo e distancia.
- O corpo como instrumento de medida.
- Orientación no espazo.
- Educación viaria.
- Acciones motoras relacionadas co movemento.
- Asociación de diferentes segmentos corporais coas accións que realizan.
- Aptitude e habilidade na execución de movementos.
- Formas de desprazamento.
- Dirección, posición, velocidade.
- O salto.
- O xiro.
- Circuíto de actividades físicas.
- Aparellos para realizar actividades físicas.
- Actividade física e resposta cardíaca.
- O xesto como movemento.
- O ritmo e o movemento natural.
- Linguaxe expresiva corporal e linguaxe musical: a súa relación.
- O xogo: xogo libre e xogo organizado.
- As regras e a súa aplicación no xogo organizado.
- Xogos populares e tradicionais.
- Xogos rítmicos.
- Xogos para orientarse.
- Xogos en equipo.
- Posibilidades motoras en relación cos xogos.
- Cooperación entre participantes no xogo.
- Dramatizacións e danzas.
- Percepción, identificación e representación do propio corpo, e afirmación da lateralidade.
- Experimentación e toma de conciencia da mobilidade do eixe corporal, tendo en conta o ton muscular en diferentes posturas.
- Afirmación do control postural.
- Coordinación dinámica global en desprazamentos e xiros.
- Experimentación do equilibrio estático e do dinámico.
- Adecuación da actividade física ás posibilidades persoais de cada alumno ou alumna.
- Posta en práctica de normas básicas de hixiene corporal.
- Adopción de medidas básicas de seguridade na práctica de actividades físicas.
- Afianzamento da conduta neuromotora.
- Utilización das habilidades motoras básicas, con seguridade e autonomía en diferentes situacións habituais.
- Planificación da conduta motora previa á acción.
- Coordinación progresiva dos movementos globais en espazos habituais.
- Destreza na manipulación de obxectos coñecidos.
- Realización de xogos e actividades recreativas, así como de xogos populares do seu contorno.
- Práctica de xogos libres e organizados respectando as regras.
- Práctica de xogos nos que se utilicen, fundamentalmente, os desprazamentos e as habilidades motoras básicas.
- Utilización correcta de espazos e materiais para a actividade física.
- Experimentación e exploración das posibilidades e dos recursos comunicativos do corpo a partir de movementos rítmicos.

- Utilización do xesto e do movemento para a comunicación e a representación.
- Coordinación do movemento con ritmos sinxelos, explorando as súas calidades.
- Expresión libre a través do baile.
- Elaboración de mensaxes sinxelas a través de xestos e movementos.
- Respecto cara ao seu propio corpo.
- Valoración e aceptación das posibilidades do propio corpo e do dos demais.
- Desenvolvemento da confianza en si mesmo e da autonomía persoal.
- Adquisición progresiva de hábitos de hixiene e de seguridade na actividade física.
- Reforzo da autoestima.
- Confianza e autonomía das accións motoras en diversas situacións e medios coñecidos.
- Conciencia e valoración da actividade motora ben executada.
- Valoración do esforzo en si mesmo, independentemente do resultado obtido na execución dunha actividade física de tipo competitivo.
- Participación cooperativa en diversas actividades motoras.
- Participación e cooperación nos xogos, aceptando as normas e respectando os demais.
- Valoración dos xogos e da participación e colaboración de todos.
- Participación, interese e espontaneidade en situacións nas que se requira a libre expresión do corpo.
- Interese por mellorar e aumentar as calidades expresivas e comunicativas do corpo.

## 4. CRITERIOS DE AVALIACIÓN

Terase en conta, segundo este proxecto, se o alumnado:

- Coñece, sinala e utiliza as distintas partes do seu corpo.
- Axusta os seus movementos corporais a diferentes cambios nas condicións dunha actividade: intensidade, duración e espazo no que se desenvolve.
- Leva a cabo suxestións rítmicas sinxelas.
- Realiza movementos coas pernas, alterna os botes de forma consciente e voluntaria, e axusta a postura e o equilibrio corporal á actividade lúdica.
- Axusta os desprazamentos ao tempo e ao espazo en calquera tipo de xogo, coordina a acción brazos-pernas en distintas direccións, tanto na marcha como na carreira.
- Coñece e executa distintos tipos de xiros nos diferentes eixes corporais.
- Posúe o adecuado axuste corporal e a necesaria coordinación motora no lanzamento de obxectos, execútao de forma espontánea.
- Percibe a traxectoria dos obxectos en voo e leva a cabo accións motoras de anticipación para o seu control.
- Fai botar e rebotar pelotas de distintos tamaños con ambas as dúas mans de forma alternativa, tanto en desprazamentos sinxelos como parados.
- Entende a existencia da linguaxe corporal e é capaz de utilizar adecuadamente os seus recursos expresivos para comunicarse.
- Axusta as súas posibilidades físicas e a súa capacidade de movemento á participación en xogos e en actividades físicas.
- Coñece os beneficios da práctica de actividades físicas e do exercicio, e é capaz de establecer relacións básicas entre o exercicio físico e a saúde.

- Prescinde dos resultados que se produzan nos diferentes xogos e nas diferentes competicións e dá maior importancia ao feito de participar na actividade física, e acepta a todos os participantes.
- Participa de forma activa en todas as actividades físicas con atención e interese e respecta as regras que rexen as actividades físicas e o xogo.
- Utiliza de forma adecuada materiais e espazos onde se desenvolven actividades físicas.

## 5. COMPETENCIAS

Neste Proxecto Curricular establécese a contribución das diferentes áreas do currículo ao desenvolvemento de cada unha das oito Competencias Básicas. As competencias de Educación Física detállanse a continuación:

**Competencia en comunicación lingüística**

- Utilizar a linguaxe como medio de comunicación oral e escrita.
- Comprender, compoñer e utilizar os textos.
- Expresarse de forma adecuada.
- Coñecer o vocabulario específico da área.
- Obter gran variedade de intercambios comunicativos nas actividades físicas lúdicas.

**Competencia no coñecemento e a interacción co mundo físico**

- Valorar o coñecemento do corpo e das súas capacidades motrices e expresivas.
- Entender e valorar a actividade física como elemento indispensable para preservar a saúde.
- Adquirir o hábito de practicar actividade física de forma regular.
- Adquirir hábitos saudables de alimentación, de hixiene e de coidado do corpo.
- Comprender a relación entre alimentación e actividade física.
- Desenvolver actitudes críticas ante o fenómeno do sedentarismo.
- Explorar de maneira sensorial o espazo e aplicar a información obtida ás súas actividades motrices.
- Desenvolver o sentido da orientación e saber utilizar diferentes recursos para orientarse.
- Ter habilidade para interactuar co espazo circundante.
- Manipular aparellos para realizar actividades físicas.
- Apreciar a natureza e percibir o seu valor como fonte de información.
- Mostrar actitudes de respecto cara aos demais e cara a un mesmo.

**Competencia matemática**

- Realizar medicións.

**Tratamento da información e competencia dixital**

- Transformar a información en coñecemento.
- Transmitir información a través da linguaxe corporal.
- Analizar a expresividade corporal e entender as mensaxes que a través dela se transmiten.
- Utilizar a información recibida a través dos xestos e das posturas para a elaboración de estratexias de xogo nas actividades físicas lúdico-recreativas.

**Competencia social e cidadá**

- Utilizar a actividade física para facilitar a relación, a integración e o respecto.

- Aceptar e respectar as regras do xogo acordadas entre todos.
- Asumir as diferenzas na actividade física, así como as posibilidades propias e alleas.
- Participar, tomar decisións e comportarse con responsabilidade.
- Traballar en equipo, cooperando e asumindo responsabilidades.
- Valorar o traballo e as achegas dos demais, sen discriminar por razóns de sexo, clase, orixe ou cultura.
- Valorar o esforzo e os logros obtidos polas persoas afectadas de discapacidade física ou mental nas súas actividades físicas, laborais e cotiás.
- Habituarse a coidar e a manter a orde nas súas pertenzas e no seu contorno.
- Coidar e conservar os materiais.
- Comprender e valorar a importancia de respectar as normas de tráfico.

**Competencia cultural e artística**
- Expresar ideas, sensacións e sentimentos utilizando como recursos o corpo e o movemento.
- Apreciar as manifestacións culturais da motricidade humana (xogos tradicionais, danza).
- Experimentar coa linguaxe do corpo.
- Experimentar formas de comunicación a través da danza expresiva.
- Interesarse polas formas de comunicación non verbal.
- Desenvolver a iniciativa, a imaxinación e a creatividade.
- Apreciar as iniciativas e as achegas dos demais.
- Utilizar as manifestacións artísticas como fontes de enriquecemento e goce.
- Coñecer a riqueza cultural mediante a práctica de diferentes xogos e danzas.

**Competencia para aprender a aprender**
- Coñecerse a si mesmo, as propias posibilidades e carencias a través das actividades físicas e expresivas.
- Desenvolver o sentimento de competencia ou eficacia persoal.
- Favorecer a motivación, a confianza nun mesmo e o gusto por aprender.
- Ser consciente do que pode facer por si mesmo e do que pode facer coa axuda dos demais.
- Adquirir recursos de cooperación en actividades físicas comúns.
- Facilitar a adquisición de recursos de cooperación en actividades expresivas (danza, mimodrama).
- Manexar de forma eficaz os recursos e as técnicas adquiridos no desenvolvemento das súas habilidades motrices.
- Utilizar os coñecementos adquiridos en situacións diferentes.
- Afrontar a toma de decisións de maneira racional.

**Autonomía e iniciativa persoal**
- Organizar de forma individual e colectiva actividades físicas lúdicas e actividades expresivas.
- Desenvolver os valores persoais da responsabilidade e da perseveranza.
- Desenvolver as habilidades sociais do respecto aos demais, a cooperación e o traballo en equipo.
- Ser capaz de buscar solucións aos problemas formulados e de levalas á práctica.
- Desenvolver a iniciativa e a creatividade.
- Esforzarse por alcanzar resultados creativos, orixinais e sinceros na súa expresividade.
- Ter unha visión estratéxica dos retos para cumprir os obxectivos dos xogos e doutras actividades físicas, e motivarse para lograr o éxito.

- Utilizar as actividades físicas e a linguaxe corporal para ampliar e mellorar as súas relacións sociais.

# ÁREA DE RELIXIÓN CATÓLICA

## 1. CARACTERÍSTICAS DA ÁREA

Para acadar os obxectivos e a aprendizaxe do programa de contidos nesta área, é necesario optar por unha metodoloxía que sirva de camiño para alcanzar tales metas.

Esta metodoloxía inclúe principios didácticos, actividades e recursos de ensino-aprendizaxe, e, para o seu deseño, basámonos nas orientacións didácticas do currículo de Relixión para a Educación Primaria e nas contribucións específicas da pedagoxía e a didáctica relixiosas.

Por isto, e polo carácter "vertical" e progresivo dos contidos da área, realizamos un Proxecto Curricular de Relixión Católica para toda a etapa de Primaria; de tal maneira que se partiu dun proxecto unitario, e así, loxicamente, o ensino desta materia ten un criterio común, e cada ciclo enlaza cos contidos vistos nos outros dous, dotando ao proxecto dunha coherencia e unha unidade de criterios moi importante nunha área como esta.

Froito deste enfoque son os seguintes principios metodolóxicos desde os cales se deseñou o material curricular para a área de Relixión Católica, e que se concretan en:

- Un ensino-aprendizaxe da relixión baseado no proceso psicoevolutivo do alumnado.
- Unha construción do coñecemento baseada en aprendizaxes significativas. É dicir, un ensino da relixión desde e para a vida persoal, cultural, social, moral e relixiosa.
- Unha metodoloxía e unhas actividades orientadas desde os centros de interese do alumnado.
- Un enfoque do ensino da relixión desde as narracións bíblicas, e establecer paralelismos con situacións da vida diaria e da literatura infantil e xuvenil.
- Unha metodoloxía e unhas actividades que promovan a interdisciplinariedade con outras áreas.
- Un ensino da relixión que capacite o alumno e a alumna para o diálogo da fe cristiá coa cultura actual.
- Unha metodoloxía que fomente nos alumnos e nas alumnas a súa capacidade para ver, xulgar e actuar sobre si mesmos, sobre os demais, sobre a sociedade e sobre o medio natural.
- Unha metodoloxía que preste especial atención á diversidade do alumnado.
- A adquisición dunha síntese científica e teolóxica dos principais conceptos, procedementos e valores do feito relixioso, cristián e católico.
- Unha metodoloxía que lles sirva para coñecer e practicar as linguaxes relixiosas e da fe cristiá: a simbólica, a bíblica, a doutrinal, a litúrxica e a moral ou testemuñal.

Asumimos as finalidades educativas prescritivas da lei vixente e as do currículo de Relixión Católica na Educación Primaria.

Para chegar a un maior nivel de concreción curricular, integramos e avaliamos de forma crítica, creativa e construtiva as finalidades normativas da lei vixente e do currículo de Relixión Católica da Comisión Episcopal de Ensinanza e Catequese.

Tales finalidades poden concretarse en:

- Educar a dimensión relixiosa desde e para a vida cotiá.
- Favorecer o pleno desenvolvemento da personalidade do alumno e da alumna.
- Elaborar o Proxecto Persoal da Vida a través dunha escala de virtudes e valores morais, personalizados, cívicos, democráticos e relixiosos.
- Presentar a visión cristiá da persoa e da historia en diálogo con outras ciencias sociais, como a antropoloxía, e con tradicións filosóficas e relixiosas.
- Favorecer a capacidade de diálogo da cultura relixiosa e da fe antropolóxica e cristiá coas demais áreas curriculares.
- Educar moralmente a través do desenvolvemento de bos hábitos cívicos e da práctica de compromisos que melloren o contorno e a sociedade.
- Integrar a experiencia relixiosa e a educación na fe cristiá no proceso de ensino-aprendizaxe da relixión católica.
- Capacitar o alumnado para elaborar respostas de sentido último ante os problemas máis existenciais e cotiáns.
- Preparar para a participación e o compromiso coa mellora do medio natural, as relacións interpersoais e a vida pública.
- Posibilitar a educación integral, personalizadora e moral a través da cultura relixiosa: os coñecementos, procedementos e valores éticos dos alumnos e das alumnas en todos os ámbitos da súa vida persoal, familiar, social e profesional.
- Desenvolver a capacidade crítica e de diálogo ante a actual cultura audiovisual, especialmente respecto da televisión, do vídeo, do cómic, da publicidade, do ordenador, da prensa, da música e da canción.

## 2. ORIENTACIÓNS DIDÁCTICAS

Para alcanzar os obxectivos e a aprendizaxe do programa de contidos nesta área, é necesario optar por una metodoloxía que sirva de camiño para alcanzar tales metas.

Esta metodoloxía inclúe principios didácticos, actividades e recursos de ensinanza-aprendizaxe, e, para o seu deseño, baseamonos nas orientacións didácticas do currículo de Relixión para a Educación Primaria e nas achegas específicas da pedagoxía e a didáctica relixiosas.

Froito deste enfoque son os seguintes principios metodolóxicos desde os cales se deseñou o material curricular que ofrecemos na área de Relixión Católica para o primeiro ciclo de Primaria:

- Una ensinanza-aprendizaxe da relixión baseada no proceso psico-evolutivo do alumnado.
- Unha construción do coñecemento baseada en aprendizaxes significativas e no desenvolvemento das competencias básicas. É dicir, unha ensinanza da relixión desde e para a vida persoal, cultural, cidadá, social, moral e relixiosa.
- Unha metodoloxía e unhas actividades orientadas desde os centros de interese do alumnado.
- Enfocar a ensinanza da relixión desde as narracións bíblicas, e establecer paralelismos con situacións da vida diaria e da literatura infantil e xuvenil.
- Propoñer unha metodoloxía e unhas actividades que promovan a interdisciplinariedade con outras áreas.

- Establecer unha ensinanza da relixión que capacite o alumno e a alumna para o diálogo da fe cristiá coa cultura actual.
- Deseñar unha metodoloxía que fomente nos alumnos a súa capacidade para ver, xulgar e actuar sobre si mesmos, os demais, a sociedade e o medio.
- Impulsar unha ensinanza da relixión que fomente o seu protagonismo e a súa actividade.
- Deseñar unha metodoloxía que preste especial atención á diversidade do alumnado.
- Facilitar a adquisición dunha síntese científica e teolóxica dos principais conceptos, procedementos e valores do feito relixioso, cristián e católico.
- Propoñer unha metodoloxía que lles sirva para coñecer e practicar as linguaxes relixiosas e da fe cristiá: a simbólica, a bíblica, a doutrinal, a litúrxica e a moral ou testemuñal.

## 3. OBXECTIVOS

Neste proxecto preténdese que, ao finalizar o primeiro ciclo, os alumnos e as alumnas alcanzaran os seguintes obxectivos na área de Relixión Católica.

**Obxectivos para a etapa**

1. Recoñecer os fundadores e algúns elementos distintivos das grandes relixións vixentes, na súa resposta ás preguntas básicas sobre o sentido da vida e do compromiso dos crentes.

**Obxectivos para o primeiro ciclo**

1.1. Valorar e aplicar na vida persoal e social os bos comportamentos sociais e relixiosos como xestos que favorecen o encontro entre as persoas con Deus.

1.2. Recoñecer os principais feitos por medio dos cales os cristiáns responden ao amor de Deus polas persoas.

**Obxectivos para a etapa**

2. Coñecer a Biblia, a súa estrutura e o seu sentido, identificar algúns textos básicos como Palabra de Deus.

**Obxectivos para o primeiro ciclo**

2.1. Descubrir a Biblia como a Palabra de Deus e o libro sagrado dos cristiáns.

2.2. Coñecer e relacionar a revelación de Deus na Biblia como Pai, Creador e misericordioso con situacións cotiás e coas persoas máis próximas.

**Obxectivos para a etapa**

3. Descubrir a acción de Deus na natureza e na persoa, como fundamento e fonte dos valores básicos do ser humano.

**Obxectivos para o primeiro ciclo**

3.1. Observar e interiorizar a beleza da natureza e a orixinalidade do ser humano como creación de Deus que deben respectar e coidar as persoas na súa vida diaria.

**Obxectivos para a etapa**

4. Identificar algúns personaxes fundamentais da Historia da Salvación e as súas respostas de fe, descubrir o valor central da persoa de Xesucristo e a resposta de fe da Virxe María.

**Obxectivos para o primeiro ciclo**

4.1. Valorar e relacionar algúns feitos e personaxes da Historia da Salvación por medio dos cales Deus expresa o seu amor, con feitos e personaxes da actualidade.

4.2. Coñecer e interiorizar a orixinalidade da oración cristiá como camiño para mellorar as relacións con Deus, cos demais e con un mesmo.

**Obxectivos para a etapa**

5. Valorar a novidade do amor de Deus que nos salva do pecado e da morte, polo seu Fillo Xesucristo e a través da vida e da acción salvífica da Igrexa, Corpo de Cristo.

**Obxectivos para o primeiro ciclo**

5.1. Descubrir na vida diaria das persoas o amor e a providencia de Deus.

**Obxectivos para a etapa**

6. Identificar o significado dalgúns acontecementos, dalgunhas formulacións, dalgunhas expresións e dalgúns textos básicos da mensaxe cristiá, que faciliten a comprensión da vida do Espírito Santo, no mundo e na Igrexa.

**Obxectivos para o primeiro ciclo**

6.1. Descubrir a presenza do Espírito Santo na vida da Igrexa, na vida dos cristiáns e na vida diaria das persoas.

**Obxectivos para a etapa**

7. Identificar a Igrexa nas súas manifestacións, coñecer a presenza de Deus e a súa graza nos sacramentos, e o servizo eclesiástico prestado polos apóstolos e os seus sucesores.

**Obxectivos para o primeiro ciclo**

7.1. Coñecer a Xesús como o fundador da Igrexia.

7.2. Observar e valorar a Igrexa como a gran familia de Deus que celebra o amor de Deus e o amor aos demais na sociedade actual.

**Obxectivos para a etapa**

8. Comprender e distinguir o sentido sagrado, festivo, cultural e de celebración das festas e dos seus ritos nas relixións monoteístas, relacionalas cos aspectos culturais e de celebración da liturxia.

**Obxectivos para o primeiro ciclo**

8.1. Identificar e apreciar as características da festa mariana da Anunciación e a súa importancia nas celebracións cristiás.

8.2. Comprender o significado cristián, festivo e cultural do Nadal como celebración do ano litúrxico.
8.3. Analizar e reflexionar sobre os principais acontecementos que se celebran durante a Semana Santa para aplicalos a situacións cotiás.
8.4. Comprender o significado cristián, festivo e de celebración das festas cristiás e diferencialas das festas civís e sociais do contorno.
8.5. Descubrir e comparar algúns símbolos, xestos e obxectos da natureza empregados nas celebracións cristiás e nas relixións monoteístas para mellorar a convivencia.
8.6. Comprender e apreciar os principais xestos que utilizan os cristiáns para relacionarse con Deus e expresarlle o seu amor.
8.7. Identificar e valorar os mandamentos como expresións do amor de Deus e das normas que axudan a mellorar a relación con Deus e a convivencia cos demais.
8.8. Comprender e respectar as festas e celebracións do ano litúrxico e o culto cristián.

**Obxectivos para a etapa**

9. Analizar a xerarquía de valores, actitudes e normas que conforman o ser cristián, e aplicalos ás distintas situacións da vida.

**Obxectivos para o primeiro ciclo**

9.1. Recoñecer e practicar na vida diaria os valores do amor de Deus, a verdade e a bondade que Xesús ensina.

**Obxectivos para a etapa**

10. Valorar que a fe cristiá implica asumir responsabilidades, coñecer e comprender a raíz e o sentido da acción e do compromiso cristián, e manter unha actitude de tolerancia e respecto ante os sistemas éticos das distintas relixións.

**Obxectivos para o primeiro ciclo**

10.1. Identificar a Xesucristo como o modelo que seguen os cristiáns para practicar o ben e a verdade na vida persoal e social.
10.2. Coñecer e aplicar as principais ensinanzas de Xesús narradas nos Evanxeos e nas súas parábolas para mellorar a convivencia entre as persoas.

**Obxectivos para a etapa**

11. Coñecer, valorar e respectar o patrimonio relixioso, artístico e cultural, que se manifesta a través da linguaxe simbólica e icónica da arquitectura, pintura, literatura, música e liturxia, como expresión da fe católica e doutras relixións.

**Obxectivos para o primeiro ciclo**

11.1. Descubrir e valorar o significado do templo católico e das imaxes relixiosas.
11.2. Coñecer e vivenciar a música relixiosa como expresión da fe católica e relixiosa que promove a unidade con Deus, mellora a convivencia e forma parte do patrimonio cultural.

11.3. Comprender o significado cristián, festivo e de celebración das festas máis importantes sobre a Virxe María para saber participar nelas de forma cívica e relixiosa.

**Obxectivos para a etapa**

12. Descubrir que o destino eterno do home empeza aquí como don que xorde da vitoria de Cristo sobre a morte.

**Obxectivos para o primeiro ciclo**

12.1. Tomar conciencia da importancia que ten a fe na vida eterna para os cristiáns e para ser feliz na vida diaria.

12.2. Descubrir o significado dos principais acontecementos da paixón, morte e resurrección de Xesucristo e a mensaxe cristiá que revelan para todos os tempos.

## 4. CONTIDOS

Neste primeiro ciclo de Educación Primaria, propomos para a área de Relixión Católica, os seguintes contidos:

PRIMEIRO CURSO

- A creación do ser humano e do mundo, obra admirable de Deus e tarefa para o home.
- Deus ama as persoas e quere a súa felicidade.
- Os comportamentos sociais e relixiosos acercan a Deus.
- A festa da Anunciación.
- A festa cristiá do Nadal.
- Xesús ensina a mellorar a convivencia: Xesucristo camiño, verdade e vida.
- Xesús funda a Igrexa.
- A Igrexa. Formamos a gran familia dos fillos de Deus.
- A Semana Santa.
- As festas cristiás.
- Símbolos sociais e relixiosos nas celebracións cristiás.
- Os xestos cívicos e relixiosos como expresión da relación con Deus e cos demais.
- Significado do templo e das imaxes.
- Relacionar a figura de Deus Pai coa natureza.
- Observar a natureza, descubrir as súas marabillas e coñecer algúns textos fundamentais sobre a Creación.
- Cantar diferentes composicións musicais de tipo relixioso.
- Observar manifestacións artísticas, folclóricas ou culturais de carácter relixioso.
- Comentar textos significativos sobre Xesús e a Virxe María.
- Iniciarse na lectura de textos clave que falan de Deus Pai.
- Iniciarse na lectura de textos clave que falan de Xesús e de María.
- Observar os costumes nas festas relixiosas (Nadal, Semana Santa, etc.).
- Iniciarse na curiosidade por coñecer o sentido das festas relixiosas.

- Aplicar os contidos en relación con comportamentos e situacións da vida persoal e social.
- Desenvolver a confianza en Deus Pai.
- Interese por respectar a natureza e o propio corpo.
- Admirar as marabillas da Creación.
- Desenvolver a autoestima ao saber que Deus nos coñece persoalmente.
- Valorar feitos e símbolos relixiosos como un elemento expresivo da condición humana.
- Interese por aplicar os contidos estudados en cada unidade ao desenvolvemento das competencias.
- Valorar as festas relixiosas.
- Desenvolver unha actitude de admiración e respecto cara ás figuras de Xesús e de María.
- Agradecer a Xesús e a María o que fixeron por nós.
- Interese por participar vivamente nos cantos relixiosos.

SEGUNDO CURSO

- Estrutura e sentido da Biblia, palabra de Deus.
- Deus revélase na Biblia como pai, creador e misericordioso.
- Deus expresa o seu amor na historia do pobo de Israel.
- A música relixiosa.
- Mensaxe cristiá e solidaria do Nadal.
- Principais ensinanzas de Xesús nos Evanxeos e nas parábolas.
- As persoas expresan o seu amor a Deus.
- A oración cristiá.
- Os mandamentos e a convivencia en sociedade.
- Paixón, morte e resurrección de Xesucristo.
- O Espírito Santo.
- A fe na vida eterna.
- Festas da Igrexa sobre María.
- O ciclo litúrxico.
- Mostrar interese pola escoita de relatos bíblicos que dan sentido ás festas relixiosas.
- Comparar situacións moralmente positivas ou negativas no contorno infantil.
- Aplicar os contidos en relación con comportamentos e situacións da vida persoal e social.
- Describir os trazos que caracterizan as relacións entre pais/nais e fillos/fillas.
- Observar os aspectos máis característicos das relacións familiares e a súa relación coa mensaxe cristiá.
- Expresar os contidos en relación coa vida diaria e coas linguaxes da fe cristiá.
- Aplicar os contidos estudados en cada unidade ao desenvolvemento das competencias.
- Desenvolver a confianza na familia, nos compañeiros da clase e nas persoas que nos rodean.
- Mostrar interese polo sentido cristián da convivencia.
- Valorar as normas que, desde a perspectiva da fe cristiá, regulan a conduta na nosa relación cos demais.
- Estar disposto a pedir perdón e a perdoar.
- Manter unha actitude de amor e gratitude cara aos pais.

- Interese por descubrir aplicacións prácticas do estudado para a vida persoal, social, relixiosa e eclesiástica.

## 5. CRITERIOS DE AVALIACIÓN

Xulgarase, segundo este proxecto, se o alumnado:

- Sabe que a creación e a vida son un regalo de Deus aos homes.
- Descobre, a través da observación da natureza e do seu corpo, a obra de Deus na Terra.
- Observa e recolle datos relacionados coa relixiosidade do seu contorno (palabras, cancións, celebracións populares, obras de arte, etc.).
- Toma conciencia da realidade de Deus como pai para os homes e establece un paralelismo coa paternidade/maternidade e fraternidade humanas.
- Identifica e aprecia as principais festas cristiás sobre Xesús e María.
- Sitúa e describe relatos evanxélicos sobre o nacemento de Xesús, a súa vida, morte, resurrección, a través dos elementos relixiosos que aparecen no seu contorno.
- Sitúa e describe relatos evanxélicos sobre a vida da Virxe María a través dos elementos relixiosos que aparecen no seu contorno.
- Recoñece nas figuras de Xesús e de María os protagonistas destacados da historia da salvación.
- Valora a Xesús e a María como modelos exemplares de vida.
- Sabe que a Igrexa é a gran familia de Deus e observa os elementos que a constitúen.
- Toma conciencia do fundamento cristián da celebración do Nadal.
- Coñece o sentido cristián da Semana Santa.
- Recoñece o significado cristián do templo e das imaxes de Xesús e de María.
- Descobre a Biblia como Palabra de Deus.
- Recoñece a revelación de Deus na Biblia como pai, creador e misericordioso.
- Expresa o amor que Deus mostra na historia do pobo de Israel.
- Indica a importancia para os cristiáns da música e da canción relixiosas.
- Sinala a principal mensaxe cristiá do Nadal.
- Recoñece algunhas das principais ensinanzas de Xesús nos Evanxeos e nas parábolas.
- Sinala algunhas expresións a través das cales as persoas manifestan o seu amor a Deus.
- Identifica a oración cristiá como relación con Deus.
- Indica os principais acontecementos da paixón e morte de Xesús en relación coa Semana Santa.
- Recoñece o acontecemento da resurrección de Xesús.
- Relaciona o Espírito Santo co Espírito de Deus e co Espírito de Xesús.
- Identifica o concepto de ceo en relación coa fe cristiá na vida eterna.
- Relaciona os Dez Mandamentos coa convivencia diaria.
- Recoñece os principais tempos litúrxicos do ano litúrxico da Igrexa.

## 6. COMPETENCIAS

Neste Proxecto Curricular establécese a contribución das diferentes áreas do currículo ao desenvolvemento de cada unha das oito Competencias Básicas. As competencias de Relixión Católica detállanse a continuación:

**Competencia en comunicación lingüística**
- Escoitar, comprender, expoñer e dialogar.
- Utilizar a linguaxe como instrumento de comunicación oral e escrita.
- Expresar emocións, vivencias e opinións.
- Utilizar a linguaxe con versatilidade en función do contexto.

**Competencia no coñecemento e a interacción co mundo físico**
- Coidar o medio.
- Consumir de xeito racional e responsable.
- Percibir o espazo físico no que se desenvolve a vida.

**Competencia matemática**
- Interpretar e expresar informacións.
- Descifrar códigos numéricos elementais.

**Tratamento da información e competencia dixital**
- Analizar a imaxe e as mensaxes que transmite.

**Competencia social e cidadá**
- Participar, tomar decisións e comportarse con responsabilidade.
- Dialogar para mellorar a comprensión da realidade.
- Comunicarse en distintos contextos.
- Crear un sistema de valores propio baseado no respecto, especialmente aos crentes doutras relixións.
- Comprender a realidade relixiosa e social a partir da súa análise.

**Competencia cultural e artística**
- Cultivar a propia capacidade estética mediante a expresión artística e a expresión plástica.
- Expresarse mediante elementos plásticos a través da iniciativa, da imaxinación e da creatividade.
- Desenvolver habilidades e actitudes que permitan acceder ás distintas manifestacións.
- Coñecer as obras e as manifestacións máis destacadas do patrimonio cultural cristián.
- Utilizar as manifestacións culturais e artísticas como fonte de enriquecemento e goce.
- Manter unha actitude respectuosa cara ás expresións artísticas do patrimonio cristián.

**Competencia para aprender a aprender**
- Dispoñer de habilidades para iniciarse na aprendizaxe e ser capaz de continuala.
- Perseverar e esforzarse, aceptar os erros e aprender deles.
- Favorecer a motivación, a confianza nun mesmo e o gusto por aprender.
- Xestionar e controlar de forma eficaz os procesos de aprendizaxe.
- Lograr experiencias de aprendizaxe conscientes e gratificantes, tanto individuais como colectivas.

**Autonomía e iniciativa persoal**
- Desenvolver valores persoais como a responsabilidade, a colaboración, a axuda aos demais, a perseveranza, etc.
- Afrontar os problemas e atopar solucións para eles.
- Elixir con criterio propio e levar adiante iniciativas no ámbito persoal.
- Desenvolver habilidades sociais como respecto aos demais, diálogo, agradecemento, cooperación e traballo en equipo.

# ANEXO XII

# CONCRECIÓN CURRICULAR

## SEGUNDO CICLO
## EDUCACIÓN PRIMARIA

## CEIP Nosa Sra. de Xuvencos-Boborás

# ÍNDICE

1. Area de coñecemento do medio natural, social e cultural.

2. Área de lingua e literatura galega.

3. Área de lingua e literatura castelá.

4. Área de lingua estranxeira: Inglés.

5. Área de matemáticas.

6. Área de expresión artística.

7. Área de educación física.

8. Área de educación relixiosa.

# ÁREA DE COÑECEMENTO DO MEDIO NATURAL, SOCIAL E CULTURAL

## 1. CARACTERÍSTICAS DA ÁREA

Entendemos como “medio” o conxunto de elementos, feitos e factores de diversa índole (natural e social) que teñen lugar no contorno das persoas.

Nesta área constrúese un coñecemento da realidade que, partindo das propias percepcións e vivencias dos alumnos e as alumnas, se vai facendo máis racional e obxectivo.

Así mesmo, proporciónanse os recursos necesarios para iniciar unha aproximación científica á análise do medio, desenvolvendo nos alumnos e nas alumnas as capacidades de indagación e busca de explicacións e de solucións aos problemas que presenta a propia experiencia cotiá.

Incorpóranse tamén contidos relacionados coa autonomía persoal, coa saúde, coa participación responsable e crítica en actividades en grupo, etc., así como unha serie de aspectos relativos á sociedade actual que ao mesmo tempo deben terse en conta, tamén, desde o resto das áreas do currículo, pero que aparecen con todo o seu significado na área de Coñecemento do Medio Natural, Social e Cultural e que son, por exemplo:

- O respecto ante a diversidade física e intelectual das persoas.
- A valoración do patrimonio cultural.
- A adquisición de actitudes non consumistas.
- A protección do medio ambiente.
- A educación para o lecer e a cultura, etc.

Na área de Coñecemento do Medio Natural, Social e Cultural conflúen varias disciplinas (Ciencias da Natureza, Ciencias Sociais, Antropoloxía, Socioloxía, etc.), con contidos e métodos propios, pero todas elas comprometidas en abarcar aspectos e dimensións do contorno humano. Así, en Primaria esta área ten un carácter integrador e globalizador, xa que en Secundaria os alumnos e as alumnas terán a posibilidade de facer un estudo máis analítico desta materia.

## 2. A ÁREA DE COÑECEMENTO DO MEDIO NO SEGUNDO CICLO

Durante o segundo ciclo de Educación Primaria, o desenvolvemento destes nenos e nenas permite a comprensión e utilización do medio tomando como punto de partida as propias vivencias, graduando e matizando as súas capacidades a través da presentación gradual dunha serie de experiencias de aprendizaxe baseadas nos seguintes principios:

- A manipulación do propio corpo, e tamén dos obxectos, a linguaxe, o espazo e o tempo.
- O xogo e as relacións cos seus compañeiros.
- O coñecemento e utilización da realidade exterior, fóra xa do seu “eu”.

- O manexo dos símbolos en substitución da realidade, nun espazo e nun tempo cada vez máis obxectivos.
- A propia experiencia da vida e dos costumes cotiáns que xa posúen, para comprender as intencións dos demais e expresar as súas propias.
- A utilización de reflexións sistemáticas elementais sobre as actividades que realizan, como: ordenar, clasificar e comparar.
- O uso da memoria, a través da experimentación e da manipulación, para adquirir novos estilos cognitivos, relacionando as aprendizaxes anteriores coas novas.
- A aplicación dun nivel de linguaxe máis rico e preciso na elaboración das súas frases.
- O dominio da lectura, a escritura e o calculo, aínda que con certas dificultades ortográficas e gramaticais.
- O paso da heteronomía familiar á escolar nas súas formulacións morais, especialmente no referido á súa participación nos grupos.
- A aparición das primeiras manifestacións autónomas respecto dos pais e dos demais.
- O enorme caudal de actividades que son quen de levar a cabo.

Os contidos da área para todo o ciclo enfócanse basicamente a partir do contorno familiar, local e autonómico do alumnado, estruturados en torno aos seguintes bloques de contido:

### 2.1. O medio físico: espazo e materiais

A observación directa e a exploración do tempo atmosférico, a súa medida e os seus efectos, como inicio do exame dos distintos tipos de solos, rochas e materiais do contorno, facilitará o estudo dos cambios físicos observables que experimentan e o estudo das características dos seres vivos e os seus procesos e cambios vitais, o que propiciará a adquisición das nocións básicas dos elementos naturais da paisaxe e actitudes respectuosas e responsables en relación coa conservación e mellora do medio ambiente.

A clasificación de obxectos e materiais segundo as súas propiedades e usos constitúe uo dos eixes que articulan este bloque.

No estudo da enerxía é importante incidir na contaminación que xera para sensibilizar nun uso responsable da mesma.

É importante a realización de experiencias sinxelas para coñecer algunhas propiedades da materia.

### 2.2. Aa plantas e os animais

Neste ciclo avánzase e afóndase no coñecemento de animais e plantas.

É importante ilustrar este estudo coa observación directa de seres vivos servíndose de medios audiovisuais e tecnolóxicos axeitados.

### 2.3. Os seres humanos e a saúde

Neste ciclo avánzase no coñecemento de si mesmo mediante o desenvolvemento das capacidades para identificar e localizar os principais órganos do corpo,

relacionalos coa función que desenvolven e coñecer e levar á práctica hábitos de hixiene e saúde, tanto individuais como sociais.

O coñecemento máis obxectivo do propio corpo e dos demais pódese facilitar poñendo en práctica procedementos que permitan expresar libremente as iniciativas do alumno e da alumna, observando as dos demais e contrastando os diferentes puntos de vista; o que dará, sen dúbida, como resultado a consolidación e aumento da autoestima, axustándose á realidade das súas posibilidades e limitacións persoais.

A autonomía persoal potenciarase na medida que se permita que os alumnos e as alumnas organicen o seu espazo e o seu tempo, a súa hixiene persoal, o uso e coidado de aparatos e substancias, e o respecto das normas de seguridade no fogar, no colexio e na rúa.

### 2.4. A vida en sociedade

Os alumnos e as alumnas deste ciclo deben avanzar na comprensión de que forman parte dun lugar e dunha comunidade autónoma que ten as súas propias tradicións e a súa propia historia, por isto resulta imprescindible desenvolver a capacidade de indagar sobre o pasado utilizando os vestixios históricos e as tradicións culturais da localidade, familiarizándoos no manexo de libros de consulta e doutros materiais que completen as fontes orais, máis propias do primeiro ciclo, afondando deste xeito na valoración e respecto do patrimonio cultural da comunidade local.

O coñecemento dos grupos sociais amplíase neste ciclo ao conxunto da localidade, a comarca e a comunidade autónoma de Galicia, o que require consolidar o aprendido no ciclo anterior. Abórdase o coñecemento das institucións locais, tanto de goberno (concello, xulgados, policía municipal) como de participación social (organizacións recreativas, asociacións cidadás, etc.), e, con maior profundidade, os procedementos que fomentan o desenvolvemento das capacidades de interrelación persoal e dominio das normas do intercambio comunicativo, especialmente a través da participación en debates sobre temas que interesen ao alumnado, así como os traballos de equipo que permitan o desenvolvemento de actitudes de participación, cooperación e axuda.

### 2.5. O paso do tempo

Neste ciclo é preciso continuar o desenvolvemento da capacidade de comprensión temporal desde as nocións básicas (pasado, presente e futuro) ligadas ás experiencias persoais do alumno e da alumna, ampliando o seu ámbito á historia familiar e local.

Os vestixios do pasado do medio local, as fontes orais e escritas, os acontecementos e os personaxes históricos da localidade facilitan o avance na adquisición das primeiras nocións de cronoloxía e afianzan o coñecemento de medidas temporais como a década e o século; para isto, resulta moi práctico o rexistro sistemático dos feitos e acontecementos que cambian e se suceden na familia e no medio local co paso do tempo e a súa representación gráfica, de

maneira que se perciba con facilidade a situación relativa dos acontecementos no tempo.

### 2.6. Máquinas, aparellos e tecnoloxías

É importante a familiarización coas fontes de enerxía máis usuais, que permiten o funcionamento das máquinas.

Neste ciclo iníciase a realización de máquinas de construción sinxelas.

A identificación da función dalgúns operadores mecánicos con independencia da máquina na que se encontren, permite decatarse da importancia dos ditos operadores mecánicos.

## 3. OBXECTIVOS

Ó finalizar o segundo ciclo de Educación Primaria, preténdese que o alumnado acade os seguintes obxectivos:

**Obxectivos para a etapa**

1. Identificar os principais elementos do contorno natural, social e cultural, analizando a súa organización, as súas características e interacciones e progresando no dominio de ámbitos espaciais cada vez máis complexos.

**Obxectivos para o segundo ciclo**

1.1. Identificar os principais elementos do seu contorno natural (situación, accidentes xeográficos, tempo atmosférico, vexetación, fauna, etc.), describindo as súas características máis relevantes, establecendo semellanzas e diferenzas con outros contornos coñecidos (lugar de vacacións, lugar no que viven outros familiares e amigos, etc.).

1.2. Situar e representar espacialmente os elementos máis significativos do ámbito local e autonómico.

**Obxectivos para a etapa**

2. Comportarse de acordo cos hábitos de saúde e coidado persoal que se derivan do coñecemento do corpo humano, mostrando unha actitude de aceptación e respecto polas diferenzas individuais (idade, sexo, características físicas, personalidade).

**Obxectivos para o segundo ciclo**

2.1. Aplicar na vida cotiá os hábitos de saúde e coidado corporal que se derivan do coñecemento do corpo humano.

2.2. Desenvolver unha actitude de aceptación e respecto cara ás diferenzas individuais (idade, sexo, características físicas, etc.).

**Obxectivos para a etapa**

3. Recoñecer e apreciar a súa pertenza a uns grupos sociais con características e trazos propios, promover un sentimento de pertenza a unha comunidade nacional

(Galicia), a un estado histórico (España) e a unha cultura universal, respectando e valorando as diferenzas con outros grupos sociais e rexeitando calquera clase de discriminación baseada nestes feitos.

**Obxectivos para o segundo ciclo**

3.1. Participar en actividades de grupo de modo construtivo, responsable e solidario, respectando os principios básicos establecidos (quendas de palabra, atención nas intervencións, achega de ideas e consideración das decisións e acordos tomados).
3.2. Desenvolver unha actitude de respecto e valoración das achegas propias e dos demais.

**Obxectivos para a etapa**

4. Recoñecer e apreciar a pertenza a grupos sociais e culturais con características propias, valorando as diferencias con outros grupos e a necesidade do respecto aos Dereitos Humanos.

**Obxectivos para o segundo ciclo**

4.1. Recoñecer, apreciar e valorar a súa pertenza a uns grupos sociais determinados (barrio, localidade, comarca, comunidade autónoma, etc.), con características e trazos propios (normas de comportamento, costumes, valores, lingua, cultura, etc.).
4.2. Desenvolver unha actitude de respecto cara ás características e trazos propios doutros grupos, rexeitando calquera tipo de discriminación.

**Obxectivos para a etapa**

5. Analizar algunhas manifestacións da intervención humana no medio, avaliar criticamente a súa necesidade e o seu alcance e adoptar un comportamento na vida cotiá acorde coa postura de defensa e recuperación do equilibrio ecolóxico e de conservación do patrimonio cultural, tanto galego como doutras nacionalidades e autonomías, entendendo o medio natural como un sistema no que interactúan diferentes elementos (naturais, sociais, culturais...).

**Obxectivos para o segundo ciclo**

5.1. Identificar o impacto dalgunhas actividades humanas no contorno natural e social, distinguindo nelas o positivo do negativo.
5.2. Desenvolver actitudes que contribúan activamente á conservación e mellora do medio ambiente e do patrimonio cultural.
5.3. Valorar a entrega daquelas persoas que se dedican de forma altruísta ao coidado e mellora do patrimonio natural e cultural.

**Obxectivos para a etapa**

6. Recoñecer no medio natural, social e cultural, cambios e transformacións relacionados co paso do tempo e indagar algunhas relacións de simultaneidade e sucesión para aplicar estes coñecementos á comprensión doutros momentos históricos.

**Obxectivos para o segundo ciclo**

6.1. Detallar o impacto dos cambios e transformacións provocados polo paso do tempo nos elementos do seu contorno social e en si mesmo.
6.2. Analizar algunhas relacións sinxelas de simultaneidade, sucesión e causalidade nos ditos cambios.
6.3. Desenvolver unha actitude de respecto polo legado histórico, social e cultural que recibimos.

**Obxectivos para a etapa**

7. Interpretar, expresar e representar feitos, conceptos e procesos do medio natural, social e cultural mediante códigos numéricos, gráficos, cartográficos e outros.

**Obxectivos para o segundo ciclo**

7.1. Comprender, expresar e representar mediante diferentes códigos (cartográficos, numéricos, gráficos, técnicos, etc.) sucesos, ideas e situacións do seu contorno social, natural e cultural.
7.2. Observar e apreciar o valor de diferentes elementos (cartográficos, numéricos, gráficos, técnicos: museos, bibliotecas, arquivos, etc.) do legado histórico, social, natural e cultural, da localidade e a comunidade autónoma, que representan e expresan feitos, conceptos, procedementos e actitudes.

**Obxectivos para a etapa**

8. Identificar, formular e resolver interrogantes e problemas relacionados con elementos significativos do contorno, utilizando estratexias de busca e tratamento da información, formulación de conxecturas, posta a proba das mesmas, exploración de solucións alternativas e reflexión sobre o propio proceso de aprendizaxe.

**Obxectivos para o segundo ciclo**

8.1. Detectar, delimitar, definir, presentar e resolver problemas sinxelos relacionados cos elementos máis significativos do seu contorno natural e social, utilizando estratexias cada vez máis sistemáticas e complexas de busca, recollida, análise, almacenamento e tratamento de información, de formulación de hipóteses, de posta a proba das mesmas e de proposta doutras alternativas.
8.2. Desenvolver actitudes de valoración dos traballos ben formulados, executados e avaliados, propios e alleos.

**Obxectivos para a etapa**

9. Planificar e realizar proxectos, dispositivos e aparellos sinxelos cunha finalidade previamente establecida, utilizando o coñecemento das propiedades elementais dalgúns materiais, sustancias e obxetos.

**Obxectivos para o segundo ciclo**

9.1. Deseñar, construír e avaliar dispositivos e aparatos cunha fin determinada, utilizando o coñecemento das propiedades elementais dos materiais, substancias e obxectos que van empregar.

9.2. Analizar e enumerar as propiedades dos materiais, substancias e obxectos empregados.

**Obxectivos para a etapa**

10. Utilizar as tecnoloxías da información e a comunicación para obter información e como instrumento para aprender e compartir coñecementos, valorando a súa contribución á mellora das condicións de vida de todas as persoas.

**Obxectivos para o segundo ciclo**

10.1. Identificar algúns obxectos e recursos tecnolóxicos significativos do contorno e sinalar a súa contribución para satisfacer determinadas necesidades humanas, valorando a súa orientación cara a usos pacíficos e para unha mellor calidade de vida.

10.2. Comprender e valorar a súa utilidade na vida do home e da comunidade.

## 4. CONTIDOS

Os contidos que propomos para este ciclo na área de Coñecemento do Medio Natural, Social e Cultural son os seguintes:

TERCEIRO CURSO

### 1. O medio físico: espazo e materiais

- O movemento de rotación, a sucesión dos días e das noites e as fases da Lúa.
- O movemento de translación, o ano, as estacións e o calendario.
- Cambios na vida das persoas, nos seres vivos e nas sociedades.
- As capas da Terra.
- A paisaxe, os seus elementos, os seus tipos e as principais formas do relevo das paisaxes. Identificación e descrición dos tipos de paisaxes máis representativas de Galicia.
- As planos e os mapas: os seus elementos, os símbolos das lendas e os tipos de mapas máis comúns.
- O planisferio e o globo terráqueo: os continentes, os océanos, o ecuador, os hemisferios e os territorios galego e español.
- A atmosfera, os seus compoñentes e a súa contaminación.
- Os fenómenos atmosféricos e as súas causas.
- A hidrosfera e a distribución das augas no planeta. As augas superficiais, subterráneas, doce e salgadas.
- As augas de Galicia. Localización de masas e cursos de auga en planos.
- A captación, a potabilización, a contaminación e a depuración da auga. Identificación e descrición de instalacións e construcións do seu contorno relacionadas coa captación e coa distribución das augas doces e co tratamento das augas residuais.
- Características da Terra que permitiron a existencia da biosfera e características dos medios acuáticos e terrestres.
- Procedementos básicos de medición aplicados a feitos e fenómenos do medio natural.

- Os estados da auga e os cambios de estado.
- O ciclo da auga na Terra: zonas do planeta polas que discorre, procesos que o forman e causas que orixinan cada un deles.
- Ideas básicas de materia e enerxía. Materiais naturais e materiais artificiais.
- Os sentidos e a percepción da enerxía e das propiedades dos obxectos materiais.
- Propiedades e aproveitamento humano dos sólidos, os líquidos e os gases. Líquidos e gases combustibles.
- Formas nas que aparece a enerxía a noso arredor.
- Actividades humanas nas que se consume enerxía e aforro enerxético. A regra dos tres R.

**2. As plantas e os animais**

- A función de nutrición, de reprodución e de relación en animais e plantas.
- Os reinos dos seres vivos (animais, plantas, fungos, algas e bacterias) e as súas características.
- Seres vivos en perigo de extinción. Protección dos espazos naturais do seu contorno.
- Características e clasificación taxonómica dos vertebrados. Tipos de vertebrados segundo a súa alimentación, a súa respiración e a súa reprodución.
- Animais vertebrados do contorno. Animais vertebrados máis importantes de Galicia.
- Características dos invertebrados. Tipos de invertebrados segundo a súa alimentación, a súa respiración e a súa reprodución. Animais invertebrados do contorno. Animais invertebrados máis importantes de Galicia.
- Procedementos xerais para estudar animais. O caderno de campo. Estudo dunha lagarta.
- As partes dunha planta e as funcións de cada unha. Descrición da nutrición das plantas en relación coas súas partes. As plantas do contorno.
- A flor e as súas partes. A reprodución dunha planta con flores.
- Árbores, arbustos e herbas. Composición e características da vexetación do contorno e de Galicia.
- Procedementos xerais para estudar plantas. Estudo dunha roseira.
- Os incendios forestais, as súas causas e as accións humanas para a preservación dos bosques.

**3. Os seres humanos e a saúde**

- Partes externas do corpo humano e as características sexuais externas. Os aparatos implicados nas distintas funcións vitais e o estudo pormenorizado do aparato locomotor.
- Características xerais e clasificación do ser humano dentro dos mamíferos e dos primates. Características diferenciais dos seres humanos.
- Alimentos construtivos, enerxéticos e reguladores. As funcións das substancias que compoñen os alimentos.
- As características dunha dieta sa e os hábitos alimentarios saudables.
- Actividades saudables (exercicio físico, descanso, o sono, o ocio, o xogo, a comunicación dos problemas).

### 4. A vida en sociedade

- A organización do tempo de traballo e do tempo de ocio.
- As relacións de convivencia no contorno social próximo (na familia, cos veciños e cos amigos). A convivencia familiar e a repartición de tarefas domésticas.
- O colexio: estrutura e composición dun colexio, e funcións das persoas que o forman.
- Localidades (aldeas, vilas e cidades; os barrios e os lugares). Os elementos físicos da localidade. Os cidadáns.
- Organización e funcionamento das localidades. O concello.
- Localización do concello da propia localidade.
- Descrición das funcións que realizan as persoas que forman o concello.
- Os servizos cidadáns.
- O funcionamento dunha localidade, utilizando como referente a propia: as infraestruturas, os servizos, os espazos para a cultura e o ocio.
- Os produtos naturais, especialmente os de Galicia e os traballos para obtelos: a agricultura e os seus tipos, a gandaría e os seus tipos, a pesca e os seus tipos, a minaría e a silvicultura.
- Os produtos elaborados, especialmente os de Galicia e os traballos para obtelos: a artesanía e os seus tipos e a industria e os seus tipos.
- Estudo comparativo da fabricación artesanal e industrial de tecidos.
- Os servizos: tipos de servizos e traballos que se realizan neles.
- Traballos remunerados e non remunerados.

### 5. O paso do tempo

- Pasado, presente e futuro. A historia. A historia persoal e a historia local.
- A medida do tempo histórico. As fontes da historia. Tipos de fontes históricas. As idades da historia e a súa ordenación cronolóxica, Identificación dos museos locais e da comunidade nos que se conservan e expoñen fontes históricas.
- Cambios nunha localidade ao longo da historia. Identificación e datación de monumentos e restos históricos da localidade e de Galicia.

### 6. Máquinas, aparellos e tecnoloxías

- Ferramentas, instrumentos e máquinas simples e complexas. As máquinas e utensilios no fogar. Os electrodomésticos.
- Ferramentas, instrumentos e máquinas para traballar (na agricultura, na gandaría, na pesca, na construción, na industria, no transporte, na investigación e na medicina).
- Ferramentas, instrumentos e máquinas para a comunicación e para o ocio (a radio, a televisión, o teléfono, o ordenador e internet...).
- O consumo de enerxía das máquinas (os combustibles fósiles e as fontes de enerxía alternativas). Algúns consumos enerxéticos de aparatos domésticos e o aforro enerxético.

CUARTO CURSO

### 1. O medio físico: espazo e materiais

- O tempo atmosférico e os factores que o determinan (o vento, a temperatura, a humidade, as nubes e as precipitacións).
- As estacións: que as causa, o tempo meteorolóxico e as actividades dos seres vivos en cada unha delas.
- O clima e os diferentes climas de Galicia e de España.
- O relevo das paisaxes: as formas do relevo nas paisaxes de interior e nas paisaxes costeiras. As paisaxes de Galicia.
- Océanos e mares e o movemento das súas augas. As augas continentais. O río: tramos e características. As augas de Galicia.
- Os puntos cardinais e a orientación pola saída de Sol, polas estrelas, pola Lúa, pola sombra dun pau e cun compás.
- As rochas e os minerais. Calidades que permiten caracterizar as rochas. Algunhas rochas abundantes: granito, basalto, calcaria e lousa.
- Os cambios nas rochas da paisaxe: procesos que modifican lentamente as rochas e procesos que as modifican rapidamente.
- Utilización das rochas (rochas para construción e decoración, rochas para a obtención de materiais). A obtención das rochas (minas e canteiras).
- O ecosistema e os seus elementos. Extensión e diversidade dos ecosistemas. Límites e interaccións de ecosistemas próximos.
- Ecosistemas de Galicia e de España.
- O ciclo dos alimentos nun ecosistema: a achega de enerxía do Sol e a clasificación dos seres vivos dun ecosistema de acordo co ciclo do alimento. As adaptacións dos seres vivos dun ecosistema.
- Ecosistemas acuáticos (o océano e o río), ecosistemas terrestres (a selva e o deserto), e as adaptacións dos seres vivos que os habitan.
- Os recursos naturais. Tipos de paisaxes segundo a acción humana sobre eles.
- Os valores das paisaxes e a súa alteración. Recursos naturais da comunidade.
- A protección do planeta como unha tarefa de todos: as accións cidadás e as accións gobernamentais para conservar a vida e os recursos naturais do planeta.
- Aproximación á idea de materia e estados da materia. Algúns exemplos de mesturas e dous procedementos sinxelos para separalas (o cribado e o filtrado).
- As forzas e os movementos: forzas por contacto e forzas que actúan a distancia (gravidade e magnetismo); os imáns e os seus comportamentos.
- Forzas e deformacións: factores dos que dependen as deformacións e clasificación dos corpos segundo o seu comportamento ante as forzas (materiais ríxidos e deformables).
- Aproximación a unha idea de enerxía: formas nas que se manifesta, identificación destas no contorno. As transformacións da enerxía e os aparatos nos que estas se aproveitan (motores, calefactores e lámpadas).
- A luz: as propiedades da luz e o comportamento dos corpos ante ela, as fontes luminosas e os fenómenos luminosos.
- As fontes de enerxía renovables e non renovables e as súas aplicacións. O reto do aforro enerxético e a utilización segura da enerxía.

**2. As plantas e os animais**

- Funcións vitais dos animais: a función de nutrición dos animais (alimentación, circulación, respiración e excreción);órganos, aparatos e sistemas implicados na función de relación. Fases da reprodución e formas de fecundación e de

desenvolvemento dos embrións. Os animais de Galicia.
- Funcións vitais das plantas: as partes de planta e as funcións que realiza cada unha. Fotosíntese e produción de osíxeno. A función de relación das plantas. Fases do proceso da reprodución das plantas con flor. As plantas de Galicia.

### 3. Os seres humanos e a saúde

- A función de relación: os receptores, os controladores e os efectores. Características e habilidades máis complexas da función de relación humana.
- O funcionamento dos nosos sentidos: o papel dos órganos dos sentidos como receptores, a transmisión dos sinais polos nervios e a interpretación dos sinais polo cerebro.
- Normas e consellos para desenvolver de forma saudable a función de relación. Alteracións dos sentidos e do sistema nervioso. Algunhas medidas para facer o mundo máis accesible.
- Órganos do corpo implicados na realización de forzas. O aproveitamento humano das forzas.

### 4. A vida en sociedade

- As persoas e os outros seres vivos: a obtención de produtos naturais nas sociedades primitivas; as primeiras sociedades sedentarias e o desenvolvemento da agricultura e da gandaría; a obtención de produtos naturais nas sociedades actuais.
- Actividades humanas actuais para a obtención de alimentos: a agricultura e os seus tipos, a gandaría e os seus tipos, a pesca e os seus tipos. A acuicultura. Actividades humanas actuais para a obtención de alimentos no seu contorno, e en Galicia.
- A poboación: clasificación da poboación por idade, variación da poboación e causas que a producen. O censo e o padrón municipal. A poboación de Galicia.
- O traballo remunerado e non remunerado, poboación activa e non activa. Clasificación das actividades profesionais por sectores. O traballo en Galicia.
- Tradicións, festas e costumes. Factores dos que dependen. Tipos de tradicións (gastronomía, festas, traxes, música, artesanía....). Tradicións, festas e costumes da localidade e de Galicia.
- A localidade: o municipio, a poboación municipal e o concello.
- A organización de Galicia: concellos e provincias.
- A organización de España: as provincias e as deputacións provinciais; as comunidades autónomas (parlamento e goberno autonómico); o estado español (o congreso, o senado, o goberno e o rei).
- A Unión Europea: países que a compoñen e órganos de goberno. Vantaxes de pertencer á Unión Europea.
- Os cidadáns: dereitos e obrigas. Órganos de protección dos dereitos dos cidadáns.

### 5. O paso do tempo

- A Historia e os tipos de historias. As fontes históricas e as idades da historia.
- A Prehistoria. A Prehistoria en Galicia.
- A Idade Antiga. A Idade Antiga en Galicia.

- A Idade Media. A Idade Media en Galicia.
- A Idade Moderna. A Idade Moderna en Galicia.
- A Idade Contemporánea. A Idade Contemporánea en Galicia.
- O transporte de persoas e mercadorías ao longo das diferentes Idades da Historia.

**6. Máquinas, aparellos e tecnoloxías**

- As máquinas: concepto de máquina, as máquinas simples e as máquinas complexas.
- Os motores: concepto de motor, tipos de motores e as súas aplicacións.
- Máquinas do presente e do futuro. Exemplos de máquinas automáticas

## 5. CRITERIOS DE AVALIACIÓN

Determinarase se cada alumno e cada alumna:

- Identifica e describe os principais usos que facémor as persoas dos recursos naturais (aire, terra e auga), sinalando vantaxes e inconvenientes.
- Utiliza convenientemente as nocións espaciais para recoñecer e representar, en planos sinxelos, os lugares e obxectos máis significativos da localidade, da comarca e da comunidade autónoma.
- Identifica e practica os hábitos de alimentación, postura, hixiene e descanso máis axeitados para favorecer a saúde.
- Recompila información sobre as características observables e regulares dos obxectos, animais e plantas da localidade, da comarca e da comunidade, seguindo criterios e pautas de observación sistemática.
- Identifica e clasifica animais, plantas e rochas, segundo criterios científicos.
- Compara ciclos vitais entre organismos vivos.
- Aplica criterios que permitan diferenciar as clases de animais e plantas, en termos xerais: vertebrados - invertebrados, árbore - arbusto - herba, etc.
- Identifica e explica as consecuencias para a saude e o desenvolvemento persoal de determinados hábitos de alimentación, hixiene, exercicio físico e descanso.
- Nomea as funcións que realizan os alimentos no organismo.
- Usa adecuadamente as nocións espaciais e referénciaas cos puntos cardinais para describir, localizar e relacionar a propia situación e a dos obxectos no espazo e no tempo.
- Describe as relacións de necesidade e complementariedade entre os distintos traballos, públicos e domésticos, da localidade e da comunidade.
- Participa e coopera en actividades de grupo (familia e colexio), respectando as normas de funcionamento democrático, con responsabilidade, asumindo os dereitos e deberes que implica.
- Describe e participa, na medida do posible, na organización do colexio, a través das canles legais establecidas para isto: funcións e formas de elección dos órganos de goberno e os seus compoñentes, etc.
- Identifica e describe os principais elementos que configuran a paisaxe da localidade, a comarca e, por riba, os de Galicia (situación, relevo, augas, clima, vexetación, fauna, agrupamentos de poboación e principais vías de comunicación), para situarse e localizar feitos e acontecementos.

- Ordena temporalmente os feitos históricos máis relevantes ocorridos no último século na localidade e na comunidade galega referidos á evolución da vivenda, o traballo, o transporte e os medios de comunicación, utilizando as nocións básicas de sucesión, duración e simultaneidade (antes, durante, despois, etc.).
- Mostra interese por coñecer os modos de vida e as manifestacións artísticas e culturais de épocas pasadas.
- Describe cambios que se produciron nunha localidade ao longo do tempo e os localiza en fontes históricas que hai na súa localidade.
- Nomea máquinas sinxelas e máquinas complejxas.
- Compara métodos de comunicación antigos e actuais.
- Analiza as partes principais de obxectos e máquinas, as funcións de cada una delas, e planifica e realiza un proceso sinxelo de construción dalgún obxecto. Mostra actitudes de cooperación no traballo en equipo e manifesta coidado pola seguridade.
- Mostra actitudes de cooperación no traballo en equipo e manifesta coidado pola seguridade.
- Manexa con soltura sinxelos dispositivos, máquinas e aparellos, empregando os operadores máis axeitados en cada caso.

## 6. COMPETENCIAS

Neste Proxecto Curricular establécese a contribución das diferentes áreas do currículo ao desenvolvemento de cada unha das oito Competencias Básicas. As competencias de Coñecemento do Medio Natural, Social e Cultural detállanse a continuación:

**Comunicación lingüística**
- Aumentar a riqueza no vocabulario específico da área.
- Ser rigoroso no emprego dos termos específicos desta área.
- Saber construír un discurso: ser coidadoso na precisión de termos, encadeamento de ideas, expresión verbal.
- Adquirir a terminoloxía específica sobre seres vivos, e sobre obxectos e fenómenos naturais.
- Comprender textos informativos, explicativos e argumentativos.
- Transmitir ideas en informacións sobre a natureza.

**Matemática**
- Utilizar ferramentas matemáticas tales como medidas, escalas, táboas ou representacións gráficas.
- Utilizar a linguaxe matemática para cuantificar fenómenos naturais, expresar datos.

**Coñecemento e interacción co mundo físico**
- Interpretar o mundo físico a través dos conceptos aprendidos.
- Saber definir problemas, estimar solucións e elaborar estratexias.
- Deseñar pequenas investigacións.
- Analizar resultados e comunicalos.
- Observar o mundo físico, obter información e actuar de acordo con ela.
- Coñecer o propio corpo e as relacións entre os hábitos e as formas de vida e a saúde.
- Coñecer as implicacións da actividade humana no medio natural.
- Buscar solucións para avanzar cara ao logro dun desenvolvemento sostible.
- Participar na toma de decisións en torno a problemas locais e globais formulados.

**Tratamento da información e competencia dixital**
- Utilizar distintos procedementos de busca, selección, organización e aplicalos na área.
- Saber utilizar un ordenador de forma básica.
- Saber buscar en internet de forma guiada.
- Mellorar nas destrezas asociadas á utilización de esquemas, mapas conceptuais.
- Utilizar as tecnoloxías da comunicación e a información para ter unha visión actualizada da actividade científica.

**Social e cidadá**
- Coñecer sentimentos e emocións en relación cos demais.
- Desenvolver actitudes de diálogo e de resolución de conflitos.
- Aceptar e elaborar normas de convivencia.
- Asentar as bases dunha futura cidadanía mundial, solidaria, participativa e demócrata.
- Comprender a realidade social na que se vive.
- Ser conscientes do papel da sociedade no avance da ciencia.
- Coñecer como se produciron debates esenciais para o avance da ciencia para entender a evolución da sociedade.

**Cultural e artística**
- Coñecer as manifestacións culturais do noso contorno.
- Valorar a diversidade cultural do noso contorno.
- Recoñecer as manifestacións culturais que forman parte do patrimonio cultural de Galicia.

**Aprender a aprender**
- Desenvolver técnicas para aprender, organizar, memorizar e recuperar a información.
- Facer resumos, esquemas ou mapas mentais.
- Reflexionar sobre o que e como se aprendeu.
- Adquirir conceptos esenciais ligados ao noso coñecemento natural para incorporar información proveniente da propia experiencia ou de escritos ou audiovisuais.
- Adquirir procedementos de análise de causas e consecuencias.

**Autonomía e iniciativa persoal**
- Tomar decisións desde o coñecemento dun mesmo (no ámbito escolar e nas actividades de ocio).
- Participar na construción de solucións.
- Ter habilidade para iniciar e levar a cabo proxectos.

# ÁREA DE LINGUA E LITERATURA GALEGAS

## 1. CARACTERÍSTICAS DA ÁREA

Se ben os seres humanos nos comunicamos a través de diferentes medios e sistemas (o corpo, os xestos, os signos, os símbolos, etc.), o medio máis universal de comunicación é, sen dúbida, a linguaxe oral, que permite recibir información, asegurando a comunicación (comprensión e expresión), a representación, a orientación e a autorregulación do pensamento e a acción.

De acordo con esta concepción funcional da lingua, a acción educativa nesta área na etapa de Educación Primaria ha de radicar en conseguir que os alumnos e as alumnas dominen as catro destrezas básicas da lingua: escoitar, falar, ler e escribir.

Por isto, dedicaremos especial atención á aprendizaxe da lingua oral e escrita iniciando o alumno e a alumna en:

- A narración e descrición das experiencias e situacións anecdóticas.
- A produción eficaz de fonemas.
- A utilización dun vocabulario rico en cantidade e calidade.
- A congruencia do discurso co contido.

## 2. ÁREA DE LINGUA GALEGA E LITERATURA NO SEGUNDO CICLO

No segundo ciclo de Educación Primaria desenvólvense neste Proxecto contidos pertencentes aos tres bloques que compoñen a área.

### 2.1. Escoitar e falar

A capacidade de comunicación oral do alumnado deste ciclo e o desenvolvemento do seu pensamento permítelles facer certas xeneralizacións. Amplíanse os seus centros de interese e son quen de actuar dunha maneira máis flexible e de ir máis alá do inmediato e do explícito. Ademais, a variedade de situacións aumenta e as intencións comunicativas son diversas. A sintaxe comeza a ser máis racional, construíndo oracións cunha maior precisión no vocabulario e riqueza nas coordinacións (e iniciando as subordinacións). Os seus diálogos son máis ordenados e as súas narracións máis complexas, e xustifican as súas opinións sen saírse do tema que ocupa a súa conversa.

Para desenvolver a comunicación oral, a produción de mensaxes afondará na organización das ideas, no emprego de formas que permitan construír un texto coherente e na selección de formas adecuadas á situación e á intención comunicativa.

Así, convirá traballar co alumnado os seguintes aspectos da comunicación oral:

- As distintas formas que pode presentar a comunicación oral dependendo da intención comunicativa.
- As modalidades e variantes da lingua oral no medio habitual dos nenos e das nenas.
- Os elementos lingüísticos e non lingüísticos que interveñen na comunicación oral.
- A importancia da tradición oral popular en Galicia e as formas que presenta (lendas, contos, romances, paremias, refráns, oracións, adiviñas...).

### 2.2. Ler e escribir

Durante o segundo ciclo, desenvólvense as capacidades de comprensión e expresión escritas iniciadas no ciclo anterior. A lectura en voz alta, atendendo á articulación precisa dos fonemas, a entoación adecuada, a acentuación correcta, a ausencia de silabeo, etc., ha ser unha práctica constante na aula que permitirá desenvolver capacidades de comprensión e expresión, ao mesmo tempo que espertará o seu interese e curiosidade por descifrar textos escritos.

Para a comprensión de textos escritos desenvolveranse estratexias que permitan a comprensión do sentido global de textos e a elaboración do resumo dos seus elementos esenciais, así como a exposición de opinións persoais sobre os textos lidos. Traballarase a comprensión lectora de distintos tipos de textos, literarios (narrativos, descritivos, poéticos e dramáticos) e non literarios (propios da actividade escolar: notas, guións, esquemas...), promovendo as destrezas requiridas para a escritura dos mesmos e atendendo á organización lóxica das ideas, á corrección gramatical e á propiedade léxica.

Procurarase que a aprendizaxe da lingua estea vinculada ao desenvolvemento do gusto pola lectura e a escritura, elixindo textos de interese, fomentando o contraste de puntos de vista e compartindo experiencias. Non se deixará de prestar atención á identificación dos tema e usos que denoten calquera tipo de discriminación social, racial ou sexual, para sensibilizar o alumnado na busca de expresións e hábitos alternativos.

### 2.4. Reflexionar sobre a lingua

Neste nivel, o estudo da lingua céntrase principalmente no uso coherente e adecuado da comunicación oral e escrita, respectando as normas que rexen os seus códigos.

Así, neste nivel o estudo da lingua céntrase nos seguintes aspectos:

- A lingua como instrumento de comunicación privilexiado.
- As letras, as sílabas e as palabras: clases, formación (prefixos e sufixos) e significado (familias léxicas e campos semánticos, sinónimos e contrarios).

- As normas ortográficas máis frecuentes: maiúsculas, signos de puntuación, acentuación, B/V...).
- Tipos de textos e estruturas de cada un deles (narración, descrición, teatro, poesía, cómic...).

## 3. OBXECTIVOS

Preténdese que o alumno e a alumna, ao finalizar o segundo ciclo de Educación Primaria, alcancen os seguintes obxectivos:

**Obxectivos para a etapa**

1. Valorar e estimar a lingua de Galicia, facendo uso dela con normalidade en todas as situacións comunicativas, adoptando unha actitude respectuosa ante as intervencións dos outros interlocutores.

   **Obxectivos para o segundo Ciclo**

   1.1. Valorar e estimar a lingua galega e usala como medio de transmisión en todas as situacións da súa vida cotiá.
   1.2. Respectar aqueles interlocutores que utilicen unha lingua diferente.

**Obxectivos para a etapa**

2. Comprender oralmente e por escrito diferentes tipos de mensaxes, de acordo coas necesidades da súa idade, relacionándoas coas súas experiencias e aplicándoas aos novos procesos de aprendizaxe.

   **Obxectivos para o segundo Ciclo**

   2.1. Escoitar e comprender mensaxes orais diversas máis amplas e complexas vinculadas aos seus centros de interese e ás súas experiencias.
   2.2. Aplicar a comprensión de textos orais e escritos a novas situacións de comunicación.
   2.3. Captar o senso xeral de textos orais e escritos diferenciando os datos esenciais dos detalles superfluos.

**Obxectivos para a etapa**

3. Expresarse oralmente e por escrito na nosa lingua con coherencia, corrección e creatividade.

   **Obxectivos para o segundo Ciclo**

   3.1. Profundar no desenvolvemento da expresión oral en diferentes situacións de comunicación, producindo textos máis complexos e con vocabulario máis rico.
   3.2. Expresar as súas vivencias e experiencias dun xeito creativo a través de textos narrativos e descritivos, empregando procedementos sinxelos que dean cohesión ao texto.

**Obxectivos para a etapa**

4. Recoñecer e apreciar a diversidade lingüística do Estado, respectando as peculiaridades dos diferentes rexistros e variedades lingüísticas presentes en Galicia, e valorando a súa existencia como contribución enriquecedora.

   **Obxectivos para o segundo Ciclo**
   - 4.1. Apreciar a existencia doutras linguas e desenvolver unha actitude positiva cara a elas.
   - 4.2. Respectar distintos usos de lingua.

**Obxectivos para a etapa**

5. Utilizar harmonicamente todos os recursos expresivos, tanto lingüísticos coma non lingüísticos, na comunicación directa con outras persoas.

   **Obxectivos para o segundo Ciclo**
   - 5.1. Interpretar e producir mensaxes nas que se combinen, ademais dos recursos expresivos empregados no primeiro ciclo, imaxes, debuxos, sons... mostrando unha intención comunicativa.
   - 5.2. Memorizar e interpretar textos orais sinxelos (poemas, cancións, adiviñas, trabalinguas...).

**Obxectivos para a etapa**

6. Ler con fluidez e comprensión, valorando a lectura como fonte de pracer, diversión e aventura, atopando nela unha canle de formación, información, ampliación de experiencias e un medio de recuperación, perfeccionamento e enriquecemento da lingua.

   **Obxectivos para o segundo Ciclo**
   - 6.1. Afeccionarse á lectura para divertirse e coñecer un mundo distinto de aventuras, comparándoo coas súas propias experiencias para poder amplialas.
   - 6.2. Ler con fluidez e comprender textos máis extensos e complexos.
   - 6.3. Descubrir que a lectura é un medio para adquirir información ao mesmo tempo que lle serve para perfeccionar e enriquecer a súa lingua.
   - 6.4. Aprender a buscar información para resolver dúbidas en libros de consulta, da biblioteca, manexar fichas e ficheiros.

**Obxectivos para a etapa**

7. Construír a través do emprego da lingua a propia personalidade, desenvolvendo a sensibilidade estética e exercitando a creatividade.

   **Obxectivos para o segundo Ciclo**
   - 7.1. Ampliar as posibilidades creativas e expresivas da lingua a partir da creación de textos, para aumentar a sensibilidade estética e formar a súa propia personalidade, tendo como modelos textos literarios ou partindo de textos creados por eles mesmos.
   - 7.2. Achegarse á literatura para desenvolver a sensibilidade estética e estimular a imaxinación.

**Obxectivos para a etapa**

8. Utilizar a linguaxe oral e escrita como instrumento para a comprensión, análise e organización de feitos e saberes de calquera tipo.

**Obxectivos para o segundo Ciclo**

8.1. Valorar a lingua oral e escrita como instrumento para conservar de modo estable e permanente a información; así como medio para a revisión e mellora das súas propias producións.
8.2. Utilizar progresivamente a linguaxe oral e escrita como instrumento de planificación de actividades de ensinanza-aprendizaxe en todas as áreas.

**Obxectivos para a etapa**

9. Coñecer e utilizar o léxico adecuado ás necesidades comunicativas e de aprendizaxe desta idade, rexeitando as expresións que comporten calquera tipo de discriminación ou resulten de calquera xeito atentatorias contra a dignidade e os dereitos da persoa.

**Obxectivos para o segundo Ciclo**

9.1. Recoñecer e identificar que determinados usos de lingua, en textos orais e escritos, ofrecen valoracións distintas con respecto á relación entre sexos, entre clases sociais e entre razas.
9.2. Mostrar unha actitude crítica cara aos usos de lingua que comporten calquera tipo de discriminación.
9.3. Buscar expresións alternativas para substituír aqueles termos que comporten calquera tipo de discriminación.
9.4. Recoñecer e empregar un vocabulario que satisfaga as súas capacidades comunicativas, sendo capaces de clasificalo e relacionalo.

**Obxectivos para a etapa**

10. Coñecer e diferenciar as linguaxes e os soportes dos diferentes medios de comunicación, razoando a súa importancia na configuración das preferencias e das opinións persoais.

**Obxectivos para o segundo Ciclo**

10.1. Coñecer e analizar os elementos característicos dos medios de comunicación.
10.2. Interpretar mensaxes nas que aparecen recursos expresivos non lingüísticos.
10.3. Prestar atención ás mensaxes non explícitas dos medios de comunicación.

## 4. CONTIDOS

Os contidos propostos para este ciclo, na área de Lingua Galega e Literatura, son os seguintes:

TERCEIRO CURSO

### 1. Escoitar e falar

- Formas básicas da comunicación oral segundo a intención comunicativa (a presentación, a conversa telefónica, o diálogo, o relato, a narración, a descrición, o recitado de poemas...).
- Elementos non lingüísticos que acompañan a comunicación oral: a expresividade e a entoación (os xestos).
- Formas da tradición oral de Galicia: as adiviñas, os refráns, os trabalinguas...

**2. Ler e escribir**

- Peculiaridades da comunicación escrita: convencionalismo, dirección da escritura, linearidade, separación de palabras...
- A necesidade da comunicación escrita como medio privilexiado de diversión, formación e información.
- Diferentes tipos de textos escritos: narrativos, poéticos, descritivos, intrutivos, dialogados, teatrais...
- Diferentes soportes da linguaxe escrita: cartas, postais, carteis, periódicos, revistas...
- Os elementos da comunicación non verbal (sons, acenos, xestos...).
- A linguaxe en interacción coa música: recitado de poemas, dramatizacións...
- Os medios de comunicación escritos: periódicos, revistas.

**3. Reflexionar sobre a lingua**

- Tipos de textos e estruturas de cada un deles: narración, descrición...
- A sílaba. A palabra. O nome. O adxectivo. O xénero e número. O artigo. Os determinantes. O pronome persoal. O verbo.
- O significado das palabras: familias léxicas e campos semánticos, palabras derivadas e compostas (prefixos e sufixos), sinónimos e antónimos, polisémicas, expresións e frases feitas...
- Normas ortográficas en casos frecuentes e constantes: maiúsculas, a separación de sílabas, a acentuación, os signos de puntuación, *c/q, b/v, mb/mp, r/rr, nh...*
- A situación lingüística de Galicia.
- A necesidade da normalización e a normativa.
- A realidade plurilingüe e pluricultural, do estado e do mundo, como expresión de diversidade e riqueza.

CUARTO CURSO

**1. Escoitar e falar**

- Formas básicas da comunicación oral segundo a intención comunicativa (a conversa telefónica, o conto, a lenda, o romance, o recitado de poemas...).
- Elementos non lingüísticos que acompañan a comunicación oral: a expresividade.
- Formas da tradición oral de Galicia: os trabalinguas, as adiviñas, os chistes...

**2. Ler e escribir**

- Peculiaridades da comunicación escrita: posibilidade de comunicación con interlocutores non presentes, permanencia, fixación do pensamento, posibilidade de revisión...
- A necesidade da comunicación escrita como medio privilexiado de diversión, formación e información (xeroglíficos, xogos de palabras, o dicionario).
- Diferentes tipos de textos escritos: a narración, o conto, o cómic, a descrición (de obxectos e de persoas), a noticia periodística...
- Diferentes soportes da linguaxe escrita: cartas, carteis, periódicos...
- Os elementos da comunicación non verbal (sons, acenos, xestos...).
- A linguaxe en interacción coa música: recitado de poemas, dramatizacións, representacións de contos...
- Os medios de comunicación escritos: periódicos, revistas.

**3. Reflexionar sobre a lingua**

- A comunicación.
- A oración. Tipos. O suxeito e o predicado.
- O nome: común e propio, individual e colectivo. O xénero e o número.
- O adxectivo. Os determinantes. O pronome persoal. O verbo. Os adverbios.
- Tipos de textos e estruturas de cada un deles: narración, descrición, poesía, teatro...
- Normas ortográficas: acentuación, ditongos, maiúsculas, palabras dificultosas, abreviaturas e siglas.
- O significado das palabras: sinónimos, antónimos, polisémicas, homófonas, familias de palabras e campos semánticos, xentilicios, palabras derivadas e compostas (prefixos e sufixos), frases feitas e onomatopeas.
- A situación lingüística de Galicia.
- A necesidade da normalización e de normativización.
- A realidade plurilingüe e pluricultural, do estado e do mundo, como expresión de diversidade e riqueza.

## 5. CRITERIOS DE AVALIACIÓN

Este proxecto curricular propón o dominio do alumno e da alumna nas seguintes competencias e destrezas:

- Estima a lingua de Galicia e úsaa como canle de transmisión das súas propias experiencias en todas as situacións de comunicación.
- Participa en situacións de comunicación relacionadas coa actividade escolar (actividades en grupo, asembleas, debates, coloquios...) respectando as normas elementais que fan posible a comunicación.
- Comprende o senso global de mensaxes orais de uso habitual e distingue as ideas principais e secundarias.
- Memoriza, reproduce e representa textos orais (poemas, cancións, adiviñas, trabalinguas...), empregando a pronuncia, o ritmo e a entoación adecuadas.
- Produce textos orais (contos, relatos, exposicións, explicacións sinxelas...) adecuados á intención comunicativa, empregando as formas básicas da lingua oral (pronunciación, ritmo, entoación, vocabulario...), así como aspectos verbais.

- Capta o senso global de textos escritos de uso habitual (informativos, literarios...) e resume as principais ideas.
- Le textos máis complexos ca no primeiro ciclo, empregando coñecementos elementais sobre a lingua escrita e procedementos elementais para resolver dúbidas de comprensión.
- Valora positivamente o texto escrito como instrumento de comunicación e como fonte de pracer e de información. E manifesta preferencias na selección de lecturas e expresa as propias opinións sobre elas.
- Redacta textos escritos de diferente tipo (descricións, narracións, diálogos, poemas, cartas, informes...), empregando a estrutura textual correspondente e utilizando os procedementos básicos que dan cohesión ao texto (usar nexos, manter o tempo verbal, puntuar adecuadamente...).
- Comprende e produce mensaxes orais ou escritas nas que se integren os distintos códigos, verbais e non verbais.
- Distingue usos racistas, sexistas e estereotipados en conversas, audicións, contos e imaxes, e introduce as autocorreccións pertinentes ao respecto.

## 6. COMPETENCIAS

Neste Proxecto Curricular establécese a contribución das diferentes áreas do currículo ao desenvolvemento de cada unha das oito Competencias Básicas. As competencias de Lingua Galega e Literatura detállanse a continuación:

**Competencia en comunicación lingüística**
- Coñecer a orde das palabras no dicionario.
- Interpretar, comprender e utilizar a información que aparece no dicionario.
- Comprender e saber aplicar as normas ortográficas e gramaticais da lingua.
- Comprender o sentido figurado de expresións feitas.
- Desenvolver a atención para resolver xogos lingüísticos.
- Aprender a coñecer a biblioteca recoñecendo as normas polas que se rexe.
- Buscar, recompilar e procesar a información.
- Utilizar a lingua como instrumento de comunicación oral e escrita.
- Producir textos orais e escritos.
- Discriminar diferentes tipoloxías textuais.
- Comprender, compoñer e utilizar textos narrativos, expositivos, poéticos e teatrais.
- Coñecer e utilizar os recursos necesarios para a descrición de animais, persoas e paisaxes.
- Coñecer técnicas sinxelas para estruturar e redactar un conto.
- Recoñecer e saber aplicar as características propias da lingua poética.
- Expresar axeitadamente ideas e emocións.

**Autonomía e iniciativa persoal**
- Desenvolver a autoestima ante a creación dos propios textos.
- Tomar a iniciativa de participar na dramatización de textos propios ou alleos.
- Adquirir a necesaria confianza nun mesmo para interactuar cos demais e tomar decisións propias.
- Utilizar a lingua para organizar o pensamento, comunicar afectos e opinións, regular emocións.

**Competencia para aprender a aprender**
- Adquirir e aplicar uns hábitos de traballo.
- Acceder ao saber e á construción de coñecementos mediante a lingua.
- Utilizar recursos de carácter lúdico na adquisición de conceptos.
- Desenvolver e aplicar a lóxica para establecer relacións semánticas ou gramaticais.
- Saber abstraer e sistematizar as ideas esenciais dun texto para elaborar un esquema.

**Tratamento da información e competencia dixital**
- Consultar un dicionario en Internet.
- Visitar bibliotecas virtuais e acceder á información que achegan.
- Buscar, seleccionar e manexar os datos obtidos en Internet ou noutras fontes de información.
- Crear unha páxina web.
- Desenvolver a capacidade para interpretar as noticias que achegan os medios de comunicación e opinar sobre elas.
- Saber utilizar o correo electrónico para se comunicar.
- Recoñecer o particular rexistro lingüístico das SMS e comprender que non se axusta ás normas gramaticais.

**Competencia no coñecemento e a interacción co mundo físico**
- Aprender a desenvolverse no contorno e a respectalo.
- Desenvolver a conciencia de pertencer ao mundo e reparar nos cambios que se producen no contorno e nos seres vivos de forma periódica.
- Coñecer e valorar a fauna e a flora propias da nosa comunidade.
- Recoñecer a lingua como o principal medio de comunicación entre os seres humanos e utilizala para establecer relacións cos demais.
- Coñecer outras formas de vida e outras culturas e aprender a respectalas.

**Competencia social e cidadá**
- Crear un sistema de valores propio baseado no respecto.
- Entender a lingua como a base da convivencia, o respecto e o entendemento.
- Recoñecer a diferenza entre os seres humanos como un valor enriquecedor.
- Aprender a comunicarse cos demais e a comprender o que estes transmiten.
- Valorar todas as linguas como aptas para a comunicación.
- Recoñecer as variantes da lingua como fenómenos da fala e respectalas.
- Desenvolver actitudes de consumo responsable.

**Competencia artística e cultural**
- Ler, comprender e valorar as obras literarias.
- Coñecer e valorar as tradicións propias da nosa comunidade.
- Comprender, apreciar e valorar as manifestacións artísticas, propias e alleas.
- Coñecer algúns persoeiros claves da cultura galega.
- Usar de forma responsable os recursos da biblioteca.
- Expresarse con imaxinación e creatividade.
- Poder apreciar nun texto literario e noutro tipo de creacións os trazos que contribúen á súa estética.

# ÁREA DE LINGUA CASTELÁ E LITERATURA

## 1. CARACTERÍSTICAS DA ÁREA

Se ben os seres humanos nos comunicamos a través de diferentes medios e sistemas (o corpo, os xestos, os signos, os símbolos, etc.), o medio máis universal de comunicación é, sen dúbida, a linguaxe oral, que permite recibir e transmitir información, asegurando a comunicación (comprensión e expresión), a representación, a orientación e a autorregulación do pensamento e a acción.

De acordo con esta concepción funcional da lingua, a acción educativa na etapa de Educación Primaria ha de radicar en conseguir que o alumno e a alumna dominen as catro destrezas básicas da lingua: escoitar, falar, ler e escribir.

Por iso, dedicarase especial atención á comprensión e expresión oral e escrita, particularmente ao desenvolvemento do proceso de aprendizaxe da lecto-escritura, como reforzo e consolidación da aprendizaxe no primeiro ciclo. Non podemos esquecer que o coñecemento da lingua e as súas destrezas básicas están presentes ao longo de toda a vida académica e persoal do alumno e da alumna.

Así, o noso Proxecto pretende consolidar e desenvolver a aprendizaxe da lingua oral e escrita a través de:

- A narración e descrición das experiencias e situacións anecdóticas.
- A precisión na utilización do vocabulario, a elaboración de frases e a definición de conceptos.
- A congruencia do discurso co contido.
- O correcto manexo das normas da linguaxe.
- A diferenciación dos feitos e fenómenos reais dos imaxinarios.
- A reflexión sobre a importancia que ten o uso de forma correcta, apropiada e coherente da linguaxe na vida do home.
- O inicio e desenvolvemento do gusto pola literatura.

## 2. A ÁREA DE LINGUA CASTELÁ E LITERATURA NO SEGUNDO CICLO

Particularmente neste ciclo, tanto o coñecemento e dominio de si mesmo como o coñecemento e dominio do mundo e a construción da realidade que rodea o neno ápoiase na linguaxe. O desenvolvemento das capacidades lingüísticas supón o medio esencial para axudarlle ao pensamento a recoller, analizar, organizar e gardar a información e planificar e desenvolver as actividades adecuadas autorregulando, avaliando e retroalimentando o proceso cognitivo e aplicándoo á realidade.

O alumno e a alumna acceden ao segundo ciclo cunha grande competencia na comunicación oral e cunha relativa competencia na comunicación escrita, tanto na súa comprensión coma na súa expresión. Son capaces de distribuír e ordenar adecuadamente as palabras e as oracións no espacio e no tempo, e coñecen e dominan,

aínda que con certas dificultades aínda, a maioría das normas que rexen os códigos oral e escrito. Por exemplo, áchanse na encrucillada da transición da súa ortografía natural ou fonética á regulada, polo que necesitan as orientacións necesarias.

Así pois, os contidos da área para todo o ciclo estrutúranse basicamente en torno aos seguintes núcleos:

1º. O uso da lingua en situacións de comunicación oral e escrita, incorporando o tratamento do texto literario e as mensaxes que empregan sistemas de comunicación verbal e non verbal conxuntamente.

2º. A reflexión sobre a propia lingua como medio para mellorar a comprensión e a expresión en diversas situacións de comunicación.

De maneira que no Segundo Ciclo de Educación Primaria se desenvolven neste Proxecto contidos pertencentes aos catro bloques que compoñen a área:

### 2.1. A comunicación oral

Ao longo destes anos de escolaridade amplíase e depura considerablemente a comunicación oral, utilizando con maior precisión o vocabulario, definindo conceptos e estruturando frases. A sintaxe comeza a ser máis racional, construíndo as oracións con bastantes máis palabras que no ciclo anterior, e, paulatinamente, vaise enriquecendo o uso de matices e variantes nas coordinacións, e iniciando as subordinacións. Non obstante, aínda son frecuentes certos problemas nas concordancias de xénero e número e no manexo dalgunhas conxugacións.

Así mesmo, a capacidade comunicativa dos alumnos e das alumnas deste ciclo e o desenvolvemento do seu pensamento permítelles facer certas xeneralizacións. Amplíanse os seus centros de interese e son capaces de ir máis alá do inmediato e o explícito. Os seus diálogos son máis ordenados e as súas narracións máis complexas e xustifican as súas opinións sen saise do tema que ocupa a súa conversación.

### 2.2. A comunicación escrita

Por outra banda, os alumnos e as alumnas deste ciclo amplían e depuran considerablemente a súa comunicación escrita mediante o coñecemento dos aspectos normativos da lingua. Len con certa fluidez aínda que ás veces con algúns problemas que haberá que corrixir (silabeo, ton, saltos de palabras, etc.). Polo que se impón traballar sistematicamente a comprensión lectora de distintos tipos de textos (literarios e non literarios), promovendo as destrezas requiridas para a súa escritura. Todos eles, xunto co manexo inicial do dicionario contribuirán a mellorar o uso da linguaxe. Ademais, xa se atopan en condicións de diferenciar os feitos e fenómenos obxectivos dos subxectivos, propios da súa imaxinación; o que pode aproveitarse para que na súa comunicación oral e escrita distingan a

realidade da fantasía. O dicionario comeza a usarse de forma habitual, tanto para mellorar a propiedade expresiva coma para autocorrixir a ortografía.

En canto á produción de textos escritos, é conveniente traballar sobre as narracións e as descricións nas que se expresen vivencias persoais ou experiencias doutras áreas curriculares, así como noutros tipos de textos propios da actividade escolar (notas, esquemas sinxelos, guións, etc.), centrando a atención na forma na que están ordenadas as ideas e no emprego de procedementos sinxelos.

En suma, hase de procurar que a aprendizaxe da lingua escrita estea vinculada ao desenvolvemento do gusto pola lectura e a escritura, elixindo textos de interese, fomentando o contraste de puntos de vista e compartindo experiencias.

### 2.3. Reflexión sobre a lingua

No relativo á reflexión sobre a lingua, é preciso destacar a importancia do desenvolvemento da capacidade para usar a lingua oral e escrita en diferentes situacións con distintas intencións comunicativas. Deste xeito, o uso da lingua convértese no eixe fundamental sobre o cal se formularán todos os contidos neste ciclo.

Así pois, neste nivel, o estudo da lingua céntrase principalmente no uso coherente e adecuado da comunicación oral e escrita, respectando as normas que rexen os seus códigos.

### 2.4. Literatura

Respecto aos contidos referidos a Literatura propose a lectura de diferentes textos: anuncios, noticias, contos e lendas, poemas, ... e o comentario sobre distintos aspectos: vocabulario, argumento, personajes, así como sencillas producciones de todos ellos.

O que se pretende é a consecución da competencia comunicativa en xeral, e lingüística en particular, mediante o traballo motivador, continuado e rigoroso das destrezas básicas de comprensión e expresión da linguaxe oral e escrita. Para o cal os contidos deben subordinarse ao desenvolvemento da capacidade de utilizar a linguaxe fundamentalmente como instrumento de comunicación, de coñecemento e de estética.

A aprendizaxe da lingua non debe consistir soa, nin fundamentalmente en memorizar regras gramaticais; senón, en vivenciala para usala cada vez mellor, comprender as súas estruturas e en capacitarse para recreala e gozala.

## 3. OBXECTIVOS

Ao finalizar o Segundo Ciclo de Educación Primaria, preténdese que o alumno e a alumna alcancen os seguintes obxectivos:

**Obxectivos para a etapa**

1. Comprender mensaxes orais e escritas e outros construídos con signos de diferentes códigos, en diversos contextos e situacións, interpretándoos con actitude crítica e ser capaz de aplicar a súa comprensión a novas situacións de aprendizaxe.

**Obxectivos para o Segundo Ciclo**

1.1. Comprender discursos orais e escritos máis extensos e complexos que no ciclo anterior ampliando os temas de interese, mantendo a atención e unha actitude crítica.
1.2. Diferenciar as ideas esenciais das accesorias.
1.3. Analizar os aspectos sinxelos do texto (estrutura do discurso, vocabulario, intención, etc.)

**Obxectivos para a etapa**

2. Construír mensaxes e expresarse oralmente e por escrito de forma coherente tendo en conta as características das diferentes situacións de comunicación, os aspectos normativos da lingua, utilizando o léxico axeitado e potenciando o uso creativo da lingua e o desenvolvemento gradual dun estilo propio.

**Obxectivos para o Segundo Ciclo**

2.1. Expresarse oralmente e por escrito axeitadamente en situacións formais e informais, ampliando os contextos e interlocutores coñecidos e descoñecidos.
2.2. Escoitar e relatar experiencias presentes e pasadas, respectando os aspectos normativos da lingua.

**Obxectivos para a etapa**

3. Recoñecer e apreciar a unidade e diversidade lingüísticas, respectando as peculiaridades dos diferentes rexistros e variedades lingüísticas da comunidade autónoma, valorando esta diversidade como un feito cultural enriquecedor.

**Obxectivos para o Segundo Ciclo**

3.1. Identificar e apreciar a unidade e diversidade lingüística española.
3.2. Escoitar, memorizar, reproducir e representar expresións da linguaxe oral tradicional (adiviñanzas, cancións, contos, trabalinguas, etc.).
3.3. Valorar estas expresións lingüísticas como feito cultural enriquecedor para todos.

**Obxectivos para a etapa**

4. Coñecer os problemas que orixina o contacto entre linguas, asumindo a necesidade de recuperar o uso normalizado da lingua da propia comunidade nos casos nos que se fai un uso restrinxido dela.

**Obxectivos para o Segundo Ciclo**

4.1. Mostrar interese polo uso da lingua da propia comunidade autónoma.

**Obxectivos para a etapa**

5. Utilizar a lingua oral para intercambiar ideas, experiencias e sentimentos, adoptando unha actitude respectuosa ante as achegas dos outros e atendendo ás regras propias do intercambio comunicativo.

**Obxectivos para o Segundo Ciclo**

5.1. Expresar con claridade, ordenada e coherentemente: vivencias, ideas, observacións, sentimentos, etc.
5.2. Elixir as formas de comprensión e expresión axeitadas á situación e á intención comunicativa.
5.3. Valorar e aceptar as achegas propias e os dos demais, respectando as normas do intercambio comunicativo.

**Obxectivos para a etapa**

6. Utilizar e combinar recursos expresivos lingüísticos e non lingüísticos para producir e interpretar mensaxes con diferentes intencións comunicativas co obxecto de desenvolver as actitudes de desinhibición e interacción afectiva, a capacidade de comprensión crítica e a liberdade e riqueza de expresión.

**Obxectivos para o Segundo Ciclo**

6.1. Utilizar indicadores sinxelos na lectura de textos (ilustracións, títulos, etc.) para formular conxecturas sobre o seu contido.
6.2. Expresarse oralmente e por escrito empregando sistemas verbais e non verbais de comunicación (xestos, movementos corporais, sons, etc.).
6.3. Desenvolver a autocrítica e a autoesixencia nas propias realizacións con finalidades diversas, valorándoas como fonte de desfrute, aventura, ocio, diversión, información, aprendizaxe e como destreza básica para o enriquecemento da propia lingua e a cultura persoal.

**Obxectivos para a etapa**

7. Ler con fluidez, desenvolver o pracer de ler e utilizar a lectura como fonte de información, de diversión e de aprendizaxe e como medio de perfeccionamento e enriquecemento lingüístico e persoal.

**Obxectivos para o Segundo Ciclo**

7.1. Desenvolver o hábito e o gusto pola lectura, dedicándolle parte do tempo libre dispoñible.
7.2. Ler en voz alta (sen silabeo, saltos de palabras, etc.), distinguindo o esencial do accesorio, en textos cada vez máis extensos e complexos.

**Obxectivos para a etapa**

8. Explorar as posibilidades expresivas orais e escritas da lingua para desenvolver a propia personalidade e a sensibilidade estética, buscando canles de comunicación creativas no uso autónomo e persoal da linguaxe.

**Obxectivos para o Segundo Ciclo**

8.1. Desenvolver o gusto literario (narrativo poético, etc.).

8.2. Explorar as posibilidades expresivas básicas da lingua oral e escrita, adquirindo seguridade nas propias habilidades comunicativas e usos persoais da linguaxe.
8.3. Compoñer por escrito, de forma cada vez máis complexa, ordenada e coherente: ideas, vivencias, sentimentos, feitos reais e fantásticos, tanto en prosa como en verso.

**Obxectivos para a etapa**

9. Reflexionar sobre o uso da lingua, comezando a establecer relacións entre os aspectos formais e os contextos e intencións comunicativas aos que responden, para mellorar as propias producións.

**Obxectivos para o Segundo Ciclo**

9.1. Iniciar a diferenciación de distintas situacións de comunicación e a busca das formas adecuadas a cada unha delas, relacionándoas con estruturas gramaticais básicas.
9.2. Expresarse por escrito utilizando as normas básicas da lingua escrita.

**Obxectivos para a etapa**

10. Coñecer os diferentes usos sociais das linguas analizando o seu emprego como vehículo de valores e prexuízos clasistas, racistas, sexistas, etc., co fin de introducir as autocorreccións pertinentes.

**Obxectivos para o Segundo Ciclo**

10.1. Rexeitar os usos discriminatorios no emprego da lingua oral e escrita.
10.2. Utilizar a lingua para destacar os valores das diferentes culturas do ámbito.

**Obxectivos para a etapa**

11. Utilizar a lingua como instrumento de aprendizaxe e planificación da actividade, mediante recursos (discusión, esquema, guión, resumo, nota, etc.) que facilitan a elaboración e anticipación de alternativas de acción, a memorización de informacións e a recapitulación e revisión do proceso seguido, así como a comprensión da realidade e o desenvolvemento.

**Obxectivos para o Segundo Ciclo**

11.1. Utilizar a lingua oral e escrita como instrumento de aprendizaxe e planificación de actividades cada vez máis complexas, utilizando diferentes recursos.
11.2. Utilizar a lingua oral e escrita como instrumento para a elaboración e anticipación de alternativas de acción.
11.3. Utilizar a lingua oral e escrita como instrumento para a memorización da información, a recapitulación e a revisión do proceso seguido.

## 4. CONTIDOS

Os contidos propostos para este ciclo, na Área de Lingua Castelá e Literatura, son os seguintes:

## 4.1. Contidos conceptuais

TERCEIRO CURSO

### 1. Afianzamento do proceso de aprendizaxe lecto-escritor

- A necesidade do uso da comunicación na vida cotiá.
- A lectura e a escritura como fonte de información, pracer, ocio, diversión, xogo, etc.
- Medios nos que se presenta a linguaxe escrita: libros, xornais, cartas, carteis, receitas, servizos, etc.
- Relacións entre o código oral e escrito: o ritmo, a velocidade e o ton na comprensión lectora.
- O uso do dicionario.

### 2. A expresión oral como medio de comunicación

- A necesidade da expresión oral no medio habitual do alumnado nas diferentes situacións de comunicación.
- Características das situacións e intencións comunicativas. Distintos tipos de textos orais: trabalinguas, refráns, relatos, diálogos teatrais, expresión dunha opinión, etc.
- Expresión oral de: anécdotas, relatos, narracións colectivas, diálogos teatrais, conversacións telefónicas, instrucións, opinións, trabalinguas, refráns, recitado de poemas, etc.
- A linguaxe oral como fonte de información, diversión, pracer, lecer, enriquecemento e perfeccionamento da propia lingua, e como expresión dos valores sociais e culturais.
- A linguaxe oral e outros elementos non lingüísticos que o acompañan (pronunciación, ritmo, ton, xestos, postura, movemento corporal, etc.). Expresividade e ton.

### 3. A expresión escrita como medio de comunicación

- A necesidade da expresión escrita no medio habitual do alumnado nas diferentes situacións de comunicación.
- Características das situacións e intencións comunicativas. Diferentes tipos de textos escritos.
- Expresión escrita de: relatos, descricións de persoas, animais e de lugares, frases de anuncios publicitarios, resumos, cartas, cómic, fichas bibliográficas, rimas, etc.
- A linguaxe escrita como fonte de información, diversión, pracer, lecer, enriquecemento e perfeccionamento da propia lingua, e como expresión dos valores sociais e culturais.
- A linguaxe escrita e outros elementos non lingüísticos que o acompañan (ilustracións, fotografías, esquemas, etc.).

### 4. A lingua como obxecto de estudo

- Vocabulario: O abecedario, palabras derivadas, palabras compostas, familias de palabras. Campo semántico. Prefixos. Frases feitas. Diminutivos. Aumentativos. Sinonimia antonimia, polisemia. Palabras que expresan cantidade e comparación.
- Gramática: Letras e sílabas. A oración: suxeito e predicado, o nome, o adxectivo, xénero e número, o artigo, determinantes, pronomes, verbos (pasado, presente e futuro) e clases de oracións. A comunicación.
- Ortografía: O punto. O guión. A coma. Signos de consulta e de exclamación. Sílabas tónicas e átonas. Maiúsculas. As letras *c, qu*; m antes de *p* e *b*; *c* e *z*; *r*, *rr*; a *g*; a diérese; palabras con *bl* e *br*; palabras rematadas en *-illo, -illa,* e en *-d* ou en *-z*. Verbos rematados en: *-bir -ger, -gir, -aba, -abas...* Verbos con *h*.

**5. Literatura**

- A Literatura como instrumento de transmisión, creación e enriquecemento cultural.
- A Literatura como estética. Verso e prosa. Textos realistas e textos fantásticos.
- Estrutura do relato: formulación, nó e desenlace.
- A biblioteca: organización, funcionamento e uso.

**6. Sistemas de comunicación verbal e non verbal**

- Mensaxes que utilizan sistemas de comunicación non verbal para realzar as posibilidades comunicativas da linguaxe verbal: tipos de mensaxes (publicitarios, gráficos, audiovisuais, etc.) e formas en que se manifestan (fotografías con pé, historietas, carteis, etc.)
- Sistemas e elementos de comunicación non verbal.

CUARTO CURSO

**1. Afianzamento do proceso de aprendizaxe lecto-escritor**

- A necesidade do uso da comunicación na vida cotiá.
- A lectura e a escritura como fonte de información, pracer, ocio, diversión, xogo, etc.
- Medios nos que se presenta a linguaxe escrita: libros, xornais, cartas, carteis, etc.
- Relacións entre o código oral e escrito: o ritmo, a velocidade, o ton e a acentuación na comprensión lectora.
- O uso do dicionario.

**2. A expresión oral como medio de comunicación**

- A necesidade da expresión oral no medio habitual do alumnado nas diferentes situacións de comunicación.
- Características das situacións e intencións comunicativas. Distintos tipos de textos orais.
- Expresión oral de: diálogos casuais, encadeados, romances, adiviñanzas, contos dramatizados, lendas, slogans, entrevistas, noticiarios falados, cancións, exposición de sucesos e debates.

- A linguaxe oral como fonte de información, diversión, pracer, lecer, enriquecemento e perfeccionamento da propia lingua, e como expresión dos valores sociais e culturais.
- A linguaxe oral e outros elementos non lingüísticos que o acompañan (pronunciación, ritmo, ton, xestos, postura, movemento corporal, etc.). Expresividade e ton.
- Linguas e dialectos da comunidade autónoma.

### 3. A expresión escrita como medio de comunicación

- Distintas situacións da comunicación escrita no medio habitual do alumnado.
- Características das situacións e intencións comunicativas.
- Expresión escrita de distintos tipos de textos: cómic avisos e carteis, encrucillados, descrición de obxectos, esquemas e notas, fábulas, regulamentos e regras, receitas, esquemas narrativos descrición de imaxes, metáforas, noticias e cartas.
- A linguaxe escrita como fonte de información, diversión, pracer, lecer, enriquecemento e perfeccionamento da propia lingua, e como expresión dos valores sociais e culturais.
- A linguaxe escrita e outros elementos non lingüísticos que o acompañan (ilustracións, fotografías, títulos, esquemas, etc.).
- Linguas e dialectos da comunidade autónoma.

### 4. A lingua como obxecto de estudo

- Vocabulario: O dicionario, familias de palabras. Palabras derivadas. Prefixos e sufixos. Palabras compostas. Sinonimia, antonimia, polisemia, palabras homófonas e homógrafas. Xentilicios. Frases feitas. Prefixos *re-, pre-, mono- poli-*. Sufixos *-ón, -azo, -ante*.
- Gramática: A comunicación A letra, a sílaba e a palabra. A oración: suxeito e predicado. Oracións enunciativas, interrogativas e exclamativas. O nome (común e propio, individual e colectivo) xénero e número, pronome persoal. O adxectivo (concordancia). Determinantes. O verbo: concepto e persoa, conxugacións, tempos (modo indicativo de 1. ª, 2. ª e 3. ª conxugación). Adverbios de lugar e de tempo.
- Ortografía: Sílabas tónicas e átonas. Palabras agudas, chairas e esdrúxulas. O ditongo. Maiúsculas. Palabras con *x*. Palabras que empezan por: *bu- bus-, bur-, hie-, hue- hui-, geo-, ges-*. Palabras que rematan en *-aje, -eje, -jero, -jería, -d, -z*. Palabras con *e* / *ll*. Adxectivos rematados en *-avo, -ava -ivo, -eve*. Verbos rematados en *-aba*, en *-bir en -ger* e en *-gir*. *Haber* e *a ver*. Abreviaturas.

### 5. Literatura

- A Literatura como instrumento de transmisión, creación e enriquecemento cultural.
- A Literatura como estética. Verso e prosa. Textos realistas e textos fantásticos.
- Estrutura de diferentes tipos de textos (relato: formulación, nó e desenlace).
- A biblioteca: organización, funcionamento e uso.

### 6. Sistemas de comunicación verbal e non verbal.

- Mensaxes que utilizan sistemas de comunicación non verbal para realzar as posibilidades comunicativas da linguaxe verbal: tipos de mensaxes (publicitarios, gráficos, audiovisuais, etc.) e formas en que se manifestan (fotografías con pé, historietas, carteis, etc.).
- Sistemas e elementos de comunicación non verbal.

## 4.2. Contidos procedementais

### 1. De afianzamento do proceso lecto-escritor

- Dominio da interrelación entre os códigos orais e escritos, discriminando os sons das palabras e as correspondencias dos fonemas coas súas grafías.
- Dominio da velocidade, comprensión e precisión lectora axeitadas.
- Dominio da lexibilidade, precisión e rapidez escritora axeitadas.
- Lectura e memorización de cancións e poesías curtas.
- Manifestacións persoais, orais e escritas, sobre libros lidos.
- Copia e ditado de frases e textos.

### 2. De comunicación oral e escrita

- Comprensión de discursos orais e textos escritos en distintas situacións de comunicación.
- Enumeración dos elementos que interveñen no acto da comunicación.
- Diferenciación da linguaxe verbal e do non verbal.
- Identificación de discursos orais en distintas situacións de comunicación.
- Exploración de textos escritos en distintas situacións de comunicación.
- Detención das interrelacións entre os códigos oral e escrito.
- Descrición de producións escritas como instrumento para recoller e organizar a información, para planificar experiencias, para anticipar e comprobar expectativas, para memorizar informacións, etc.
- Utilización das habilidades lingüísticas e regras interactivas adecuadas na comunicación cos demais (conversación, diálogo, entrevista, exposición, debate, etc.).
- Produción de textos orais referidos a distintas intencións e situacións comunicativas: expresar vivencias, sentimentos e ideas; transmitir e pedir información; describir obxectos, seres reais ou imaxinarios; narrar; xogar coa lingua etc.
- Recitación de textos literarios e non literarios.
- Produción de discursos orais atendendo á súa organización e elaboración estética, experimentando as posibilidades creativas que brinda a linguaxe oral.
- Utilización das habilidades lingüísticas e regras propias na comunicación escrita (descrición, narración, exposición, poesía, cartas, etc.).
- Realización de comentarios de textos, analizando as ideas principais e observando a presenza de claves.
- Utilización de producións escritas como instrumento para recoller e organizar a información, para planificar experiencias, para anticipar e comprobar expectativas, para memorizar informacións, etc.

- Produción de textos escritos referidos a distintas intencións e situacións comunicativas: expresar vivencias, sentimentos e ideas; transmitir informacións; describir obxectos, seres, lugares reais ou imaxinarios; expoñer a propia opinión; interrogar; xogar coa lingua etc.
- Comentario de textos escritos distinguindo o argumento e os aspectos elementais da forma (ortografía, disposición gráfica, etc.).
- Resumos realizados a partir de textos escritos, literarios e non literarios.
- Produción de textos escritos atendendo á súa organización e elaboración estética, experimentando as posibilidades creativas que brinda a linguaxe escrita.
- Distinción entre as partes do texto que manifestan unha opinión e as que achegan unha información.
- Comparación de discursos orais e textos escritos (argumento, aspectos elementais da forma, etc.).
- Análise dos aspectos propios de diferentes textos literarios: argumento, aspectos formais básicos (formas de organización e elaboración estética, vocabulario, ortografía, etc.) e outros aspectos do texto (edición, cuberta, portada, ilustracións, etc.).
- Resumo das ideas fundamentais de textos literarios, establecendo as relacións entre elas e respectando a secuencia argumental.
- Comentario e opinión persoal sobre textos lidos, literarios e non literarios.
- Produción de textos literarios a partir de escritos alleos e modélicos, utilizando técnicas de imitación e reprodución, e explorando as posibilidades creativas da linguaxe escrita (contos, lendas, romances, poemas líricos, textos dramáticos, etc.).
- Produción de textos literarios demostrando orixinalidade, gusto e coñecemento básico da lingua.

**3. De coñecemento das estruturas da lingua, a literatura e as linguaxes non verbais**

- Produción de textos respectando as diferentes normas da lingua oral e escrita.
- Ampliación e clasificación do vocabulario atendendo ás necesidades comunicativas de precisión, propiedade e elegancia: formación de familias de palabras mediante a adicción de sufixos e agrupación de palabras en campos semánticos.
- Identificación, clasificación e utilización das partes variables e invariables da oración gramatical.
- Identificación de normas sintácticas simples, morfolóxicas e ortográficas nas producións verbais e escritas. Concordancias.
- Análise da oración simple (suxeito e predicado). Determinación da concordancia.
- Manipulación das estruturas da lingua (do texto, da oración e da palabra) analizando as consecuencias dos cambios realizados sobre o sentido total da mensaxe (formación de aumentativos, diminutivos e despectivos; oracións afirmativas e negativas etc.).
- Identificación e clasificación das regras ortográficas.
- Pronunciación e interpretación de tiles e signos de puntuación para dar sentido e expresividad á lectura de textos: uso de til en agudas, chairas e esdrúxulas; uso de til diacrítico; uso de signos de puntuación; guión, consulta e exclamación.
- Manexo de repertorios ordenados alfabeticamente.

- Utilización de dicionarios e enciclopedias.
- Utilización da biblioteca (seccións, ficheiro, regras de empréstitos, etc.) para satisfacer necesidades concretas de información, interese ou desfrute estético.
- Distinción de diferentes tipos de mensaxes con finalidades comunicativas.
- Comprensión e expresión de mensaxes que utilizan simultánea e articuladamente a linguaxe verbal e outros sistemas de comunicación non verbal (anuncios publicitarios, cómic, etc.).

### 4.3. Contidos actitudinais

- Valoración da linguaxe oral e escrita como un dos principais instrumentos para satisfacer as propias necesidades de comunicación, e para planificar e realizar tarefas concretas.
- Interese e gusto por participar en situacións de comunicación oral e escrita.
- Apreciación da linguaxe oral e escrito como instrumento necesario para desenvolverse na vida cotiá.
- Sensibilidade e flexibilidade ante as achegas dos outros en diálogos, textos descritivos, narrativos, instrutivos, etc.
- Respecto polas normas de interacción verbal (respecto polas normas que regulan o diálogo, a entrevista, etc.).
- Sensibilidade e actitude crítica ante temas e expresións que mostran discriminación social, sexual, racial, etc.
- Aprecio pola calidade das mensaxes orais e escritos propios e alleos (coherencia, corrección e propiedade expresiva) como medio de asegurar unha comunicación fluída e clara.
- Gusto por utilizar outros recursos de comunicación que realzan a linguaxe oral (xestos, movemento corporal, etc.).
- Sensibilidade cara ao aspecto lúdico e creativo da linguaxe oral e escrita.
- Interese e respecto polas variantes idiomáticas e estilísticas da linguaxe oral da propia comunidade.
- Sensibilidade polos textos literarios de tradición oral e escrita (romances, contos, lendas, etc.).
- Interese e gusto pola utilización dos diferentes recursos expresivos que brinda a linguaxe oral e escrita, máis alá dos compoñentes estritamente convencionais.
- Aceptación das normas ortográficas do discurso, a oración e a palabra.
- Valoración da importancia do uso de tiles e dos signos de puntuación.
- Interese pola lectura comprensiva e expresiva.
- Coidado e respecto polos libros como patrimonio de todos.
- Sensibilidade polo uso das bibliotecas e respecto polas normas que rexen a súa utilización.
- Aprecio pola utilidade de dicionarios e enciclopedias.
- Valoración da linguaxe e dos recursos literarios como fonte de información, pracer, discusión, xogo, etc.
- Apreciación do texto literario como fonte de transmisión cultural.
- Satisfacción por participar nos comentarios colectivos sobre as lecturas literarias e por compartir a experiencia lectora.
- Interese polas funcións que cumpren os diferentes tipos de mensaxes nos medios de comunicación social (publicidade, información, distracción, etc.) e actitude crítica ante as mensaxes que transmiten.

- Sensibilidade estética na forma de coordinar a linguaxe verbal con outros sistemas de comunicación non verbal (orde, claridade, equilibrio, ritmo, etc.), en función da intención comunicativa perseguida.

## 5. CRITERIOS DE AVALIACIÓN

Este proxecto curricular propón o dominio do alumno e da alumna nas seguintes competencias e destrezas:

- Le textos coa articulación, o ritmo, a fluidez, a expresividade e a seguridade necesarios.
- Expresa as súas opinións sobre os textos lidos e manifesta gustos persoais.
- Potenciar o desenvolvemento de estratexias que faciliten a aprendizaxe autónoma.
- Desenvolver a habilidade para comunicar con eficacia, os propios resultados.
- Recoñecer a utilidade das representacións gráficas para fixar e aclarar conceptos e relacións nos números fraccionarios
- Recoñecer a utilidade de utilizar debuxos ou esquemas que lle axuden á busca da solución a un problema.
- Potenciar unha actitude experimentadora cara á utilización de diferentes instrumentos e unidades de medida.
- Verbalizar o proceso seguido na aprendizaxe, para reflexionar sobre como se aprende.
- Recoñecer e aplicar a manipulación, a construción e a representación como métodos de investigación e descubrimento en xeometría.

**Autonomía e iniciativa persoal**
- Seguir un método como estratexia para ter unha maior seguridade na resolución de problemas.
- Desenvolver a confianza para enfrontarse con éxito a situacións incertas.
- Xestionar os recursos para optimizar os procesos de resolución de problemas, utilizando distintas operacións matemáticas.
- Xestionar os recursos para optimizar os procesos de resolución de problemas nos que interveña a medida do tempo.
- Trazar un plan, buscar estratexias e tomar decisións para resolver problemas.
- Mostrar curiosidade por coñecer a utilidade das aprendizaxes novas.
- Resolver problemas no ámbito das fraccións

- Enfrontarse a novas situacións con maior posibilidade de éxito, tendo en conta a valoración dos resultados obtidos en situacións similares.
- Mostrar interese por descubrir diferentes formas de construción e representación dos elementos e figuras xeométricos.
- Xestionar os recursos para optimizar os procesos de resolución de problemas, utilizando as unidades de medida de lonxitude.

**Cultural e artística**
- Valorar o coñecemento matemático como contribución ao desenvolvemento cultural dos pobos.
- Recoñecer as relacións e formas xeométricas axuda na análise de producións artísticas.
- Utilizar os envases de refugallo para realizar producións artísticas.
- Utilizar algunhas obras de arte para traballar contidos matemáticos.

# ÁREA DE EDUCACIÓN ARTÍSTICA

## 1. CARACTERÍSTICA DA ÁREA

A área de Educación Artística está integrada por formas de comprensión, expresión e representación plástica, musical e dramática, mediante as cales se comunican diversos aspectos dos mundos interior e exterior dos nenos e das nenas.

Corresponde á Educación Artística potenciar o desenvolvemento das capacidades necesarias para a culminación de dous procesos básicos: o de percepción de representacións plásticas, musicais e dramáticas, e o de expresión de ideas e sentimentos a través delas, o que require o uso de regras, técnicas e recursos cun código propio, segundo o momento histórico e as culturas nas que se levan a cabo.

A LOE establece que a área de Educación Artística ha de estar integrada por dúas linguaxes: plástica e musical, articuladas á súa vez en dous eixes, percepción e expresión. A percepción refírese á observación dos elementos plásticos e á audición musical. A observación debe centrarse na interpretación, indagación e análise do contorno natural e da actividade e creación humanas, entendida esta última como xeradora de obxectos e elementos presentes no cotián e de representación puramente artística. Pola súa banda, a audición céntrase no desenvolvemento de capacidades de discriminación auditiva e de audición comprensiva, durante os procesos de interpretación e creación musicais así como nos de audición de pezas musicais gravadas ou en vivo.

A expresión remite á exploración dos elementos propios da linguaxe plástica e visual, ao tratamento dos materiais e ás diversas posibilidades de expresar o percibido e sentido, axustándose a unha planificación no proceso de elaboración. Tamén alude á interpretación musical desenvolvendo habilidades técnicas e capacidades vinculadas coa interpretación vocal e instrumental e coa expresión corporal e a danza. A través dunha ou outra linguaxe estimúlase a invención e a creación de distintas producións plásticas ou musicais.

A partir dos dous grandes eixes en que se articula a área -Percepción e Expresión-, determínase que os contidos han de ir distribuídos en catro bloques. O bloque 1, *Observación plástica,* e o Bloque 3*, Escoita,* integran os relativos á percepción para as linguaxes plástica e musical respectivamente. O bloque 2, *Expresión e creación* plástica, e o bloque 4, *Interpretación e creación musical,* inclúe os contidos relacionados coa expresión en ambas as dúas linguaxes.

O bloque *Observación plástica* céntrase na interpretación, indagación e análise do contorno natural e da actividade e creación humanas. Abórdanse cuestións espaciais e outras relativas á interpretación do significado das imaxes e á análise das mensaxes icónicas. Estes mesmos contidos, centrados na percepción, nutren o bloque Expresión *e creación plástica* no que se contén a exploración dos elementos propios da linguaxe plástica e visual, e o tratamento dos materiais, e se expoñen diversas posibilidades de expresar o percibido, axustándose a unha planificación no proceso de elaboración.

No bloque *Escoita*, os contidos céntranse no desenvolvemento de capacidades de discriminación auditiva e de audición comprensiva, mentres que en *Interpretación e*

*creación musical* se aborda o desenvolvemento de habilidades técnicas e capacidades vinculadas coa interpretación e se estimula a invención a través da improvisación e a creación de distintas producións musicais resultantes da exploración, a selección e a combinación de movementos e sons.

Os contidos da linguaxe musical, como os referidos á música como expresión cultural, atópanse de forma transversal nos dous bloques ao ser elementos da música que nunca se disocian dela.

## 2. A ÁREA DE EDUCACIÓN ARTÍSTICA NO SEGUNDO CICLO

### 2.1. Área de Expresión Plástica

A Expresión Plástica emprega as imaxes como soporte material e mediador, realizadas con instrumentos clásicos (debuxos, pintura e escultura), ou ben reproducidas por medios tecnolóxicos máis modernos (fotografía, cine, vídeo ou ordenador).

Este ciclo supón a iniciación da aprendizaxe de significados e valores estéticos, partindo da produción propia dos alumnos e das alumnas, ata chegar á apreciación e goce das obras artísticas. Así, neste proxecto curricular contémplanse os catro aspectos básicos que comprenden a área.

#### 2.1.1. Observación plástica

Ao igual que no ciclo anterior, para lograr do alumno e da alumna destas idades a distinción entre formas naturais e artificiais, propóñense unha serie de exercicios de observación, identificación e clasificación das formas como “naturais” e “manipuladas”, que axudan a traballar a percepción e a avaliación estética da imaxe no contorno próximo, e permiten iniciar a interpretación da linguaxe plástica e a creación gráfica libre dunha mensaxe visual.

Ao igual que no ciclo anterior, para lograr a distinción entre formas naturais e artificillas, peopóñense unha serie de exercicios de observación, identificación e clasificación das formas como “naturais” e “manipuladas”, que axudan a traballar a percepción e valoración estética da imaxe no contorno próximo, e permiten iniciar a interpretación da linguaxe plástica e a creación gráfica libre dunha mensaxe visual.
Tamén a observación de elementos do contorno será necesaria para o estudo das escalas e as proporcións entre os obxectos, para a clasificación das texturas e as tonalidades, para a exploración das formas naturais e artificiais desde diferentes ángulos e posicións, etcétera.

Neste ciclo preténdese a iniciación no coñecemento, na valoración e no respecto polo patrimonio artístico, cultural e artesanal do contorno, e a constatación desa valoración na manifestación dunha actitude de interese cara a ese patrimonio dentro e fóra da aula.

### 2.1.2. Expresión e creación plástica

Neste ciclo trabállase con actividades de representación figurativa de ambientes e paisaxes, de organización de formas no plano e a súa adaptación ao espazo, e foméntase nos nenos e nas nenas destas idades o uso correcto dos materiais de debuxo, o esforzo por controlar o trazo en espazos acoutados, a descrición por retentiva gráfica, a identificación cromática, a precisión no recortado e punzado, así como as producións plásticas en equipo.

Simultaneamente aos aspectos anteriores, introdúcese aos alumnos e ás alumnas na realización de imaxes, formas e composicións plásticas de menor a maior complexidade: desde sinxelos intentos de expresión libre con papel recortado ata a creación de texturas e composicións con arxila ou outros materiais como témpera, pintura de dedo, plastilina ou soportes de reciclaxe.

Co emprego destes materiais no segundo ciclo, foméntase no alumnado a confianza no seu manexo e nas propias posibilidades creativas en tres dimensións, a curiosidade pola experimentación de novos materiais e técnicas e a satisfacción pola utilidade do obxecto creado.
Así mesmo, neste segundo ciclo vaise traballando paulatinamente a asimilación de conceptos como punto, liña, cor, textura e forma, así como a organización de composicións plásticas.

Dentro do ámbito da organización de formas na composición, a curiosidade polas mesturas e as combinacións de cor e a exploración táctil de texturas traballaranse, neste ciclo, en tanto que son actitudes xeradoras doutras moitas, máis complexas, como o desexo de atopar novos materiais e de probar outras técnicas que doten a composición persoal de elementos formais menos frecuentes e máis creativos.

## 2.2. Área de Expresión Musical

De modo sinxelo, pero de forma máis estruturada que no primeiro ciclo, séntanse as bases que organizan a estrutura do coñecemento musical. O traballo con composicións musicais prepara o alumno e a alumna para a interpretación en todas as súas versións: vocal, instrumental, expresión corporal e danza, actividades que contribúen ao proceso de maduración psicofísica dos nenos e das nenas, nivelando desequilibrios e axustando o corpo para a sincronización músico-motriz.

Así, a expresión corporal, a psicomotricidade e a danza forman un todo integrado do que se obterán valiosos datos para a avaliación e referencias de actuación para colaborar no desenvolvemento harmónico do alumnado.

En función do exposto, este proxecto curricular contempla os aspectos básicos que comprende a área.

### 2.2.1. Escoita

A través da percepción auditiva, os nenos e as nenas aprenden a recoñecer e interpretar o mundo que os rodea.

Así, a práctica da percepción auditiva desenvolve unha serie de capacidades entre as que se encontran a sensibilidade persoal e estética, a percepción e intuición, a expresión e a comunicación. Ademais, o desenvolvemento da práctica auditiva contribúe ao afianzamento da autoimaxe e dos esquemas de orientación e representación temporal.

A percepción da linguaje musical a través da escoita vai permitir aos alumnos iniciarse sistematicamente na linguaxe musical en todos e en cada un dos seus aspectos (calidades do son, ritmo, melodía, harmonía, pulso, acento, compás, tempos, dinámica, formas e estrutura), a un nivel elemental, articulando o coñecemento cos procedementos proporcionados pola voz, o corpo, os instrumentos e as audicións activas, plasmadas en actividades e xogos individuais e colectivos.

Como calquera outra linguaxe, a música posúe os seus propios códigos que deben ser descifrados paulatinamente, de modo que a organización e estruturación dos coñecementos musicais posibiliten unha capacidade creadora, interpretativa e expresiva cada vez de maior calidade técnica e estética.

Consideramos que é esencial a percepción da música nas diferentes culturas como vehículo socializador e harmonizador das relacións entre os pobos. Así, desde este proxecto trabállase a apertura ás músicas doutros pobos, así como a música no ámbito socio-cultural do alumnado.

### 2.2.2. Interpretación e creación

A voz é o instrumento comunicativo por excelencia. As cancións supoñen un elemento básico do comportamento cotián do neno e da nena, a través das cales poden expresar os seus sentimentos, e recoñecer e interpretar os do mundo que lle rodea.

A práctica da expresión vocal e do canto desenvolve de forma especial a sensibilidade persoal e estética, as capacidades perceptivas e intuitivas, a expresión e comunicación, e contribúe á integración social, ao afianzamento da imaxe do eu e dos esquemas de orientación e representación espacial.
A expresión instrumental posibilita o desenvolvemento da coordinación xeral e, en particular, da viso-manual, e da estruturación espazo-temporal. De maneira que, a través da psicomotricidade, facilítase a aprendizaxe comprensiva da linguaxe musical. Ademais, o conxunto instrumental contribúe ao desenvolvemento de actitudes e habilidades de cooperación e socialización.
O movemento rítmico e a danza integran a expresión corporal cos elementos musicais; con eles cultívanse a capacidade de escoita de sons

significativos, a expresión dos propios sentimentos e representacións a través do movemento corporal, e a comunicación cos demais e co espazo.

## 3. OBXECTIVOS

Ó finalizar o segundo ciclo de Educación Primaria, preténdese que o alumnado acade os seguintes obxectivos:

**Obxectivos para a etapa**

1. Pescudar nas posibilidades do son, a imaxe e o movemento como elementos de representación e comunicación, e empregalas para expresar ideas e sentimentos, contribuíndo con iso ao equilibrio afectivo e á relación cos demais.

**Obxectivos para o segundo ciclo**

1.1. Utilizar distintos instrumentos musicais comúns para realizar acompañamentos sinxelos de cancións e melodías.
1.2. Analizar imaxes en función dos sentimentos que transmiten: alegría, tristeza, tranquilidade, irritación, etc.
1.3. Interiorizar secuencias rítmicas sinxelas.
1.4. Expresar con xestos e movementos ideas e sentimentos.
1.5. Ter confianza nas propias realizacións artísticas e gozar co proceso creativo.

**Obxectivos para a etapa**

2. Explorar e coñecer materiais e instrumentos diversos e adquirir códigos e técnicas específicas das diferentes linguaxes artísticas.

**Obxectivos para o segundo ciclo**

2.1. Explorar e utilizar materiais plásticos diversos con precisión.
2.2. Coñecer as propiedades dalgúns materiais comúns e as súas posibilidades de utilización frecuente con fins comunicativos, lúdicos e creativos.
2.3. Iniciarse no manexo da frauta doce.
2.4. Acompañar unha melodía con diferentes instrumentos de percusión.

**Obxectivos para a etapa**

3. Aplicar os coñecementos artísticos na observación e a análise de situacións e obxectos da realidade cotiá e de diferentes manifestacións do mundo da arte e a cultura para comprendelos mellor e formar un gusto propio.

**Obxectivos para o segundo ciclo**

3.1. Describir as calidades (tamaño, forma, cor, peso, textura, etc.) de materiais e obxectos manipulables presentes no contorno, como resultado dunha exploración multisensorial e lúdica.
3.2. Seleccionar aquelas características que se consideren máis útiles e axeitadas para o desenvolvemento das actividades artísticas expresivas.
3.3. Aplicar os coñecementos sobre as características visuais, plásticas e de relación espacial de situacións e obxectos do contorno, para mellorar a actividade expresiva e de comunicación icónica.

**Obxectivos para a etapa**

4. Manter unha actitude de busca persoal e colectiva, articulando a percepción, a imaxinación, a indagación e a sensibilidade e reflexionando á hora de realizar e gozar de diferentes producións artísticas.

   **Obxectivos para o segundo ciclo**

   4.1. Memorizar un repertorio de cancións e dramatizacións, axeitadas ás súas capacidades, que lle permita relacionarse cos demais.
   4.2. Interpretar cancións e melodías ao unísono, poñendo atención no carácter, a expresión, a dicción e a dinámica.
   4.3. Familiarizarse coa propia voz e o propio corpo como punto de partida da consolidación da autoimaxe, xerme da autoestima persoal, e da imaxe e estima dos demais.
   4.4. Realizar plasticamente unha obra na que participen todos os integrantes da clase.

**Obxectivos para a etapa**

5. Coñecer algunhas das posibilidades dos medios audiovisuais e as tecnoloxías da información e a comunicación nos que interveñen a imaxe e o son, e utilizalos como recursos para a observación, a busca de información e a elaboración de producións propias, ben sexa de forma autónoma ou en combinación con outros medios e materiais.

   **Obxectivos para o segundo ciclo**

   5.1. Reproducir algunhas das imaxes e sons dos diferentes medios de comunicación do contorno, apreciando as súas calidades e limitacións.
   5.2. Clasificar as imaxes e sons do contorno, segundo sexan do seu agrado ou desagrado, explicando a súa elección.
   5.3. Desenvolver progresivamente a capacidade crítica respecto á expresión e estética dos medios de comunicación que utilizan a imaxe e o son.

**Obxectivos para a etapa**

6. Coñecer e valorar diferentes manifestacións artísticas do patrimonio cultural propio e doutros pobos, colaborando na conservación e renovación das formas de expresión locais e estimando o enriquecemento que supón o intercambio con persoas de diferentes culturas que comparten un mesmo contorno.

   **Obxectivos para o segundo ciclo**

   6.1. Gozar das obras de arte que ofrece o contorno e a comunidade.
   6.2. Coñecer os elementos máis destacados do patrimonio cultural.
   6.3. Coñecer os costumes populares a través das cancións e danzas tradicionais.
   6.4. Desenvolver a sensibilidade e o gusto por todo o fermoso e creativo.

**Obxectivos para a etapa**

7. Desenvolver unha relación de auto confianza coa produción artística persoal,

respectando as creacións propias e as dos outros e sabendo recibir e expresar críticas e opinións.

**Obxectivos para o segundo ciclo**

7.1. Expresar libremente as ideas e os sentimentos a través da elaboración de obras artísticas creativas.
7.2. Mostrar confianza nas propias capacidades creativas.

**Obxectivos para a etapa**

8. Realizar producións artísticas de forma cooperativa, asumindo distintas funcións e colaborando na resolución dos problemas que se presenten para conseguir un produto final satisfactorio.

**Obxectivos para o segundo ciclo**

8.1. Realizar producións artísticas colectivas máis complexas que no ciclo anterior cooperando na elaboración dun único produto final.
8.2. Valorar e respectar as achegas dos demais na produción dunha obra artística común.
8.3. Representar en grupo diferentes roles e situacións da vida cotiá e do mundo da fantasía mediante o xogo colectivo, utilizando os recursos expresivos do corpo.

**Obxectivos para a etapa**

9. Coñecer algunhas das profesións dos ámbitos artísticos, interesándose polas características do traballo dos artistas e gozando como público na observación das súas producións.

## 4. CONTIDOS

Os contidos propostos para este ciclo, na área de Expresión Plástica, son os seguintes:

### 4.1. Área de Expresión Plástica

TERCEIRO CURSO

**1. Observación plástica**

- Observación e interiorización das partes, trazos e esquemas corporais da figura humana.
- A proporción do corpo humano: o esquema corporal correspondente ao esqueleto e a silueta ou forma externa.
- Observación atenta da técnica do raiado e apreciación das súas calidades estéticas e visuais.
- As formas xeométricas presentes nos obxectos.
- As calidades estéticas, visuais e luminosas do contorno.
- Os trazos faciais: identificación das súas posturas.
- A cabeza humana de fronte e de perfil: proporción e trazos faciais.

- Observación e realización do sombreado a lapis de animais e obxectos con aparencias moi distintas.
- As calidades estéticas en modelos naturais do contorno.
- Identificación dos animais que adoitan vivir no bosque ou zonas de arboredo de núcleos urbanos.
- Identificación de imaxes do contorno.
- Asociación de imaxes.
- Signos e símbolos na comunicación visual.
- Identificación entre formas xeométricas e obxectos.
- O tempo: a súa influencia na cor dunha paisaxe.
- A perspectiva na paisaxe.
- Elementos que caracterizan a obxectos ou seres deseñados a partir da mesma forma básica.
- Cadros de pintores célebres. A figura do pintor, do escultor, do arquitecto.

### 2. Expresión e creación

- Organización das formas no espazo e o tempo.
- A liña como elemento creador de formas.
- Clases de liñas (curvas, rectas, quebradas, onduladas, etc.)
- Calidade da liña (grosor e trazado).
- A mancha como elemento creador de formas.
- Tipos de manchas.
- O punto como elemento creador de formas.
- A cor. Obtención da cor. Mesturas de cor.
- Tons e gamas.
- Clasificación (cores frías e cálidas).
- Articulación dos diferentes elementos: punto-liña-mancha, liña-mancha, cor-textura e textura-mancha.
- O tamaño, a proporción e o espazo.
- Representación do espazo: plano e volume.
- O volume con trazado de liñas.
- O volume con sombreado e mancha.
- O volume a través da cor.
- A luz e a sombra na forma e o volume.
- Imaxes bidimensionais e tridimensionais.
- Situación da liña do horizonte.
- A proporción do corpo humano.
- Trazado de faccións expresando emocións diferentes.
- Obxectos inventados a partir de formas xeométricas.

CUARTO CURSO

### 1. Observación plástica

- Identificación de imaxes do contorno.
- A figura humana, os animais, as plantas, os obxectos, a paisaxe e diferentes espazos interiores.

- Observación para a elaboración de imaxes: trazado da figura humana, de animais, de plantas, de obxectos, de paisaxes e de espazos de interior.
- Asociación de imaxes.
- Signos e símbolos na comunicación visual.
- Identificación de sinais.
- O tempo.
- A textura: visual e táctil, o seu recoñecemento e aplicación.

**2. Expresión e creación**

- A forma. O esquema corporal da figura humana e dos animais. Formas das plantas (partes e variedade). Formas básicas dos obxectos. Diferentes formas de paisaxe. Formas básicas dos espazos de interior.
- O punto. A liña, as súas clases e calidades de expresión.
- O plano e as súas formas regulares e irregulares.
- As formas xeométricas.
- A cor e a súa utilización: tons, matices, contrastes, mesturas, identificación, criterios de clasificación (círculo cromático, cores primarias e mesturas, cores frías e cálidas, e cores obxectivas e subxectivas).
- Articulación dos diferentes elementos: liña-mancha, cor-textura e textura-mancha.
- Combinación de formas xeométricas con obxectos.
- Coloreado de obxectos en función da situación dun foco de luz - O tamaño, a proporción e o esquema corporal, segundo un canon.
- O espazo compositivo.
- O volume e a forma.
- O movemento no trazado da figura humana e de animais.
- Simetría axial.
- A cor: tons, matices e contrastes.
- A luz na forma e o volume.
- Representación do espazo: plano e volume.
- A perspectiva.
- Imaxes bidimensionais e tridimensionais.
- O contorno e o esquema.

## 4.2. Área de Expresión Musical

TERCEIRO CURSO

**1. Escoita**

- As calidades básicas do son por separado e conxuntamente: intensidade, altura, timbre e duración.
- As calidades básicas dunha obra musical: ritmo, melodía, harmonía e forma.
- A importancia do silencio.
- Voces, instrumentos e conxuntos vocais e instrumentais.
- Audición e imitación: polirritmias
- A representación gráfica da música como medio de comunicación.

- A grafía musical como representación do son, o movemento e a forma.
- Situacións de utilización de grafías musicais.
- Elementos e tipos de grafía elementais para a representación do son, o movemento e a forma, tanto convencionais como non convencionais.
- Calidades básicas dunha composición musical: ritmo, melodía, harmonía e forma.
- A música e a danza: funcións no ámbito sociocultural dos alumnos e das alumnas.
- A información musical: a obra e as súas características formais; contextualización do feito musical; interrelación con outras áreas; algúns estilos básicos e a música en distintos espazos.
- A música e o movemento nos medios de comunicación social.
- A música noutras culturas.

**2. Interpretación e creación**

- Emisión de voz, técnica vocal. Tons.
- Prosodias rítmicas e ladaíñas.
- A canción: tipos e formas de cancións; aspectos musicais e expresivos dunha canción.
- Aspectos expresivos: intencións comunicativas do canto; proposta de inicio ou arranque; elementos que contextualizan o canto; elementos musicais e expresivos.
- Tipos de voces para a música. Diferentes usos da voz.
- Coñecemento dun repertorio axeitado de cancións.
- Cancións ao unísono e iniciación á polifonía.
- O movemento expresivo e a música: formas básicas.
- A danza como forma organizada de movemento.
- Tipos de danza.
- Os elementos básicos do xogo dramático: personaxes, conflito, trama, espazo e tempo.
- Formas musicais integradoras da expresión corporal: a ópera, a zarzuela, o *ballet*, o mimo, o musical, etc.
- O corpo como instrumento musical.
- Recomendacións para tocar a frauta.
- Posibilidades sonoras instrumentais desde varias ópticas.
- Familias instrumentais: tipos e agrupacións.
- As pezas instrumentais: tipos e formas.
- Coñecemento dun repertorio axeitado de pezas.
- Elementos que configuran a peza instrumental: musicais (ritmo, melodía, harmonía e forma) e expresivos (intensidade, tempo, timbre, articulación e fraseo).
- Instrumentos para acompañar cancións e danzas.

CUARTO CURSO

**1. Escoita**

- As calidades básicas do son por separado e conxuntamente: intensidade, altura, timbre e duración.
- As calidades básicas dunha obra musical: ritmo, melodía, harmonía e forma.
- A importancia do silencio.
- Voces, instrumentos e conxuntos vocais e instrumentais.
- A representación gráfica da música como medio de comunicación.
- A grafía musical como representación do son, movemento e a forma.
- Situacións de utilización de grafías musicais.
- Elementos e tipos de grafía elementais para a representación do son, o movemento e a forma, tanto convencionais como non convencionais.
- Calidades básicas dunha composición musical: ritmo, melodía, harmonía e forma.
- A música e a danza: funcións no ámbito sociocultural dos alumnos e das alumnas.
- A información musical: a obra e as súas características formais; contextualización do feito musical; interrelación con outras áreas; algúns estilos básicos e a música en distintos espazos.
- A música e o movemento nos medios de comunicación social.
- A música noutras culturas.

**2. Interpretación e creación**

- Emisión de voz; técnica vocal.
- A canción: tipos e formas de cancións; aspectos musicais e expresivos dunha canción.
- Aspectos expresivos: intencións comunicativas do canto; proposta de inicio ou arranque; elementos que contextualizan o canto; elementos musicais e expresivos.
- Tipos de voces para a música.
- Coñecemento dun repertorio axeitado de cancións.
- Cancións ao unísono e iniciación á polifonía.
- O movemento expresivo e a música: formas básicas.
- A danza como forma organizada de movemento.
- Tipos de danza.
- Os elementos básicos do xogo dramático: personaxes, conflito, trama, espazo e tempo.
- Formas musicais integradoras da expresión corporal: a ópera, a zarzuela, o *ballet*, o mimo, o musical, etc.
- O corpo como instrumento musical.
- Posibilidades sonoras instrumentais desde varias ópticas.
- Familias instrumentais: tipos e agrupacións.
- As pezas instrumentais: tipos e formas.
- Coñecemento dun repertorio axeitado de pezas.
- Elementos que configuran a peza instrumental: musicais (ritmo, melodía, harmonía e forma) e expresivos (intensidade, tempo, timbre, articulación e fraseo).
- Instrumentos para acompañar cancións e danzas.

## 5. CRITERIOS DE AVALIACIÓN

Xulgarase se o alumnado:

- Utiliza a súa actividade gráfica para representar en imaxes as súas vivencias e experiencias persoais.
- Representa imaxes da realidade cotiá e do contorno, seleccionando as técnicas máis apropiadas e os materiais adecuados.
- Comunícase mediante signos e símbolos visuais pertencentes á linguaxe icónica.
- Intervén e coopera en traballos de creación artística, bidimensional e tridimensional, organizando e coidando o material utilizado.
- Explora as calidades dos materiais (plásticos, metálicos, téxtiles e de refugallo) e as súas posibilidades expresivas.
- Participa en diferentes formas de representación da imaxe e intervén na análise formal que transmiten os medios de comunicación.
- Mostra interese pola calidade na execución das súas creacións e goza coa súa realización, explicando as súas intencións expresivas.
- Conserva e respecta o medio ambiente e as formas artísticas do contorno.
- Mantén unha escoita atenta, activa e concentrada.
- Expresa sensibilidade musical.
- Sincroniza rítmico-motrizmente o corpo ao pulso, ao acento e a diferentes compases e ritmos, temas, frases melódicas e formas musicais, así como ao carácter destas.
- Intégrase no grupo no canto colectivo e mostra dispoñibilidade, cooperación e percepción crítica.
- Segue e respecta as indicacións xestuais da persoa que asume a dirección en actividades colectivas.
- Recoñece e valora o progreso experimentado nas destrezas rítmico-motrices a través das actividades de expresión corporal, movemento rítmico e danza.
- Manifesta discriminación auditiva no recoñecemento e repetición de melodías e diferentes voces, falando ou cantando.
- Discrimina temas e frases melódicas, así como a estrutura formal e a significa instrumentalmente.
- Realiza improvisacións espontáneas e pequenas creacións propias.
- Integra os coñecementos, previamente adquiridos na linguaxe musical, nas linguaxes de improvisación.
- Utiliza distintos aspectos expresivos da canción (intensidade, tempo, carácter, etcétera) para comunicar sentimentos e sensacións.
- Expresa mediante o corpo, os instrumentos ou graficamente os aspectos melódicos ou formais.
- Describe con palabras os estados anímicos e emocionais experimentados despois dunha actividade musical ou dramática.
- Acompaña rítmica ou melodicamente, de forma individual ou colectiva, sinxelas cancións e danzas.
- Mostra destreza e coordinación nos exercicios rítmico-instrumentais.
- Manifesta destreza e interese na construción de sinxelos instrumentos.
- Manifesta destreza, esforzo individual e progreso na aprendizaxe dun instrumento melódico.
- Utiliza as posibilidades do xesto e movemento corporal para comunicarse.
- Realiza exercicios de lectura, escritura e ditados musicais.
- Manexa con soltura as distancias sonoras.
- Utiliza o metrónomo e o diapasón.

- Coñece e utiliza algunhas cancións e danzas tradicionais da zona para acompañar os seus xogos e momentos de ocio individuais e colectivos.
- Manifesta curiosidade por coñecer outras manifestacións musicais populares de culturas distintas da propia.
- Mostra naturalidade e espontaneidade na aprendizaxe dos diferentes ritmos e danzas.

## 6. COMPETENCIAS

Neste Proxecto Curricular establécese a contribución das diferentes áreas do currículo ao desenvolvemento de cada unha das oito Competencias Básicas. As competencias de Educación Artística, detállanse a continuación

**Competencia en comunicación lingüística**
- Valorar a obra artística.
- Buscar a orixinalidade narrativa e formal.
- Obter información relevante e suficiente a partir da observación.
- Describir procesos de traballo e argumentación de solucións.
- Desenvolver capacidades relacionadas coa fala, como a respiración, a dicción e a articulación.
- Adquirir un vocabulario específico da área.
- Xerar intercambios comunicativos.

**Competencia no coñecemento e a interacción co mundo físico**
- Aproveitar a información xestual ofrecida polo contorno humano e modélico.
- Utilizar con fruición as técnicas plásticas.
- Explorar de maneira sensorial os espazos.
- Tomar conciencia da importancia de contribuír a preservar un contorno físico agradable e saudable.
- Utilizar o medio como pretexto para a creación artística.
- Mostrar actitudes de respecto cara aos demais e cara a un mesmo.
- Apreciar o contorno a través de cores, formas, sons, texturas, etc., presentes na natureza e nas obras realizadas polo home.

**Competencia matemática**
- Representar xeometricamente os esquemas de debuxo e as formas de seres e obxectos cotiáns.
- Poñer en práctica procesos de razoamento e identificar a validez destes.
- Valorar o grao de certeza dos resultados derivados do razoamento.
- Seleccionar as técnicas adecuadas para calcular os pulsos.

**Tratamento da información e competencia dixital**
- Transmitir información mediante técnicas plásticas.
- Analizar a imaxe e a mensaxe que transmite.
- Usar a tecnoloxía para o tratamento de imaxes visuais.
- Analizar a imaxe, o son e as mensaxes que estes transmiten.
- Buscar, seleccionar e intercambiar información sobre manifestacións artísticas para o seu coñecemento e goce.
- Usar a tecnoloxía para mostrar procesos relacionados coa música e coas artes visuais.

**Competencia social e cidadá**
- Indagar e planificar procesos.
- Coidar e conservar materiais e instrumentos.
- Ter flexibilidade ante un mesmo suposto.
- Traballar en equipo cooperando e asumindo responsabilidades.
- Aplicar técnicas concretas e utilizar os espazos de maneira apropiada.
- Seguir as normas e as instrucións dadas.
- Expresarse buscando o acordo con actitude de respecto, de aceptación e de entendemento.

**Competencia cultural e artística**
- Ter interese polo coñecemento dos materiais.
- Experimentar con técnicas e materiais.
- Explorar os materiais cromáticos e gozar cos resultados obtidos.
- Intercambiar información sobre imaxes de calquera época e cultura.
- Representar formas presentes no espazo natural.
- Coñecer diferentes códigos artísticos e utilizar as técnicas e os recursos que lles son propios.
- Facilitar a expresión e a comunicación.
- Coñecer, valorar e manter unha actitude crítica ante as manifestacións culturais e artísticas.
- Promover a iniciativa, a imaxinación e a creatividade.
- Apoiar e apreciar as iniciativas e as contribucións alleas.

**Competencia para aprender a aprender**
- Ter curiosidade respecto do resultado final dunha actividade manipulativa.
- Valorar o potencial creativo contido nas formas sinxelas.
- Indagar e planificar procesos.
- Esforzarse por alcanzar resultados orixinais.
- Reflexionar sobre o proceso de iluminación.
- Observar co obxecto de adquirir información relevante e suficiente.
- Reflexionar sobre os procesos na manipulación de obxectos, a experimentación con técnicas e materiais e a exploración sensorial de sons, texturas, formas e espazos.
- Utilizar os coñecementos adquiridos en situacións diferentes.

**Autonomía e iniciativa persoal**
- Manipular materiais e adquirir bagaxe plástica expresiva.
- Experimentar e gozar co uso de técnicas e materiais.
- Desenvolver iniciativas e solucións diversas.
- Favorecer a creatividade levando a cabo iniciativas e barallando diferentes posibilidades.
- Fomentar a orixinalidade e a busca de novas formas innovadoras no proceso creativo.
- Elixir os recursos tendo en conta a intencionalidade expresiva do que se desexa lograr.
- Planificar o proceso creativo e esforzarse por alcanzar resultados orixinais.
- Adquirir coñecementos e buscar solucións a partir da exploración e da indagación.

# ÁREA DE EDUCACIÓN FÍSICA

## 1. CARACTERÍSTICAS DA ÁREA

A área de Educación Física está orientada ao desenvolvemento das capacidades e habilidades instrumentais do corpo, co obxectivo de aumentar e perfeccionar as súas posibilidades de movemento, profundizando no coñecemento e dominio da conduta motriz como axente activo do comportamento humano. Esta conduta depende de tres variables fundamentais: o propio corpo, o espazo e o tempo.

Así, o corpo e o movemento, no espazo e no tempo, van constituír os eixes básicos da acción educativa nesta área. O corpo, como vivencia de posibilidades lúdicas e de comunicación (comprensión e expresión), dirixidas á aceptación do propio corpo, a melloralo e a utilizalo convenientemente. O movemento, como instrumento de relación e participación, posibilita e desenvolve o coñecemento, mellora e incrementa a funcionalidade anatómica, facilita a comunicación, conserva e mellora a saúde, o estado físico e psíquico, potencia o amor propio e o interese pola superación e compensa o sedentarismo e as restricións habituais do medio.

Desde esta perspectiva, a Educación Física educa o corpo, pero tamén forma o carácter, fortifica a personalidade, contribúe ao desenvolvemento de actitudes de solidariedade, etc.

En función diso, os alumnos e as alumnas, na etapa Primaria, teñen unha visión totalizadora da realidade; polo que as actividades e contidos deben estar contextualizados na súa propia experiencia, de xeito que poida establecer relacións significativas entre o que saben e o que van aprendendo.

## 2. A ÁREA DE EDUCACIÓN FÍSICA NO SEGUNDO CICLO

Neste ciclo, a maioría do alumnado xa coñece e domina basicamente o seu corpo e continúa desenvolvendo a súa estruturación corporal. Xa que logo, pódese dicir que este é un ciclo marcado por unha sensible mellora como consecuencia de que apenas se producen cambios estruturais no corpo, o que posibilita movementos máis depurados, eficaces e económicos, e melloran as coordinacións xeral e específica.

A maduración neurolóxica lograda, implica unha mellora no equilibrio e na flexibilidade da columna vertebral, acadando unha progresiva independencia dos segmentos corporais, o que vai facilitar a capacidade de contracción e descontracción.

No que fai á estruturación espacial, neste ciclo acádase unha madurez notable facilitando a utilización coherente do esquema esquerda-dereita propio e respecto aos demais, e a orientación respecto aos obxectos.

En relación coa estruturación temporal, os nenos e nenas destas idades son xa capaces de facer asociacións e reproducir estruturas rítmicas coñecidas, tanto corporais como

instrumentais.

Todos estes logros prodúcense tamén como consecuencia dunha mellora substancial da propia estruturación cognitiva, facilitando a resolución de problemas motores, de diferente índole e dificultade, ao adaptar con máis seguridade os seus movementos a distintos contornos.

Por outra parte, o feito de que se produza a mellora motriz repercute de maneira significativa sobre os xogos, aumentando o rendemento e as posibilidades de competencia. Polo tanto, a madurez acadada facilita un maior respecto das normas establecidas.

Ademais, nestas idades, son capaces de manter o coidado básico do corpo, da súa hixiene e alimentación, e de establecer as medidas de seguridade necesarias para o desenvolvemento da actividade física.

O área estruturouse en cinco bloques:

### 2.1. O corpo: imaxe e percepción

Este bloque está dedicado ao desenvolvemento das habilidades perceptivas e de coordinación, que está intimamente ligado ao coñecemento e dominio do corpo.

Os alumnos e as alumnas coñecen e organizan o seu esquema corporal para dominalo e relacionalo con outros parámetros externos, como son os demais compañeiros, o espazo e o tempo. Polo que é preciso adicarlle especial atención ao control corporal, a través do desenvolvemento de diferentes capacidades, tales como: postura, equilibrio, ton, tensión, relaxación e respiración, entre outras.

Ademais, preténdese que adquiran hábitos de hixiene e saúde, en xeral, e que coñezan e practiquen os efectos beneficiosos que para iso ten o exercicio.

### 2.2. Habilidades motrices

Este bloque pretende desenvolver habilidades e destrezas a través da experimentación e exploración das diferentes posibilidades de resposta. De xeito que é preciso traballar de forma especial os xiros, saltos, desprazamentos, lanzamentos, recepcións, etc.; buscando a maior calidade do movemento para aumentar o repertorio motor do alumno e da alumna.

### 2.3. Actividades físicas artístico-expresivas

Neste bloque de contidos trabállase o corpo como medio de expresión e comunicación, pretendendo provocar a reflexión do alumnado para axeitar os seus movementos á propia acción motora, para descubrir as súas posibilidades e recursos expresivos corporais, para adquirir habilidade motriz expresiva e para desenvolver a imaxinación e a creatividade.

### 2.4. Actividade física e saúde

Este bloque está constituído por aqueles coñecementos necesarios para que a actividade física resulte saudable. Ademais, incorpóranse contidos para a adquisición de hábitos de actividade física ao longo da vida, como fonte de benestar.

### 2.5. Xogos e actividades deportivas

Os xogos, debido ao seu gran valor educativo, constitúen o recurso de maior calado para a aprendizaxe e a socialización do neno e da nena.
O coñecemento e a práctica de diferentes tipos de xogos desenvolve habilidades e destrezas, xerando unha actitude positiva fronte ao exercicio físico; debido, fundamentalmente, á motivación que esperta.

## 3. OBXECTIVOS

Ao finalizar o segundo ciclo de Educación Primaria, preténdese que o alumno e a alumna acaden os seguintes obxectivos:

**Obxectivos para a etapa**

1. Coñecer e valorar o propio corpo e a actividade física como medio de exploración e gozo das posibilidades motrices, de relación con outras persoas, de interacción co medio e como recurso para organizar o tempo libre e posibilitar unha mellor calidade de vida, fomentando o respecto e a aceptación da propia identidade física.

**Obxectivos para o segundo ciclo**

1.1. Recoñecer cada unha das partes do corpo e o seu carácter global.
1.2. Interiorizar a mobilidade, tanto do eixe corporal como dos diferentes segmentos en posicións diferentes.
1.3. Incrementar o coñecemento das posibilidades corporais, e desenvolvelas e enriquecelas en función das relacións cos demais e a contorna.
1.4. Consolidar a lateralidade.
1.5. Valorar o propio corpo e a actividade física.

**Obxectivos para a etapa**

2. Apreciar a actividade física para o benestar, manifestando unha actitude responsable cara a un mesmo e as demais persoas e recoñecendo os efectos do exercicio físico, da hixiene, da alimentación e dos hábitos nas posturas sobre a saúde.

**Obxectivos para o segundo ciclo**

2.1. Desenvolver as posibilidades de control na postura e respiratorio.
2.2. Consolidar hábitos hixiénicos, alimentarios, da postura e de exercicio físico saudables.
2.3. Desenvolver hábitos para a prevención de accidentes.

**Obxectivos para a etapa**

3. Utilizar as súas capacidades físicas, habilidades motoras e o seu coñecemento da

estrutura e funcionamento do corpo para adaptar o movemento ás circunstancias e ás condicións de cada situación.

**Obxectivos para o segundo ciclo**

3.1. Adecuar o movemento ao espazo, individual e colectivamente.
3.2. Sincronizar o movemento corporal con estruturas rítmicas sinxelas, individual e colectivamente.
3.3. Desenvolver a destreza visio-manual.
3.4. Desenvolver a mobilidade corporal, independendizando segmentos superiores e inferiores do eixe corporal.

**Obxectivos para a etapa**

4. Adquirir, elixir e aplicar principios e regras para resolver problemas motores e actuar de forma eficaz e autónoma na práctica de actividades físicas, deportivas e artístico-expresivas.

**Obxectivos para o segundo ciclo**

4.1. Tomar conciencia do espazo no que se vive, desprazándose por el en todas direccións e utilizando nocións topolóxicas básicas.
4.2. Percibir con precisión as distancias e os obstáculos en percorridos cada vez máis complexos.
4.3. Utilizar un repertorio motor axeitado para a resolución de problemas que impliquen unha correcta percepción espazo-temporal.

**Obxectivos para a etapa**

5. Regular e dosificar o esforzo, chegando a un nivel de autoesixencia acorde coas súas posibilidades e a natureza da tarefa.

**Obxectivos para o segundo ciclo**

5.1. Valorar o interese e o esforzo persoal por enriba do éxito ou dos resultados obtidos.
5.2. Dosificar o esforzo a teor da natureza da tarefa que se realiza.
5.3. Participar con agrado na actividade física, independentemente da súa capacidade.

**Obxectivos para a etapa**

6. Utilizar os recursos expresivos do corpo e o movemento, de forma estética e creativa, comunicando sensacións, emocións e ideas.

**Obxectivos para o segundo ciclo**

6.1. Desenvolver a creatividade interpretativa mediante a actividade física e a expresión corporal.
6.2. Reproducir estruturas rítmicas a través do movemento corporal.
6.3. Mostrar a desinhibición e a seguridade en si mesmo, necesarias para expresarse corporalmente.
6.4. Practicar ritmos e bailes populares disociando diferentes segmentos corporais.

**Obxectivos para a etapa**

7. Participar en actividades físicas compartindo proxectos, establecendo relacións de

cooperación para alcanzar obxectivos comúns, resolvendo mediante o diálogo os conflitos que puidesen xurdir e evitando discriminacións por características persoais, de xénero, sociais e culturais.

**Obxectivos para o segundo ciclo**

7.1. Participar en xogos e actividades físicas colectivas.
7.2. Relacionarse cos demais, compartir xogos e actividades físicas, e respectar as normas e as regras que os rexen.
7.3. Evitar comportamentos agresivos e actitudes violentas nos xogos e actividades físicas competitivas.
7.4. Aceptar con agrado o papel que lle corresponde desempeñar en calquera tipo de xogo.

**Obxectivos para a etapa**

8. Coñecer e valorar a diversidade de actividades físicas, lúdicas e deportivas como elementos culturais, mostrando unha actitude crítica tanto desde a perspectiva de participante coma de espectador.

**Obxectivos para o segundo ciclo**

8.1. Participar en actividades físicas e deportivas organizadas no centro.
8.2. Utilizar de forma axeitada e respectuosa o material co que se realizan as actividades físicas e deportivas, coidando o espazo onde se desenvolven.
8.3. Colaborar na organización de diferentes actividades físicas e deportivas, ocupándose de dispoñer o material necesario para a súa realización.

## 4. CONTIDOS

Os contidos propostos para este ciclo, na área de Educación Física, son os seguintes:

TERCEIRO CURSO

### 1. O corpo: imaxe e percepción

- O esquema corporal global e segmentario.
- Control e medida do crecemento.
- Elementos orgánico-funcionais relacionados co movemento.
- Condutas motrices de base: control postural, equilibrio, ton, respiración e relaxación.
- Condutas neuromotrices: lateralidade respecto aos outros e aos obxectos, sincinesias e paratonías.
- Condutas perceptomotrices: relacións espaciais: sentido e dirección, orientación e simetrías cos demais; e relacións temporais: velocidade, ritmo, duración e secuencia.
- Independencia dos membros superiores e inferiores do eixe corporal.
- Posibilidades corporais: expresivas e motoras.
- O coidado do corpo: materiais e procedementos de hixiene corporal e rutinas relacionadas coa actividade física (quentamento e relaxación).
- Medidas básicas de seguridade e de prevención de accidentes na práctica da actividade física.

### 2. Habilidades motrices

- Capacidades básicas.
- Posibilidades e formas de movementos: carreira, salto, xiro, etc.
- Calidade de movementos.
- Competencia motora global e segmentaria: aptitude (coordinacións) e habilidade (uso de capacidades básicas).
- Mellora das cualidades físicas básicas orientada á execución motriz.

### 3. Actividades físicas artístico-expresivas

- O corpo como medio de comunicación (comprensión e expresión): xesto, movemento, mímica, danza e dramatización.
- Ritmo e movemento (compás binario e de catro tempos).
- Calidade do movemento. Tempo, peso e espazo.
- Relación da linguaxe corporal con outras linguaxes.
- Expresión corporal activa e pasiva.
- Expresión persoal.
- Posibilidades corporais expresivas.
- Postura sa e expresiva.

### 4. Actividade física e saúde

- Exercicio e saúde.
- Actividade física no medio natural.
- Materiais necesarios para as actividades físicas na natureza.
- Alimentación e exercicio físico.
- Actividade física para unha vida saudable.
- O sedentarismo.
- O coidado da postura na actividade física.
- A tensión na actividade física e a volta á calma.
- Detección do risco e valoración das propias posibilidades na práctica de actividades físicas.
- Medidas básicas de seguridade e de prevención de accidentes na práctica da actividade física.

### 5. Xogos e actividades deportivas

- Xogo libre e xogo organizado.
- Factores do xogo: espazo, movemento e regras.
- Xogos que se practican no colexio.
- Xogos populares tradicionais.
- O respecto das normas e as regras como elemento preventivo de lesións.
- Xogos de habilidade.
- O xogo limpo.
- O xogo como forma de relación social.
- A cooperación no xogo.

CUARTO CURSO

### 1. O corpo: imaxe e percepción

- Condutas motoras de base: control da postura, equilibrio, ton, respiración e relaxación.
- Elementos orgánico-funcionais relacionados co movemento.
- Eixes e planos corporais.
- Simetría corporal.
- Descubrimento de posibilidades corporais motoras.
- Coordinación de movementos.
- Ritmo e movemento.
- O coidado do corpo: a alimentación.
- Xogos e deportes saudables.

### 2. Habilidades motoras

- Perfeccionamento de habilidades básicas.
- Posibilidades e formas de movementos: carreira, salto, xiro, trepas, lanzamentos, recepcións, etc.
- Combinación de habilidades.
- Mellora das calidades físicas básicas orientada á execución motora.
- Calidade de movementos.
- Competencia motora global e segmentaría: aptitude (coordinacións) e habilidade (uso de habilidades básicas).
- Destrezas: os predeportes.

### 3. Actividades físicas artístico-expresivas

- O corpo como medio de comunicación (comprensión e expresión): xesto, movemento, mímica, danza e dramatización.
- Posibilidades corporais expresivas.
- Calidade do movemento. Tempo e espazo.
- Relación da linguaxe corporal con outras linguaxes.
- Recreación de personaxes reais e ficticios nos seus contextos dramáticos.

### 4. Actividade física e saúde

- Exercicio e saúde.
- Alimentación e exercicio físico.
- Actividade física para unha vida saudable.
- A tensión na actividade física e a volta á calma.
- Detección do risco e valoración das propias posibilidades na práctica de actividades físicas.
- Medidas básicas de seguridade e de prevención de accidentes na práctica da actividade física.

### 5. Xogos e actividades deportivas

- Factores do xogo: espazo, movemento e regras.

- Materiais para xogar.
- Obxectivos do xogo: coñecemento das posibilidades corporais, desenvolvemento de capacidades e habilidades, aprendizaxe dos valores da cooperación e do traballo en equipo, elaboración e adaptación de normas, etc.
- O xogo como forma de relación social.
- Xogos tradicionais.
- Predeportes.
- O xogo limpo.

## 5. CRITERIOS DE AVALIACIÓN

Terase en conta, segundo este proxecto, se o alumnado:

- Coñece, sinala e utiliza as distintas partes do seu corpo.
- Mide e controla periodicamente o seu crecemento.
- Aplica as normas básicas de alimentación relacionadas coa actividade física.
- Utiliza os hábitos hixiénicos específicos da actividade física.
- Adopta medidas de seguridade necesarias para previr accidentes no desenvolvemento da actividade física.
- Sincroniza os seus movementos corporais coas circunstancias dunha actividade: intensidade, duración e espazo no que se desenvolve.
- Realiza movementos coas pernas, alternando chimpos de forma consciente e voluntaria, axustando a postura e o equilibrio corporal á actividade física.
- Reproduce estruturas rítmicas, disociando diferentes segmentos corporais.
- Coordina saltos sucesivos diferentes sobre un pé ou saltos nos que o impulso se realiza coas dúas pernas.
- Executa con eficacia, ritmo e intensidade, os desprazamentos en carreira, realizando unha boa posta en acción, cambios de dirección, velocidade de execución, etc.
- Utiliza xiros sobre o eixe lonxitudinal de forma axeitada, en situacións onde se expón un troco de dirección e sentido.
- Disocia os segmentos superiores e inferiores do eixe corporal e adapta os seus movementos a diferentes situacións espazo-temporais.
- Oriéntase no espazo respecto a si mesmo, aos demais e aos obxectos.
- Coordina axeitadamente os xiros, carreiras e saltos na actividade física.
- Reacciona diante das instrucións auditivas ou visuais que recibe, empregando o movemento e os xestos.
- Reacciona correctamente en situacións onde interveñan elementos non previstos.
- Lanza obxectos cunha boa execución e precisión en distancias curtas e sobre obxectivos estáticos ou dinámicos.
- Bota balóns alternando as mans ao tempo que se despraza por un espazo con obstáculos.
- Toma parte con interese en calquera tipo de xogo, aceptando o seu nivel de destreza e confiando nas súas propias posibilidades.
- Participa en todas as actividades propostas aceptando aos seus compañeiros na marxe da súa condición social, cultural, sexual, etc.
- Coñece diferentes actividades físicas regradas e axuda a organizalas, co material necesario para a súa práctica.
- Utiliza de forma axeitada os espazos e materiais cos que se desenvolve a actividade

física.
- Prescinde dos resultados que se produzan nos diferentes xogos e competicións, dando maior importancia ao feito de participar, aceptando a todos os que toman parte.
- Coordina o movemento con diferentes ritmos.
- Utiliza o xesto e o movemento para a comunicación e a representación.
- Coñece a función dos ósos e das articulacións, e toma precaucións para evitar que se lesionen.
- Coñece a actividade muscular e a forma de evitar que se lesionen.
- Entende os conceptos de tensión e relaxación muscular e sabe aplicar as técnicas de relaxación tras a práctica de exercicios intensos.
- Comprende a actividade do corazón e dos pulmóns e comproba o seu funcionamento en relación co exercicio físico.
- Coñece as diferenzas entre equilibrio estático e equilibrio dinámico, e a forma de manter o seu equilibrio dependendo dos puntos de apoio que utilice.

## 6. COMPETENCIAS

Neste Proxecto Curricular establécese a contribución das diferentes áreas do currículo ao desenvolvemento de cada unha das oito Competencias Básicas. As competencias de Educación Física detállanse a continuación:

**Competencia en comunicación lingüística**

- Utilizar a linguaxe como medio de comunicación oral e escrita.
- Comprender, compoñer e utilizar os textos.
- Expresarse de forma adecuada.
- Coñecer o vocabulario específico da área.
- Obter gran variedade de intercambios comunicativos nas actividades físicas lúdicas.

**Competencia no coñecemento e a interacción co mundo físico**

- Valorar o coñecemento do corpo e das súas capacidades motrices e expresivas.
- Entender e valorar a actividade física como elemento indispensable para preservar a saúde.
- Adquirir o hábito de practicar actividade física de forma regular.
- Adquirir hábitos saudables de alimentación, de hixiene e de coidado do corpo.
- Comprender a relación entre alimentación e actividade física.
- Desenvolver actitudes críticas ante o fenómeno do sedentarismo.
- Explorar de maneira sensorial o espazo e aplicar a información obtida ás súas actividades motrices.
- Desenvolver o sentido da orientación e saber utilizar diferentes recursos para orientarse.
- Ter habilidade para interactuar co espazo circundante.
- Manipular aparellos para realizar actividades físicas.
- Apreciar a natureza e percibir o seu valor como fonte de información.
- Mostrar actitudes de respecto cara aos demais e cara a un mesmo.

**Competencia matemática**

- Realizar medicións.

**Tratamento da información e competencia dixital**

- Transformar a información en coñecemento.
- Transmitir información a través da linguaxe corporal.
- Analizar a expresividade corporal e entender as mensaxes que a través dela se transmiten.
- Utilizar a información recibida a través dos xestos e das posturas para a elaboración de estratexias de xogo nas actividades físicas lúdico-recreativas.

**Competencia social e cidadá**
- Utilizar a actividade física para facilitar a relación, a integración e o respecto.
- Aceptar e respectar as regras do xogo acordadas entre todos.
- Asumir as diferenzas na actividade física, así como as posibilidades propias e alleas.
- Participar, tomar decisións e comportarse con responsabilidade.
- Traballar en equipo, cooperando e asumindo responsabilidades.
- Valorar o traballo e as achegas dos demais, sen discriminar por razóns de sexo, clase, orixe ou cultura.
- Valorar o esforzo e os logros obtidos polas persoas afectadas de discapacidade física ou mental nas súas actividades físicas, laborais e cotiás.
- Habituarse a coidar e a manter a orde nas súas pertenzas e no seu contorno.
- Coidar e conservar os materiais.
- Comprender e valorar a importancia de respectar as normas de tráfico.

**Competencia cultural e artística**
- Expresar ideas, sensacións e sentimentos utilizando como recursos o corpo e o movemento.
- Apreciar as manifestacións culturais da motricidade humana (xogos tradicionais, danza).
- Experimentar coa linguaxe do corpo.
- Experimentar formas de comunicación a través da danza expresiva.
- Interesarse polas formas de comunicación non verbal.
- Desenvolver a iniciativa, a imaxinación e a creatividade.
- Apreciar as iniciativas e as achegas dos demais.
- Utilizar as manifestacións artísticas como fontes de enriquecemento e goce.
- Coñecer a riqueza cultural mediante a práctica de diferentes xogos e danzas.

**Competencia para aprender a aprender**
- Coñecerse a si mesmo, as propias posibilidades e carencias a través das actividades físicas e expresivas.
- Desenvolver o sentimento de competencia ou eficacia persoal.
- Favorecer a motivación, a confianza nun mesmo e o gusto por aprender.
- Ser consciente do que pode facer por si mesmo e do que pode facer coa axuda dos demais.
- Adquirir recursos de cooperación en actividades físicas comúns.
- Facilitar a adquisición de recursos de cooperación en actividades expresivas (danza, mimodrama).
- Manexar de forma eficaz os recursos e as técnicas adquiridos no desenvolvemento das súas habilidades motrices.
- Utilizar os coñecementos adquiridos en situacións diferentes.
- Afrontar a toma de decisións de maneira racional.

**Autonomía e iniciativa persoal**

- Organizar de forma individual e colectiva actividades físicas lúdicas e actividades expresivas.
- Desenvolver os valores persoais da responsabilidade e da perseveranza.
- Desenvolver as habilidades sociais do respecto aos demais, a cooperación e o traballo en equipo.
- Ser capaz de buscar solucións aos problemas formulados e de levalas á práctica.
- Desenvolver a iniciativa e a creatividade.
- Esforzarse por alcanzar resultados creativos, orixinais e sinceros na súa expresividade.
- Ter unha visión estratéxica dos retos para cumprir os obxectivos dos xogos e doutras actividades físicas, e motivarse para lograr o éxito.
- Utilizar as actividades físicas e a linguaxe corporal para ampliar e mellorar as súas relacións sociais.

# ÁREA DE RELIXIÓN E MORAL CATÓLICA

## 1. CARACTERÍSTICAS DA ÁREA

Para acadar os obxectivos e a aprendizaxe do programa de contidos nesta área, é necesario optar por unha metodoloxía que sirva de camiño para alcanzar tales metas.

Esta metodoloxía inclúe principios didácticos, actividades e recursos de ensino-aprendizaxe, e, para o seu deseño, baseámonos nas orientacións didácticas do currículo de Relixión e Moral Católica para a Educación Primaria e nas contribucións específicas da pedagoxía e a didáctica relixiosas.

Por isto, e polo carácter "vertical" e progresivo dos contidos da área, realizamos un Proxecto Curricular de Relixión e Moral Católica para toda a etapa Primaria; de tal maneira que se partiu dun proxecto unitario, e así, loxicamente, o ensino desta materia ten un criterio común, e cada ciclo enlaza cos contidos vistos nos outros dous, dotando o proxecto dunha coherencia e unha unidade de criterios moi importante nunha área como esta.

Froito deste enfoque son os seguintes principios metodolóxicos desde os cales se deseñou o material curricular que ofrecemos para a Área de Relixión e Moral Católica, e que se concretan en:

- Un ensino-aprendizaxe da relixión baseado no proceso psico-evolutivo do alumnado.
- Unha construción do coñecemento baseada en aprendizaxes significativas. É dicir, un ensino da relixión desde e para a vida persoal, cultural, social, moral e relixiosa.
- Unha metodoloxía e unhas actividades orientadas desde os centros de interese do alumnado.
- Un enfoque do ensino da relixión desde as narracións bíblicas, e establecer paralelismos con situacións da vida diaria e da literatura infantil e xuvenil.
- Unha metodoloxía e unhas actividades que promovan a interdisciplinariedade con outras áreas.
- Un ensino da relixión que capacite o alumno e a alumna para o diálogo da fe cristiá coa cultura actual.
- Unha metodoloxía que fomente nos alumnos e nas alumnas a súa capacidade para ver, xulgar e actuar sobre si mesmos, sobre os demais, sobre a sociedade e sobre o medio natural.
- Unha metodoloxía que preste especial atención á diversidade do alumnado.
- A adquisición dunha síntese científica e teolóxica dos principais conceptos, procedementos e valores do feito relixioso, cristián e católico.
- Unha metodoloxía que lles sirva para coñecer e practicar as linguaxes relixiosas e da fe cristiá: a simbólica, a bíblica, a doutrinal, a litúrxica e a moral ou testemuñal.

Asumimos as finalidades educativas prescritivas da lei vixente e as do currículo de Relixión e Moral Católica na Educación Primaria.

Para chegar a un maior nivel de concreción curricular, integramos e avaliamos de forma crítica, creativa e construtiva as finalidades normativas da lei vixente e do currículo de Relixión e Moral Católica da Comisión Episcopal de Ensinanza e Catequese.

Tales finalidades poden concretarse en:

- Educar a dimensión relixiosa desde e para a vida cotiá.
- Favorecer o pleno desenvolvemento da personalidade do alumno e da alumna.
- Elaborar o Proxecto Persoal da Vida a través dunha escala de virtudes e valores morais, personalizados, cívicos, democráticos e relixiosos.
- Presentar a visión cristiá da persoa e da historia en diálogo con outras ciencias sociais, como a antropoloxía, e con tradicións filosóficas e relixiosas.
- Favorecer a capacidade de diálogo da cultura relixiosa e da fe antropolóxica e cristiá coas demais áreas curriculares.
- Educar moralmente a través do desenvolvemento de bos hábitos cívicos e da práctica de compromisos que melloren o contorno e a sociedade.
- Integrar a experiencia relixiosa e a educación na fe cristiá no proceso de ensino-aprendizaxe da relixión católica.
- Capacitar o alumnado para elaborar respostas de sentido último ante os problemas máis existenciais e cotiáns.
- Preparar para a participación e o compromiso coa mellora do medio natural, as relacións interpersoais e a vida pública.
- Posibilitar a educación integral, personalizadora e moral a través da cultura relixiosa: os coñecementos, procedementos e valores éticos dos alumnos e das alumnas en todos os ámbitos da súa vida persoal, familiar, social e profesional.
- Desenvolver a capacidade crítica e de diálogo ante a actual cultura audiovisual, especialmente respecto da televisión, do vídeo, do cómic, da publicidade, do ordenador, da prensa, da música e da canción.

## 2. OBXECTIVOS

Neste proxecto preténdese que, ao finalizar o segundo ciclo, os alumnos e as alumnas acadasen os seguintes obxectivos na área de Relixión e Moral Católica.

**Obxectivos para a etapa**

1. Coñecer os aspectos básicos das relixións xa desaparecidas relacionándoas co cristianismo.

**Obxectivos para a etapa**

2. Recoñecer aos fundadores e algúns elementos distintivos das grandes relixións vixentes, na súa resposta ás preguntas básicas sobre o sentido da vida e o compromiso dos crentes.

**Obxectivos para o segundo ciclo**

2.1. Comparar as principais características do xudaísmo, do cristianismo e do islamismo.

**Obxectivos para a etapa**

3. Coñecer a Biblia, a súa estrutura e sentido, identificando algúns textos básicos como Palabra de Deus.

**Obxectivos para o segundo ciclo**

3.1. Investigar as principais claves e características do Novo Testamento.
3.2. Recoñecer as principais características da Biblia como Palabra de Deus e a súa relación cos cristiáns.

**Obxectivos para a etapa**

4. Descubrir a acción de Deus na natureza e na persoa, como fundamento e fonte dos valores básicos do ser humano.

**Obxectivos para o segundo ciclo**

4.1. Coñecer o Deus Creador da Biblia e da fe cristiá, en relación con algún relato da Antigüidade sobre a orixe do mundo.

**Obxectivos para a etapa**

5. Identificar algúns personaxes fundamentais da Historia da Salvación e as súas respostas de fe, descubrindo o valor central da persoa de Xesucristo e a resposta de fe da Virxe María.

**Obxectivos para o segundo ciclo**

5.1. Coñecer e aplicar os comportamentos e actitudes necesarios para relacionarse persoalmente con Xesucristo como o mellor amigo.
5.2. Tomar conciencia da revelación e acción salvadora de Deus a través de Moisés e os acontecementos e personaxes do pobo de Israel.
5.3. Valorar a acción salvadora de Deus nos patriarcas do pobo de Israel.
5.4. Coñecer os principais feitos da vida de Xesús de Nazaret e o seu significado cristián.
5.5. Descubrir o significado profundo dos milagres de Xesús en relación coa súa vida e a súa mensaxe de salvación.
5.6. Recoñecer a Xesucristo como verdadeiro home e verdadeiro Deus.
5.7. Descubrir a importancia que ten a Virxe María para a fe cristiá e na Igrexa católica.
5.8. Tomar conciencia da importancia da oración cristiá para o desenvolvemento persoal integral e a práctica da fe cristiá.

**Obxectivos para a etapa**

6. Valorar a novidade do amor de Deus que nos salva do pecado e da morte, polo seu Fillo Xesucristo, e a través da vida e acción salvífica da Igrexa, Corpo de Cristo.

**Obxectivos para o segundo ciclo**

6.1. Comprender as características do pecado en relación coa interpretación da Igrexa e o mal no mundo actual.
6.2. Valorar a importancia do perdón, especialmente do perdón de Deus e a súa misericordia.

6.3. Comprender o verdadeiro significado da celebración da Semana Santa para os cristiáns.

**Obxectivos para a etapa**

7. Identificar o significado dalgúns acontecementos, formulacións, expresións e textos básicos da mensaxe cristiá, que faciliten a comprensión da vida do Espírito Santo, no mundo e na Igrexa.

**Obxectivos para o segundo ciclo**

7.1. Investigar os principais feitos e personaxes que constitúen o nacemento da Igrexa.

**Obxectivos para a etapa**

8. Identificar a Igrexa nas súas manifestacións, coñecer a presenza de Deus e a súa graza nos sacramentos, e o servizo eclesiástico prestado polos apóstolos e os seus sucesores.

**Obxectivos para o segundo ciclo**

8.1. Comprender as características e a liturxia da celebración do sacramento do Perdón.
8.2. Identificar as características e a liturxia da celebración do sacramento da Confirmación.
8.3. Coñecer as características e a liturxia da celebración do sacramento da Eucaristía.
8.4. Recoñecer as principais características dos sacramentos da Igrexa católica, especialmente do sacramento do Bautismo.

**Obxectivos para a etapa**

9. Comprender e distinguir o sentido sagrado, festivo, cultural e de celebración das festas e os seus ritos nas relixións monoteístas, relacionándoas cos aspectos culturais e de celebración da liturxia.

**Obxectivos para o segundo ciclo**

9.1. Investigar as mensaxes verdadeiras e cristiás da celebración do Nadal.
9.2. Descubrir os verdadeiros motivos cristiáns e características do tempo litúrxico do Nadal.

**Obxectivos para a etapa**

10. Analizar a xerarquía de valores, actitudes e normas que conforman ser cristián, e aplicalos ás distintas situacións da vida.

**Obxectivos para o segundo ciclo**

10.1. Apreciar a achega do Mandamento do Amor de Xesús para mellorar a convivencia no mundo actual.
10.2. Apreciar os comportamentos e normas que propón o cristianismo para mellorar a convivencia e o mundo actual.

**Obxectivos para a etapa**

11. Valorar que a fe cristiá implica asumir responsabilidades, coñecer e comprender a raíz e o sentido da acción e do compromiso cristián, e manter unha actitude de tolerancia e respecto ante os sistemas éticos das distintas relixións.

**Obxectivos para o segundo ciclo**

11.1. Descubrir criticamente a Xesús de Nazaret como o modelo máis exemplar e único de vida para os cristiáns.

11.2. Identificar as principais e orixinais características da fe cristiá en relación con Xesucristo e a fe antropolóxica.

**Obxectivos para a etapa**

12. Coñecer, valorar e respectar o patrimonio relixioso, artístico e cultural, que se manifesta a través da linguaxe simbólica e icónica da arquitectura, pintura, literatura, música e liturxia, como expresión da fe católica e doutras relixións.

**Obxectivos para o segundo ciclo**

12.1. Interpretar e aplicar as principais claves e características da arte relixiosa, especialmente a arte cristiá.

**Obxectivos para a etapa**

13. Descubrir que o destino eterno do home empeza aquí como don que xorde da vitoria de Cristo sobre a morte.

**Obxectivos para o segundo ciclo**

13.1. Comprender as principais verdades e terminoloxía da fe cristiá na vida eterna.

## 3. CONTIDOS

No segundo ciclo de Educación Primaria, propóñense, para a área de Relixión e Moral Católica, os seguintes contidos:

TERCEIRO CURSO

- A Biblia. Partes da Biblia.
- Deus Creador. O mundo e a vida como don de Deus na Biblia.
- Acción salvadora de Deus nos patriarcas.
- Acción salvadora de Deus no pobo xudeu.
- O Nadal cristián. A promesa de salvación que Deus fai ao home cúmprese na persoa de Xesucristo, verdadeiro Deus e verdadeiro home.
- A vida de Xesús de Nazaret. Significado da vida de Xesús en canto entrega persoal e compromiso con todas as persoas.

- A mensaxe e os milagres de Xesús de Nazaret.
- O mandamento do amor de Xesús de Nazaret.
- Xesucristo, verdadeiro home e verdadeiro Deus. A promesa de salvación que Deus fai ao ser humano cúmprese na persoa de Xesucristo.
- A Semana Santa. A vitoria sobre o pecado e a morte. Xesucristo, o Mesías, o Salvador, resucitou e vive para sempre.
- Nacemento da Igrexa e a súa relación co Espírito Santo.
- A Igrexa católica. Manifestacións dos vínculos internos que unen os membros da Igrexa. A Igrexa, o corpo de Cristo.
- A Virxe María, nai da Igrexa. Sentido das advocacións.
- A fe cristiá e o seguimento, respostas a Xesucristo.
- A oración cristiá.
- Buscar citas da Biblia.
- Lectura comprensiva do relato bíblico da Creación.
- Escribir unha definición sobre o Nadal que integre o máis orixinal desta celebración cristiá.

CUARTO CURSO

- Ensinanzas da Biblia.
- O Novo Testamento.
- Como ser amigo de Xesús de Nazaret.
- Xesús de Nazaret, modelo de vida cristiá.
- Comportamentos e normas cristiás.
- Mensaxes cristiás do Nadal.
- Os sacramentos e o sacramento do Bautismo. A salvación de Deus a través dos sacramentos da Igrexa.
- O sacramento da Eucaristía, orixe e meta da vida cristiá.
- O sacramento da Confirmación.
- O sacramento do Perdón.
- A Pascua cristiá. A vitoria sobre o pecado e a morte. Xesucristo, o Mesías, o Salvador, resucitou e vive para sempre.
- O mal e o pecado.
- O perdón de Deus e a súa misericordia.
- A fe cristiá na vida eterna.
- Os fundadores das relixións monoteístas. Sentido salvífico e compromiso co ser humano no xudaísmo, cristianismo e islam.
- A arte das relixións monoteístas.

## 4. CRITERIOS DE AVALIACIÓN

Xulgarase, segundo este proxecto, se o alumnado:

- Enumera as principais características da Biblia.
- Expresa as principais características do Deus Creador da Biblia.
- Sinala feitos e ensinanzas de Deus relacionados con Abrahán e os patriarcas da Biblia.
- Recoñece a acción salvadora de Deus en Moisés e nos profetas do pobo xudeu.
- Expresa os verdadeiros motivos cristiáns da celebración do Nadal e do tempo litúrxico do Nadal.
- Enumera os principais feitos da vida de Xesús de Nazaret e o seu significado cristián.
- Resume o significado profundo da mensaxe e os milagres de Xesús de Nazaret.
- Identifica o Mandamento do Amor de Xesús de Nazaret.
- Recoñece a Xesucristo como verdadeiro home e verdadeiro Deus.
- Sintetiza o verdadeiro significado cristián e litúrxico da celebración da Semana Santa.
- Recoñece os principais feitos e personaxes que constitúen o nacemento da Igrexa.
- Identifica as principais notas e características da Igrexa católica.
- Expresa a importancia da Virxe María para a fe cristiá e para a Igrexa católica.
- Enumera as principais características da fe cristiá.
- Describe as características da oración cristiá.
- Expresa as principais características do Novo Testamento.
- Enumera medios para descubrir e relacionarse persoalmente con Xesucristo.
- Sinala a Xesús de Nazaret como modelo de vida para os cristiáns.
- Enumera os principais comportamentos e normas que debe practicar o cristián.
- Resume as principais mensaxes cristiás do Nadal.
- Describe as principais características dos sacramentos e do sacramento do Bautismo.
- Identifica as principais características e a liturxia do sacramento da Eucaristía.
- Expresa as principais características e a liturxia do sacramento da Confirmación.
- Resume as principais características e a liturxia do sacramento do Perdón.
- Sintetiza o verdadeiro significado cristián e litúrxico da celebración da Pascua cristiá.
- Enumera as características e consecuencias do mal moral e do pecado.
- Describe as características do Perdón de Deus e a súa misericordia.
- Indica as principais verdades da fe cristiá sobre a vida eterna.
- Describe os fundadores das relixións monoteístas e as súas principais semellanzas e diferenzas na súa relación con Deus e o seu compromiso coa salvación das persoas.
- Indica as características da arte relixiosa das relixións monoteístas.

## 5. COMPETENCIAS

Neste Proxecto Curricular establécese a contribución das diferentes áreas do currículo ao desenvolvemento de cada unha das oito Competencias Básicas. As competencias de Relixión e Moral Católica detállanse a continuación:

**Competencia en comunicación lingüística**
- Escoitar, comprender, expoñer e dialogar.
- Utilizar a linguaxe como instrumento de comunicación oral e escrita.
- Expresar emocións, vivencias e opinións.
- Utilizar a linguaxe con versatilidade en función do contexto.

**Competencia no coñecemento e a interacción co mundo físico**
- Coidar o medio.

- Consumir de xeito racional e responsable.
- Percibir o espazo físico no que se desenvolve a vida.

**Competencia social e cidadá**
- Participar, tomar decisións e comportarse con responsabilidade.
- Dialogar para mellorar a comprensión da realidade.
- Comunicarse en distintos contextos.
- Crear un sistema de valores propio baseado no respecto, especialmente aos crentes doutras relixións.
- Comprender a realidade relixiosa e social a partir da súa análise.

**Competencia cultural e artística**
- Cultivar a propia capacidade estética mediante a expresión artística e a expresión plástica.
- Expresarse mediante elementos plásticos a través da iniciativa, da imaxinación e da creatividade.
- Desenvolver habilidades e actitudes que permitan acceder ás distintas manifestacións.
- Coñecer as obras e as manifestacións máis destacadas do patrimonio cultural cristián.
- Utilizar as manifestacións culturais e artísticas como fonte de enriquecemento e goce.
- Manter unha actitude respectuosa cara ás expresións artísticas do patrimonio cristián.

**Competencia para aprender a aprender**
- Dispoñer de habilidades para iniciarse na aprendizaxe e ser capaz de continuala.
- Perseverar e esforzarse, aceptar os erros e aprender deles.
- Favorecer a motivación, a confianza nun mesmo e o gusto por aprender.
- Xestionar e controlar de forma eficaz os procesos de aprendizaxe.
- Lograr experiencias de aprendizaxe conscientes e gratificantes, tanto individuais como colectivas.

**Autonomía e iniciativa persoal**
- Desenvolver valores persoais como a responsabilidade, a colaboración, a axuda aos demais, a perseveranza, etc.
- Afrontar os problemas e atopar solucións para eles.
- Elixir con criterio propio e levar adiante iniciativas no ámbito persoal.
- Desenvolver habilidades sociais como respecto aos demais, diálogo, agradecemento, cooperación e traballo en equipo.

# ANEXO XII

# CONCRECIÓN CURRICULAR

## TERCEIRO CICLO
## EDUCACIÓN PRIMARIA

## CEIP Nosa Sra. de Xuvencos-Boborás

# ÍNDICE

1.Area de coñecemento do medio natural, social e cultural.

2. Área de lingua e literatura galega.

3. Área de lingua e literatura castelá.

4. Área de lingua estranxeira: Inglés.

5. Área de matemáticas.

6. Área de expresión artística.

7. Área de educación física.

8. Área de educación relixiosa.

# ÁREA DE COÑECEMENTO DO MEDIO NATURAL, SOCIAL E CULTURAL

## 1. CARACTERÍSTICAS DA ÁREA

Entendemos como “medio” o conxunto de elementos, feitos e factores de diversa índole (natural e social) que teñen lugar no contorno das persoas.

Nesta área constrúese un coñecemento da realidade que, partindo das propias percepcións e vivencias dos alumnos e as alumnas, se vai facendo máis racional e obxectivo.

Así mesmo, proporciónanse os recursos necesarios para iniciar unha aproximación científica á análise do medio, desenvolvendo nos alumnos e nas alumnas as capacidades de indagación e busca de explicacións e de solucións aos problemas que presenta a propia experiencia cotiá.

Incorpóranse tamén contidos relacionados coa autonomía persoal, coa saúde, coa participación responsable e crítica en actividades en grupo, etc., así como unha serie de aspectos relativos á sociedade actual que ao mesmo tempo deben terse en conta, tamén, desde o resto das áreas do currículo, pero que aparecen con todo o seu significado na área de Coñecemento do Medio Natural, Social e Cultural e que son, por exemplo:

- O respecto ante a diversidade física e intelectual das persoas.
- A valoración do patrimonio cultural.
- A adquisición de actitudes non consumistas.
- A protección do medio ambiente.
- A educación para o lecer e a cultura, etc.

Na área de Coñecemento do Medio Natural, Social e Cultural conflúen varias disciplinas (Ciencias da Natureza, Ciencias Sociais, Antropoloxía, Socioloxía, etc.), con contidos e métodos propios, pero todas elas comprometidas en abarcar aspectos e dimensións do contorno humano. Así, en Primaria esta área ten un carácter integrador e globalizador, xa que en Secundaria os alumnos e as alumnas terán a posibilidade de facer un estudo máis analítico desta materia.

## 2. A ÁREA DE COÑECEMENTO DO MEDIO NO TERCEIRO CICLO

Debido á madurez alcanzada pola maioría dos nenos e a as nenas cara aos dez anos, a comprensión e utilización do medio, aínda que segue tendo como punto de partida as propias vivencias, preséntase como unha serie progresiva de experiencias de aprendizaxe baseadas nos seguintes principios:

- O dominio do seu propio corpo, dos obxectos, da linguaxe, do espazo e do tempo.
- O coñecemento e a utilización da realidade exterior.

- A propia experiencia da vida e os costumes habituais que xa posúe, necesarios para comprender as intencións dos demais e expresar as súas propias.
- A facilidade de traballar rigorosamente coa linguaxe dos símbolos sen necesidade de referencias empíricas, nun espazo e nun tempo cada vez máis obxectivos.
- O uso da memoria, a través da experimentación e a manipulación, para adquirir novos estilos cognitivos, relacionando as aprendizaxes anteriores cas novas.
- A aplicación dun nivel de linguaxe máis rico e preciso.
- O dominio da lectura, a escritura e o cálculo.
- O desenvolvemento progresivo do estadio de operacións formais, o que supón a posibilidade de manexar conceptos sen necesidade de relacionalos directa e indirectamente coa experiencia sensible.
- A xeneralización de aprendizaxes adquiridas relacionándoas con situacións alleas á súa realidade.
- A capacidade de reflexión sistemática sobre a súa propia actividade en todas as ordes, e tamén, nos novos contidos que vaia adquirindo; de maneira que poida afondar en coñecementos teóricos antes inalcanzables.
- A realización de deducións lóxicas.
- O acceso ao pensamento causal, o que fai desaparecer así mesmo o egocentrismo propio de ciclos anteriores.
- O manexo de conceptos medibles no espazo e no tempo.
- A proposta de realización de tarefas de maior complexidade intelectual ca en ciclos anteriores.
- A autonomía persoal e social respecto aos pais e aos demais que o rodean.
- A capacidade para considerar e integrar diferentes puntos de vista para participar en traballos de equipo.
- A sensibilidade cos demais, propiciando o desenvolvemento de estreitos lazos de amizade.
- A mellora do concepto de si mesmos, a estima e a eficacia persoais, mediante a valoración da propia imaxe e a dos demais.
- A diferenciación progresiva dos seus intereses, necesidades e gustos persoais.
- O enorme caudal de actividades que é capaz de levar a cabo.

Os contidos da área organízanse, como nos dous ciclos anteriores, arredor de seis bloques de contido que veremos a continuación.

O bloque 1. **Os seres humanos e a saúde,** integra coñecementos, habilidades, destrezas e actitudes encamiñados ao coñecemento do propio corpo e das interaccións deste cos demais seres humanos e co medio, á prevención das condutas de risco e á toma de iniciativas para desenvolver e fortalecer comportamentos responsables e estilos de vida con calidade e saudables. Recolle tamén o coñecemento de si mesmo para valorarse como ser diferente así como para respectar a diversidade e para facilitar o equilibrio emocional.

O bloque 2. **As plantas e os animais,** oriéntase basicamente ao coñecemento, respecto e aprecio polos seres vivos, xunto a aspectos relativos aos beneficios e coidados que precisan e ao interese por conservar a biodiversidade da Terra.

O bloque 3. **A vida en sociedade,** inclúe contidos orientados á comprensión do

funcionamento da sociedade a partir da análise de organizacións próximas e dunha aproximación ao coñecemento das institucións galegas, españolas e europeas.

O bloque 4. **O medio físico: espazo e materiais,** inclúe contidos que van desde a percepción e a representación espacial ata o universo, pasando polo clima e a súa influencia, a auga e o seu aproveitamento, os fenómenos físicos, as substancias e os cambios químicos, así como a capacidade das persoas para actuar sobre eles.

O bloque 5. **O paso do tempo,** inicia o alumnado a apreciar os cambios e o paso do tempo, inclúe contidos relativos á súa medida e o achegamento á súa conceptualización a partir da historia persoal, do tempo familiar e local, axudando a sentar as bases para un pensamento cronolóxico. Pode tamén abordar a vida noutros tempos (alimentación, as achegas de mulleres e homes relevantes da historia de Galicia, de España e de Europa, o vestiario, as festas, os xogos infantís, algúns aspectos do patrimonio artístico galego...) a partir da caracterización dalgunhas sociedades de épocas históricas.

O bloque 6. **Máquinas, aparellos e tecnoloxías,** inclúe os contidos que se refiren á alfabetización nas tecnoloxías a través do traballo con máquinas e aparellos relacionados coa vida doméstica e cotiá, así como coas TIC (tecnoloxías da información e da comunicación). Este bloque desenvolverá a participación igualitaria de nenas e nenos na utilización de aparellos, máquinas e tecnoloxías coa finalidade última de formar unha cidadanía activa e unhas persoas participativas, críticas, responsables e intelixentes no seu uso.

## 3. OBXECTIVOS

Ao finalizar o terceiro ciclo de Educación Primaria, preténdese que cada alumno e cada alumna alcancen os seguintes obxectivos:

**Obxectivos para a etapa**

1. Comportarse de acordo cos hábitos de saúde e coidado persoal que derivan do coñecemento do corpo humano, amosando unha actitude de aceptación e de respecto polas diferenzas individuais (idade, sexo, etnia, características físicas, personalidade).

**Obxectivos para o terceiro ciclo**

1.1. Aplicar na vida cotiá os hábitos de saúde e coidado corporal que se derivan do coñecemento do corpo humano e das súas posibilidades e limitacións.
1.2. Procurar que os hábitos de saúde e o coidado corporal sirvan de satisfacción persoal e de exemplo aos demais.
1.3. Amosar unha actitude de aceptación e respecto cara a todas as diferenzas individuais (idade, sexo, características físicas e psíquicas, etc.).

**Obxectivos para a etapa**

2. Identificar e analizar as características, organización e interaccións de aspectos relevantes do contorno natural, social e cultural, progresando no dominio de ámbitos espaciais cada vez máis complexos.

**Obxectivos para o terceiro ciclo**

2.1. Identificar os principais elementos do seu contorno natural, analizando as súas características máis relevantes.
2.2. Situar e representar espacialmente os elementos máis significativos de Galicia e de España, establecendo semellanzas e diferenzas entre as distintas comunidades e valorando a diversidade e riqueza do conxunto.
2.3. Desenvolver unha actitude de encontro, coñecemento e respecto entre todas as comunidades de España, as súas culturas e tradicións.

**Obxectivos para a etapa**

3. Promover un sentimento positivo de pertenza aos grupos sociais de referencia: a unha familia, a unha escola... a unha comunidade nacional (Galicia), a un Estado (España), a unha cultura europea e a unha universal, desde posicións solidarias e respectuosas con outras culturas a partir da propia identidade.

**Obxectivos para o terceiro ciclo**

3.1. Recoñecer e apreciar a súa pertenza a uns grupos sociais con características e trazos propios, promover un sentimento de pertenza a unha comunidade nacional (Galicia), a un estado histórico (España) e a unha cultura universal, respectando e valorando as diferenzas con outros grupos sociais e rexeitando calquera clase de discriminación baseada nestes feitos
3.2. Desenvolver unha actitude de respecto e valoración das achegas propias e dos demais.

**Obxectivos para a etapa**

4. Identificar o patrimonio natural, cultural, histórico e artístico galego diferenciándoo do doutras comunidades, identidades e Estados e participando na súa defensa e conservación.

**Obxectivos para o terceiro ciclo**

4.2. Desenvolver actitudes que contribúan activamente á conservación e mellora do medio ambiente e do patrimonio cultural.
4.3. Valorar a entrega daquelas persoas que se dedican de forma altruísta ao coidado e mellora do patrimonio natural e cultural.

**Obxectivos para a etapa**

5. Recoñecer, valorar e apreciar a existencia de identidades sociais e culturais diversas con características propias e singulares (costumes, lingua, intereses, celebracións...), tomando conciencia da súa pertenza a unha delas e respectando as outras no marco dos dereitos recoñecidos ás persoas nas declaracións universais e nos documentos lexislativos.

**Obxectivos para o terceiro ciclo**

5.1. Recoñecer e apreciar á súa pertenza a uns grupos sociais determinados (Galicia, Estado Español, Unión Europea), con características e trazos propios (normas de comportamento, valores, lingua, cultura, etc.).

5.2. Desenvolver unha actitude de respecto cara ás características e trazos propios doutros grupos valorando as diferenzas e rexeitando calquera tipo de discriminación.
5.3. Propiciar o encontro con persoas de grupos diferentes, para o coñecemento e o intercambio de opinións respecto a gustos, afeccións, etc.

**Obxectivos para a etapa**

6. Identificar, suscitar e resolver interrogantes e problemas relacionados co contorno usando estratexias de busca, selección e tratamento da información, formulación de hipóteses, comprobación delas, exploración de solucións alternativas e reflexión sobre o propio proceso de aprendizaxe, e tamén mantendo unha actitude crítica ante as fontes de información.

**Obxectivos para o terceiro ciclo**

6.1. Identificar, cuestionarse e resolver problemas relacionados cos elementos máis significativos do seu contorno natural e social, empregando estratexias cada vez máis sistemáticas e complexas de busca, recollida, análise, almacenamento e tratamento da información, de formulación de hipóteses, de posta a proba destas, de extracción de conclusións e de proposta doutras alternativas.
6.2. Practicar as calidades básicas do pensamento científico: obxectividade, reflexión, planificación, rigor, causalidade, etc.
6.3. Desenvolver actitudes de valoración positiva dos traballos ben planificados, executados e avaliados, propios e alleos.

**Obxectivos para a etapa**

7. Expresar e comunicar os contidos da área de xeito persoal e creativo, seleccionando e interpretando datos, procesos, feitos, etc. e integrando códigos diversos (numéricos, gráficos, cartográficos, artísticos, lingüísticos) procedentes das diferentes linguaxes.

**Obxectivos para o terceiro ciclo**

7.1. Comprender, expresar e representar mediante diferentes códigos (cartográficos, numéricos, gráficos, técnicos, etc.) sucesos ideas e situacións do seu contorno social, natural e cultural.
7.2. Observar e apreciar o valor de diferentes elementos (cartográficos, numéricos, gráficos, técnicos; museos, bibliotecas, arquivos, etc.) do legado histórico social, natural e cultural de Galicia e de España, que representan os feitos, conceptos, procedementos e actitudes.
7.3. Desenvolver unha actitude comunicativa e crítica na realización, valoración, exposición e presentación dos traballos realizados aplicando criterios propios de autoavaliación e analizando a súa importancia, práctica, lúdica e formativa.

**Obxectivos para a etapa**

8. Participar activamente no traballo de grupo planificando e realizando tarefas conxuntas, dialogando e rgumentando as propias opinións e contrastándoas coas das outras persoas e adoptando un comportamento responsable, construtivo,

comprometido e solidario, respectando as regras de organización pactadas e os principios básicos do funcionamento democrático.

**Obxectivos para o terceiro ciclo**

8.1. Participar en actividades de grupo de modo construtivo, responsable e solidario, respectando os principios básicos establecidos (quendas de palabra, atención nas intervencións, achega de ideas e consideración das decisións e acordos tomados).
8.2. Desenvolver unha actitude de respecto e valoración das achegas propias e dos demais.

**Obxectivos para a etapa**

9. Identificar, analizar e valorar criticamente a intervención humana no medio e o seu impacto a curto e a longo prazo, adoptando o compromiso individual e colectivo de actuar na defensa, conservación e recuperación do medio natural e do patrimonio cultural.

**Obxectivos para o terceiro ciclo**

9.1. Analizar o impacto dalgunhas actividades humanas no contorno natural e social (paisaxe urbana, paisaxe agrícola, alteración do curso dos ríos, depósitos de lixo, contaminación, etc.) distinguindo nelas as accións positivas e as negativas.
9.2. Adoptar actitudes que contribúan activamente á conservación do ambiente e do patrimonio natural.
9.3. Valorar a entrega daquelas persoas que se dedican, de forma altruísta, ao coidado e mellora do patrimonio cultural e natural.

**Obxectivos para a etapa**

10. Recoñecer no medio natural, social e cultural, cambios e transformacións relacionados co paso do tempo e indagar algunhas relacións de simultaneidade e sucesión para aplicar estes coñecementos á comprensión doutros momentos históricos.

**Obxectivos para o terceiro ciclo**

10.1. Recoñecer o impacto dos cambios e transformacións provocados polo paso do tempo en Galicia, España e Europa.
10.2. Analizar as relacións de simultaneidade, sucesión e causalidade nos cambios sociais das distintas etapas históricas.
10.3. Adoptar unha actitude de respecto polo legado histórico, social e cultural que recibimos.

**Obxectivos para a etapa**

11. Planificar e realizar proxectos e aparellos sinxelos relacionados coa vida cotiá e familiar cunha finalidade previamente establecida, utilizando os coñece mentos das propiedades elementais dalgúns materiais, substancias e obxectos.

**Obxectivos para o terceiro ciclo**

11.1. Deseñar, construír e avaliar dispositivos e aparellos cun fin determinado, empregando o coñecemento das propiedades elementais dos materiais, substancias e obxectos que se van empregar.
11.2. Analizar e enumerar as propiedades dos materiais, as substancias e os obxectos que se van empregar.
11.3. Desenvolver actitudes de respecto as normas de coidado, hixiene e seguridade na realización dos traballos e na manipulación das substancias e os aparellos.

**Obxectivos para a etapa**

12. Analizar máquinas e aparellos diversos do contorno (de uso doméstico, laboral...) identificando algúns elementos constitutivos e formas de enerxía necesarias, valorando a contribución da ciencia e da técnica na mellora das condicións de vida familiares e sociais.

**Obxectivos para o terceiro ciclo**

12.1. Recoñecemento das aplicacións dos obxectos e das máquinas, e da súa utilidade para facilitar a realización de determinadas actividades humanas.

**Obxectivos para a etapa**

13. Utilizar de xeito responsable e creativo as TIC e o material relacionado coa experimentación e co traballo de campo para aprender a aprender, para obter información e para compartir coñecementos.

**Obxectivos para o terceiro ciclo**

13.1. Identificar algúns obxectos e recursos tecnolóxicos significativos do contorno e sinalar a súa contribución para satisfacer determinadas necesidades humanas, valorando a súa orientación cara a usos pacíficos e para unha mellor calidade de vida.
13.2. Comprender e valorar a súa utilidade na vida do home e da comunidade.
13.3. Desenvolver actitudes de aprecio e respecto cara aos obcectos e recursos tecnolóxicos que se aplican na vida cotiá e que contribúen á mellora da calidade de vida.
13.4. Valorar as aportacións tecnolóxicas desde unha perspectiva ética, distinguindo entre aportacións beneficiosas e prexudiciais.

## 4. CONTIDOS

Os contidos que propomos para este ciclo, na Área de Coñecemento do Medio, son os seguintes:

QUINTO CURSO

### 1. Os seres humanos e a saúde

- A alimentación e a dixestión no ser humano: os alimentos, a dixestión, o aparato dixestivo, a saúde alimentaria. Identificación, localización e funcionamento básico dos principais órganos e aparatos.
- A circulación: o transporte de substancias no ser humano, o aparato circulatorio. Identificación, localización e funcionamento básico dos principais órganos.
- A respiración: o aparato respiratorio. Identificación, localización e funcionamento básico dos principais órganos.
- A excreción: o aparato excretor. Identificación, localización e funcionamento básico dos principais órganos.
- A saúde: factores e prácticas que a favorecen ou a prexudican; a alimentación e as súas repercusións; bos hábitos e abusos.

**2. As plantas e os animais**

- Clasificación dos seres vivos: os cinco reinos.
- A nutrición nos animais e nas plantas.
- Morfoloxía das primeiras especies de plantas e animais: árbores, arbustos e herbas; estudo comparativo entre diversas especies de animais vertebrados e invertebrados, relación da anatomía coa función e co medio

**3. A vida en sociedade**

- A poboación de Galicia e do Estado español.
- A mobilidade natural (nacementos e mortes) e a mobilidade espacial (migracións) en Galicia e no resto de España.
- Razóns físicas da maior ou menor concentración de poboación en Galicia e no resto de España.
- As actividades económicas. Os problemas económicos.
- Os traballos máis comúns en Galicia e no Estado e a súa relación coa economía da zona.
- Relacións entre os diferentes sectores de produción de Galicia: a agricultura, o turismo, a industria, o comercio, etc.

**4. O medio físico: espazo e materiais**

- O aire e a auga no planeta Terra.
- As rochas e o relevo na configuración da paisaxe, os compoñentes do solo e a utilidade das rochas para o ser humano. Minerais e rochas.
- A auga e as súas características físicas. O ciclo da auga, a configuración da paisaxe e os seres vivos. Os usos e abusos da auga: consumo, rega, industrias, ocio, etc.
- Elementos físicos que configuran o relevo de Galicia e do territorio español.
- As principais unidades paisaxísticas naturais galegas e españolas.
- Elementos introducidos polos grupos humanos na paisaxe.
- Trazos fundamentais e principais elementos que configuran as paisaxes rurais e urbanas.
- Relacións entre as actividades económicas e os elementos do medio físico.
- A materia inorgánica e os seres vivos.
- A materia. Estados da materia.
- Cambios físicos básicos observables da materia.

- Cambios químicos básicos.
- A calor e os cambios na materia.
- As forzas e os cambios na materia.
- A enerxía, as súas formas e as súas transformacións.
- As fontes de enerxía.
- O ser humano e o consumo de enerxía.

### 5. O paso do tempo

- As grandes épocas históricas: a Prehistoria, a Idade Antiga, a Idade Media.
- Feitos e personaxes relevantes da historia de Galicia e de España.
- Vestixios do pasado no noso contorno, con especial referencia a Galicia como testemuñas da forma de vida e a historia noutras épocas.
- Fontes históricas para o estudo e a reconstrución do pasado.
- Principais fitos do patrimonio artístico da humanidade, con especial referencia ao patrimonio artístico español e de Galicia.

### 6. Máquinas, aparellos e tecnoloxías

- Algunhas máquinas e os aparellos de uso máis frecuente no contorno: as súas principais características e normas básicas de utilización.
- Máquinas para aproveitar a enerxía.
- Máquinas para comunicar información.
- O uso da información como recurso e medio de comunicación.

SEXTO CURSO

### 1. Os seres humanos e a saúde

- As funcións de relación no ser humano: sentidos, sensacións, sistema nervioso e movementos, o cerebro humano. Identificación, localización e funcionamento básico dos principais órganos e aparatos.
- O movemento do ser humano. Os ósos e os músculos, o movemento e as articulacións, o aparato locomotor. Identificación, localización e funcionamento básico dos principais órganos e aparatos.
- A reprodución no ser humano. A función de reprodución. O aparato reprodutor feminino. O aparato reprodutor masculino. Fecundación, embarazo e parto.
- A saúde: hábitos que a favorecen e hábitos que a prexudican; a alimentación e as súas repercusións: os bos hábitos, os abusos e os principais coidados do corpo.

### 2. As plantas e os animais

- A reprodución dos animais. Identificación, localización e funcionamento básico dos principais órganos e aparatos.
- A reprodución das plantas. Identificación, localización e funcionamento básico dos principais órganos e aparatos.

- Utilidade dos animais e plantas na vida do ser humano (alimentación, vestidos, convivencia, economía, etc.).
- A función dos animais e as plantas no medio.
- Relacións alimentarias dos animais e das plantas.
- A dimensión social dos seres vivos.
- As comunidades de seres vivos: poboacións vexetais e animais. Asociacións intra e interespecíficas.

### 3. A vida en sociedade

- A poboación española: número total, densidade de poboación e diferenciación por sexos, idades e cultura ou relixión.
- A mobilidade natural (nacementos e mortes) e a mobilidade espacial (migracións) da poboación española.
- Razóns físicas que derivan nunha maior ou menor concentración de poboación en España.
- A poboación europea. Características xerais da poboación en Europa.
- Os sectores económicos españois. Características dos sectores de producción.
- Os sectores económicos europeos. Características xerais da economía europea.
- O traballo e o problema do paro. A explotación dos nenos, as mulleres, os pobres, emigrantes, etc. O traballo feminino no fogar e fóra del, e o reparto das tarefas domésticas. A atención á infancia e ás persoas anciás. Causas que provocan a marxinación social.
- Divisións administrativas: a organización política e social do Estado Español.
- A organización política e social da Unión Europea.

### 4. O medio físico: espazo e materiais

- Elementos físicos que configuran o relevo de España. Características máis importantes.
- Elementos físicos que configuran o relevo de Europa. Características máis importantes.
- Características dos diferentes tipos de clima de España.
- Características dos diferentes tipos de clima de Europa.
- Características da hidrografía española.
- Características da hidrografía europea.
- Relacións entre as actividades económicas e os elementos do medio físico e o seu papel na configuración das paisaxes.
- Principais factores e actividades que contaminan e degradan o ambiente.
- A enerxía e as súas fontes. As transformacións de enerxía
- A luz. A luz como forma de enerxía: fontes luminosas.
- O comportamento da luz: reflexión e refracción.
- A descomposición da luz: o color.
- A electricidade e o magnetismo. A electricidade como forma de enerxía.
- A electricidade estática e a corrente eléctrica.
- A produción de electricidade e o seu aproveitamento.
- Os recursos enerxéticos.
- O coñecemento do universo no estado actual das investigacións científicas.

### 5. O paso do tempo

- As grandes épocas históricas: a Idade Moderna, a Idade Contemporánea.
- Feitos e personaxes relevantes da historia de España e de Galicia.
- Formas da vida cotiá nas sociedades das grandes épocas históricas.
- Fontes históricas para o estudo e reconstrución do pasado.
- Principais fitos do patrimonio artístico da humanidade, con especial atención ao patrimonio artístico español e de Galicia

### 6. Máquinas, aparatos e tecnoloxías

- Algunhas máquinas e aparatos de uso máis frecuente no medio: as súas principais características e normas básicas de utilización.
- Máquinas para aproveitar a enerxía.
- O uso da informática como recurso e medio de comunicación.

## 5. CRITERIOS DE AVALIACIÓN

Determinarase se cada alumno e alumna:

- Obtén información concreta e relevante sobre feitos ou fenómenos previamente delimitados a partir da consulta de diversos documentos.
- Identifica e localiza os principais órganos implicados no desenvolvemento das funcións vitais do corpo humano, establecendo relacións entre estas e determinados hábitos alimentarios, de hixiene e de saúde.
- Identifica e practica os hábitos de alimentación, postura, hixiene e descanso máis adecuados para favorecer a saúde.
- Aplica criterios que permiten identificar, comparar e clasificar as diferentes clases de animais e plantas.
- Identifica e describe os principais usos dos recursos naturais, sinalando as súas vantaxes e inconvenientes.
- Formula conxecturas para explicar as relacións entre algúns factores do medio físico e algunhas características dos seres vivos.
- Aborda problemas sinxelos, extraídos do contorno inmediato, recollendo información de diversas fontes (enquisas, cuestionarios, imaxes, documentos, etc.), elaborando a información recollida (táboas, gráficos, resumos, etc.) extraendo conclusións e formulando posibles solucións.
- Identifica e describe os principais elementos que configuran a paisaxe da Galicia, do Estado Español e de Europa.
- Recompila información sobre as características observables e regulables de Galicia e de España, seguindo criterios e pautas de observación sistemáticas.
- Coñece os diferentes tipos de organizacións gobernamentais e sábese pertencente a unha comunidade autónoma (Galicia), a un Estado histórico (España) e a unha cultura universal.
- Emprega convenientemente as nocións espaciais para recoñecer e representar en planos e mapas, os lugares e os obxectos máis significativos de Galicia e de España.
- Coñece as características máis importantes dos grupos sociais aos que pertence para establecer semellanzas e diferenzas entre eles e clasificalos.
- Describe as relacións de necesidade e complementariedade entre os diferentes traballos de Galicia e de España.

- Identifica e clasifica as principais actividades económicas do contorno asociándoas aos sectores de produción e a algunhas características do medio natural.
- Ordena temporalmente os feitos históricos máis importantes ocorridos en Galicia e en España, referidos á evolución política e social.
- Emprega os principios básicos do funcionamento democrático para superar os conflitos e rexeitar calquera tipo de discriminación por pertenza a grupos sociais.

## 6. COMPETENCIAS

Neste Proxecto Curricular establécese a contribución das diferentes áreas do currículo ao desenvolvemento de cada unha das oito Competencias Básicas. As competencias de Coñecemento do Medio Natural, Social e Cultural detállanse a continuación:

**Comunicación lingüística**
- Aumentar a riqueza no vocabulario específico da área.
- Ser rigoroso no emprego dos termos específicos desta área.
- Saber construír un discurso: ser coidadoso na precisión de termos, encadeamento de ideas, expresión verbal.
- Adquirir a terminoloxía específica sobre seres vivos, e sobre obxectos e fenómenos naturais.
- Comprender textos informativos, explicativos e argumentativos.
- Transmitir ideas en informacións sobre a natureza.

**Matemática**
- Utilizar ferramentas matemáticas tales como medidas, escalas, táboas ou representacións gráficas.
- Utilizar a linguaxe matemática para cuantificar fenómenos naturais, expresar datos.

**Coñecemento e interacción co mundo físico**
- Interpretar o mundo físico a través dos conceptos aprendidos.
- Saber definir problemas, estimar solucións e elaborar estratexias.
- Deseñar pequenas investigacións.
- Analizar resultados e comunicalos.
- Observar o mundo físico, obter información e actuar de acordo con ela.
- Coñecer o propio corpo e as relacións entre os hábitos e as formas de vida e a saúde.
- Coñecer as implicacións da actividade humana no medio natural.
- Buscar solucións para avanzar cara ao logro dun desenvolvemento sostible.
- Participar na toma de decisións en torno a problemas locais e globais formulados.

**Tratamento da información e competencia dixital**
- Utilizar distintos procedementos de busca, selección, organización e aplicalos na área.
- Saber utilizar un ordenador de forma básica.
- Saber buscar en internet de forma guiada.
- Mellorar nas destrezas asociadas á utilización de esquemas, mapas conceptuais.
- Utilizar as tecnoloxías da comunicación e a información para ter unha visión actualizada da actividade científica.

**Social e cidadá**
- Coñecer sentimentos e emocións en relación cos demais.

- Desenvolver actitudes de diálogo e de resolución de conflitos.
- Aceptar e elaborar normas de convivencia.
- Asentar as bases dunha futura cidadanía mundial, solidaria, participativa e demócrata.
- Comprender a realidade social na que se vive.
- Ser conscientes do papel da sociedade no avance da ciencia.
- Coñecer como se produciron debates esenciais para o avance da ciencia para entender a evolución da sociedade.

**Cultural e artística**
- Coñecer as manifestacións culturais do noso contorno.
- Valorar a diversidade cultural do noso contorno.
- Recoñecer as manifestacións culturais que forman parte do patrimonio cultural de Galicia.

**Aprender a aprender**
- Desenvolver técnicas para aprender, organizar, memorizar e recuperar a información.
- Facer resumos, esquemas ou mapas mentais.
- Reflexionar sobre o que e como se aprendeu.
- Adquirir conceptos esenciais ligados ao noso coñecemento natural para incorporar información proveniente da propia experiencia ou de escritos ou audiovisuais.
- Adquirir procedementos de análise de causas e consecuencias.

**Autonomía e iniciativa persoal**
- Tomar decisións desde o coñecemento dun mesmo (no ámbito escolar e nas actividades de ocio).
- Participar na construción de solucións.
- Ter habilidade para iniciar e levar a cabo proxectos.

# ÁREA DE LINGUA E LITERATURA GALEGAS

## 1. CARACTERÍSTICAS DA ÁREA

Se ben os seres humanos nos comunicamos a través de diferentes medios e sistemas (o corpo, os xestos, os signos, os símbolos, etc.), o medio máis universal de comunicación é, sen dúbida, a linguaxe oral, que permite recibir información, asegurando a comunicación (comprensión e expresión), a representación, a orientación e a autorregulación do pensamento e a acción.

De acordo con esta concepción funcional da lingua, a acción educativa nesta área na etapa de Educación Primaria ha de radicar en conseguir que os alumnos e as alumnas dominen as catro destrezas básicas da lingua: escoitar, falar, ler e escribir.

Por ello, se dedicará especial atención a la comprensión y expresión oral y escrita como refuerzo y consolidación del aprendizaje de la lengua gallega en los dos primeros ciclos de la etapa. No debemos olvidar, además, que el conocimiento de la lengua y sus destrezas básicas están presentes a lo largo de toda la vida académica y personal del alumno y de la alumna.

Así, nuestro proyecto sugiere consolidar el aprendizaje de la lengua oral y escrita en los alumnos, a través de:

- La expresión oral y escrita de textos narrativos, dialogados, expositivos, etc., en diferentes situaciones comunicativas.
- La precisión en la utilización del vocabulario, la definición de conceptos y frases.
- La congruencia del discurso con el contenido.
- El correcto manejo de las normas del lenguaje.
- La reflexión sobre la importancia que tiene el uso del lenguaje en la vida del hombre.
- El desarrollo del gusto por la literatura.

Por isto, dedicaremos especial atención á comprensión e expresión oral e escrita como reforzo e consolidación da aprendizaxe da lingua galega nos dous primeiros ciclos da etapa. Non debemos esquecer, ademais, que o coñecemento da lingua e as súas destrezas básicas están presentes ao longo de toda a vida académica e persoal do alumno e da alumna.

Así, o noso Proxecto propón consolidar a aprendizaxe da lingua oral e escrita nos alumnos, a través de:

- A expresión oral e escrita de textos narrativos, dialogados, expositivos, etc., en diferentes situacións comunicativas.
- A precisión na utilización do vocabulario, a definición de conceptos e frases.
- A congruencia do discurso co contido.
- O correcto manexo das normas da linguaxe.
- A reflexión sobre a importancia que ten o uso da lingua na vida dos seres humanos.
- O desenvolvemento do gusto pola literatura.

## 2. ÁREA DE LINGUA GALEGA E LITERATURA NO TERCEIRO CICLO

Neste ciclo, os alumnos e alumnas son xa quen de argumentar e defender as súas propias opinións e de aceptar as regras básicas de intercambio e de respecto comunicativo. Poden captar sen dificultades diferentes puntos de vista e reformular os seus propios, teñen maior control á hora de facer xuízos e valoracións e poden estudar as posibles solucións alternativas que se presentan ante un problema.

Así mesmo, son quen de interpretar textos distinguindo as opinións dos feitos obxectivos comprobables, cunha actitude máis crítica, e mesmo manifestando criterios estéticos persoais.

Por outra banda, os nenos e nenas destas idades rebordan vitalidade e altruísmo e acadaron certo equilibrio e autonomía afectiva. Son anos de marcada extraversión e comunicación. Queren saber máis e tratar con máis xente (exprésanse ben oralmente e por escrito), polo tanto a súa capacidade cognitiva expándese cara a novas experiencias. Mostran ademais, con bastante nitidez, as súas aptitudes e gustos ante as cousas, os estudos, os compañeiros, os xogos, as lecturas, etc.; non obstante, hai que orientalos cara á reflexión, xa que, en xeral, se inclinan pola memorización (sobre todo, en cuestións gramaticais).

Poden definir palabras abstractas e traballar con elas, buscar semellanzas de certa complexidade (por exemplo, en campos semánticos), diferenciar matices e oposicións (por exemplo, coordinación adversativa, etc.) e expresar ordenadamente o seu "razonamento formal". Captan as ironías, o dobre sentido, as incoherencias, o absurdo, e son moi sensibles ao ridículo, pois teñen un gran pudor, polo que a comunicación na aula pode, nalgúns casos, bloquearse ou inhibirse.

Na lectura de textos, estes alumnos e alumnas son capaces de:

- sinalar o argumento;
- facer unha síntese do argumento;
- caracterizar personaxes;
- recoñecer algúns recursos literarios;
- identificar determinados aspectos métricos;
- interpretar o dobre sentido;
- diferenciar tipos de textos e coñecer as súas características.

En canto ao dominio da normativa ortográfica, planéase o dominio da acentuación gráfica, o uso dos signos de puntuación e das abreviaturas máis usuais. Se ben desde o principio da etapa insistiuse na aprendizaxe e valoración das convencións lingüísticas, así como na súa necesidade para a interacción comunicativa, é neste ciclo cando debe afondarse nestes contidos e dominalos de maneira apropiada.

Neste ciclo, ademais, a fluidez e claridade na utilización do código oral é case completa, se ben no uso da linguaxe escrita aínda presenta algunhas dificultades e dúbidas; sen embargo, poden expresar mediante palabras practicamente todo o que desexan.

Durante estes anos, comeza realmente a reflexión gramatical. Aínda que de maneira elemental se traballou antes, é agora cando se amplía e afonda nos seus aspectos básicos. Todos estes contidos se tratan a partir dos textos e nunca de maneira descontextualizada, intentando que a dedución sexa posterior á indución.

Ao longo dos tres ciclos, tanto os textos (comprensión e expresión) como as reflexións sobre a lingua, as destrezas no uso do código oral e escrito, a comprensión crítica das linguaxes non verbais ou a valoración estética da literatura, fóronse traballando sempre progresivamente en canto a complexidade. Pero é neste ciclo cando estas ensinanzas deben completarse de maneira que se garanta a adquisición dos obxectivos xerais da área para a etapa de Educación Primaria.

Así pois, os contidos da área para todo o ciclo estrutúranse basicamente arredor dos seguintes núcleos:

1º. O uso da lingua en situacións de comunicación oral e escrita, co tratamento axeitado do texto literario e as mensaxes que empregan sistemas de comunicación verbal e non verbal conxuntamente.
2º. A reflexión sobre a propia lingua como medio para mellorar a comprensión e a expresión en diversas situacións de comunicación.

De maneira que no terceiro ciclo de Educación Primaria se desenvolven neste Proxecto contidos pertencentes aos tres bloques que compoñen a área, e que expresamos a continuación:

### 2.1. Escoitar e falar

Ao longo deste ciclo amplíanse as situacións e intencións comunicativas que os alumnos e alumnas deben empregar na súa lingua.

A súa participación nas diferentes situacións de intercambio comunicativo ten que ser máis reflexiva e construtiva que nos ciclos anteriores, usando estratexias progresivamente máis complexas e afondando no coñecemento e respecto das normas que as rexen.

É importante fomentar a capacidade de escoita e comprensión de diversos textos orais, de maneira que o alumnado sexa capaz de captar as relacións que se establecen entre os diferentes elementos do texto, tanto de forma explícita (feitos comprobables e opinións) como implícita (dobre sentido, mensaxes subliminais, sentido humorístico, discriminatorios, etc.), analizando os diferentes aspectos propios de cada texto (vocabulario, organización do texto, elementos lingüísticos e non lingüísticos, etc.).

### 2.2. Ler e escribir

Durante o terceiro ciclo, desenvólvense as capacidades de comprensión e expresión escritas iniciadas nos ciclos anteriores. Potenciarase a capacidade interpretativa de diferentes tipos de textos escritos, a lectura expresiva e,

principalmente, unha actitude receptiva cara á lectura, como unha experiencia pracenteira na súa actividade cotiá e tamén como medio para resolver as súas necesidades de aprendizaxe.

Así mesmo, cómpre asegurar neste nivel a capacidade dos alumnos e alumnas para expresarse por escrito con coherencia, propiedade e corrección, na produción de textos de tipoloxía variada.

Respecto aos contidos referidos a Literatura proponse a lectura de diferentes textos: narracións, anuncios, noticias, contos e lendas, poemas... e o comentario sobre distintos aspectos: vocabulario, argumento, personaxes... así como sinxelas producións de todos os xéneros.

As obras literarias forman parte do patrimonio cultural de Galicia e achegan valores e identidade social. Ademais, son fonte de pracer e fantasía, constitúen exemplos de usos lingüísticos e modelos de logros estéticos e de construción do pensamento. Por iso, mediante a lectura de textos orixinais e adecuados amplíase a visión do mundo, experiméntanse como propias as aventuras doutros, desenvólvese a capacidade de análise e crítica, a sensibilidade literaria e artística en xeral, o gusto polos xogos verbais, etc., o que facilita a adquisición e desenvolvemento do uso autónomo e creativo da linguaxe, ademais dunha formación cultural integral.

### 2.3. Reflexionar sobre a lingua

Neste derradeiro ciclo de Primaria intentarase asegurar a automatización das normas ortográficas de aparición frecuente na lingua habitual do alumnado. Estes coñecementos ortográficos iranse incorporando gradualmente por vía da observación e da práctica sistemática da lectura e escritura.

Os contidos deste bloque tamén atenderán á adquisición por parte do alumnado dos coñecementos gramaticais básicos da lingua que utilizan. Os contidos que deben adquirir nesta etapa inclúen os elementos que constitúen a oración simple, así como o coñecemento das distintas clases de palabras e nocións básicas de como están formadas.

Os contidos deste bloque potenciarán as capacidades dos alumnos e alumnas para valorar a realidade plurilingüe e pluricultural do Estado como expresión de diversidade e de riqueza. Tamén servirán para sensibilizar sobre a situación lingüística de Galicia e a necesidade da adquisición dun nivel estándar da lingua, apto para unha comunicación social de carácter global e cultural. Para isto será oportuno reflexionar sobre as relacións e interferencias da lingua galega coas demais linguas do contorno. Será conveniente partir da experiencia máis inmediata do alumnado e fuxir das explicacións teoricistas.

## 3. OBXECTIVOS

Preténdese que os alumnos e as alumnas, ao finalizar o terceiro ciclo de Educación Primaria, alcancen os seguintes obxectivos:

**Obxectivos para a etapa**

1. Comprender e expresarse oralmente e por escrito de xeito adecuado nos diferentes contextos da actividade social e cultural cotiá.

   **Obxectivos para o terceiro ciclo**

   1.1. Comprender discursos orais e escritos axeitadamente, tendo en conta as características dos diferentes contextos.
   1.2. Expresarse oralmente e por escrito axeitadamente, tendo en conta as características das diferentes situacións de comunicación.
   1.3. Utilizar de forma axeitada os aspectos normativos da lingua.
   1.4. Utilizar un léxico axeitado e potenciar o uso creativo da lingua.

**Obxectivos para a etapa**

2. Utilizar a lingua oral de xeito adecuado na actividade social e cultural adoptando unha actitude respectuosa e de cooperación.

   **Obxectivos para o terceiro ciclo**

   2.1. Expresar con claridade, ordenada e coherentemente: vivencias, ideas, observacións, sentimentos, etc.
   2.2. Elixir as formas de comprensión e expresión axeitadas ás diferentes situacións e intencións comunicativas.
   2.3. Valorar e aceptar as contribucións propias e as dos demais, respectando as normas do intercambio comunicativo.

**Obxectivos para a etapa**

3. Utilizar a lingua eficazmente na actividade escolar tanto para buscar, recoller, seleccionar, contrastar, transformar e procesar información, como para escribir textos propios do ámbito académico.

   **Obxectivos para o terceiro ciclo**

   3.1. Buscar, recoller e procesar información mediante o emprego eficaz da lingua.
   3.2. Coñecer a estrutura dos textos propios do ámbito académico (cuestionarios, resumos, informes, descricións, explicacións…), e aplicar estes coñecementos á comprensión e produción de textos para comunicar coñecementos, experiencias e necesidades.

**Obxectivos para a etapa**

4. Usar, en situacións relacionadas coa escola e coa súa actividade, as diversas clases de escritos coa axuda dos cales se produce a comunicación, tanto entre as persoas coma destas coas institucións públicas ou privadas.

   **Obxectivos para o terceiro ciclo**

4.1. Producir textos escritos propios da vida social da aula, como modo de comunicar coñecementos, experiencias e necesidades (normas, notas, cartas, avisos, solicitudes…) de acordo coas características propias destes xéneros.
4.2. Comprender textos do ámbito escolar, producidos con finalidade didáctica ou de uso social (folletos, descricións, instrucións e explicacións), para aprender e para informarse, comparando, clasificando, identificando e interpretando os coñecementos e as informacións para ampliar as aprendizaxes.

**Obxectivos para a etapa**

5. Utilizar os medios de comunicación social e as tecnoloxías da información e da comunicación para obter, interpretar e valorar informacións e opinións diferentes.

**Obxectivos para o terceiro ciclo**

5.1. Utilizar, de maneira dirixida, as tecnoloxías da información e da comunicación e os diferentes tipos de bibliotecas (de aula e de centro), amosando respecto polas súas normas de funcionamento, coa finalidade de obter información e modelos para a composición escrita.
5.2. Compoñer textos de información e de opinión propios dos medios de comunicación social sobre acontecementos que resulten significativos, con especial incidencia na noticia, utilizando soportes do ámbito escolar e algúns medios de prensa local.

**Obxectivos para a etapa**

6. Utilizar adecuadamente a biblioteca e os seus diferentes departamentos como fonte de recursos variados para o gozo e o pracer de ler, así como para a obtención de informacións variadas.

**Obxectivos para o terceiro ciclo**

6.1. Usar as bibliotecas da aula e do centro e os seus diferentes departamentos con autonomía suficiente, comprendendo como se organiza, e colaborando no seu coidado e avance.

**Obxectivos para a etapa**

7. Utilizar a lectura como fonte de pracer e de enriquecemento persoal, e aproximarse a obras relevantes da tradición literaria galega para desenvolver hábitos lectores.

**Obxectivos para o terceiro ciclo**

7.1. Apreciar a lectura como canle para a aprendizaxe do léxico, da ortografía e, en xeral, para a mellora da súa competencia lingüística.
7.2. Valorar a lectura como fonte de lecer, goce, diversión e aventura.
7.3. Utilizar a lectura como un medio de acceso a outras culturas e formas de vida distintas.

**Obxectivos para a etapa**

8. Comprender textos literarios de xéneros diversos procedentes da literatura infantil e xuvenil galega adecuados en canto á temática e complexidade e iniciarse no coñecemento das convencións específicas da linguaxe literaria.

**Obxectivos para o terceiro ciclo**

8.1. Desenvolver o gusto literario e a capacidade estética, de maneira que facilite a comprensión e expresión de ideas e sentimentos.
8.2. Explorar e aplicar as posibilidades expresivas básicas da lingua oral e escrita, adquirindo seguridade nas propias habilidades comunicativas e usos persoais da linguaxe.
8.3. Compoñer por escrito, de forma cada vez máis complexa, ordenada e coherente, ideas, vivencias, sentimentos, feitos reais e fantásticos, tanto en prosa coma en verso.

**Obxectivos para a etapa**

9. Valorar e estimar a lingua galega como lingua propia como mostra de identidade de Galicia e recoñecer a existencia da diversidade lingüística como feito cultural enriquecedor

**Obxectivos para o terceiro ciclo**

9.1. Valorar e estimar a lingua de Galicia, facendo uso dela con normalidade en todas as situacións de comunicación.
9.2. Respectar aqueles interlocutores que usen unha lingua diferente.

**Obxectivos para a etapa**

10. Facer uso dos coñecementos sobre a lingua e sobre as normas de uso lingüístico para escribir e falar de maneira adecuada, coherente e correcta e para comprender textos orais e escritos.

**Obxectivos para o terceiro ciclo**

10.1. Escribir e falar de forma axeitada e correcta utilizando os coñecementos adquiridos sobre a lingua e as normas de uso lingüístico.
10.2. Comprender textos orais e escritos e outros realizados con signos de diferentes códigos, en diferentes contextos.

**Obxectivos para a etapa**

11. Reflexionar sobre los diferentes usos sociales de las lenguas para evitar los estereotipos lingüísticos que suponen juicios de valor y prejuicios clasistas, racistas o sexistas.

**Obxectivos para o terceiro ciclo**

11.1. Analizar o valor da lingua como instrumento de transmisión de diferentes valores.
11.2. Rexeitar os usos discriminatorios no emprego da lingua oral e escrita.
11.3. Utilizar a lingua para destacar os valores das diferentes culturas.

## 4. CONTIDOS

Os contidos propostos para este ciclo, na área de Lingua Galega e Literatura, son os seguintes:

QUINTO CURSO

**1. Escoitar e falar**

- Formas básicas da comunicación oral segundo a intención comunicativa (a conversa, o diálogo, o conto, a poesía...).
- Estrutura e características das mensaxes orais: partes, léxico utilizado, entoación, recursos expresivos, etc.
- Elementos non lingüísticos que acompañan a comunicación oral: a expresividade.
- Modalidades e rexistros lingüísticos na lingua oral.
- A tradición oral popular. A súa importancia en Galicia. Formas que presenta: lendas, contos, trabalinguas, refráns, adiviñas...
- A necesidade da expresión oral no medio habitual do alumnado nas diferentes situacións de comunicación.
- Situacións e intencións comunicativas. Distintos tipos de textos orais: conversa, rutinas lingüísticas (presentacións e saúdos), relato natural, lectura expresiva, conversas formais e formularios orais (preguntas e respostas), textos dialogados ficticios (diálogo teatral), textos expositivos, resumos, rimas, procedementos para opinar e emitir xuízos, argumentación oral (debate), reformulación, paráfrase, cambio de rexistro, anécdotas, descricións, contos, refráns, recitado de poemas, narracións colectivas, comentario de textos escritos e de textos procedentes da tradición oral.
- A linguaxe oral como fonte de información, diversión, pracer, entretemento, enriquecemento e perfeccionamento da propia lingua, e como expresión de valores sociais e culturais.
- A linguaxe oral e outros elementos non lingüísticos que o acompañan (pronuncia, ritmo, entoación, xestos, posturas, movemento corporal, etc.). Expresividade e entoación.

**3. Ler e escribir**

- Peculiaridades da comunicación escrita: convencionalismo, dirección da escritura, linealidade, separación de palabras, posibilidade de comunicación con interlocutores non presentes, permanencia, fixación do pensamento, posibilidade de revisión...
- Linguaxe literaria e non literaria.
- Diferentes soportes da linguaxe escrita: libros, tarxetas de felicitación, diarios, cartas...
- Necesidade da comunicación escrita como medio privilexiado de diversión, formación e información (xeroglíficos, xogos de palabras, o dicionario).
- Diferentes tipos de textos escritos: contos, poemas, cómics, diarios, cartas...
- A biblioteca escolar e a biblioteca persoal.
- Situacións diferentes de comunicación escrita: número de emisores e receptores, intención comunicativa, distancia espazo-temporal, etc.
- As formas elocutivas na comunicación escrita: narración, descrición, diálogo, exposición...
- A necesidade da expresión escrita no medio habitual do alumnado nas diferentes situacións de comunicación.
- Situacións e intencións comunicativas.

- Expresión escrita de diversos textos.
- A linguaxe escrita como fonte de información, diversión, pracer, entretemento, enriquecemento e perfeccionamento da propia lingua, e como expresión de valores sociais e culturais.
- A linguaxe escrita e outros elementos non lingüísticos que o acompañan (ilustracións, fotografías, esquemas, etc.).
- Técnicas de estudo: a prelectura, o subliñado, ideas principais e secundarias, o esquema, o resumo, fichas e documentación.
- A literatura como instrumento de transmisión, creación e enriquecemento cultural.
- Estrutura de diferentes tipos de textos (por exemplo, do conto: formulación, nó e desenlace, etc.).
- Os textos literarios: formas e análise dalgúns recursos literarios.

### 3. Reflexionar sobre a lingua

- **Vocabulario**: O dicionario. Sinónimos. Antónimos. Polisemia. Palabras homógrafas e homófonas. Lexemas e morfemas. Prefixos. Sufixos. Palabras primitivas e derivadas. Xentilicios. Palabras compostas. Familia léxica. Castelanismos. Parónimos e falsos amigos. Campo semántico.
- **Gramática**: A linguaxe e as linguas. Tipos de enunciados: a frase e a oración. A oración: suxeito e predicado. Clases de palabras. O substantivo: clases. Xénero e número do substantivo. Determinantes: artigos, demostrativos, posesivos, numerais e indefinidos. O adxectivo: graos. Pronomes persoais. O verbo: concepto, conxugacións, persoa, número, tempo, modo. Adverbios. Preposicións.
- **Ortografía**: Fenómenos dialectais: o seseo e a gheada. Sílabas tónicas e átonas. Acentuación. O ditongo e o hiato. O acento diacrítico. O punto e as maiúsculas. A coma e o punto e coma. O guión. Palabras con *nh*. Uso do *b,* do *v,* do *x*, do *h,* e do *ll* e do *i.* Grupos consonánticos cultos: *-pt-*, *-pc-* e *b* + consoante. Os sufixos *-nza* e *-ncia*.

## SEXTO CURSO

### 1. Escoitar e falar

- Formas básicas da comunicación oral segundo a intención comunicativa (a conversa, a exposición, o debate, a enquisa, a entrevista...).
- Estructura e características das mensaxes orais: partes, léxico utilizado, entoación, recursos expresivos, etc.
- Elementos non lingüísticos que acompañan a comunicación oral: a expresividade.
- Modalidades e rexistros lingüísticos na lingua oral.
- A tradición oral popular. A súa importancia en Galicia. Formas que presenta: lendas, contos, romances, refráns, adiviñas...

### 2. Ler e escribir

- Peculiaridades da comunicación escrita: posibilidade de comunicación con interlocutores non presentes, permanencia, fixación do pensamento, posibilidade de revisión...
- Linguaxe literaria e non literaria.

- Diferentes soportes da linguaxe escrita: libros, manuais de instrucións, periódicos...
- Necesidade da comunicación escrita como medio privilexiado de diversión, formación e información (xeroglíficos, xogos de palabras, o dicionario).
- Diferentes tipos de textos escritos: contos, relatos, noticias periodísticas, entrevistas, enquisas, folletos turísticos...
- As formas elocutivas na comuicación escrita: narración, exposición, monólogo teatral...
- Afianzamento no uso de programas informáticos de procesamento de texto e no manexo de ferramentas que proporciona a rede: creación dun *blog*.
- A literatura como instrumento de transmisión, creación e enriquecemento cultural.
- A literatura como estética. Verso e prosa. Textos realistas e textos fantásticos.
- Estrutura de diferentes tipos de textos (por exemplo, do relato: marco, historia ou trama e solución, etc.).
- Os textos literarios: formas e análise dalgúns recursos literarios.
- Características da literatura de interese infantil e xuvenil (temas, personaxes, linguaxes, etc.).
- A biblioteca: organización, funcionamiento e uso.

### 3. Reflexionar sobre a lingua

- **Vocabulario**: Tipos de dicionarios. Sinónimos e antónimos. Palabras polisémicas e homónimas. Palabras primitivas, derivadas e compostas. Definición de substantivos, adxectivos e verbos. Campo semántico. Neoloxismos e estranxerismos. Siglas e abreviaturas. Abreviacións. Palabras comodín. Palabras tabú e eufemismos. Sentido propio e figurado: a ironía e a retranca.
- **Gramática**: O nome: clases, xénero e número. Determinantes. O adxectivo: graos. Pronomes: persoais, indefinidos, demostrativos, posesivos e numerais. O verbo: regulares e irregulares. Adverbios e locucións adverbiais. Preposicións e conxuncións. Tipos de enunciados: a oración e a frase. Oración: suxeito e predicado. Grupo do suxeito. Grupo do predicado. Predicado nominal. O atributo. Predicado verbal. Complementos do predicado verbal: directo, indirecto e circunstancial. Clases de oracións. A interxección. Historia da lingua galega.
- **Ortografía**: Regras xerais de acentuación. Casos especiais de acentuación. Acentuación de ditongos, tritongos e hiatos. Os monosílabos e o til diacrítico. Familias léxicas regulares e irregulares. O punto e a coma. O punto e coma, os dous puntos e os puntos suspensivos. Comiñas e parénteses. Palabras con *b/v,* con *c/ct/cc* e con *z/zz/s.* Palabras que rematan en *-cia/-za*, *-cio/-zo*. Palabras que comezan por *ca-*, *cua-* e *co-* Palabras con *es-/ex-* e *estra-/extra-*. Palabras que se poden escribir xuntas ou separadas.

## 5. CRITERIOS DE AVALIACIÓN

Este proxecto curricular propón o dominio do alumno e da alumna nas seguintes competencias e destrezas:

- Estima a lingua de Galicia e úsaa como canle de transmisión das súas propias experiencias en todas as situacións de comunicación.
- Compara textos, orais e escritos, producidos nas diferentes variedades da lingua galega.

- Participa de forma construtiva en situacións comunicativas propias da vida escolar, integrando as normas que posibilitan o intercambio nestas situacións.
- Comprende o senso de mensaxes orais de uso habitual e interpreta a función de elementos non explícitos que modifican ou varían a intención comunicativa.
- Reproduce textos orais empregando a pronunciación, o ritmo e a entoación adecuados.
- Produce textos orais nos que se presenten de forma ordenada e coherente os feitos, as ideas ou as vivencias.
- Comprende un texto lido, utilizando estratexias de comprensión e métodos adecuados para resolver as dúbidas que se presenten.
- Le textos de diverso tipo con fluidez, empregando a pronunciación, a entoación e o ritmo adecuados.
- Valora positivamente o texto escrito como instrumento de comunicación e como fonte de pracer e de información. Tamén, manifesta preferencias na selección de lecturas e expresa as propias opinións sobre elas.
- Redacta textos escritos de diferente tipo empregando a estructura textual correspondente e utilizando os procedementos básicos que dan cohesión ao texto.
- Integra nos textos escritos as normas ortográficas e emprega apoios, que no proceso de produción dun texto, permitan resolver dúbidas ortográficas.
- Identifica os elementos básicos que integran a oración simple, coñece a concordancia na frase e utilízaos para mellorar as propias producións.
- Comprende unha mensaxe, oral ou escrita, na que se integren os distintos códigos, verbal e non verbal, e analiza as súas características.
- Identifica, en textos orais e escritos habituais, determinados temas e usos da lingua que supoñan unha discriminación social, racial, sexual ou doutro tipo.

## 6. COMPETENCIAS

Neste Proxecto Curricular establécese a contribución das diferentes áreas do currículo ao desenvolvemento de cada unha das oito Competencias Básicas. As competencias de Lingua Galega e Literatura detállanse a continuación:

**Competencia en comunicación lingüística**

- Coñecer a orde das palabras no dicionario.
- Interpretar, comprender e utilizar a información que aparece no dicionario.
- Comprender e saber aplicar as normas ortográficas e gramaticais da lingua.
- Comprender o sentido figurado de expresións feitas.
- Desenvolver a atención para resolver xogos lingüísticos.
- Aprender a coñecer a biblioteca recoñecendo as normas polas que se rexe.
- Buscar, recompilar e procesar a información.
- Utilizar a lingua como instrumento de comunicación oral e escrita.
- Producir textos orais e escritos.
- Discriminar diferentes tipoloxías textuais.
- Comprender, compoñer e utilizar textos narrativos, expositivos, poéticos e teatrais.
- Coñecer e utilizar os recursos necesarios para a descrición de animais, persoas e paisaxes.
- Coñecer técnicas sinxelas para estruturar e redactar un conto.
- Recoñecer e saber aplicar as características propias da lingua poética.
- Expresar axeitadamente ideas e emocións.

**Autonomía e iniciativa persoal**
- Desenvolver a autoestima ante a creación dos propios textos.
- Tomar a iniciativa de participar na dramatización de textos propios ou alleos.
- Adquirir a necesaria confianza nun mesmo para interactuar cos demais e tomar decisións propias.
- Utilizar a lingua para organizar o pensamento, comunicar afectos e opinións, regular emocións.

**Competencia para aprender a aprender**
- Adquirir e aplicar uns hábitos de traballo.
- Acceder ao saber e á construción de coñecementos mediante a lingua.
- Utilizar recursos de carácter lúdico na adquisición de conceptos.
- Desenvolver e aplicar a lóxica para establecer relacións semánticas ou gramaticais.
- Saber abstraer e sistematizar as ideas esenciais dun texto para elaborar un esquema.

**Tratamento da información e competencia dixital**
- Consultar un dicionario en Internet.
- Visitar bibliotecas virtuais e acceder á información que achegan.
- Buscar, seleccionar e manexar os datos obtidos en Internet ou noutras fontes de información.
- Crear unha páxina web.
- Desenvolver a capacidade para interpretar as noticias que achegan os medios de comunicación e opinar sobre elas.
- Saber utilizar o correo electrónico para se comunicar.
- Recoñecer o particular rexistro lingüístico das SMS e comprender que non se axusta ás normas gramaticais.

**Competencia no coñecemento e a interacción co mundo físico**
- Aprender a desenvolverse no contorno e a respectalo.
- Desenvolver a conciencia de pertencer ao mundo e reparar nos cambios que se producen no contorno e nos seres vivos de forma periódica.
- Coñecer e valorar a fauna e a flora propias da nosa comunidade.
- Recoñecer a lingua como o principal medio de comunicación entre os seres humanos e utilizala para establecer relacións cos demais.
- Coñecer outras formas de vida e outras culturas e aprender a respectalas.

**Competencia social e cidadá**
- Crear un sistema de valores propio baseado no respecto.
- Entender a lingua como a base da convivencia, o respecto e o entendemento.
- Recoñecer a diferenza entre os seres humanos como un valor enriquecedor.
- Aprender a comunicarse cos demais e a comprender o que estes transmiten.
- Valorar todas as linguas como aptas para a comunicación.
- Recoñecer as variantes da lingua como fenómenos da fala e respectalas.
- Desenvolver actitudes de consumo responsable.

**Competencia artística e cultural**
- Ler, comprender e valorar as obras literarias.
- Coñecer e valorar as tradicións propias da nosa comunidade.
- Comprender, apreciar e valorar as manifestacións artísticas, propias e alleas.
- Coñecer algúns persoeiros claves da cultura galega.

- Usar de forma responsable os recursos da biblioteca.
- Expresarse con imaxinación e creatividade.
- Poder apreciar nun texto literario e noutro tipo de creacións os trazos que contribúen á súa estética.

# ÁREA DE LINGUA CASTELÁ E LITERATURA

## 1. CARACTERÍSTICAS DA ÁREA

Se ben os seres humanos nos comunicamos a través de diferentes medios e sistemas (o corpo, os xestos, os signos, os símbolos, etc.), o medio máis universal de comunicación é, sen dúbida, a linguaxe oral, que permite recibir e transmitir información, asegurando a comunicación (comprensión e expresión), a representación, a orientación e a autorregulación do pensamento e a acción.

De acordo con esta concepción funcional da lingua, a acción educativa na etapa de Educación Primaria ha de radicar en conseguir que o alumno domine as catro destrezas básicas da lingua: escoitar, falar, ler e escribir.

Por iso, dedicarase especial atención á comprensión e expresión oral e escrita como reforzo e consolidación da aprendizaxe da lingua castelá nos dous primeiros ciclos da etapa. Non debemos esquecer, ademais, que o coñecemento da lingua e as súas destrezas básicas están presentes ao longo de toda a vida académica e persoal do alumno e da alumna.

Así, o noso proxecto suxire consolidar a aprendizaxe da lingua oral e escrita nos alumnos, a través de:

- A expresión oral e escrita de textos narrativos dialogados expositivos, etc. en diferentes situacións comunicativas.
- A precisión na utilización do vocabulario, a definición de conceptos e frases.
- A congruencia do discurso co contido.
- O correcto manexo das normas da linguaxe.
- A reflexión sobre a importancia que ten o uso da linguaxe na vida do home.
- O desenvolvemento do gusto pola literatura.

## 2. A ÁREA DE LINGUA CASTELÁ E LITERATURA NO TERCEIRO CICLO

Neste ciclo, os alumnos e as alumnas son xa capaces de argumentar e defender as súas propias opinións e de aceptar as regras básicas de intercambio e de respecto comunicativo. Poden captar sen dificultades diferentes puntos de vista e reformular os seus propios, teñen maior control á hora de facer xuízos e valoracións e poden estudar as posibles solucións alternativas que se formulan ante un problema. Así mesmo, son capaces de interpretar textos distinguindo as opinións dos feitos obxectivos comprobables, cunha actitude máis crítica, e mesmo manifestando criterios estéticos persoais.

Por outra banda, os nenos e as nenas destas idades rebordan vitalidade e altruísmo e alcanzaron certo equilibrio e autonomía afectiva. Son anos de marcada extraversión e comunicación. Queren saber máis e tratar con máis xente (exprésanse ben oralmente e por escrito), polo tanto, a súa capacidade cognitiva expándese cara a novas experiencias.

Mostran ademais, con bastante nitidez, as súas aptitudes e gustos ante as cousas, os estudos, os compañeiros, os xogos, as lecturas, etc. Non obstante, hai que orientalos cara á reflexión, xa que, en xeral, se inclinan pola memorización (sobre todo en cuestións gramaticais).

Poden definir palabras abstractas e traballar con elas, buscar semellanzas de certa complexidade (por exemplo en campos semánticos), diferenciar matices e oposicións (por exemplo, coordinación adversativa, etc.) e expresar ordenadamente o seu "razoamento formal". Captan as ironías, o dobre sentido, as incoherencias, o absurdo, e son moi sensibles ao ridículo, pois teñen un gran pudor, polo que a comunicación na aula pode nalgúns casos, bloquearse ou inhibirse.

Na lectura de textos estes alumnos e alumnas son capaces de:

- Sinalar o argumento.
- Facer unha síntese do argumento.
- Caracterizar personaxes.
- Recoñecer algúns recursos literarios.
- Identificar determinados aspectos métricos.
- Interpretar o dobre sentido.
- Diferenciar tipos de textos e coñecer as súas características.

En canto ao dominio da normativa ortográfica, formúlase o dominio da acentuación gráfica, o uso dos signos de puntuación e das abreviaturas máis usuais. Se ben desde o principio da etapa se insistiu na aprendizaxe e valoración das convencións lingüísticas, así como na súa necesidade para a interacción comunicativa, é neste ciclo cando se debe afondar nestes contidos e dominalos de xeito apropiado.

Neste ciclo, ademais, a fluidez e a claridade na utilización do código oral son case completas. E se ben no uso da linguaxe escrita o alumno aínda presenta algunhas dificultades e dúbidas; non obstante, pode expresar mediante palabras practicamente todo o que desexa.

Durante estes anos, comeza realmente a reflexión gramatical. Aínda que, de xeito elemental se traballou antes, é agora cando se amplía e afonda nos seus aspectos básicos. Todos estes contidos trátanse a partir dos textos e nunca de xeito descontextualizado, intentando que a dedución sexa posterior á indución. Neste campo, tamén se teñen en conta as diferentes linguas de España, as súas orixes e importancia cultural.

Ao longo dos tres ciclos, tanto os textos (comprensión e expresión) como as reflexións sobre a lingua, as destrezas no uso do código oral e escrito, a comprensión crítica das linguaxes non verbais ou a valoración estética da literatura fóronse traballando sempre progresivamente en canto a complexidade. Pero, é neste ciclo cando estas ensinanzas se deben completar de maneira que se garanta a adquisición dos obxectivos xerais da área para a etapa de Educación Primaria.

Así pois, os contidos da área para todo o ciclo estrutúranse basicamente en torno aos seguintes núcleos:

1. º O uso da lingua en situacións de comunicación oral e escrita, co tratamento axeitado do texto literario e as mensaxes que empregan sistemas de comunicación verbal e non verbal conxuntamente.
2. º A reflexión sobre a propia lingua como medio para mellorar a comprensión e a expresión en diversas situacións de comunicación.

De maneira que no terceiro ciclo de Educación Primaria desenvólvense neste Proxecto contidos pertencentes aos tres bloques que compoñen a área, e que expresamos a continuación:

### 2.1. Escoitar e falar

Ao longo deste ciclo amplíanse as situacións e intencións comunicativas que os alumnos e as alumnas han de empregar na súa lingua.

A súa participación nas diferentes situacións de intercambio comunicativo ha de ser máis reflexiva e construtiva que nos ciclos anteriores, usando estratexias progresivamente máis complexas e afondando no coñecemento e respecto das normas que as rexen.

É importante fomentar a capacidade de escoita e comprensión de diversos textos orais, de maneira que o alumnado sexa capaz de captar as relacións que se establecen entre os diferentes elementos do texto, tanto de forma explícita (feitos comprobables e opinións) como implícita (dobre sentido, sentido humorístico, mensaxes subliminais, discriminatorias, etc.), analizando os diferentes aspectos propios de cada texto (vocabulario, organización do texto, elementos lingüísticos e non lingüísticos, etc.).

### 2.2. Ler e escribir

Nos ciclos anteriores foise afianzada progresivamente a comunicación escrita, desenvolvendo estratexias cada vez máis sistemáticas, coherentes e autónomas. Neste ciclo, é preciso darlle maior amplitude á capacidade de comprensión e expresión escrita, procurando que o contexto estea ligado á vida cotiá do alumnado e, particularmente, ao resto das áreas curriculares.

Para iso, debemos traballar contidos relativos á codificación e descodificación respectando as normas, e desenvolver estratexias complementarias de comprensión e expresión de textos que consoliden o manexo instrumental da linguaxe escrita, tales como: formulación de conxecturas a partir dos índices dos textos utilización de diferentes procedementos para despexar dúbidas na súa comprensión (acudir ao dicionario buscar información adicional deducir o problema, etc.) e poñer en práctica diversos obxectivos na lectura (localizar unha información específica, captar o sentido xeral, captar o sentido figurado, etc.).

Por outra banda, á marxe do uso da lectura e a escritura como ferramentas, tamén han de vincularse en todo momento ao desenvolvemento do gusto e gozo de textos de todo tipo (literarios de consulta, prensa, etc.), ampliando as situacións e

as intencións comunicativas nas que os alumnos e as alumnas sexan capaces de empregar de forma funcional os seus coñecementos sobre a lingua escrita, desenvolvendo maior autonomía na planificación e revisión da produción de textos propios.

Neste ciclo proponse a lectura de diferentes textos: narracións, contos e lendas, poemas, etc., e o comentario de distintos aspectos: vocabulario, argumento, personaxes, etc.; así como sinxelas producións propias de todos os xéneros.

As obras literarias forman parte do patrimonio cultural da súa comunidade de falantes e achegan valores e identidade social. Ademais, son fonte de pracer e fantasía, constitúen exemplos de usos lingüísticos e modelos de logros estéticos e de construción do pensamento. Por iso, mediante a lectura de textos orixinais e axeitados amplíase a visión do mundo, experiméntanse como propias as aventuras doutros, desenvólvese a capacidade de análise e crítica, a sensibilidade literaria e artística en xeral, o gusto polos xogos verbais, etc.; o que facilita a adquisición e o desenvolvemento do uso autónomo e creativo da linguaxe, ademais dunha formación cultural integral.

### 2.3. Reflexionar sobre a lingua

O uso da lingua convértese, como sinalamos, no eixe fundamental sobre o cal se formularán todos os contidos do ciclo. Así pois, o estudo da lingua céntrase principalmente no uso coherente e adecuado da comunicación oral e escrita, respectando as normas que rexen os seus códigos.

O conxunto de aprendizaxes relacionado co desenvolvemento da capacidade de reflexión sobre a propia lingua baséase no proceso de observación e experimentación sobre as producións que permitan facer explícitos algúns coñecementos que, de forma implícita, os alumnos e as alumnas posúen sobre a lingua que usan.

## 3. OBXECTIVOS

Ao finalizar o terceiro ciclo de Educación Primaria, preténdese que cada alumno e cada alumna alcancen os seguintes obxectivos:

**Obxectivos para a etapa**

1. Comprender e expresarse oralmente e por escrito de xeito adecuado nos diferentes contextos da actividade social e cultural cotiá.

**Obxectivos para o terceiro ciclo**

1.1. Comprender discursos orais e escritos axeitadamente, tendo en cota as características dos diferentes contextos.
1.2. Expresarse oralmente e por escrito axeitadamente, tendo en conta as características das diferentes situacións de comunicación.
1.3. Utilizar de forma adecuada os aspectos normativos da lingua.

1.4. Utilizar un léxico adecuado e potenciar o uso creativo da lingua.

**Obxectivos para a etapa**

2. Utilizar a lingua oral de xeito adecuado na actividade social e cultural adoptando unha actitude respectuosa e de cooperación.

**Obxectivos para o terceiro ciclo**

2.1. Expresar con claridade, ordenada e coherentemente: vivencias, ideas, observacións, sentimentos, etc.
2.2. Elixir as formas de comprensión e expresión axeitadas ás diferentes situacións e intencións comunicativas.
2.3. Valorar e aceptar as achegas propias e os dos demais, respectando as normas do intercambio comunicativo.

**Obxectivos para a etapa**

3. Utilizar a lingua eficazmente na actividade escolar tanto para buscar, recoller, seleccionar, contrastar, transformar e procesar información, como para escribir textos propios do ámbito académico.

**Obxectivos para o terceiro ciclo**

3.1. Buscar, recoller e procesar información mediante o emprego eficaz da lingua.
3.2. Coñecer a estrutura dos textos propios do ámbito académico (cuestionarios, resumos, informes, descricións, explicacións…), e aplicar estes coñecementos á comprensión e produción de textos para comunicar coñecementos, experiencias e necesidades.

**Obxectivos para a etapa**

4. Usar, en situacións relacionadas coa escola e coa súa actividade, as diversas clases de escritos coa axuda dos que se produce a comunicación, tanto entre as persoas coma destas coas institucións públicas ou privadas.

**Obxectivos para o terceiro ciclo**

4.1. Producir textos escritos propios da vida social da aula, como modo de comunicar coñecementos, experiencias e necesidades (normas, notas, cartas, avisos, solicitudes…) de acordo coas características propias destes xéneros.
4.2. Comprender textos do ámbito escolar, producidos con finalidade didáctica ou de uso social (folletos, descricións, instrucións e explicacións), para aprender e para informarse, comparando, clasificando, identificando e interpretando os coñecementos e as informacións para ampliar as aprendizaxes.

**Obxectivos para a etapa**

5. Utilizar os medios de comunicación social e as tecnoloxías da información e da comunicación para obter, interpretar e valorar informacións e opinións diferentes.

**Obxectivos para o terceiro ciclo**

5.1. Utilizar, de maneira dirixida, as tecnoloxías da información e da comunicación e os diferentes tipos de bibliotecas (de aula e de centro), amosando respecto polas súas normas de funcionamento, coa finalidade de obter información e modelos para a composición escrita.
5.2. Compoñer textos de información e de opinión propios dos medios de comunicación social sobre acontecementos que resulten significativos, con especial incidencia na noticia e nas cartas ao director, utilizando soportes do ámbito escolar e algúns medios de prensa local.

**Obxectivos para a etapa**

6. Utilizar adecuadamente a biblioteca e os seus diferentes departamentos como fonte de recursos variados para o gozo e o pracer de ler, así como para a obtención de informacións variadas.

**Obxectivos para o terceiro ciclo**

6.1. Usar as bibliotecas da aula e do centro e os seus diferentes departamentos con autonomía suficiente, comprendendo como se organiza, e colaborando no seu coidado e avance.

**Obxectivos para a etapa**

7. Utilizar a lectura como fonte de pracer e de enriquecemento persoal, e aproximarse a obras relevantes da tradición literaria para desenvolver hábitos lectores.

**Obxectivos para o terceiro ciclo**

7.1. Desenvolver o hábito e o gusto pola lectura, dedicándolle parte do tempo libre dispoñible.
7.2. Ler en voz alta e en silencio e utilizar a lectura como medio de diversión e de aprendizaxe.

**Obxectivos para a etapa**

8. Comprender textos literarios de xéneros diversos procedentes da literatura infantil e xuvenil adecuados en canto á temática e a complexidade e iniciarse no coñecemento das convencións específicas da linguaxe literaria.

**Obxectivos para o terceiro ciclo**

8.1. Desenvolver o gusto literario e a capacidade estética, de maneira que facilite a comprensión e expresión de ideas e sentimentos.
8.2. Explorar e aplicar as posibilidades expresivas básicas da lingua oral e escrita, adquirindo seguridade nas propias habilidades comunicativas e usos persoais da linguaxe.
8.3. Compoñer por escrito, de forma cada vez máis complexa, ordenada e coherente, ideas, vivencias, sentimentos, feitos reais e fantásticos, tanto en prosa como en verso.

**Obxectivos para a etapa**

9. Facer uso dos coñecementos sobre a lingua e das normas de uso lingüístico para escribir e falar de maneira adecuada, coherente e correcta e para comprender textos orais e escritos.

**Obxectivos para o terceiro ciclo**

9.1. Escribir e falar de forma axeitada e correcta utilizando os coñecementos adquiridos sobre a lingua e as normas de uso lingüístico.
9.2. Comprender mensaxes orais e escritas e outras realizadas con signos de diferentes códigos, en diferentes contextos.

**Obxectivos para a etapa**

10. Reflexionar sobre os diferentes usos sociais das linguas para evitar estereotipos lingüísticos que supoñan xuízos de valor e prexuízos clasistas, racistas ou sexistas.

**Obxectivos para o terceiro ciclo**

10.1. Analizar o valor da lingua como instrumento de transmisión de diferentes valores.
10.2. Rexeitar os usos discriminatorios no emprego da lingua oral e escrita.
10.3. Utilizar a lingua para destacar os valores das diferentes culturas do ámbito.

## 4. CONTIDOS

Os contidos que propomos para o terceiro ciclo, na área de Lingua Castelá e Literatura, son os seguintes:

QUINTO CURSO

### 1. Escoitar e falar

- A necesidade da expresión oral no medio habitual do alumnado nas diferentes situacións de comunicación.
- Situacións e intencións comunicativas. Distintos tipos de textos orais: conversación, rutinas lingüísticas (presentacións e saúdos), relato natural, lectura expresiva, conversacións formais e formularios orais (preguntas e respostas), textos dialogados ficticios (diálogo teatral), textos expositivos, resumos, rimas, procedementos para opinar e emitir xuízos, argumentación oral (debate), reformulación, paráfrase, cambio de rexistro, anécdotas, contos, refráns, recitado de poemas, narracións colectivas, diálogos teatrais, comentario dun texto escrito e resumo de películas.
- A linguaxe oral como fonte de información, diversión, pracer, lecer, enriquecemento e perfeccionamento da propia lingua, e como expresión de valores sociais e culturais.
- A linguaxe oral e outros elementos non lingüísticos que o acompañan (pronunciación, ritmo, ton, xestos, posturas, movemento corporal, etc.). Expresividade e ton.

### 3. Ler e escribir

- A necesidade da expresión escrita no medio habitual do alumnado nas diferentes situacións de comunicación.

- Situacións e intencións comunicativas.
- Textos informativos, titulares de noticias, cómics, contos, textos informativos sinópticos, descrición de imaxes, textos retóricos, textos publicitarios escritos, narración en terceira persoa, textos narrativos e instrutivos (fábulas, sentenzas e refráns), textos expositivos e textos informativos de carácter práctico. Estilo directo e indirecto. Poesía. Prosificar versos.
- Expresión escrita de diversos textos.
- A linguaxe escrita como fonte de información, diversión, pracer, lecer, enriquecemento e perfeccionamento da propia lingua, e como expresión de valores sociais e culturais.
- A linguaxe escrita e outros elementos non lingüísticos que o acompañan (ilustracións, fotografías, esquemas, etc.).
- Técnicas de estudo: a prelectura, o subliñado, ideas principais e secundarias, o esquema, o resumo, fichas e documentación.
- A literatura como instrumento de transmisión, creación e enriquecemento cultural.
- A literatura como estética. Verso e prosa. Textos realistas e textos fantásticos.
- Estrutura de diferentes tipos de textos (por exemplo do relato: formulación, nó e desenlace, etc.).
- Os textos literarios: formas e análise dalgúns recursos literarios.
- Características da literatura de interese infantil e xuvenil (temas, personaxes, linguaxes, etc.).
- A biblioteca: organización, funcionamento e uso.

### 3. Reflexionar sobre a lingua

- **Vocabulario**: O dicionario. Sinónimos. Antónimos. Polisemia. Palabras homófonas. Prefixos. Sufixos. Palabras derivadas e compostas. Frases feitas e refráns. Formación de substantivos e adxectivos. Comparacións e metáforas. Xentilicios. Campo semántico. Tecnicismos. Uso coloquial e culto.
- **Gramática**: A comunicación. A linguaxe e as linguas. A oración: suxeito e predicado. O substantivo: clases. Xénero e número do substantivo. Determinantes: artigos e demostrativos, posesivos, numerais e indefinidos. O adxectivo: graos. Pronomes persoais. O verbo: concepto, conxugacións, persoa, número, tempo, modo (formas simples e compostas). Adverbios. Preposicións. Texto e parágrafo.
- **Ortografía**: A sílaba: tónica e átona. Clases de palabras. O til nas palabras agudas, graves e esdrúxulas. Ditongo. Acentuación. Hiato. O punto. Maiúsculas. A coma e o punto e coma. O guión e a raia. Uso de *b,* de *v,* de *g* (diéreses), de *j,* de *h,* de *e de ll,* de *r* e de *rr,* e de *c* e de *cc*.

SEXTO CURSO

### 1. Escoitar falar

- A necesidade da expresión oral no medio habitual do alumnado nas diferentes situacións de comunicación.
- Situacións e intencións comunicativas: opinións comentario de poemas, biografías, memorias, caricaturas, lectura de imaxes, recitación de poemas, resumo e ampliación da información dunha película unha novela ... entrevistas, poemas encadeados,

argumentacións, diálogos, cuñas publicitarias, dramatizacións, construción de historias con distintos elementos narrativos.
- A linguaxe oral como fonte de información, diversión, pracer, entretemento, enriquecemento e perfeccionamento da propia lingua e como expresión de valores sociais e culturais.
- A linguaxe oral e outros elementos non lingüísticos que o acompañan (pronunciación, ritmo, ton, xestos, posturas, movemento corporal, etc.). Expresividade e ton.

**2. Ler e escribir**

- A necesidade da expresión escrita no medio habitual do alumnado nas diferentes situacións de comunicación.
- Situacións e intencións comunicativas: textos publicitarios nos diferentes medios audiovisuais, o slogan. A poesía: estrofas, ritmo e rima. A noticia. Diálogos teatrais, coloquiais, espontáneos. O caligrama. Expresión de sentimentos. Enquisas e entrevistas. O monólogo. Reclamacións escritas. A montaxe.
- A linguaxe escrita como fonte de información, diversión, pracer, lecer, enriquecemento e perfeccionamento da propia lingua, e como expresión de valores sociais e culturais.
- A literatura como instrumento de transmisión, creación e enriquecemento cultural.
- A literatura como estética. Verso e prosa. Textos realistas e textos fantásticos.
- Estrutura de diferentes tipos de textos (por exemplo do relato: formulación, nó e desenlace, etc.).
- Os textos literarios: formas e análise dalgúns recursos literarios.
- Características da literatura de interese infantil e xuvenil (temas, personaxes, linguaxes, etc.).
- A biblioteca: organización, funcionamento e uso.

**3. Reflexionar sobre a lingua**

- **Vocabulario**: Tipos de dicionarios. Sinónimos e antónimos. Homónimos. Parónimos. Lexema e morfemas. Palabras primitivas e derivadas. Definición e formación de nomes. Definición e formación de adxectivos. Definición e formación de verbos. Despectivos. Campo semántico. Estraxeirismos. Neoloxismos. Sentido propio e figurado. Siglas e abreviaturas. Metáforas. Palabras relacionado con outras áreas.
- **Gramática**: Texto, parágrafo, oración e palabra. O nome: clases, xénero e número. Determinantes. O adxectivo: graos. Pronomes: persoais, demostrativos e posesivos. O verbo: regulares e irregulares. Verbos auxiliares. Os adverbios. Preposición. Conxunción. Oración: suxeito e predicado. Grupo do suxeito. Grupo do predicado. Predicado nominal. O atributo. O predicado verbal. O complemento directo e indirecto. O complemento circunstancial. Interxección. Clases de oracións segundo a actitude do falante. As linguas de España.
- **Ortografía**: Regras de acentuación. Acentuación en ditongos, tritongos e hiatos. Acentuación de monosílabos. Acentuación en palabras compostas. O til en palabras interrogativas e exclamativas. O punto, a coma e o punto e coma. Dous puntos e puntos suspensivos. Comiñas e paréntese. Palabras con *b/v* con *ll/e,* con *g/j* con *c/cc,* con *z/d,* con *x/s;* palabras homófonas con *h*.

## 5. CRITERIOS DE AVALIACIÓN

Este proxecto curricular propón o dominio do alumno e a alumna nas seguintes competencias e destrezas:

- Participar en situacións de comunicación, dirixidas ou espontáneas, respectando as normas da comunicación: quenda de palabra, organización do discurso, escoita e incorporación das intervencións dos demais.
- Expresarse de forma oral para transmitir feitos, coñecementos e opinións ou para levar a cabo as diferentes funcións comunicativas, utilizando un vocabulario preciso e unha estrutura coherente.
- Comprender o sentido global dos textos orais, recoñecendo as ideas principais e secundarias e identificando ideas ou valores non explícitos.
- Ler en silencio valorando o progreso na velocidade e na comprensión, memorizar e reproducir textos.
- Interpretar e integrar as ideas propias coas contidas nos textos, comparando e contrastando informacións diversas, e amosar a comprensión a través da lectura en voz alta coa entoación e coa fluidez adecuadas.
- Narrar, explicar, describir, resumir e expoñer opinións e informacións en textos relacionados con situacións cotiás e escolares, de forma ordenada, adecuada, relacionando os enunciados entre si, usando de forma habitual os procedementos de planificación e revisión dos textos así como as normas gramaticais e ortográficas e coidando a caligrafía, a orde e a presentación.
- Ler por propia iniciativa como fonte de pracer textos literarios da tradición oral e da literatura infantil adecuados ao ciclo, para coñecer as características da narración e da poesía e para facilitar a escritura dos ditos textos.
- Utilizar estratexias (de lectura e de escritura) para planificar traballos, localizar e recuperar información, realizar inferencias, esquemas. Resumir os textos lidos reflectindo a estrutura e as ideas principais e secundarias.
- Utilizar textos científicos en diferentes soportes para recoller información, ampliar coñecementos e aplicalos en traballos persoais.
- Usar e manexar con soltura as bibliotecas, videotecas, etc. e comprender os mecanismos e procedementos de organización e selección de obras e outros materiais. Colaborar no coidado e na mellora dos materiais bibliográficos e outros documentos dispoñibles na aula e no centro.
- Identificar cambios que se producen nas palabras, nos enunciados e nos textos ao realizar segmentacións, cambios na orde, supresións e inserción que fan mellorar a comprensión e a expresión oral e escrita.
- Comprender e utilizar a terminoloxía gramatical e lingüística propia do ciclo nas actividades de produción e comprensión de textos.
- Coñecer e valorar a diversidade lingüística de Galicia e de España.
- Estimar o galego, estar motivado cara ao seu dominio e usalo progresivamente en situacións informais e formais, para comunicarse e para aprender.
- Usar habilidades lingüísticas e estratéxicas relacionadas coas áreas non lingüísticas para construír coñecementos, procesar información e expoñer conclusións e resultados mediante textos orais e escritos.
- Interpretar e traducir textos breves en situacións nas que o destinatario da mensaxe non coñece a lingua do texto.
- Utilizar textos das diferentes linguas do currículo, de acordo coa súa competencia, para elaborar un pequeno traballo nunha destas linguas.
- Utilizar programas informáticos para a elaboración e presentación de textos.

## 6. COMPETENCIAS

En este Proyecto Curricular se establece la contribución de las diferentes áreas del currículo al desarrollo de cada una de las ocho Competencias Básicas. Las competencias de Lengua Castellana y Literatura se detallan a continuación:

**Competencia en comunicación lingüística**
- Comprender e producir mensaxes orais que conteñan feitos, coñecementos e opinións.
- Adquirir técnicas de redacción aplicables a calquera escrito.
- Ler e comprender de forma autónoma textos literarios en prosa e en verso.
- Participar activamente en intercambios comunicativos orais respectando as normas que os rexen.
- Comprender e utilizar a terminoloxía propia do ciclo: tipos de textos, clases de palabras, mecanismos básicos de formación do léxico.
- Mostrar interese pola lectura e pola escritura como instrumentos para relacionarse cos demais e para aprender.
- Adaptar o significado das palabras ao contexto.
- Buscar, recompilar e procesar a información.
- Valorar os textos literarios como forma de comunicación, fonte de coñecemento e recurso de gozo persoal.
- Expresar adecuadamente ideas e emocións.
- Poñer en práctica os coñecementos e estratexias para escribir correctamente, mediante o estudo das normas ortográficas básicas, das normas de puntuación e acentuación e do estudo de todas as clases de palabras.
- Comprender e saber comunicar as normas de uso da linguaxe.
- Utilizar a linguaxe como instrumento de comunicación oral e escrita.

**Autonomía e iniciativa persoal**
- Desenvolver a autoestima ante a creación dos propios textos.
- Comunicarse cun mesmo, analizar problemas, elaborar plans e tomar decisións.
- Empregar a linguaxe para organizar o pensamento, comunicar afectos, regular emocións.

**Competencia para aprender a aprender**
- Manexar de xeito eficaz os recursos do traballo intelectual.
- Favorecer a motivación e o gusto por aprender
- Xestionar de forma eficaz os procesos de aprendizaxe.
- Acceder ao saber e á construción de coñecementos mediante a linguaxe.

**Tratamento da información e competencia dixital**
- Consultar un dicionario en internet.
- Transformar a información en coñecemento.
- Valorar o coñecemento científico.
- Buscar, seleccionar e rexistrar a información.
- Traballar en contornos de colaboración.

**Competencia no coñecemento e a interacción co mundo físico**
- Localizar e obter a información.

- Valorar o coñecemento científico.
- Mostrar actitude de respecto ante as normas.
- Ter habilidade para interactuar co espazo circundante.
- Mostrar actitudes de respecto cara aos demais e cara a un mesmo.

**Competencia social e cidadá**
- Crear un sistema de valores propio baseado no respecto.
- Utilizar a lingua como destreza para a convivencia, o respecto e o entendemento.
- Aprender a comunicarse cos demais e a comprender o que estes transmiten.
- Valorar todas as linguas como aptas para a comunicación.
- Acabar cos usos discriminatorios da linguaxe.

**Competencia artística e cultural**
- Ler, comprender e valorar as obras literarias.
- Usar de forma responsable os recursos da biblioteca.
- Comprender, apreciar e valorar as manifestacións culturais e artísticas.
- Expresarse con imaxinación e creatividade.
- Ser consciente da importancia dos factores estéticos na vida cotiá.
- Apreciar a creatividade a través dos diferentes medios artísticos.

# ÁREA DE LINGUA ESTRANXEIRA – INGLÉS

## 1. CARACTERÍSTICAS DA ÁREA

En xeral, o coñecemento e o dominio da lingua propia supoñen o medio máis habitual de comunicación entre as persoas e, en particular, a súa modalidade de linguaxe oral constitúe o seu medio máis universal. Non obstante nunha sociedade cada vez máis pluricultural e plurilingüe como a actual, o coñecemento e o dominio dunha segunda lingua ou máis especialmente de aquelas que teñan maior relevancia e alcance debido ao seu uso internacional, non só van permitir recibir información asegurar a comunicación (comprensión e expresión), a representación, a orientación e a autorregulación do pensamento e a acción, senón que, ademais, van asegurar a ampliación de coñecementos e vivencias, o modo de percibir e interpretar e as posibilidades de desenvolvernos mellor no mundo que nos rodea.

Precisamente a linguaxe, desde o punto de vista funcional, constitúe unha actividade humana complexa que asegura dúas funcións básicas: a de comunicación e a de representación, estreitamente interrelacionadas no intercambio social.

De acordo con esta concepción funcional da lingua, a acción educativa nesta área na etapa de Educación Primaria ha de radicar en conseguir, coma se se tratase da propia lingua materna, que os alumnos dominen as catro destrezas básicas da lingua estranxeira, neste caso, inglesa: escoitar, falar, ler e escribir *(listening, speaking, reading and writing*).

Non obstante, a finalidade curricular desta área neste ciclo non é simplemente ensinar os aspectos formais dunha lingua estranxeira senón, sobre todo, capacitar os alumnos e as alumnas para que poidan comunicarse con ela. Isto implica adoptar un enfoque baseado na comunicación e orientado á adquisición dunha competencia comunicativa. Competencia que, á súa vez, inclúe subcompetencias tais como: a gramatical, a discursiva, a sociolingüística, a estratéxica e a sociocultural.

## 2. A ÁREA DE INGLÉS NO TERCEIRO CICLO

No Terceiro Ciclo, os escolares deben continuar formalmente o estudo dunha lingua estranxeira, e resulta imprescindible que teñan un contacto directo con ela a través da comprensión e da expresión ora. Este contacto debe ser motivador e gratificante, co fin de estimular o alumnado e facerlle participar e experimentar, xa que neste ciclo poden entender e intervir en diálogos debidamente deseñados e contextualizados. O xogo e as cancións, coas que xa están familiarizados na súa propia lingua, poden ser recursos habituais de aprendizaxe, ao igual que en ciclos anteriores.

Para a secuenciación das capacidades e os contidos nunha lingua estranxeira que ten como finalidade prioritaria a adquisición da competencia comunicativa, debemos acentuar as capacidades de comprensión e expresión, tanto oral como escrita, o que implica un

tratamento coordinado de todas as capacidades, xa que se dan de forma interrelacionada no acto da comunicación.

Neste sentido, é preciso graduar a dificultade en función de criterios tales como: tipo de texto (extensión, vocabulario, expoñentes lingüísticos e discursivos), canle de comunicación (cara a cara, texto gravado, escrito, etc.), tipo de comprensión (global, específica ou dos elementos máis relevantes), interlocutor (coñecido/descoñecido, pertencente ao contexto escolar ou non, etc.) grao de corrección, coherencia e adecuación na comprensión e expresión uso de estratexias comunicativas (verbais e non verbais) e a necesidade de axuda (por parte do profesor, doutros compañeiros, do dicionario, dos libros, etc.).

Por outra banda, haberá que ter en conta outros criterios relacionados co momento evolutivo dos alumnos, a articulación dos diferentes tipos de contidos e o tratamento dos temas transversais do currículo, tales como: os contidos previos (próximos ou afastados, familiares ou descoñecidos, concretos ou abstractos, etc.), a dependencia do contexto (maior necesidade ou menor xestos, obxectos, debuxos, etc.), as necesidades expresivas (maiores ou menores, máis ricas ou non, máis complexas ou non, etc.) e a madureza do alumnado (adquisición de determinadas aptitudes e o seu desenvolvemento, interese, comprensión, colaboración, confianza, etc.).

Se ben no ciclo anterior se pon maior énfase na adquisición e no desenvolvemento da capacidade de comprender, neste ciclo preténdese que os alumnos e as alumnas adquiran e desenvolvan progresivamente a capacidade de expresión.

Por iso, no terceiro ciclo da Educación Primaria, neste proxecto desenvólvense os contidos pertencentes aos tres bloques que compoñen a área:

### 2.1. Escoitar e falar

Este bloque pretende que os alumnos e as alumnas consoliden un nivel de comprensión oral básico e vaian adquirindo gradualmente o mesmo nivel de competencia expresiva, para poder satisfacer as súas necesidades primarias de comunicación, para adquirir nocións xerais e para practicar sobre os centros de interese máis próximos e familiares para eles.

A súa competencia comunicativa pódese conseguir a través do desenvolvemento de capacidades xerais, tales como: a observación do
Xesto corporal como resposta e reforzo das mensaxes, a memoria, rimas, cancións, fórmulas de cortesía, etc., e o desenvolvemento da imaxinación e da creatividade para utilizar o mimo como medio de comunicación que permite expresar sentimentos.

### 2.2. Leer y escribir

Este bloque pretende o logro da consolidación dun nivel de comprensión escrita básico para a adquisición gradual do mesmo nivel de competencia expresiva,

como complemento da linguaxe oral, co fin de dar satisfacción ás necesidades primarias de comunicación dos alumnos deste ciclo en lingua estranxeira.

É máis, a aprendizaxe lecto-escritor da lingua estranxeira concíbese, no terceiro ciclo, como reforzo da expresión oral, polo que non debe estar descontextualizado nin á marxe da comprensión lectora en ningún momento.

A lectura debe abordarse tanto de forma intensiva como extensiva. A lectura intensiva abordarase con textos breves nos que se poidan comprender todas as súas palabras (etiquetas, anuncios públicos, letreiros, historietas, cartas e e-mail de amigos, notas de compañeiros, descricións breves, etc.). A lectura extensiva traballarase con contos e historietas sinxelos, para o que o alumno poderá solicitar axuda a compañeiros, ao profesor ou consultar dicionarios.

A produción escrita céntrase, fundamentalmente, en ordenar palabras para construír frases ou completalas, e ordenalas nun diálogo. Con iso, preténdese poñer os alicerces da estrutura da lingua estranxeira. A aproximación dos alumnos e as alumnas ás categorías gramaticais, tales como: formulación de preguntas, expresión de afirmación-negación, singular-plural, utilización de locucións básicas dentro da oración simple, etc., iníciase co recoñecemento destas.

### 2.3. Reflexión sobre a lingua e consciencia intercultural

Este bloque inclúe tanto coñecementos lingüísticos, coma contidos de reflexión sobre a aprendizaxe. O punto de partida serán as situacións de uso que fomenten a inferencia de regras de funcionamento da lingua, que permitan establecer que elementos da lingua estranxera se comportan como nas linguas que coñece e que estratexias lle axudan a aprender mellor, de maneira que adquiran confianza nas súas propias capacidades.

Os contidos recollidos neste bloque deben estar totalmente integrados nos demais, supoñendo o marco referencial do que se derivarán as concrecións socioculturais coas que os alumnos se irán familiarizando, xa que son capaces de interpretar algunhas regras e hábitos de conduta e recoñecer diversos aspectos dos usos e costumes dos países nos que fala a lingua.

As rimas, as cancións e os xogos servirán para aproximar os nenos e as nenas á tradición cultural do país a lingua do cal estudan. Na selección destas deberase ter en conta aquelas que, por tema, música ou forma de levalas a cabo, sexan as máis próximas ao mundo infantil desas idades.

Por outra banda, o feito de pertencer á Unión Europea significa a posibilidade de utilizar a lingua en moi diversos contextos e sentirse cidadáns europeos.

## 3. OBXECTIVOS

Ao finalizar o terceiro ciclo da Educación Primaria, preténdese que os alumnos e as alumnas alcancen os seguintes obxectivos:

**Obxectivos para a etapa**

1. Escoitar e comprender mensaxes en interaccións verbais variadas, utilizando as informacións transmitidas para a realización de diversas tarefas concretas relacionadas coa experiencia do alumnado.

   **Obxectivos para o terceiro ciclo**

   1.1. Comprender e representar correctamente as ordes orais e as expresións escritas obxecto de estudo.
   1.2. Comprender a información global e específica de textos orais e escritos sinxelos referentes a obxectos, situacións e acontecementos coñecidos.

**Obxectivos para a etapa**

2. Expresarse e interactuar oralmente en situacións sinxelas e habituais que teñan un contido e desenvolvemento coñecidos, utilizando procedementos verbais e non verbais e adoptando unha actitude respectuosa e de cooperación.

   **Obxectivos para o terceiro ciclo**

   2.1. Utilizar a lingua estranxeira de forma oral para comunicarse co profesor e cos compañeiros e compañeiras nas actividades habituais da clase, atendendo ás normas de comunicación interpersoal.
   2.2. Respectar as distintas achegas dos compañeiros e compañeiras na clase de lingua estranxeira.

**Obxectivos para a etapa**

3. Escribir textos diversos con finalidades variadas sobre temas previamente tratados na aula e coa axuda de modelos.

   **Obxectivos para o terceiro ciclo**

   3.1. Producir correctamente textos escritos sobre temas coñecidos, expresando a súa opinión ao respecto e respectando as normas gramaticais estudadas.
   3.2. Clasificar palabras segundo diversas categorías.

**Obxectivos para a etapa**

4. Ler de xeito comprensivo textos diversos, relacionados coas experiencias e intereses do alumnado, extraendo información xeral e específica de acordo cunha finalidade previa.

   **Obxectivos para o terceiro ciclo**

   4.1. Ler de forma comprensiva textos curtos e sinxelos, previamente traballados de forma oral, relacionados coas súas experiencias e intereses.
   4.2. Ler de forma comprensiva as súas propias producións escritas.
   4.3. Ler de forma comprensiva os sinais, anuncios e mensaxes básicas máis habituais do ámbito e os medios de comunicación.

**Obxectivos para a etapa**

5. Aprender a usar con progresiva autonomía medios variados, incluídas as TIC, para obter información e para comunicarse en lingua estranxeira.

**Obxectivos para o terceiro ciclo**

5.1. Utilizar as novas tecnoloxías para comunicarse na lingua estranxeira.
5.2. Reflexionar sobre o emprego dos recursos non lingüísticos como vehículo de comunicación na lingua estranxeira.

**Obxectivos para a etapa**

6. Valorar a lingua estranxeira, e as linguas en xeral, como medio de comunicación e entendemento entre as persoas de procedencias e culturas diversas e como ferramenta de aprendizaxe de distintos contidos.

**Obxectivos para o terceiro ciclo**

6.1. Valorar a importancia de comunicarse nunha lingua estranxeira e a propia capacidade para aprendela.
6.2. Respectar os costumes e tradicións das persoas doutras culturas, mostrando unha actitude comprensiva e respectuosa.

**Obxectivos para a etapa**

7. Manifestar unha actitude receptiva, interesada e de confianza na propia capacidade de aprendizaxe e de uso da lingua estranxeira.

**Obxectivos para o terceiro ciclo**

7.1. Amosar interese en aprender a lingua estranxeira manifestando unha actitude receptiva e de confianza na propia capacidade de aprendizaxe da lingua estranxeira.

**Obxectivos para a etapa**

8. Coñecer aspectos doutras culturas que utilizan a lingua estudada e amosar unha actitude de respecto cara elas.

**Obxectivos para o terceiro ciclo**

8.1. Coñecer aspectos doutras culturas que utilizan a lingua estudada e amosar unha actitude de respecto cara elas

**Obxectivos para a etapa**

9. Utilizar os coñecementos e as experiencias previas coas linguas galega e castelá para unha adquisición máis rápida, eficaz e autónoma da lingua estranxeira.

**Obxectivos para o terceiro ciclo**

9.1. Evocar o coñecemento doutras linguas para aprender e practicar novas expresións en lingua inglesa.

9.2. Recoñecer a importancia dos recursos utilizados na aprendizaxe doutras linguas para a súa aplicación na aprendizaxe da lingua estranxeira.

**Obxectivos para a etapa**

10. Identificar aspectos fonéticos, de ritmo, de acentuación e de entoación, así como estruturas lingüísticas e aspectos léxicos da lingua estranxeira e usalos como elementos básicos da comunicación.

**Obxectivos para o terceiro ciclo**

10.1. Establecer relacións entre o significado, a pronunciación e a representación gráfica do vocabulario estudado e utilizalo en frases sinxelas, recoñecendo os aspectos sonoros, o ritmo e o ton da lingua inglesa.

## 4. CONTIDOS

Neste terceiro ciclo de Educación Primaria, propomos, para a área de Lingua estranxeira-Inglés, os seguintes contidos:

QUINTO CURSO

### 1 Speaking & comprehension

- Can greet and introduce themselves.
- Can understand spoken instructions on CD and from the teacher.
- Can interact with classmates and maintain a simple conversation in English about likes and favourite things.
- Can describe characters' physical appearance and clothes.
- Can listen and recognize familiar vocabulary in a chant.
- Can repeat chant to improve rhythm and stress.
- Can identify characters from their descriptions on CD.
- Can listen for specific information about characters' countries and cities.
- Can recognize answers on the CD to questions in the Student's Book.
- Can listen to and follow a written text.
- Can identify greetings in other languages and match them with their written equivalent.
- Can understand spoken instructions.
- Can recognize and respond to questions about target vocabulary and content.
- Can use picture prompts to revise target structures and vocabulary.
- Can provide simple reasons for choices.
- Can interact with a classmate to complete the revision quiz.
- Can ask for help when needed.
- Can tell the teacher what they need to revise.
- Can provide reasons why something is the odd one out.
- Can understand written instructions.
- Can use picture prompts to write sentences with target structure.
- Can complete sentences with target structure.
- Can respond to questions with appropriate short answers.
- Can respond to questions about last week or weekend.

- Can complete the self-evaluation form appropriately.
- Can respond appropriately to questions about target language and content.

**2 Reading & writing**

- Can follow written instructions in the course book.
- Can write with attention to correct word order.
- Can read and understand a short factual text about greetings in other countries.
- Can read and respond to written questions.
- Can complete sentences with appropriate information.
- Can complete sentences with the appropriate grammar construction.
- Can write a short physical description of themselves or of a character.
- Can write a verse of a chant following a model.
- Can label photos with target vocabulary.
- Can describe daily routines.
- Can write the time in words.
- Can complete sentences with the correct form of the verb.
- Can respond well to questions about target language and content
- Can understand written instructions.
- Can use picture prompts to write sentences with target structure.
- Can complete sentences with target structure.
- Can complete a table with examples.
- Can write notes about the countries the characters come from.
- Can complete the self-evaluation form appropriately.
- Can respond appropriately to questions about target language and content.
- Can respond to questions with appropriate short answers.
- Can respond to questions about last week or weekend.

**3 Knowledge of the language**

**Grammar & Structures:**

- Be and Have got.
- Present Simple.
- Question structures: *Where is/are…? What's your favourite…? What food do you like? What do you do ...?*
- Adjective and noun word order.
- *He/she is wearing …*
- Present Simple for daily routines.
- Third person "s".
- Question structures: *Where is/are …? Where do …? What do …? What type of animal is it?*
- Prepositions of place.
- Telling the time.
- *Can and can't* to describe ability.
- Present Continuous.
- Question structures: *Are they sleeping? What are they doing?*
- Simple comparative forms.
- Question structures: *What's the capital of …?*
- Past form of verb to BE.
- Past form of regular verbs.

- Question structures: *When were you born? What was your favourite toy? How old were* you last year? *Were you …? Where did you go …? What did you do? Did you …?*
- Short answers: *Yes, I did / No, I didn't.*

**Vocabulary:**
- Face: *eyes, hair.*
- Clothes: *shorts, T-shirt, skirt, jeans, hooded-top, glasses.*
- Hair and eye colour.
- Personality: *sporty, shy, creative, curious, adventurous.*
- Countries and cities: *Brazil, China, Kenya, Scotland, Rio de Janeiro, Beijing, Nairobi, Edinburgh.*
- School objects.
- School subjects.
- Languages.
- Technology: *laptop, printer, hard drive, scanner, speakers, USB, CD.*
- Animal groups, animal characteristics, animal habitat, abilities, rubbish, hobbies, sports, geography, countries, comparative form, childhood abilities, favourite things, professions, places in a city, places in a shopping centre.
- Shows interest and curiosity for learning about different parts of the world.
- Shows a willingness to use and speak in English.
- Learns about how different cultures greet each other.
- Realizes the importance of working together with classmates.
- Is aware of their own strengths and weaknesses.
- Shows a gaining of world knowledge from unit contents.
- Understands the value of revision and evaluation.
- Shows interest in participating and improving.
- Realizes the importance of working and sharing knowledge with others.
- Gains a knowledge of continents, countries and cities.
- Brings own world knowledge and shares it in class.
- Understands value of hobbies and that people have different interests.
- Gains knowledge about famous names from the past.
- Is aware of what a city has to offer in the way of attractions.
- Can talk about London.

SEXTO CURSO

**1 Speaking & comprehension**

- Can greet and introduce themselves.
- Can understand spoken instructions on the CD and from the teacher.
- Can talk about the characters and what they remember from the previous year.
- Can listen and recognize familiar vocabulary in a song.
- Can appreciate rhyme through the song.
- Can check answers by listening to the audio CD.
- Can listen to a description of a school and follow directions.
- Can listen to a conversation and identify favourite subjects.
- Can use target language and vocabulary to give personal information.
- Can recognize and respond to questions about target vocabulary and content.
- Can use picture prompts to revise target structures and vocabulary.

- Can provide simple reasons why things are important.
- Can describe people's jobs and what they do.
- Can interact with a classmate to complete the revision quiz.
- Can ask for help when needed.
- Can tell the teacher what they need to revise.
- Can understand spoken instructions.
- Can recognize and respond to questions about yesterday.
- Can use picture prompts to compare life now with that of the past.
- Can use picture prompts to talk about life in Ancient Egypt.
- Can compare and talk about two places using target structures.
- Can talk about places and animals using the superlative form correctly.
- Can talk about plans for the summer.

**2. Reading & writing**

- Can follow written instructions in course book.
- Can read and match rooms and subjects.
- Can read to check if information is correct.
- Can read a factual text and respond to written questions.
- Can complete descriptions of a person and a place.
- Can read and follow directions round a school plan.
- Can complete spellings of new vocabulary.
- Can write about favourite school subjects and provide a reason for preference.
- Can provide a written description of people's jobs and what they do.
- Can finish sentences with target structures.
- Can match words and definitions.
- Can rewrite sentences with correct word order.
- Can use picture prompts to complete sentences.
- Can complete the self-evaluation form appropriately.
- Can respond well to questions about target language and content.
- Can understand written instructions.
- Can write a list of modern machines.
- Can complete texts with the appropriate target language.
- Can respond to questions using accurate and appropriate answers.
- Can respond to questions in writing using appropriate forms.
- Can complete sentences with target structure.
- Can describe and compare two aliens.
- Can write instructions for signs indicating appropriate outdoor behaviour.
- Can write about plans for the summer.

**3. Knowledge of the language**

**Grammar & Structures:**
- *There is / are.*
- Present Simple.
- Question structures: *Where is/are …? What's your favourite subject?*
- Directions: *Turn left/right, go straight on.*
- Present Simple.
- Adverbs of frequency.

- Present Continuous.
- Question structures: *Why is …?*
- *What do you …? Do you …?*
- *What are they doing? What does he do? What's her job? What do you want to be?*
- Imperatives: *eat, do, have.*
- Simple Past – regular and irregular forms.
- Short answers: *Yes, he did / No, he didn't.*
- Question forms: *Did you …?*
- *How did she go to school? What toys did she play with?*
- *Who invented the …? Where did they go? What did they see?*
- Past form of the verb BE: *was/were.*
- Comparative and superlative forms.
- Review ordinal numbers.
- *Going to.*
- *Can /can't* for permission.
- Imperatives for advice.
- Question structures: *What is hotter …? What is the fastest ...? Who is the tallest …?*
- *Are you going to go …? Is he going to come …? What are they going to do?*

**Vocabulary:**
- School: *computer room, art room, music room, science lab., playground.*
- School equipment: *atlas, globe, posters, skeleton, microscope, library books.*
- School subjects: *art, music, gym, French, English.*
- Health, food, exercise, jobs, equipment, places of work, household gadgets, toys, modern technology, inventions, museum, Egypt, dinosaur, planets, aliens, geography, school camp, national parks.
- Shows a willingness to use and speak in English.
- Learns about different schooling in parts of Australia.
- Is willing to share information.
- Shows a gaining of knowledge from unit contents.
- Understands why looking after ourselves is important.
- Understands how people's jobs are important.
- Understands the value of revision and evaluation.
- Shows interest in participating and improving.
- Realizes the importance of working and sharing knowledge with others.
- Gains knowledge of ancient civilizations.
- Gains insights into changes in lifestyles between the past and present.
- Brings own world knowledge and shares it in class.
- Understands that life was different for grandparents.
- Builds knowledge about planets and the solar system.
- Can use imagination to create and describe own planets.
- Brings own world knowledge and imagination to the class topic.
- Values the idea of a school camp.
- Can ask and give information about weekend/summer plans.

## 5. CRITERIOS DE EVALUACIÓN

Se tendrá en cuenta, según este proyecto, si el alumno o la alumna:

- Valora a importancia de comunicarse nunha lingua estranxeira.
- Recoñece a importancia de ter unha actitude de respecto cara ás opinións dos demais.
- Recoñece e representa correctamente as ordes e expresións obxecto de estudo.
- Pronuncia axeitadamente as palabras e expresións aprendidas.
- Comprende as ideas expresadas en textos orais sinxelos, relacionados con temas, situacións e funcións lingüísticas previamente estudados.
- Participa en diálogos sinxelos e xogos, respectando as regras básicas da comunicación.
- Clasifica palabras en inglés segundo categorías sinxelas.
- Asocia nomes con imaxes, e viceversa.
- Identifica, nomea e avalía sentimentos propios e dos demais.
- Produce textos sinxelos nos que utiliza as regras básicas do código escrito.
- Presenta os seus traballos de forma axeitada.
- Aprecia as observacións que se lle fan para mellorar a súa aprendizaxe.
- Identifica o vocabulario dos centros de interese tratados, e pronuncia e escribe correctamente os seus nomes.
- Recita contos e rimas, e participa en diálogos coa pronunciación, a entoación e os ritmos adecuados.
- Memoriza e dramatiza cancións en inglés.
- Contextualiza os recursos non lingüísticos e utilízaos como acompañamento do seu discurso oral.
- Participa e atende nas actividades de clase.
- Respecta as normas de convivencia na aula.
- Mostra interese e curiosidade polos usos e costumes dos países cuxa lingua estuda.

## 6. COMPETENCIAS

Neste Proxecto Curricular establécese a contribución das diferentes áreas do currículo ao desenvolvemento de cada unha das oito Competencias Básicas. As competencias de Lingua estranxeira detállanse a continuación:

**Comunicación lingüística**
- Completar e enriquecer a capacidade comunicativa xeral.
- Basear a aprendizaxe da lingua estranxeira no desenvolvemento de habilidades comunicativas.

**Aprender a aprender e Autonomía e iniciativa persoal**
- Mellorar a capacidade comunicativa xeral.
- Reflexionar sobre a propia aprendizaxe.
- Favorecer o desenvolvemento da autonomía.

**Información e competencia dixital**
- Poder comunicarse en tempo real con calquera parte do mundo.
- Acceder de maneira sinxela e inmediata a un fluxo incesante de información.
- Utilizar a lingua estranxeira en contextos reais e funcionais de comunicación.

**Social e cidadá**
- Entender a lingua como vehículo de comunicación e transmisión cultural.
- Coñecer os aspectos culturais vinculados ás comunidades falantes dunha mesma lingua.

- Amosar interese por outras culturas e por relacionarse con outras persoas.
- Mellorar a comprensión e a valoración da propia lingua e da propia cultura.
- Favorecer o respecto e a tolerancia a partir da aceptación das diferenzas culturais.

**Cultural e artística**
- Elaborar producións lingüísticas con compoñente cultural.

# ÁREA DE MATEMÁTICAS

## 1. CARACTERÍSTICAS DA ÁREA

A nosa proposta para esta área aséntase nos dous principios fundamentais para a elaboración do coñecemento: a) o carácter construtivista do pensamento infantil (na liña de Piaget, Aebli e Vygotski), e b) a propia estrutura epistemolóxica das matemáticas.

A partir desta dobre fundamentación, os alumnos e as alumnas progresarán desde o coñecemento sensomotor e preoperacional da realidade –cantidade, magnitude, medidas– e a conceptualización das operacións –concretar, contar, comparar, clasificar, seriar, relacionar–, ata as representacións lóxicas propias do pensamento formal.

Os principios básicos desta área nesta etapa son os seguintes:

- Os contidos da aprendizaxe das matemáticas deben relacionarse coa experiencia cotiá dos alumnos e as alumnas.
- A ensinanza-aprendizaxe das matemáticas debe atender, equilibradamente, primeiro ao establecemento de estratexias e destrezas cognitivas; despois, á súa aplicación funcional no contorno e, finalmente, ao seu valor instrumental crecente, formalizador do coñecemento humano e do coñecemento científico.
- As matemáticas deben presentarse ao alumnado como un conxunto organizado de coñecementos e procedementos que van evolucionando ao longo do tempo, reforzando a utilización paralela do razoamento empírico indutivo e do razoamento dedutivo e a abstracción.

## 2. A ÁREA DE MATEMÁTICAS NO TERCEIRO CICLO

No terceiro ciclo de Educación Primaria, desenvolveranse neste Proxecto os contidos dos catro bloques que compoñen a área.

### 2.1. Espazos e formas

A aprendizaxe dos aspectos xeométricos segue fundamentándose na observación e experimentación mediante o traballo manipulativo e de construción, de tal modo que, en primeiro lugar, identifícanse modelos xeométricos na realidade física, e, posteriormente, pásase ao estudo e análise dos corpos e formas, comparándoos e clasificándoos segundo diversos criterios, para poñer de manifesto a estreita relación existente entre o espazo e o plano.

Afóndase no estudo e na análise dos elementos das formas planas e espaciais: lados, ángulos, vértices, arestas, etc., e introdúcense sistemas de referencia (coordenadas cartesianas) para describir e interpretar itinerarios e percorridos, desprazamentos e xiros.

O recoñecemento e identificación de corpos e formas xeométricas sinxelas desde perspectivas diferentes, o establecemento de relacións entre eles e os seus

elementos (superficies, lados, diagonais, raio e diámetro, etc.), a representación de formas e a construción de corpos para chegar á súa descrición completa, cobran especial importancia neste ciclo.

## 2.2. Cantidades

Este ciclo ten como finalidade principal consolidar os coñecementos adquiridos nos ciclos anteriores, aínda que con maior grao de formalización e introducindo outros novos que faciliten o paso á etapa de Educación Secundaria Obrigatoria cunha sólida base matemática.

Repásase e amplíase o coñecemento dos números naturais e desenvólvese a capacidade de operar con eles; así mesmo, amplíase o manexo das fraccións e introdúcense os números decimais, efectuando correspondencias entre fraccións decimais e números decimais.

O estudo de fraccións e números decimais faise de forma interrelacionada, expresando as fraccións en forma de números decimais. Previamente ao estudo destes últimos, realízanse actividades de lectura, escritura, comparación, ordenación, suma e resta con fraccións sinxelas, extraídas de contextos familiares.

Desenvólvense novas estratexias de cálculo mental, baseadas nos novos coñecementos adquiridos sobre propiedades numéricas e no dominio que se ten das operacións aritméticas.

Por outra parte, introdúcese a utilización da calculadora de catro operacións como unha ferramenta que simplifica a realización de cálculos que resolven un problema ou para realizar comprobacións ou investigacións. A utilización de calculadoras non significa que os estudantes non teñan que aprender e desenvolver os procedementos das operacións, senón que se manexa como un recurso ao alcance do alumnado, quen deberá aprender a estimar cándo é necesaria a súa axuda.

Concédese neste ciclo unha atención especial á resolución de situacións problemáticas. Os alumnos e as alumnas familiarizaranse e habituaranse con procesos cada vez máis rigorosos que faciliten a exploración e resolución de problemas, tales como: organizar enunciados, asociar a unha situación problemática os contidos matemáticos necesarios para a súa resolución, elixir as operacións máis indicadas, estimar resultados, expresar oralmente e por escrito os pasos seguidos, os resultados obtidos e a súa comprobación.

Para isto, o alumnado traballará de forma sistemática as fases fundamentais do proceso de resolución de problemas:

- Comprender a situación problemática exposta.
- Concibir un plan de resolución e elixir os procedementos e estratexias máis adecuados para levar a cabo os cálculos.
- Comprobar os resultados obtidos realizando as substitucións convenientes.
- Analizar o resultado obtido.

- Comunicar o desenvolvemento e os resultados obtidos, contrastándoos cos seus compañeiros e compañeiras.

Neste bloque desenvólvese con máis profundidade ca no anterior a necesidade de medir e de expresar a medición con unidades convencionais, fomentando a utilización dos instrumentos de medida con maior seguridade e precisión, para poder expresar os resultados de forma máis axustada.

O desenvolvemento da capacidade de medir increméntase realizando transformacións dunhas unidades a outras da mesma magnitude, utilizando tamén os números decimais, que favorecen o uso das unidades de medida máis adecuadas en cada situación.

Neste ciclo, ademais de estudar todas as unidades de medida de lonxitudes, capacidades e masas, introdúcense unidades convencionais de medida de superficies: metro cadrado, decímetro cadrado e centímetro cadrado. Tamén, es estuda a medida de volume.

É importante, ademais, a transformación de unidades e as equivalencias entre elas, así como o uso de algoritmos para o cálculo de áreas.

Finalmente, trabállase coas moedas de euro para contar, agrupar, establecer equivalencias e materializar conceptos numéricos e realízanse operacións para medir o tempo.

### 2.3. Tratamento da información e azar

Neste ciclo é xa posible traballar cun número maior de datos e de situacións. Ademais, as técnicas de recollida de información son máis elaboradas, podéndose utilizar táboas de recollida de datos, enquisas, táboas, gráficas, medicións, etc., e representacións mediante gráficas de sectores, diagramas de barras, táboas de frecuencias. Afóndase, tamén, na lectura e interpretación de táboas e gráficas, non elaboradas polos escolares.

A través da estatística, os alumnos e as alumnas aprenden a observar, obter, tratar, organizar e aplicar a información mediante a análise de situacións reais da vida cotiá. As técnicas de recollida e reconto de datos son neste ciclo máis elaboradas e os gráficos máis complexos. Ademais, obtéñense e interprétanse a moda e a media aritmética en situacións familiares.

Por outra parte, neste ciclo iníciase unha aproximación ao concepto de probabilidade, considerando os sucesos máis ou menos posibles, imposibles ou seguros. O alumnado, mediante a repetición de experiencias, diferenciará uns doutros e calculará a probabilidade de sinxelos experimentos aleatorios. E, así mesmo, chegará a saber que a maior parte do coñecemento científico é probabilístico (que asume unha certa marxe de erro) e plausible (que é válido como explicación).

Finalmente, ten especial relevancia o desenvolvemento da actitude crítica ante as informacións e mensaxes transmitidas de forma gráfica.

## 3. OBXECTIVOS

Ao finalizar o terceiro ciclo de Educación Primaria, preténdese que os alumnos e as alumnas alcancen os seguintes obxectivos:

**Obxectivos para a etapa**

1. Apreciar o papel das matemáticas na vida cotiá, gozar co seu uso e recoñecer o valor de actitudes como a exploración de distintas alternativas, a conveniencia da precisión ou a perseveranza na busca de solucións.

**Obxectivos para o terceiro ciclo**

1.1. Valorar la necesidad e importancia de las matemáticas en la vida cotidiana.
1.2. Mostrar interés y perseverancia en la búsqueda de soluciones a situaciones problemáticas y apreciar lo que tienen de positivo los errores cometidos.
1.3. Manifestar creatividad en la exploración de distintas alternativas en la resolución de problemas cada vez más complejos.
1.4. Disfrutar con las diferentes posibilidades de representación de datos de forma numérica y gráfica.

**Obxectivos para a etapa**

2. Recoñecer situacións do medio habitual do alumnado que requiran, para a súa comprensión ou tratamento, de operacións elementais de cálculo; formulalas mediante formas sinxelas de expresión matemática ou resolvelas empregando os algoritmos correspondentes; valorar o sentido dos resultados, a presentación ordenada e clara e a explicación oral e por escrito dos procesos seguidos.

**Obxectivos para o terceiro ciclo**

2.1. Recoñecer situacións que poidan ser resoltas coa axuda de códigos, números naturais, fraccións e números decimais.
2.2. Resolver situacións cun tratamento que requira máis de dúas operacións elementais de cálculo, utilizando os algoritmos correspondentes e interpretando o resultado.
2.3. Detectar e resolver problemas do contorno cotián, mediante operacións de xeometría e de lóxica.

**Obxectivos para a etapa**

3. Empregar o coñecemento matemático para comprender, valorar e producir informacións e mensaxes sobre feitos e situacións da vida cotiá e recoñecer o seu carácter instrumental para outros campos de coñecemento.

**Obxectivos para o terceiro ciclo**

3.1. Valorar a necesidade e importancia das matemáticas na vida cotiá.

3.2. Empregar o coñecemento matemático para comprender, valorar e producir informacións e mensaxes sobre feitos e situacións da vida cotiá.

**Obxectivos para a etapa**

4. Coñecer, valorar e adquirir seguridade nas propias habilidades matemáticas para afrontar situacións diversas que permitan gozar dos aspectos creativos, estéticos ou utilitarios e confiar nas súas posibilidades de uso.

**Obxectivos para o terceiro ciclo**

4.1. Mostrar sensibilidade e gusto polo rigor e a precisión na realización de cálculos cada vez máis complexos e pola representación ordenada e clara do proceso e dos resultados.
4.2. Manifestar satisfacción polo progreso dos seus coñecementos matemáticos.
4.3. Afrontar con autonomía situacións problemáticas cada vez máis complexas, sen abandonar as tarefas ata telas concluído.

**Obxectivos para a etapa**

5. Empregar e elaborar instrumentos e estratexias persoais de cálculo mental e de medida, así como procedementos de orientación espacial, en contextos de resolución de problemas, decidindo, en cada caso, as vantaxes do seu uso e valorando a coherencia dos resultados.

**Obxectivos para o terceiro ciclo**

5.1. Comparar cantidades cada vez máis complexas, tanto estimando coma contando, e expresar o resultado.
5.2. Efectuar operacións de cálculo mental cada vez máis complexas mostrando confianza nas propias capacidades.
5.3. Elaborar e utilizar estratexias persoais de estimación, aproximación e cálculo mental, e de orientación espacial para a resolución de problemas sinxelos a partir do seu coñecemento dos números e das operacións.

**Obxectivos para a etapa**

6. Utilizar de forma axeitada as tecnoloxías da información e da comunicación, a biblioteca e calquera outro recurso pertinente do que se dispoña, tanto no cálculo como na busca, tratamento e representación de informacións diversas.

**Obxectivos para o terceiro ciclo**

6.1. Utilizar os medios tecnolóxicos para o cálculo de medidas de lonxitude, capacidade, masa e tempo, os seus múltiplos e divisores.
6.2. Explorar e utilizar instrumentos de cálculo (calculadora de catro operacións), analizando a súa adecuación, vantaxes e inconvenientes, e revisando os resultados.
6.3. Explorar e utilizar instrumentos de medida (regra graduada, compás, unidades de lonxitude, capacidade e masa, reloxo, etc.), decidindo sobre a pertinencia e vantaxes que implica o seu uso e revisando os resultados.

**Obxectivos para a etapa**

7. Identificar formas xeométricas do contorno natural e cultural, empregando o coñecemento dos seus elementos e propiedades para describir a realidade e desenvolver novas posibilidades de acción.

**Obxectivos para o terceiro ciclo**

7.1. Recoñecer no contorno obxectos e espazos con diferentes formas xeométricas e expresalo con claridade e precisión.
7.2. Comprender mellor o propio contorno e desenvolver novas posibilidades de acción sobre este, utilizando os seus coñecementos sobre as formas xeométricas, as súas propiedades e tamaños, describindo apropiadamente posicións e traxectorias de obxectos no espazo.
7.3. Definir de forma precisa a propia situación e a dos obxectos utilizando diferentes puntos de vista e sistemas de referencia apropiados.
7.4. Construír e interpretar esbozos, planos, mapas e maquetas recoñecendo neles elementos importantes e percorridos

**Obxectivos para a etapa**

8. Empregar técnicas elementais de recollida de datos para obter información sobre fenómenos e situacións do contorno do alumnado; representala de xeito gráfico e numérico e acadar un xuízo sobre ela mesma.

**Obxectivos para o terceiro ciclo**

8.1. Utilizar técnicas de recollida de datos da realidade cotiá, organizando os resultados en táboas e gráficos.
8.2. Observar e tomar datos sobre feitos, fenómenos e situacións da realidade cotiá para clasificalos e cuantificalos, formándose xuízos sobre eles en función da súa probabilidade e plausibilidade, e representándoos gráfica e numericamente.
8.3. Representar datos mediante diagramas de barras e interpretar táboas e gráficas similares contextualizadas.

## 4. CONTIDOS

Os contidos que propomos para este ciclo, na Área de Matemáticas, son os seguintes:

QUINTO CURSO

### 1. Espazos e formas

- Clases de ángulos: recto, agudo, obtuso, plano e completo.
- Medida de ángulos: o grao
- Ángulos complementarios e suplementarios.
- Figuras con eixe de simetría.
- Os polígonos.
- Elementos dun polígono.
- Perímetro dun polígono.
- Ángulo central dun polígono regular.

- Clasificación de triángulos segundo os seus lados e segundo os seus ángulos.
- Clasificación de cuadriláteros.
- A circunferencia e o círculo. Elementos.
- Lonxitude da circunferencia.
- Figuras circulares: semicírculo, sector circular, segmento circular e coroa circular.
- Medida de superficies: a área.
- Unidades de superficie: metro cadrado, decímetro cadrado e centímetro cadrado.
- Área do cadrado.
- Área do rectángulo.
- Área do triángulo.
- Área de polígonos irregulares.
- A nosa posición no espazo.
- Os xiros no espazo.
- A cuadrícula no plano.
- A escala.

**2. Cantidades**

- O noso sistema de numeración.
- Valor de posición das cifras.
- Comparación e ordenación de números.
- A suma. Significados.
- Propiedades conmutativa e asociativa da suma.
- A resta. Significados.
- Relacións entre os termos da resta.
- Sumas e restas combinadas. Uso da paréntese.
- A calculadora.
- A multiplicación e os seus termos.
- Propiedades conmutativa e asociativa da multiplicación.
- Propiedade distributiva.
- Prioridade da multiplicación.
- Práctica da multiplicación.
- A división exacta. Equivalencias fundamentais.
- A división inexacta. Proba da división.
- A división con divisores de tres cifras.
- A división: ceros intermedios ou finais no cociente.
- As décimas.
- As centésimas.
- As milésimas.
- Descomposición de números decimais.
- Comparación e ordenación de decimais.
- Aproximación de números decimais.
- Suma e resta de números decimais.
- Multiplicación dun número decimal por un número natural.
- División de número enteiro con cociente decimal.
- Multiplicación e división dun decimal por 10, por 100, etc.
- Termos dunha fracción. Lectura e escritura.
- Comparación e ordenación de fraccións.
- Comparación de fraccións coa unidade.
- Fraccións decimais.
- Fraccións equivalentes.

- A fracción dunha cantidade.
- Suma e resta de fraccións de igual denominador.
- Suma e resta de unidades e fraccións.
- Produto dunha fracción por un número enteiro.
- As unidades de lonxitude: múltiplos e submúltiplos.
- Cambios de unidade.
- Expresións complexas e incomplexas.
- Sumas e restas de medidas de lonxitude
- As unidades de peso: múltiplos e submúltiplos.
- A tonelada.
- Expresións complexas e incomplexas.
- Operacións con medidas de capacidade e de peso
- O tempo histórico.
- As horas, os minutos e os segundos.
- Expresións complexas e incomplexas.
- Operacións con unidades de medida de tempo.

### 3. Tratamento da información e azar

- Táboas de frecuencias.
- Diagramas de barras.
- A moda.
- Gráficas de liñas e gráficas dobres.
- Gráficas de sectores.
- A media.

SEXTO CURSO

### 1. Espazos e formas

- As unidades de superficie.
- Operacións con unidades de superficie.
- Área do rectángulo.
- Área do cadrado.
- Área do rombo.
- Área do romboide.
- Área do triángulo.
- Área de polígonos regulares.
- Área do círculo.
- Estimación da área de figuras planas non poligonais.
- Os poliedros: prismas, pirámides e outros poliedros.
- Os poliedros regulares.
- Relación entre a circunferencia e o seu diámetro.
- Lonxitude da circunferencia.
- Figuras circulares: semicírculo, sector circular, segmento circular e coroa circular.
- Os corpos de revolución: conos, cilindros e esfera.

### 2. Cantidades

- Sistema de numeración decimal.
- Os millóns.
- A numeración romana.
- A numeración exipcia.
- A suma e a resta. Propiedades.
- A multiplicación. Práctica e propiedades.
- Práctica da división.
- A xerarquía nas operacións combinadas.
- As potencias.
- Cadrados e cubos.
- Potencias de base dez.
- Raíz cadrada.
- A relación de divisibilidade: múltiplos e divisores.
- Divisores dun número.
- Múltiplos dun número.
- Múltiplos comúns a dous números: mínimo común múltiplo.
- Criterios de divisibilidade.
- Números positivos e negativos.
- Décima, centésima e milésima.
- Aproximación de números decimais.
- Suma e resta de números decimais.
- Multiplicación de números decimais.
- División dun número decimal entre un enteiro.
- Propiedade fundamental da división.
- División de números decimais.
- A fracción como parte dun todo.
- A fracción como cociente de dous números.
- Fraccións equivalentes.
- Redución de fraccións a común denominador.
- Suma e resta dun número natural e unha fracción.
- Suma e resta de fraccións de igual denominador.
- Suma e resta de fraccións de distinto denominador.
- Produto dun número natural por unha fracción.
- Produto de fraccións.
- Cociente dun número natural por unha fracción.
- Cociente de fraccións.
- Magnitudes directamente proporcionais.
- Resolución á unidade e regra de tres.
- Magnitudes directamente proporcionais.
- Redución á unidade.
- O tanto por cento ou porcentaxe.
- Porcentaxes e fraccións: equivalencias.
- Suma de ángulos.
- Resta de ángulos.
- Ángulos complementarios e suplementarios.
- As unidades de medida de lonxitude: múltiplos e submúltiplos.
- Operacións con medidas de lonxitude.
- A medida da superficie.
- As unidades de medida de superficie: múltiplos e submúltiplos.
- Operacións con medidas de superficie.

- A medida do volume.
- Unidades de volume.
- Suma dos ángulos de triángulos e cuadriláteros.

### 4. Tratamento da información e azar

- Experiencias aleatorias.
- O seguro, o probable, o imposible.
- A probabilidade dun suceso.
- Variables estatísticas: cuantitativas e cualitativas.
- Frecuencia absoluta e relativa.
- O histograma e o polígono de frecuencias.
- A media, a mediana e a moda.
- Interpretación de gráficas.

## 5. CRITERIOS DE AVALIACIÓN

Terase en conta se cada alumno e alumna:

- Utiliza ordenadamente a linguaxe numérica, xeométrica, gráfica e de medida, argumentando e razoando as súas solucións.
- Relata experiencias propias incluíndo espontaneamente na súa narración medidas de espazo e tempo, números naturais ou fraccións, palabras relativas a comparacións e ás operacións aditivas e multiplicativas, etc.
- Interpreta documentos e mensaxes sobre fenómenos da vida cotiá que conteñen números e operacións, descricións de figuras, situacións no espazo ou itinerarios, etc.; e é capaz de utilizar este tipo de documentos para realizar pequenas investigacións ou apoiar argumentos en discusións sobre temas do seu interese.
- Coñece o uso dos números como código.
- Estima unha solución razoable a un problema antes de resolvelo, selecciona e aplica pertinentemente as operacións necesarias cos datos dispoñibles e contrasta o resultado coa estimación realizada, interprétao en función do enunciado, revisándoo e corrixíndoo en caso necesario.
- Estima magnitudes (lonxitude, superficie, capacidade, masa e tempo) antes de medilas e contrasta os resultados obtidos coa estimación previa.
- Realiza as medicións con coidado, escolle entre as unidades e instrumentos de medida dispoñibles os que mellor se axusten á natureza do que se desexa medir, e expresa correctamente as medidas realizadas manexando múltiplos e submúltiplos.
- Elixe un procedemento de cálculo numérico adecuado á situación concreta nun contexto de resolución de problemas, con números de varias cifras, e executa con corrección dito procedemento, revisándoo se o resultado non coincide coa estimación prevista.
- Coñece os elementos e propiedades máis importantes de corpos e figuras, axudándose delas para crear as súas propias composicións estéticas ou utilitarias.
- Describe desprazamentos con relación ao punto de referencia elixido e utiliza sinxelos sistemas de coordenadas no plano, para localizar e describir puntos nel.
- Interpreta unha representación espacial (esbozo de itinerario, plano ou maqueta), referente a espazos do seu contorno e identifica os elementos máis importantes.
- Identifica que datos é preciso tomar cando recolle información para un propósito concreto e aplica a técnica adecuada.

- Interpreta e elabora táboas de datos con pulcritude e precisión.
- Manifesta satisfacción polo progreso dos seus coñecementos matemáticos, pola autonomía que lle proporcionan eses coñecementos, así como pola crecente socialización que implica a linguaxe matemática.
- Aplica os coñecementos matemáticos a situacións lúdicas e identifica situacións do seu contorno familiar onde se utilizan.
- Afronta con autonomía as situación problemáticas, sen pedir axuda ante a primeira dificultade, é consciente dos seus puntos débiles e esfórzase por superalos.
- Explora distintas representacións dunha situación concreta, contemplando as posibilidades das distintas linguaxes matemáticas (gráfica, numérica, etc.).

## 6. COMPETENCIAS

Neste Proxecto Curricular establécese a contribución das diferentes áreas do currículo ao desenvolvemento de cada unha das oito Competencias Básicas. As competencias de Matemáticas detállanse a continuación:

### Competencia matemática

- Recoñecer distintos usos dos números e utilizar códigos numéricos para identificar obxectos, situacións...
- Recoñecer a utilidade das operacións para resolver problemas.
- Recoñecer a utilidade do cálculo mental no manexo das moedas e billetes de curso legal.
- Resolver problemas que impliquen o manexo do diñeiro.
- Recoñecer as fraccións, os seus termos, a súa representación e a súa nomenclatura.
- Aplicar a situacións cotiás, o cálculo do valor dunha parte dunha cantidade que se dividiu en partes iguais.
- Utilizar as unidades de medida de lonxitude para enfrontarse a situacións nas que empregar as matemáticas fóra da aula.
- Desenvolver o gusto pola precisión e o rigor na utilización dos instrumentos de medida.
- Establecer relacións e equivalencias entre as distintas unidades de tempo.
- Aplicar en distintos contextos os conceptos relativos aos distintos tipos de liñas, ás súas posicións relativas e aos ángulos.
- Ser capaz de utilizar os conceptos relativos aos triángulos, cuadriláteros, circunferencia e círculo en distintos contextos: analizar, describir, clasificar, interpretar, as formas dos obxectos que nos rodean.
- Adquirir coñecementos e destrezas matemáticas.
- Mostrar interese por utilizar modos matemáticos de pensamento.

### Comunicación lingüística

- Incorporar os números á linguaxe habitual, como elementos con valor expresivo e interpretar mensaxes que conteñen números.
- Describir verbalmente os razoamentos e procesos matemáticos que interveñen nas distintas operacións matemáticas.
- Incorporar á súa linguaxe habitual a terminoloxía das distintas operacións matemáticas.
- Utilizar unha linguaxe precisa e clara na descrición, localización e organización de feitos ao longo do tempo.
- Incorporar as fraccións á linguaxe habitual, como elementos con valor expresivo.
- Incorporar á súa linguaxe habitual a terminoloxía do sistema métrico decimal.

- Utilizar o vocabulario axeitado en situacións familiares de medida de capacidade e de peso.
- Incorporar á súa linguaxe habitual a terminoloxía do sistema monetario.
- Incorporar á linguaxe habitual a terminoloxía xeométrica aprendida.
- Valorar a terminoloxía xeométrica como recurso expresivo.
- Describir verbalmente os procesos matemáticos que interveñen na elaboración de táboas e gráficas.
- Incorporar á súa linguaxe habitual a terminoloxía elemental estatística.

**Coñecemento e interacción co mundo físico**

- Recoñecer a utilidade dos números para expresar cantidades das magnitudes que manexamos todos os días.
- Facilitar unha mellor comprensión do contorno.
- Utilizar as distintas operacións matemáticas para enfrontarse a situacións cotiás nas que empregar as matemáticas fóra da aula.
- Recoñecer a utilidade das fraccións para expresar cantidades das magnitudes que manexamos todos os días.
- Utilizar o sistema monetario para enfrontarse a situacións cotiás nas que empregar as matemáticas fóra da aula.
- Describir o contorno de xeito máis axustado á realidade.
- Localizar no tempo as propias vivencias: ao longo do día, do mes, do ano, etc.
- Aplicar os conceptos e nomenclatura relativos aos elementos xeométricos para analizar, describir e comprender o contorno real.
- Transmitir informacións precisas sobre aspectos cuantificables do contorno.

**Tratamento da información e competencia dixital**

- Proporcionar destrezas asociadas ao uso dos números.
- Facilitar a comprensión de informacións que incorporen cantidades e medidas.
- Iniciarse no uso de calculadoras e de ferramentas tecnolóxicas para facilitar a comprensión de contidos matemáticos.
- Iniciarse no uso de cronómetros e reloxos dixitais para facilitar a comprensión de contidos matemáticos.
- Utilizar Internet como recurso para a busca de información e para a obtención de figuras e representacións xeométricas.
- Utilizar a linguaxe gráfica e estatística para interpretar a información sobre a realidade.

**Social e cidadá**

- Valorar a utilidade dos números como recurso para analizar os elementos e relacións da sociedade na que vivimos.
- Desenvolver a colaboración cos demais e mostrar actitudes de axuda co fin de resolver situacións problemáticas nas que interveñan as distintas operacións matemáticas.
- Valorar a utilidade das fraccións como recursos para cuantificar e resolver situacións cotiás.
- Desenvolver a colaboración cos demais e mostrar actitudes de axuda co fin de resolver situacións problemáticas nas que interveña o diñeiro.
- Desenvolver a colaboración cos demais e mostrar actitudes de axuda co fin de resolver situacións problemáticas nas que interveña as unidades de medida de lonxitudes.
- Planificación dos produtos que se van consumir antes de comprar.
- Valorar a puntualidade como algo positivo para a convivencia.

- Aceptar outros puntos de vista diferentes ao propio ao utilizar estratexias de resolución de problemas.

**Aprender a aprender**
- Recoñecer a utilidade das representacións gráficas para fixar e aclarar conceptos e relacións nos números.
- Verbalizar o proceso seguido na aprendizaxe das distintas operacións matemáticas, para potenciar o desenvolvemento de estratexias que faciliten a aprendizaxe autónoma.
- Realizar debuxos ou esquemas que lle axuden á busca da solución a un problema.
- Potenciar o desenvolvemento de estratexias que faciliten a aprendizaxe autónoma.
- Desenvolver a habilidade para comunicar con eficacia, os propios resultados.
- Recoñecer a utilidade das representacións gráficas para fixar e aclarar conceptos e relacións nos números fraccionarios
- Recoñecer a utilidade de utilizar debuxos ou esquemas que lle axuden á busca da solución a un problema.
- Potenciar unha actitude experimentadora cara á utilización de diferentes instrumentos e unidades de medida.
- Verbalizar o proceso seguido na aprendizaxe, para reflexionar sobre como se aprende.
- Recoñecer e aplicar a manipulación, a construción e a representación como métodos de investigación e descubrimento en xeometría.

**Autonomía e iniciativa persoal**
- Seguir un método como estratexia para ter unha maior seguridade na resolución de problemas.
- Desenvolver a confianza para enfrontarse con éxito a situacións incertas.
- Xestionar os recursos para optimizar os procesos de resolución de problemas, utilizando distintas operacións matemáticas.
- Xestionar os recursos para optimizar os procesos de resolución de problemas nos que interveña a medida do tempo.
- Trazar un plan, buscar estratexias e tomar decisións para resolver problemas.
- Mostrar curiosidade por coñecer a utilidade das aprendizaxes novas.
- Resolver problemas no ámbito das fraccións
- Enfrontarse a novas situacións con maior posibilidade de éxito, tendo en conta a valoración dos resultados obtidos en situacións similares.
- Mostrar interese por descubrir diferentes formas de construción e representación dos elementos e figuras xeométricos.
- Xestionar os recursos para optimizar os procesos de resolución de problemas, utilizando as unidades de medida de lonxitude.

**Cultural e artística**
- Valorar o coñecemento matemático como contribución ao desenvolvemento cultural dos pobos.
- Recoñecer as relacións e formas xeométricas axuda na análise de producións artísticas.
- Utilizar os envases de refugallo para realizar producións artísticas.
- Utilizar algunhas obras de arte para traballar contidos matemáticos.

# ÁREA DE EDUCACIÓN ARTÍSTICA

## 1. CARACTERÍSTICAS DA ÁREA

A área de Educación Artística está integrada por formas de comprensión, expresión e representación plástica, musical e dramática, mediante as cales se comunican diversos aspectos dos mundos interior e exterior do neno e da nena.

Correspóndelle á Educación Artística potenciar o desenvolvemento de dúas capacidades básicas: por un lado a da percepción das representacións plásticas, musicais e dramáticas e, por outro, o da expresión de ideas e sentimentos a través delas, o que require o uso de regras, técnicas e recursos cun código propio, segundo o momento histórico e a cultura nos que se levan a cabo.

A partir dos dous grandes eixes en que se articula a área -Percepción e Expresión-, determínase que os contidos han de ir distribuídos en catro bloques. O bloque 1, *Observación plástica,* e o Bloque 3*, Escoita,* integran os relativos á percepción para as linguaxes plástica e musical respectivamente. O bloque 2, *Expresión e creación* plástica, e o bloque 4, *Interpretación e creación musical,* inclúe os contidos relacionados coa expresión en ambas as dúas linguaxes.

O bloque *Observación plástica* céntrase na interpretación, indagación e análise do contorno natural e da actividade e creación humanas. Abórdanse cuestións espaciais e outras relativas á interpretación do significado das imaxes e á análise das mensaxes icónicas. Estes mesmos contidos, centrados na percepción, nutren o bloque Expresión *e creación plástica* no que se contén a exploración dos elementos propios da linguaxe plástica e visual, e o tratamento dos materiais, e se expoñen diversas posibilidades de expresar o percibido, axustándose a unha planificación no proceso de elaboración.

No bloque *Escoita*, os contidos céntranse no desenvolvemento de capacidades de discriminación auditiva e de audición comprensiva, mentres que en *Interpretación e creación musical* se aborda o desenvolvemento de habilidades técnicas e capacidades vinculadas coa interpretación e se estimula a invención a través da improvisación e a creación de distintas producións musicais resultantes da exploración, a selección e a combinación de movementos e sons.

Os contidos da linguaxe musical, como os referidos á música como expresión cultural, atópanse de forma transversal nos dous bloques ao ser elementos da música que nunca se disocian dela.

## 2. A ÁREA DE EDUCACIÓN ARTÍSTICA NO TERCEIRO CICLO

### 2.1. Área de Expresión Plástica

A Expresión Plástica emprega as imaxes como soporte material e mediador, realizadas con instrumentos clásicos (debuxo, pintura e escultura), ou ben

reproducidas por medios tecnolóxicos máis modernos (fotografía, cine, vídeo, televisión ou ordenador).

O terceiro ciclo supón para o alumnado afianzamento, depuración, complemento e culminación da aprendizaxe de significados e valores estéticos na etapa de Educación Primaria, partindo da produción propia dos alumnos e as alumnas, ata chegar á apreciación e o gozo das obras artísticas garantindo a continuidade dos coñecementos, as destrezas e as actitudes necesarias para o acceso á etapa seguinte, a Educación Secundaria Obrigatoria.

En conexión co ciclo anterior, neste formúlase un nivel de afondamento maior e máis aberto, en relación co significado que supón toda manifestación artística que emerxe nun determinado ámbito social e ambiental, en consonancia coa idade dos alumnos e das alumnas. Polo tanto, as características fundamentais que configuran a Expresión Plástica no terceiro ciclo relaciónanse, como no anterior, con tres eixes de actuación: o formativo, o funcional e o estético; pero, neste ciclo teñen unha perspectiva máis globalizadora.

No ámbito formativo, a maduración e o amplo repertorio de habilidades axudan a desenvolver mecanismos de percepción e de pensamento visual favorecendo e enriquecendo a capacidade creadora dos alumnos e das alumnas á vez que contribúen a fomentar a súa autonomía persoal para emitir e recibir axeitadamente mensaxes gráficas e plásticas, e modelar e educar progresivamente a súa sensibilidade.
No ámbito funcional, destaca a aplicación dos modos e das formas obtidos no ciclo anterior, referidos a técnicas e destrezas da linguaxe plástica no campo da comunicación visual e na súa vertente puramente artística sen esquecer o pulo social que as novas tecnoloxías da imaxe crean nos alumnos e as alumnas. O cinema, a televisión, o vídeo, a informática, etc., campos antes vedados a estas idades, cobren hoxe e vinculan gran parte da actividade sensorial dos alumnos e das alumnas.

No ámbito estético, a práctica progresiva da materia pretende capacitalos para obter o mellor nivel de expresión persoal que conduza a comprender o valor formal da beleza e a apreciar o feito artístico como un dos obxectivos xerais da área.

En suma, o propósito neste ciclo é fundamentalmente instrumental, e os obxectivos xerais responden a conceptos que desenvolven as capacidades de coñecer, discernir e identificar os elementos da linguaxe visual. Os procedementos teñen en conta o uso, o desenvolvemento e a realización das técnicas seleccionadas. As actitudes que se pretenden fomentar obedecen á intención de que os alumnos e as alumnas se sensibilicen, se interesen e valoren o feito artístico na súa cultura máis próxima e no seu propio traballo persoal.
Así pois, neste proxecto curricular contémplanse os catro aspectos básicos que comprende a área.

### 2.1.1. Observación plástica

Neste ciclo, propóñense unha serie de exercicios de observación, identificación e clasificación das formas naturais e manipuladas, que axudan a traballar a percepción e valoración estética da imaxe no ámbito próximo, e permiten depurar a interpretación da linguaxe plástica e a creación gráfica libre dunha mensaxe visual.

A través da percepción das formas e da súa representación en imaxes bidimensionais, tridimensionais e/ou en secuencia, formalízanse progresivamente os códigos da linguaxe icónica, favorecendo así unha comunicación creativa e enriquecedora.

Realízanse tamén actividades de representación figurativa de ambientes e paisaxes, de organización de formas no plano e a súa adaptación ao espazo, e foméntase o uso correcto dos materiais plásticos, o esforzo por controlar o trazo en espazos acoutados, a descrición por retentiva gráfica a identificación cromática, a precisión no traballo, así como as producións plásticas en equipo.

Con todo iso, desenvólvese a curiosidade pola tarefa proposta, a valoración da autonomía artística e o respecto polas opinións estéticas alleas.

### 2.1.2. Expresión y creación plástica

Simultaneamente aos conceptos anteriores, preténdese capacitar os alumnos e as alumnas na realización de imaxes, formas e composicións plásticas de menor a maior complexidade, desde traballos de expresión libre con papel recortado, ata a creación de texturas e composicións con arxila ou outros materiais, tales como témpera, plastilina ou material de reciclaxe.

Por outra banda, preténdese que os nenos e as nenas destas idades valoren os elementos básicos que configuran unha composición estética: liñas, cores, formas, ritmos, texturas, etc. Deste xeito, aprenderán a comprender como hai elementos obxectivos que fan que unha obra estea mellor ou peor conseguida, segundo a integración e a compensación de todos os seus elementos plásticos.

Neste ciclo preténdese que o alumnado coñeza os diferentes materiais, adquira destrezas e domine algunhas técnicas que lles permitan desenvolver imaxes bidimensionais ou tridimensionais a partir de exercicios de perspectiva.

Por iso, ten especial relevancia o desenvolvemento da capacidade de organización de formas na composición, a curiosidade polas mesturas e combinacións de cor, e a exploración táctil de texturas, como actitudes xeradoras doutras máis complexas, tales como o desexo de encontrar novos materiais e de probar outras técnicas que doten a composición persoal de elementos formais menos frecuentes e máis creativos.

Os materiais cos que han de traballar os alumnos e as alumnas serán de uso común, reutilizable ou de refugallo (papel de xornal, revistas, cartóns, teas, etc.), aplicando tamén técnicas axeitadas á idade: pintura, estampación, colaxe, mosaico, etc.

Co emprego destes materiais no Terceiro Ciclo, foméntase no alumnado a súa confianza no manexo destes e as propias posibilidades creativas en tres dimensións, a curiosidade pola experimentación con novos materiais e técnicas, e a satisfacción pola beleza e utilidade do obxecto creado.

## 2.2. Área de Expresión Musical

A música utiliza as calidades do son. A dramatización combina os elementos do xesto corporal, a voz, o espazo e o tempo escénico. As dúas contribúen, ao igual que a expresión plástica, á reconstrución dos contidos da experiencia, do pensamento, da creatividade e da fantasía, manexando diferentes soportes materiais e procedementos mediadores das artes, que poden ser entendidos como linguaxes, en tanto que utilizan códigos con carácter normativo e representativo.

Ademais, hai que ter en conta a importancia que na Educación Primaria ten a interacción da música coa expresión corporal, coa psicomotricidade e co xogo dramático.

### 2.2.1. Escoita

A través da percepción auditiva, os nenos e as nenas aprenden a recoñecer e interpretar o mundo que os rodea.

Deste xeito, a práctica da percepción auditiva desenvolve unha serie de capacidades entre as que se atopan a sensibilidade persoal e estética, a percepción e intuición, a expresión e a comunicación, contribuíndo ao afianzamento e desenvolvemento da propia imaxe e dos esquemas de orientación e representación temporal.

É precisamente no terceiro ciclo cando os alumnos e as alumnas poden progresar sistematicamente na linguaxe musical en todos e en cada un dos seus aspectos (calidades do son, ritmo, melodía, harmonía, pulso, acento, compás, tempos, dinámica, formas e estrutura), a un nivel elemental, articulando o coñecemento cos procedementos proporcionados pola voz, o corpo, os instrumentos e as audicións activas, plasmadas en actividades e xogos individuais e colectivos.

A comprensión da linguaxe técnica realízase por medio da voz, os instrumentos e o movemento, a través dos cales tamén se aplican os coñecementos aprendidos e se expresan as emocións e os sentimentos.

Como cualquier otro lenguaje, la música posee sus propios códigos que deben ser descifrados paulatinamente, de modo que la organización y estructuración de los conocimientos musicales posibiliten una capacidad creadora, interpretativa y expresiva cada vez de mayor calidad técnica y estética.

### 2.2.2. Interpretación e creación

A práctica da expresión vocal e do canto desenvolve de forma especial a sensibilidade persoal e estética, as capacidades perceptivas e intuitivas, a expresión e a comunicación, e contribúe á integración social, ao afianzamento da propia imaxe e dos esquemas de orientación e representación espacial.

As diferentes actividades dirixidas á aprendizaxe das cancións seleccionadas para este ciclo débense encamiñar tanto á adquisición de coñecementos coma á valoración e o gozo das propias cancións.

A expresión instrumental posibilita o desenvolvemento da coordinación xeral e, en particular, da visomanual e da estruturación espazo-temporal. De maneira que, a través da psicomotricidade, se facilita a aprendizaxe comprensiva da linguaxe musical. Neste ciclo continuamos traballando coa frauta doce e con percusións de diverso tipo. Ademais, o conxunto instrumental contribúe ao desenvolvemento de actitudes e habilidades de cooperación e socialización.

## 3. OBXECTIVOS

Ao finalizar o terceiro ciclo da Educación Primaria, preténdese que os alumnos e as alumnas alcancen os seguintes obxectivos:

**Obxectivos para a etapa**

1. Desenvolver mecanismos de sensibilidade estética e a creación artísticas para promover a percepción e a expresión de ideas, emocións, sentimentos e vivencias.

   **Obxectivos para o terceiro ciclo**

   1.1. Espertar a sensibilidade visual e auditiva desenvolvendo a capacidade de observación e de escoita activa e valorar o silencio como premisa indispensable para a concentración e o equilibrio persoal.

**Obxectivos para a etapa**

2. Formar progresivamente o sentido estético persoal como recurso para apreciar e valorar elementos constitutivos das artes e obras verdadeiramente artísticas; desenvolver o xuízo crítico e o posicionamento pluralista na aproximación ás obras artísticas e ás autoras e autores.

   **Obxectivos para o terceiro ciclo**

   2.1. Aprender a valorar creacións artísticas con sentido estético.
   2.2. Desenvolver o xuízo crítico e posicionamento pluralista na aproximación ás obras artísticas e aos seus creadores.

**Obxectivos para a etapa**

3. Indagar nas posibilidades do son, da imaxe e do movemento como elementos de representación e de comunicación e utilizalas para expresar ideas e sentimentos, contribuíndo con iso ao equilibrio afectivo e á relación coas demais persoas.

**Obxectivos para o terceiro ciclo**

3.1. Coñecer as posibilidades do son, a imaxe, o xesto e o movemento para expresar ideas, sentimentos ou vivencias.
3.2. Analizar imaxes en función dos sentimentos que transmiten.
3.3. Expresar con xestos e movementos ideas e sentimentos, tanto individual como colectivamente, en situacións de comunicación e de xogo.
3.4. Ter confianza nas propias realizacións artísticas e gozar co proceso creativo.

**Obxectivos para a etapa**

4. Explorar e coñecer materiais e instrumentos diversos e adquirir códigos e técnicas específicas das diferentes linguaxes artísticas para utilizalos con fins expresivos e comunicativos.

**Obxectivos para o terceiro ciclo**

4.1. Explorar e utilizar materiais plásticos diversos coñecendo as súas propiedades.
4.2. Coñecer as posibilidades de utilización de diferentes materiais con fins comunicativos, lúdicos e creativos.
4.3. Coñecer as posibilidades de comunicación de instrumentos musicais como a frauta doce ou outros.

**Obxectivos para a etapa**

5. Aplicar os coñecementos artísticos na observación e na análise de situacións e de obxectos da realidade cotiá e de diferentes manifestacións do mundo da arte e da cultura para comprendelos mellor e formar un gusto propio.

**Obxectivos para o terceiro ciclo**

5.1. Coñecer as calidades (tamaño, forma, cor, peso, textura, etc.) de materiais e obxectos manipulables presentes no ámbito, como resultado dunha exploración multisensorial e lúdica.
5.2. Seleccionar aquelas características que se consideren máis útiles e axeitadas para o desenvolvemento das actividades artísticas expresivas.
5.3. Observar, analizar e aplicar as características artísticas significativas que nos ofrece a realidade cotiá, representándoas de forma autónoma, espontánea e creativa.
5.4. Aplicar os coñecementos sobre as características visuais, plásticas e de relación espacial de situacións e obxectos do ámbito, para mellorar a actividade expresiva e de comunicación icónica.

**Obxectivos para a etapa**

6. Manter unha actitude de busca persoal e colectiva, articulando a percepción, a imaxinación, a indagación e a sensibilidade e reflexionando á hora de realizar e desfrutar de diferentes producións artísticas.

**Obxectivos para o terceiro ciclo**

6.1. Expresar libremente ideas e sentimentos a través da elaboración de obras artísticas creativas.

6.2. Ter confianza nas elaboracións artísticas propias apreciando a súa contribución ao goce e ao benestar persoal.
6.3. Gozar creando obras artísticas propias.

**Obxectivos para a etapa**

7. Recoñecer que as diversas manifestacións da arte e da cultura son fonte de coñecemento, foron realizadas por homes e por mulleres e reflicten a súa experiencia e percepción da vida.

**Obxectivos para o terceiro ciclo**

7.1. Valorar a experiencia e a percepción da vida que os creadores proxectan nas súas obras.

**Obxectivos para a etapa**

8. Coñecer algunhas das posibilidades dos medios audiovisuais e das tecnoloxías da información e da comunicación en que interveñen a imaxe e o son, e empregalas como recursos para a observación, para a busca de información e para a elaboración de producións propias, xa sexa de forma autónoma ou en combinación con outros medios e materiais.

**Obxectivos para o terceiro ciclo**

8.1. Coñecer os medios audiovisuais e das tecnoloxías da información e da comunicación nos que se utilizan a imaxe e o son.
8.2. Coñecer os contextos nos que operan a imaxe e o son nos medios de comunicación.
8.3. Desenvolver a capacidade crítica respecto á expresión e á estética dos medios de comunicación que utilizan a imaxe e o son.
8.4. Aplicar os coñecementos artísticos á observación das características máis significativas dos medios de comunicación como receptores de imaxes e son.

**Obxectivos para a etapa**

9. Valorar e compartir manifestacións artísticas do patrimonio cultural galego apreciando a súa riqueza e diversidade e comprometéndose na súa defensa, conservación e difusión.

**Obxectivos para o terceiro ciclo**

9.1. Disfrutar de las obras de arte que ofrecen el entorno y Galicia.
9.2. Conocer los elementos más destacados del patrimonio cultural.
9.3. Conocer las costumbres populares a través de las canciones y danzas tradicionales gallegas.
9.4. Demostrar sensibilidad y gusto por lo bello y lo creativo.

**Obxectivos para a etapa**

10. Coñecer e valorar diferentes manifestacións artísticas do patrimonio cultural doutros pobos, colaborando na conservación e renovación das formas de expresión locais e nacionais e estimando o enriquecemento que supón o intercambio con persoas de

diferentes culturas que comparten un mesmo contorno.

**Obxectivos para o terceiro ciclo**

10.1. Gozar das obras de arte que ofrece o patrimonio cultural doutros pobos.
10.2. Valorar o enriquecemento que supón o intercambio con persoas de diferentes culturas que comparten un mesmo medio.

**Obxectivos para a etapa**

11. Desenvolver unha relación de autoconfianza coa produción artística persoal, respectando as creacións propias e as das outras persoas, cunha actitude de interese e de admiración polo distinto e/ou novo, sabendo recibir e expresar críticas e opinións, e utilizándoas como recurso para a mellora.

**Obxectivos para o terceiro ciclo**

11.1. Expresar libremente ideas e sentimentos a través da elaboración de obras artísticas creativas.
11.2. Ter confianza nas elaboracións artísticas propias apreciando a súa contribución ao goce e ao benestar persoal.
11.3. Gozar creando obras artísticas propias.

**Obxectivos para a etapa**

12. Participar activamente en producións artísticas de forma cooperativa, asumindo distintas funcións e colaborando na resolución dos problemas que se presenten para conseguir un produto final o máis satisfactorio posible.

**Obxectivos para o terceiro ciclo**

12.1. Realizar producións artísticas colectivas, sendo conscientes da complementariedade dos diferentes papeis nunha obra común.
12.2. Valorar e respectar as achegas dos demais na produción dunha obra artística común.
12.3. Representar colectivamente diferentes papeis e situacións da vida cotiá e do mundo da fantasía e do xogo utilizando os recursos expresivos do corpo.
12.4. Recoñecer e aceptar con naturalidade as capacidades e limitacións propias e os dos compañeiros, tomando conciencia da importancia do esforzo individual e colectivo.

**Obxectivos para a etapa**

13. Coñecer algunhas das profesións dos ámbitos artísticos, interesándose polas características do traballo das artistas e dos artistas e desfrutando como público na observación e recreación das súas propias producións.

**Obxectivos para o terceiro ciclo**

13.1. Coñecer algunhas das profesións dos ámbitos artísticos, interesándose polas características do traballo das artistas e dos artistas e desfrutando como público na observación e recreación das súas propias producións..

**Obxectivos para a etapa**

14. Valorar no contorno próximo as intervencións artísticas das que cumpriría dispor co fin de crear espazos esteticamente agradables que contribúan a mellorar a calidade de vida.

**Obxectivos para o terceiro ciclo**

14.1. Propoñer intervencións artísticas que contribúan a mellorar a calidade de vida das persoas.
14.2. Analizar que espazos esteticamente agradables están presentes no medio próximo.

## 4. CONTIDOS

Os contidos que propomos para este ciclo, na área de Expresión Artística, son os seguintes:

### 4.1. Área de Expresión Plástica

QUINTO CURSO

**1. Observación plástica**

- O rostro humano.
- A figura humana en movemento, en repouso e en movemento.
- Animais en perspectiva.
- Animais de especies diferentes.
- Simetría: o escaravello e a avespa.
- Cuberta de mamíferos.
- Cabezas de tigre e de león.
- Aves e réptiles.
- As plantas: o tronco das árbores
- Os froitos.
- Simetría nas plantas.
- Elementos da natureza.
- Bodegón de froitas.
- A luz e a cor nos obxectos polo día ou pola noite.
- Proporción dos obxectos.
- O punto de vista: obxectos en diferentes posicións.
- Paisaxe de campo.
- Debuxo a lapis: casa no campo.
- Árbores en perspectiva.
- Luces e sombras: paisaxe en diferentes momentos do día e con figura en perspectiva.
- Distintas paisaxes.
- Composición ao estilo de Piet Mondrian.
- Composición con tramados.
- Pintores: Van Gogh, Goya, Murillo e Cézanne.

**2. Expresión e creación**

- Debuxo e coloreado de figuras humanas en distintas posicións a partir dos esquemas corporais.
- Pintura con ceras._
- Trazado e sombreado dun ollo en posición de fronte e de perfil.
- Trazado e coloreado das metades simétricas dun insecto.
- Trazado e coloreado de cubertas de diferentes mamíferos.
- Debuxo e coloreado de dous cans, en perspectiva, nun medio natural.
- Coloreado de obxectos segundo a luz do día ou da noite.
- Debuxo e coloreado de obxectos establecendo a proporción de tamaño que teñen na realidade.
- Debuxo e coloreado de obxectos observados desde diferentes puntos de vista.
- Composición, mediante colaxe, de árbores en perspectiva.
- Elementos da natureza observados a través de lentes.
- Pintura con ceras: o arco da muralla.
- Pintura con témperas: o faro.
- Realización de colaxe ao estilo de Piet Mondrian.
- Composición con variantes de tramados.
- Representación dunha paisaxe con figura, en diferentes posicións do sol.
- Sombreado dunha paisaxe con lapis de grafito.
- Pintura con témperas.
- Composición de cores dunha paleta mediante mestura de tons.
- Coloreado dun cadro segundo o orixinal e con outra variante.

SEXTO CURSO

### 1. Observación plástica

- A proporción da figura humana.
- O rostro humano: situación das faccións.
- A cabeza humana de perfil.
- Formas básicas: mamíferos e aves.
- Debuxo a lapis: animais, obxectos e plantas.
- Partes das plantas: as follas, as flores, as froitas.
- Árbores e arbustos.
- Os obxectos: bodegóns.
- Elementos da paisaxe.
- A luz e a sombra na paisaxe.
- Cores opostas.
- Paisaxe en perspectiva.
- O retrato.
- Composición con tramados.
- Composición da cor.
- Cores frías e cores cálidas.
- Pintores: Velázquez, Sorolla, Brueghel, Picasso e Anker.

### 2. Expresión e creación

- Trazado e sombreado da cabeza humana e das faccións en posición de perfil.
- Debuxo e sombreado de faccións no seu lugar correspondente.

- Debuxo e sombreado dun paxaro, coas ás estendidas, mediante o sistema de cuadrícula.
- Debuxo e coloreado dun papagaio nunha póla._
- Trazado e coloreado dunha perdiz segundo os pasos indicados.
- Pintura con ceras: camaleón._
- Debuxo, trazado e coloreado de froitas e flores.
- Debuxo e coloreado de árbores e arbustos coa proporción de tamaño que teñen na realidade.
- Debuxo e coloreado dunha paisaxe con elementos de tres modelos diferentes.
- Trazado e coloreado dunha casa de campo co seu medio.
- Coloreado dunha paisaxe tendo en conta a posición do sol.
- Coloreado dunha paisaxe con cores opostas a un modelo concreto.
- Trazado e coloreado dunha rúa en perspectiva segundo os pasos indicados.
- Debuxo e coloreado dun bodegón.
- Debuxo e coloreado dunha paisaxe en perspectiva.
- Representación dunha paisaxe mariñeira.
- Debuxo e coloreado dun edificio en perspectiva.
- Pintura con témperas dunha paisaxe.
- Composición con tramados combinando os modelos ofrecidos ou con formas semellantes.
- Composición de paleta de cores.
- Composición con cores cálidas e con cores frías.
- Pintura contemporánea: retrato.
- Elaboración dun quebracabezas dun cadro de J. Sorolla.
- Coloreado dun cadro de Brueghel. ·
- Coloreado dun cadro de Picasso.
- Coloreado dun cadro de Anker.

### 4.2. Área de Expresión Musical

QUINTO CURSO

#### 1. Escoita

- Calidades básicas dunha obra musical: ritmo, melodía, harmonía e forma.
- Ditados rítmicos e melódicos.
- Identificación de diferentes estilos musicais.
- Voces, instrumentos e conxuntos vocais e instrumentais.
- Alteracións musicais.
- Identificación auditiva de esquemas melódicos.
- Recoñecemento do compás binario, ternario e cuaternario.
- Música e posición corporal.
- Timbres instrumentais.
- Formas musicais: bipartita (estrofa e retrouso), canon, rondó e ostinato.
- Agrupacións musicais.
- Analoxía entre outras artes e a música.
- Elementos dunha ópera.

- Escenarios de representacións teatrais.
- A orquestra sinfónica.
- Analoxía espectáculo-música.
- Agrupacións musicais: folk, banda, coro.
- Instrumentos de vento-metal.
- Diferentes estilos musicais doutras culturas.
- Estilos musicais da propia cultura.
- Compositores musicais.
- Relación entre a mitoloxía grega e a música.
- O teatro: historia do escenario.
- A danza: o mixer.
- O bordón.

**2. Interpretación e creación**

- A voz: aparatos fonador e articulador.
- Exploración das posibilidades expresivas da voz.
- Emisión de voz e técnica vocal: respiración, articulación, movemento, emisión, ton, etc.
- Ton: ton con ligaduras, ton en ternario.
- Aspectos expresivos da canción.
- Lectura rítmica. Prosodia rítmica. Onomatopeas.
- Cancións: folclóricas, populares, actuais, clásicas, monódicas e polifónicas.
- Frauta doce. Recomendacións: dixitación, respiración, control postural e articulación.
- Frauta: Re, Mi, Fa, Sol, La, Si, Dó.
- Relación entre acento e compás con movemento.
- Posibilidades sonoras instrumentais desde varias ópticas: segundo a materia, a forma e o modo de tocalos (exploración e destreza instrumental, control postural segmentario e global; a relaxación corporal).
- Instrumentación Orff.
- Capacidades e habilidades motoras básicas para a práctica instrumental: manipulación e utilización dos instrumentos, e coordinacións manuais e globais.
- Familias instrumentais: tipos (tradicionais, populares, orquestrais e electrónicos) e agrupacións.
- Percusión corporal en compás ternario.
- Tipos de acompañamento para a voz.
- A representación gráfica da música como medio de comunicación.
- O acento musical.
- Matices de intensidade.
- Os elementos e tipos de grafía básicos como medios de representación da música: non convencionais (trazos, puntos, liñas, debuxos e cores), e convencionais: reguladores de intensidade.
- Diferentes tipos de compases.
- As notas e as súas relacións: notas (Sol, La, Si, Si bemol).
- Ligadura, liñas divisorias, punto e valor das figuras.
- A duración nas figuras e silencios.
- Recoñecemento visual de esquemas melódicos.
- A obra e as súas características básicas: formas musicais (canon, lied e rondó), cancións e danzas (temas e frases melódicos, forma e estrutura), instrumentos e familias movementos (presto, allegro, andante e adagio), carácter ou expresión (vivace,

moderato, gracioso e maestoso) intensidade e matices compositor (de autor ou anónimo), intérpretes.

- O teatro musical: Romance do Conde Flores.

SEXTO CURSO

**1. Escoita**

- Historia da música: Prehistoria, Antigüidade, Idade Media, Renacemento, Barroco, Romanticismo e actualmente.
- Calidades básicas dunha obra musical: ritmo, melodía, harmonía e forma.
- Ditados rítmicos e melódicos.
- Identificación de diferentes estilos musicais.
- Voces, instrumentos e conxuntos vocais e instrumentais.
- Alteracións musicais.
- Identificación auditiva de esquemas melódicos.
- Diferentes estilos musicais doutras culturas.
- Estilos musicais da propia cultura.
- Compositores musicais.
- Forma musical: o rondó.

**2. Interpretación e creación**

- Exploración de las posibilidades expresivas de la voz.
- Emisión de voz y técnica vocal: respiración, articulación, movimiento, emisión, entonación, etc.
- Entonación: entonación de melodías didácticas sobre la escala de Do, entonación en Do M.
- Lectura rítmica.
- Prosodia rítmica.
- Canciones al unísono y polifonía.
- Flauta dulce. Recomendaciones.
- Frauta doce: Re, Mi, Fa, Sol, La, Si, Do agudo, Do grave, Si bemol y Fa sostenido.
- Relación entre acento e compás con movemento.
- Posibilidades sonoras instrumentais desde varias ópticas: segundo a materia, a forma e o modo de tocalos (exploración e destreza instrumental, control postural segmentario e global; a relaxación corporal).
- Agrupacións instrumentais.
- Capacidades e habilidades motoras básicas para a práctica instrumental: manipulación e utilización dos instrumentos, e coordinacións manuais e globais.
- Familias instrumentais: tipos (tradicionais, populares, orquestrais e electrónicos) e agrupacións.
- Elementos que configuran a peza instrumental: musicais (ritmo, melodía, harmonía e forma) e expresivos (intensidade, tempo, timbre, articulación, carácter e fraseo).
- Figuras rítmicas.
- Ditados rítmicos.
- Escritura musical.

- Os elementos e tipos de grafía básicos como medios de representación da música: non convencionais (trazos, puntos, liñas, debuxos e cores), e convencionais: reguladores de intensidade.
- Diferentes tipos de compases.
- As notas e as súas relacións: notas (Fa, Si, Fa sostenido", Do M).
- Interpretación de partituras non convencionais.
- Escritura rítmica e melódica.
- A obra e as súas características básicas: formas musicais, cancións e danzas (temas e frases melódicas, forma e estrutura), instrumentos e familias movementos (presto allegro, andante e adagio), carácter ou expresión (vivace, moderato, gracioso e maestoso) intensidade e matices compositor (de autor ou anónimo), intérpretes.
- Improvisación e creación de movementos.
- Calidades do son.
- Interpretación de musicogramas.
- O tempo a intensidade.
- Deseños rítmicos: ti-ri ti, ti ti-ri, trí-o-la (tresillo).
- Alteracións musicais propias e accidentais.
- O tema musical.
- Esquemas rítmicos: trémolo, abreviatura de repetición de compás.

## 5. CRITERIOS DE AVALIACIÓN

Segundo este proxecto, determinarase se o alumno ou a alumna:

- Comprende e utiliza as posibilidades de expresión da imaxe e interrelaciona as linguaxes sonoras e corporais cos plásticos.
- Utiliza a súa actividade gráfica para representar en imaxes as súas vivencias e experiencias persoais.
- Representa imaxes da realidade cotiá e do ámbito, seleccionando as técnicas máis apropiadas e os materiais axeitados.
- Comunícase mediante signos e símbolos visuais pertencentes á linguaxe icónica.
- Intervén cooperativamente en traballos de creación artística, bidimensional e tridimensional, organizando e coidando o material utilizado.
- Utiliza, valora e distingue liñas, cores e texturas na representación das súas creacións, e analiza, interpreta e valora as producións alleas.
- Explora as calidades dos materiais (plásticos, metálicos, téxtiles e de refugallo) e as súas posibilidades expresivas.
- Mostra interese pola calidade na execución das súas creacións e goza coa súa realización, explicando as súas intencións expresivas.
- Conserva e respecta o medio e as formas artísticas do contorno.
- Mantén unha escoita atenta, activa e concentrada.
- Expresa sensibilidade musical.
- Adopta as posturas axeitadas e realiza os esforzos necesarios para adquirir conciencia do corpo e mellorar o control postural.
- Sincroniza rítmica e motrizmente o corpo ao pulso, ao acento e a diferentes compases e ritmos, temas, frases melódicas e formas musicais, así como ao carácter destas.
- Expresa verbal e corporalmente vivencias, sensacións e emocións.
- Mostra destreza e coordinación nos exercicios rítmico-instrumentais.
- Manifesta destreza e interese na construción de sinxelos instrumentos.

- Mostra interese, curiosidade e coidado na exploración dos distintos instrumentos.
- Manifesta destreza, esforzo individual e progreso na aprendizaxe dun instrumento melódico.
- Intégrase no grupo, no canto colectivo, e mostra dispoñibilidade, cooperación e percepción crítica.
- Segue e respecta as indicacións xestuais da persoa que asume a dirección en actividades colectivas.
- Mostra interese, dedicación e constancia nos ensaios previos ás actuacións para lograr un traballo ben realizado.
- Participa de forma cooperativa na planificación e organización de exposicións e realizacións escenográficas, asumindo a responsabilidade que previamente lle correspondeu.
- Manifesta capacidade de integración e interese na interpretación conxunta, gozando con esta e sendo consciente da necesidade do esforzo persoal para conseguir resultados de calidade musical.
- Recoñece e valora o progreso experimentado nas destrezas rítmico-motoras a través das actividades de expresión corporal, movemento rítmico e danza.
- Acéptase a si mesmo e aos demais, e manifesta a súa autonomía persoal.
- Manifesta discriminación auditiva no recoñecemento e repetición de melodías e diferentes voces, falando ou cantando.
- Discrimina temas e frases melódicas.
- Realiza improvisacións espontáneas e pequenas creacións propias.
- Integra os coñecementos, previamente adquiridos na linguaxe musical, nas linguaxes de improvisación.
- Utiliza distintos aspectos expresivos da canción (intensidade, tempo, carácter, etcétera) para comunicar sentimentos e sensacións.
- Acompaña rítmica ou melodicamente de forma individual ou colectiva, cancións e danzas.
- Identifica o pulso, o acento e o ritmo dos temas musicais en exercicios simultáneos, con diferentes instrumentos, co obxecto de iniciar o desenvolvemento do oído harmónico.
- Interpreta exercicios rítmicos na linguaxe musical.
- Intégrase cooperativamente nalgunhas das manifestacións artísticas do medio escolar.
- Recoñece temas e frases melódicas, a súa estrutura formal, e pode expresalos instrumentalmente.
- Discrimina mediante a lectura, escritura, ton e improvisación os contidos da linguaxe musical.
- Realiza exercicios de lectura, escritura e ditados musicais.
- Manexa con soltura as distancias sonoras.
- Coñece e utiliza algunhas cancións e danzas tradicionais da zona para acompañar os seus xogos e momentos de ocio individuais e colectivos.
- Manifesta curiosidade por coñecer outras manifestacións musicais populares de culturas distintas á propia.
- Mostra naturalidade e espontaneidade na aprendizaxe dos diferentes ritmos e danzas.
- Respecta as normas sociais de comportamento en calquera manifestación artística.

## 6. COMPETENCIAS

Neste Proxecto Curricular establécese a contribución das diferentes áreas do currículo ao desenvolvemento de cada unha das oito Competencias Básicas. As competencias de Educación Artística, detállanse a continuación

**Competencia en comunicación lingüística**
- Valorar a obra artística.
- Buscar a orixinalidade narrativa e formal.
- Obter información relevante e suficiente a partir da observación.
- Describir procesos de traballo e argumentación de solucións.
- Desenvolver capacidades relacionadas coa fala, como a respiración, a dicción e a articulación.
- Adquirir un vocabulario específico da área.
- Xerar intercambios comunicativos.

**Competencia no coñecemento e a interacción co mundo físico**
- Aproveitar a información xestual ofrecida polo contorno humano e modélico.
- Utilizar con fruición as técnicas plásticas.
- Explorar de maneira sensorial os espazos.
- Tomar conciencia da importancia de contribuír a preservar un contorno físico agradable e saudable.
- Utilizar o medio como pretexto para a creación artística.
- Mostrar actitudes de respecto cara aos demais e cara a un mesmo.
- Apreciar o contorno a través de cores, formas, sons, texturas, etc., presentes na natureza e nas obras realizadas polo home.

**Competencia matemática**
- Representar xeometricamente os esquemas de debuxo e as formas de seres e obxectos cotiáns.
- Poñer en práctica procesos de razoamento e identificar a validez destes.
- Valorar o grao de certeza dos resultados derivados do razoamento.
- Seleccionar as técnicas adecuadas para calcular os pulsos.

**Tratamento da información e competencia dixital**
- Transmitir información mediante técnicas plásticas.
- Analizar a imaxe e a mensaxe que transmite.
- Usar a tecnoloxía para o tratamento de imaxes visuais.
- Analizar a imaxe, o son e as mensaxes que estes transmiten.
- Buscar, seleccionar e intercambiar información sobre manifestacións artísticas para o seu coñecemento e goce.
- Usar a tecnoloxía para mostrar procesos relacionados coa música e coas artes visuais.

**Competencia social e cidadá**
- Indagar e planificar procesos.
- Coidar e conservar materiais e instrumentos.
- Ter flexibilidade ante un mesmo suposto.
- Traballar en equipo cooperando e asumindo responsabilidades.
- Aplicar técnicas concretas e utilizar os espazos de maneira apropiada.
- Seguir as normas e as instrucións dadas.
- Expresarse buscando o acordo con actitude de respecto, de aceptación e de entendemento.

**Competencia cultural e artística**
- Ter interese polo coñecemento dos materiais.
- Experimentar con técnicas e materiais.
- Explorar os materiais cromáticos e gozar cos resultados obtidos.
- Intercambiar información sobre imaxes de calquera época e cultura.
- Representar formas presentes no espazo natural.
- Coñecer diferentes códigos artísticos e utilizar as técnicas e os recursos que lles son propios.
- Facilitar a expresión e a comunicación.
- Coñecer, valorar e manter unha actitude crítica ante as manifestacións culturais e artísticas.
- Promover a iniciativa, a imaxinación e a creatividade.
- Apoiar e apreciar as iniciativas e as contribucións alleas.

**Competencia para aprender a aprender**
- Ter curiosidade respecto do resultado final dunha actividade manipulativa.
- Valorar o potencial creativo contido nas formas sinxelas.
- Indagar e planificar procesos.
- Esforzarse por alcanzar resultados orixinais.
- Reflexionar sobre o proceso de iluminación.
- Observar co obxecto de adquirir información relevante e suficiente.
- Reflexionar sobre os procesos na manipulación de obxectos, a experimentación con técnicas e materiais e a exploración sensorial de sons, texturas, formas e espazos.
- Utilizar os coñecementos adquiridos en situacións diferentes.

**Autonomía e iniciativa persoal**
- Manipular materiais e adquirir bagaxe plástica expresiva.
- Experimentar e gozar co uso de técnicas e materiais.
- Desenvolver iniciativas e solucións diversas.
- Favorecer a creatividade levando a cabo iniciativas e barallando diferentes posibilidades.
- Fomentar a orixinalidade e a busca de novas formas innovadoras no proceso creativo.
- Elixir os recursos tendo en conta a intencionalidade expresiva do que se desexa lograr.
- Planificar o proceso creativo e esforzarse por alcanzar resultados orixinais.
- Adquirir coñecementos e buscar solucións a partir da exploración e da indagación.

# ÁREA DE EDUCACIÓN FÍSICA

## 1. CARACTERÍSTICAS DA ÁREA

A área de Educación Física está orientada ao desenvolvemento das capacidades e habilidades instrumentais do corpo, co obxectivo de aumentar e perfeccionar as súas posibilidades de movemento, profundizando no coñecemento e dominio da conduta motriz como axente activo do comportamento humano. Esta conduta depende de tres variables fundamentais: o propio corpo, o espazo e o tempo.

Así, o corpo e o movemento, no espazo e no tempo, van constituír os eixes básicos da acción educativa nesta área. O corpo, como vivencia de posibilidades lúdicas e de comunicación (comprensión e expresión), dirixidas á aceptación do propio corpo, a melloralo e a utilizalo convenientemente. O movemento, como instrumento de relación e participación, posibilita e desenvolve o coñecemento, mellora e incrementa a funcionalidade anatómica, facilita a comunicación, conserva e mellora a saúde, o estado físico e psíquico, potencia o amor propio e o interese pola superación e compensa o sedentarismo e as restricións habituais do medio.

Desde esta perspectiva, a Educación Física educa o corpo, pero tamén forma o carácter, fortifica a personalidade, contribúe ao desenvolvemento de actitudes de solidariedade, etc.

En función diso, os alumnos e as alumnas, na etapa Primaria, teñen unha visión totalizadora da realidade; polo que as actividades e contidos deben estar contextualizados na súa propia experiencia, de xeito que poida establecer relacións significativas entre o que saben e o que van aprendendo.

## 2. A ÁREA DE EDUCACIÓN FÍSICA NO TERCEIRO CICLO

Neste ciclo, os alumnos e as alumnas consolidan o seu esquema corporal e toman conciencia global do seu corpo en relación co espazo que os rodea, tanto en repouso coma en movemento, así como do ton e da relaxación muscular. Desde ese instante, xa están preparados para a incorporación paulatina de tarefas técnico-deportivas e, en relación coas estruturas espazo-temporais, aprecian correctamente as traxectorias e as velocidades de móbiles.

Por outra banda, son xa capaces de asociar e respectar diferentes normas alimenticias relativas ao exercicio e son conscientes de que este desenvolve as súas capacidades físicas. Ademais, sistematizan os hábitos higiénicos, tanto os propios da actividade física coma os da vida cotiá, e observan correctamente as medidas de seguridade necesarias para a súa práctica.

Os alumnos e as alumnas realizan manifestacións expresivas de forma non estereotipada e transmiten sensacións, ideas e estados de ánimo, a través do xesto. Así mesmo, son capaces de valorar a utilización persoal dos recursos expresivos do corpo, poden

adaptarse a calquera tipo de medio no que se movan e poden recoñecer a intensidade do exercicio e, polo tanto, dosificalo.

Non obstante, cómpre ter en conta que, estruturalmente, se pode producir unha discordancia entre as súas estaturas e as súas forzas musculares, ao darse neste período o crecemento rápido dos seus ósos, o que fai que se retraia o seu desenvolvemento muscular.

É conveniente continuar o desenvolvemento das súas habilidades básicas e do acondicionamento físico xeral, mediante desprazamentos, saltos, lanzamentos, recepcións, etc., actividades todas elas presentes na iniciación deportiva.

En xeral, aos alumnos e ás alumnas gústalles participar en calquera tipo de xogo, preferentemente nos competitivos. Os xogos predeportivos teñen unha función de aprendizaxe e recreación máis ca de instrución concreta sobre unha técnica deportiva. É conveniente, incluso, nalgúns destes xogos, que sexan os alumnos e as alumnas os que determinen as normas que se van seguir, para responsabilizarse do seu cumprimento e fomentar aspectos organizativos. Por outra parte, é desexable que todos os alumnos e as alumnas desempeñen todos os papeis ou funcións que poidan, o que facilitará a diversidade de situacións e fomentará a resolución de problemas motores.

Das experiencias vividas nesta área polo alumnado deste ciclo, preténdese conseguir o desenvolvemento e a maduración das seguintes capacidades:

- A adquisición de múltiples condutas motrices que servirán para construír outras novas e para aplicarllas á solución de problemas.
- A adquisición de destrezas motoras de percepción, decisión e execución.
- A aprendizaxe social axeitada para a súa mellor interrelación e interacción co mundo que o rodea.
- O coñecemento das posibilidades do seu corpo e os seus coidados, co fin de mellorar a súa capacidade de decisión motriz, co que adquirirá maior autonomía persoal, seguridade e confianza, logrando cada vez aprendizaxes máis significativas e autónomas.
- O respecto pola integridade do propio corpo, pola hixiene e pola saúde, así como o desenvolvemento de posicións críticas fronte á imposición das modas agresivas, tanto estéticas coma alimentarias.

Finalmente, é imprescindible que antes de comezar cada exercicio se tomen as medidas de seguridade pertinentes, facendo que os nenos e as nenas sexan protagonistas destas tarefas, así como responsabilizalos da súa hixiene persoal, alimenticia, horas de descanso e sono axeitadas, etc.

Desde esta formulación, a área estruturouse en cinco bloques temáticos:

### 2.1. O corpo: imaxe e percepción

Este bloque está dedicado ao desenvolvemento das habilidades perceptivas e de coordinación, que está intimamente ligado ao coñecemento e dominio do corpo.

Os alumnos e as alumnas coñecen e organizan o seu esquema corporal para dominalo e relacionalo con outros parámetros externos, como son os demais compañeiros, o espazo e o tempo. Polo que é preciso adicarlle especial atención ao control corporal, a través do desenvolvemento de diferentes capacidades, tales como: postura, equilibrio, ton, tensión, relaxación e respiración, entre outras.

Ademais, preténdese que adquiran hábitos de hixiene e saúde, en xeral, e que coñezan e practiquen os efectos beneficiosos que para iso ten o exercicio.

### 2.2. Habilidades motrices

Este bloque pretende desenvolver habilidades e destrezas a través da experimentación e exploración das diferentes posibilidades de resposta. De xeito que é preciso traballar de forma especial os xiros, saltos, desprazamentos, lanzamentos, recepcións, etc.; buscando a maior calidade do movemento para aumentar o repertorio motor do alumno e da alumna, con vistas á aprendizaxe de contidos que requiren de actividades de maior complexidade.

### 2.3. Actividades físicas artístico-expresivas

Neste bloque de contidos trabállase o corpo como medio de expresión e comunicación, pretendendo provocar a reflexión do alumnado para axeitar os seus movementos á propia acción motora, para descubrir as súas posibilidades e recursos expresivos corporais, para adquirir habilidade motriz expresiva e para desenvolver a imaxinación e a creatividade. Non se trata unicamente de dramatizar ou participar en actividades máis ou menos rítmicas e/ou expresivas, senón de entender a realidade corporal como un aspecto importante da personalidade e asumir a imaxe propia como un feito determinante da capacidade expresiva e da relación humana.

### 2.4. Actividade física e saúde

Este bloque está constituído por aqueles coñecementos necesarios para que a actividade física resulte saudable. Ademais, incorpóranse contidos para a adquisición de hábitos de actividade física ao longo da vida, como fonte de benestar. A participación na cultura do movemento, como garantía de saúde para toda a vida, vén determinada, precisamente, polos obxectivos, contidos e coñecementos adquiridos neste bloque.

### 2.5. Xogos e actividades deportivas

Os xogos, debido ao seu gran valor educativo, constitúen o recurso de maior calado para a aprendizaxe e a socialización do neno e da nena.
O coñecemento e a práctica de diferentes tipos de xogos desenvolve habilidades e destrezas, xerando unha actitude positiva fronte ao exercicio físico; debido, fundamentalmente, á motivación que esperta.

É precisamente, neste bloque, onde desembocan e encontran aplicación práctica gran parte dos obxectivos e contidos do resto de unidades, sendo de gran valor para a proxección do alumno cara aos contidos e intencións sociomotrices expresados no currículo, cuxo obxectivo final é a práctica de actividades físicas habituais como sinais de identidade da cultura do movemento, entendida como fonte de saúde.

## 3. OBXECTIVOS

Ao finalizar o terceiro ciclo de Educación Primaria, preténdese que o alumno e a alumna acaden os seguintes obxectivos:

**Obxectivos para a etapa**

1. Coñecer, aceptar e valorar o propio corpo e a actividade física como medio de exploración e de gozo das propias posibilidades motrices, de relación coas demais persoas e como recurso para organizar o tempo de lecer.

**Obxectivos para o terceiro ciclo**

1.1. Coñecer cada unha das partes do corpo e valorar a actividade física como medio de exploración e gozo das posibilidades motrices.
1.2. Coñecer as posibilidades corporais, e desenvolvelas e enriquecelas como medio de relación cos demais e co medio.
1.3. Valorar o propio corpo e aceptar a propia identidade física.

**Obxectivos para a etapa**

2. Utilizar as propias capacidades motrices, habilidades e destrezas e o coñecemento que o alumnado posúe da estrutura e funcionamento do corpo para adaptar o movemento ás circunstancias e condicións de cada situación.

**Obxectivos para o terceiro ciclo**

2.1. Adecuar o movemento no espazo, individual e colectivamente.
2.2. Sincronizar o movemento corporal con estruturas rítmicas individuais e colectivas.
2.3. Desenvolver a destreza visomanual.
2.4. Tomar conciencia do ton, da relaxación e do equilibrio estático e dinámico en diferentes situacións.
2.5. Apreciar axeitadamente diferentes traxectorias de móbiles en situacións de xogo.
2.6. Adaptar as capacidades físicas básicas e destrezas motoras a medios non coñecidos.
2.7. Desenvolver a mobilidade corporal, independizando segmentos superiores e inferiores do eixe corporal.

**Obxectivos para a etapa**

3. Utilizar os recursos expresivos do corpo e do movemento de xeito estético e creativo, comunicando sensacións, emocións, ideas e estados de ánimo.

**Obxectivos para o terceiro ciclo**

3.1. Desenvolver a creatividade interpretativa mediante a actividade física e a expresión corporal.
3.2. Imitar movementos cun certo grao de complexidade a partir de modelos establecidos.
3.3. Reproducir estruturas rítmicas a través do movemento corporal.
3.4. Recoñecer sensacións, ideas e estados de ánimo noutros compañeiros, a través do xesto e do movemento.
3.5. Transmitir diferentes sensacións e estados de ánimo, utilizando os recursos expresivos do corpo.
3.6. Practicar ritmos e bailes populares disociando diferentes segmentos corporais.

**Obxectivos para a etapa**

4. Regular e dosificar o esforzo, asumindo un nivel de autoesixencia acorde coas posibilidades de cadaquén e coa natureza da tarefa que se está a realizar.

**Obxectivos para o terceiro ciclo**

4.1. Valorar o interese e o esforzo persoal por enriba do éxito ou dos resultados obtidos.
4.2. Dosificar o esforzo tendo en conta a natureza da tarefa que se realiza.
4.3. Desenvolver a autoestima a partir da valoración do esforzo necesario na actividade física.
4.4. Adoptar unha boa disposición cara a calquera tipo de actividade física.

**Obxectivos para a etapa**

5. Apreciar a actividade física para o benestar, manifestando unha actitude responsable cara a si e cara ao resto das persoas e recoñecendo os efectos da actividade física, da hixiene corporal, da alimentación e dos hábitos de posturas sobre a saúde e a calidade de vida.

**Obxectivos para o terceiro ciclo**

5.1. Desenvolver as posibilidades de control postural e respiratorio.
5.2. Consolidar hábitos hixiénicos, alimenticios, posturais e de exercicio físico saudables.
5.3. Desenvolver unha actitude responsable cara ao propio corpo e o dos demais.
5.4. Desenvolver hábitos para a prevención de accidentes.
5.5. Sistematizar as aprendizaxes de ciclos anteriores no que respecta aos hábitos alimenticios e hixiénicos e ás medidas de seguridade.

**Obxectivos para a etapa**

6. Participar en actividades físico-deportivas compartindo proxectos, establecendo relacións de cooperación para lograr obxectivos comúns, resolvendo por medio do diálogo os conflitos que poidan xurdir e evitando discriminacións por características persoais, de xénero, sociais e culturais.

**Obxectivos para o terceiro ciclo**

6.1. Participar en xogos e actividades físicas colectivas, manifestando solidariedade e compañeirismo.
6.2. Relacionarse cos demais, compartir xogos e actividades físicas e respectar as normas e regras que os rexen.
6.3. Coñecer as estratexias básicas dos xogos.
6.4. Evitar comportamentos agresivos e actitudes violentas nos xogos e actividades físicas competitivas, así como a discriminación dos compañeiros ou das compañeiras por razóns de índole persoal ou social.
6.5. Participar en xogos populares tradicionais e nos de exploración e aventuras.
6.6. Aceptar con agrado o papel que lle corresponde desempeñar en calquera tipo de xogo.
6.7. Coñecer os deportes que mellor se lle adapten segundo as súas características.

**Obxectivos para a etapa**

7. Coñecer e valorar a diversidade de actividades físicas, lúdicas e deportivas como elementos culturais, amosando unha actitude crítica, tanto desde a óptica de participante como desde a de público.

**Obxectivos para o terceiro ciclo**

7.1. Coñecer e practicar actividades físicas e deportivas habituais no seu medio.
7.2. Participar en actividades físicas e deportivas organizadas no centro.
7.3. Utilizar de forma axeitada e respectuosa o material co que se realizan as actividades físicas e deportivas, coidando o espazo onde se desenvolven.
7.4. Colaborar na organización de diferentes actividades físicas e deportivas, ocupándose de dispoñer o material necesario para a súa realización.

**Obxectivos para a etapa**

8. Adquirir, elixir e aplicar principios e regras para resolver problemas motores e actuar de xeito eficaz e autónomo na práctica de actividades físicas, deportivas e artístico-expresivas.

**Obxectivos para o terceiro ciclo**

8.1. Percibir con precisión as distancias e os obstáculos en percorridos cada vez máis complexos.
8.2. Utilizar un repertorio motor axeitado para a resolución de problemas que impliquen unha correcta percepción espazo-temporal.
8.3. Apreciar as distancias, o sentido e a velocidade nos desprazamentos de obxectos e persoas en movemento.
8.4. Resolver problemas de estruturación espazo-temporal seleccionando os movementos, executándoos de xeito satisfactorio logo da avaliación das súas posibilidades.

**Obxectivos para a etapa**

9. Coñecer e practicar xogos, deportes e/ou bailes tradicionais propios da cultura galega, amosando interese pola indagación neste eido e pola súa difusión e valorando as repercusións que teñen na nosa sociedade.

**Obxectivos para o terceiro ciclo**

9.1. Realizar xogos, danzas e actividades deportivas, de diversas modalidades e dificultade crecente, con especial referencia ás tradicionais e populares de Galicia.

## 4. CONTIDOS

Os contidos que propomos para este ciclo, na área de Educación Física, son os seguintes:

QUINTO CURSO

### 1. O corpo: imaxe e percepción

- O desenvolvemento físico e o cambio corporal.
- A percepción do corpo propio e do dos demais durante o proceso de cambio e desenvolvemento.
- O coidado do corpo: alimentación, e materiais e procedementos de hixiene corporal.
- O esquema corporal global e segmentario.
- Condutas motrices de base: control postural e equilibrio en repouso e en movemento.
- Condutas perceptomotrices: relacións espaciais: sentido, dirección e cálculo de distancias, e relacións temporais: movementos lentos, rápidos e balísticos.
- Movemento: global e segmentario; coordinación de movementos.
- Posibilidades e límite das capacidades físicas.
- Relación entre a forma física e a saúde.
- Medidas básicas de seguridade e de prevención de accidentes na práctica da actividade física.

### 2. Habilidades motrices

- Habilidades: desprazamento, salto, lanzamento e recepción.
- Eixe, posición e traxectoria.
- Técnica e táctica.
- Tipos de habilidades na actividade física e no deporte.

### 3. Actividades físicas artístico-expresivas

- O corpo como medio de comunicación (comprensión e expresión): xestos (persoais e emotivos), movemento, mímica, danza e dramatización.
- Ritmo e movemento.
- Danza expresiva.

### 4. Actividade física e saúde

- Organización da propia actividade física autónoma como práctica de saúde de forma habitual.
- Capacidade física, distinguíndoa claramente doutras manifestacións da motricidade, e

establecendo a relación co estado ou mantemento da saúde.
- Desenvolvemento e mantemento das capacidades físicas básicas.
- A actividade física habitual como valor social e práctica saudable.

### 5. Xogos e actividades deportivas

- Xogo como aprendizaxe para a vida.
- Factores do xogo: espazo, tempo, movemento e regras.
- Xogos de oposición e de cooperación.
- Xogos que se practican no medio.
- Xogos na natureza.
- Xogos de adversario e xogos cooperativos.
- Xogos de iniciación deportiva.
- Xogos populares tradicionais galegos.

SEXTO CURSO

### 1. O corpo: imaxe e percepción

- Desenvolvemento corporal harmónico.
- Os segmentos corporais: composición, articulacións, tipos.
- Os músculos: funcións, tensión muscular e relaxación.
- Capacidades físicas básicas do corpo humano: flexibilidade, forza, velocidade e resistencia.
- O coidado do corpo: materiais e procedementos de hixiene corporal, e rutinas relacionadas coa actividade física, quentamento e relaxación.
- Relación entre a forma física e a saúde.
- Medidas básicas de seguridade e de prevención de accidentes na práctica da actividade física.

### 2. Habilidades motrices

- A habilidade motriz: factores, coordinación.
- Habilidades: salto (lonxitude e altura), tipos de carreira, exercicios con balóns.
- Destrezas con rede.
- Destrezas con raquetas e bastóns.
- Destrezas coordinadas.

### 3. Actividades físicas artístico-expresivas

- O corpo como medio de comunicación (comprensión e expresión): xestos (persoais e emotivos), movemento, mímica, danza e dramatización.
- A danza como forma de expresión.
- Ritmo e movemento.
- Relación da linguaxe corporal con outras linguaxes.
- Expresión e comunicación.

### 4. Actividade física e saúde

- Control persoal da súa actividade física autónoma como práctica de saúde de forma habitual regulando os esforzos e asumindo a necesidade dunha práctica de actividade física segura.
- Capacidades e habilidades físicas, como base para a participación nos aspectos de relación social, a partir da práctica de actividades físicas e deportes de orientación saudable.
- Auto-adestramento e control do estado de saúde.
- Actividade física habitual como contribución persoal ao esforzo por unha vida sa e para a práctica social e saudable.

### 5. Xogos e actividades deportivas

- Xogos cooperativos.
- Xogos predeportivos.
- Voleibol.
- Minibásquet.
- Fútbol.
- Balonmán.
- Xogos na natureza.

## 5. CRITERIOS DE AVALIACIÓN

Terase en conta, segundo este proxecto, se o alumnado:

- Coñece e utiliza as distintas partes do seu corpo para o exercicio físico.
- Aplica as normas básicas de alimentación e hixiene relacionadas coa actividade física.
- Utiliza a roupa, o calzado e os materiais axeitados para a realización da actividade física.
- Adopta medidas de seguridade necesarias para previr accidentes no desenvolvemento da actividade física.
- Sincroniza os seus movementos corporais a diferentes cambios nas condicións dunha actividade: intensidade, duración e espazo no que se desenvolve.
- Reproduce estruturas rítmicas, disociando diferentes segmentos corporais.
- Executa con eficacia, ritmo e intensidade os desprazamentos en carreira, coa posta en acción, cos cambios de dirección, velocidade de execución, etc., axeitados.
- Utiliza os desprazamentos e os xiros en distintas situacións de forma axeitada.
- Disocia os segmentos superiores e inferiores do eixe corporal e adapta os seus movementos a diferentes situacións espazo-temporais.
- Oriéntase no espazo respecto de si mesmo, aos demais e aos obxectos.
- Coordina axeitadamente os xiros, as carreiras e os saltos na actividade física.
- Reacciona ante as instrucións auditivas ou visuais que recibe, empregando o movemento e os xestos.
- Reacciona correctamente en situacións onde interveñan elementos non previstos.
- Lanza obxectos cunha boa execución e precisión en distancias curtas e sobre obxectivos estáticos ou dinámicos.
- Toma parte con interese en calquera tipo de xogo, aceptando o seu nivel de destreza e confiando nas súas propias posibilidades.
- Participa en todas as actividades propostas aceptando os seus compañeiros e compañeiras á marxe da súa condición social, cultural, sexual, etc.

- Colabora activamente no desenvolvemento dos xogos e deportes de grupo, amosando unha actitude de aceptación cara aos demais, superando as frustracións que se poidan producir.
- Coñece o regulamento de diferentes deportes.
- Interésase por coñecer a diversidade de actividades deportivas, coidando os materiais e espazos onde se practican.
- Utiliza de forma axeitada os espazos e materiais cos que se desenvolve a actividade física.
- Valora a súa participación en xogos e competicións, prescindindo do resultado obtido.
- Coordina o movemento con diferentes ritmos.
- Utiliza o xesto e o movemento para a comunicación e a representación.

## 6. COMPETENCIAS

Neste Proxecto Curricular establécese a contribución das diferentes áreas do currículo ao desenvolvemento de cada unha das oito Competencias Básicas. As competencias de Educación Física detállanse a continuación:

**Competencia en comunicación lingüística**

- Utilizar a linguaxe como medio de comunicación oral e escrita.
- Comprender, compoñer e utilizar os textos.
- Expresarse de forma adecuada.
- Coñecer o vocabulario específico da área.
- Obter gran variedade de intercambios comunicativos nas actividades físicas lúdicas.

**Competencia no coñecemento e a interacción co mundo físico**

- Valorar o coñecemento do corpo e das súas capacidades motrices e expresivas.
- Entender e valorar a actividade física como elemento indispensable para preservar a saúde.
- Adquirir o hábito de practicar actividade física de forma regular.
- Adquirir hábitos saudables de alimentación, de hixiene e de coidado do corpo.
- Comprender a relación entre alimentación e actividade física.
- Desenvolver actitudes críticas ante o fenómeno do sedentarismo.
- Explorar de maneira sensorial o espazo e aplicar a información obtida ás súas actividades motrices.
- Desenvolver o sentido da orientación e saber utilizar diferentes recursos para orientarse.
- Ter habilidade para interactuar co espazo circundante.
- Manipular aparellos para realizar actividades físicas.
- Apreciar a natureza e percibir o seu valor como fonte de información.
- Mostrar actitudes de respecto cara aos demais e cara a un mesmo.

**Competencia matemática**

- Realizar medicións.

**Tratamento da información e competencia dixital**

- Transformar a información en coñecemento.
- Transmitir información a través da linguaxe corporal.

- Analizar a expresividade corporal e entender as mensaxes que a través dela se transmiten.
- Utilizar a información recibida a través dos xestos e das posturas para a elaboración de estratexias de xogo nas actividades físicas lúdico-recreativas.

**Competencia social e cidadá**
- Utilizar a actividade física para facilitar a relación, a integración e o respecto.
- Aceptar e respectar as regras do xogo acordadas entre todos.
- Asumir as diferenzas na actividade física, así como as posibilidades propias e alleas.
- Participar, tomar decisións e comportarse con responsabilidade.
- Traballar en equipo, cooperando e asumindo responsabilidades.
- Valorar o traballo e as achegas dos demais, sen discriminar por razóns de sexo, clase, orixe ou cultura.
- Valorar o esforzo e os logros obtidos polas persoas afectadas de discapacidade física ou mental nas súas actividades físicas, laborais e cotiás.
- Habituarse a coidar e a manter a orde nas súas pertenzas e no seu contorno.
- Coidar e conservar os materiais.
- Comprender e valorar a importancia de respectar as normas de tráfico.

**Competencia cultural e artística**
- Expresar ideas, sensacións e sentimentos utilizando como recursos o corpo e o movemento.
- Apreciar as manifestacións culturais da motricidade humana (xogos tradicionais, danza).
- Experimentar coa linguaxe do corpo.
- Experimentar formas de comunicación a través da danza expresiva.
- Interesarse polas formas de comunicación non verbal.
- Desenvolver a iniciativa, a imaxinación e a creatividade.
- Apreciar as iniciativas e as achegas dos demais.
- Utilizar as manifestacións artísticas como fontes de enriquecemento e goce.
- Coñecer a riqueza cultural mediante a práctica de diferentes xogos e danzas.

**Competencia para aprender a aprender**
- Coñecerse a si mesmo, as propias posibilidades e carencias a través das actividades físicas e expresivas.
- Desenvolver o sentimento de competencia ou eficacia persoal.
- Favorecer a motivación, a confianza nun mesmo e o gusto por aprender.
- Ser consciente do que pode facer por si mesmo e do que pode facer coa axuda dos demais.
- Adquirir recursos de cooperación en actividades físicas comúns.
- Facilitar a adquisición de recursos de cooperación en actividades expresivas (danza, mimodrama).
- Manexar de forma eficaz os recursos e as técnicas adquiridos no desenvolvemento das súas habilidades motrices.
- Utilizar os coñecementos adquiridos en situacións diferentes.
- Afrontar a toma de decisións de maneira racional.

**Autonomía e iniciativa persoal**
- Organizar de forma individual e colectiva actividades físicas lúdicas e actividades expresivas.
- Desenvolver os valores persoais da responsabilidade e da perseveranza.

- Desenvolver as habilidades sociais do respecto aos demais, a cooperación e o traballo en equipo.
- Ser capaz de buscar solucións aos problemas formulados e de levalas á práctica.
- Desenvolver a iniciativa e a creatividade.
- Esforzarse por alcanzar resultados creativos, orixinais e sinceros na súa expresividade.
- Ter unha visión estratéxica dos retos para cumprir os obxectivos dos xogos e doutras actividades físicas, e motivarse para lograr o éxito.
- Utilizar as actividades físicas e a linguaxe corporal para ampliar e mellorar as súas relacións sociais.

# ÁREA DE RELIXIÓN E MORAL CATÓLICA

## 1. CARACTERÍSTICAS DA ÁREA

A formación relixiosa e moral católica ten como finalidade aproximar o alumno aos valores, ás tradicións culturais e ás crenzas relixiosas do noso contorno, segundo as convicción dos pais, que optaron libremente por esta formación. A mensaxe cristiá implica unhas esixencias morais que permiten a liberación e o desenvolvemento integral da persoa. A ensinanza relixiosa católica expón, fundamenta e xerarquiza os valores e as virtudes capaces de educar a dimensión moral e social da personalidade do alumno en orde a facer posible a maduración da responsabilidade, o exercicio da solidariedade e a auténtica caridade; todo iso, como expresión coherente do coñecemento de Deus, revelado en Xesucristo, e ao mesmo tempo como resposta ás grandes preguntas sobre o sentido da vida que xa nesta idade se formulan os alumnos.

A ensinanza da Relixión e Moral Católica pretende tamén presentar o acontecemento cristián en diálogo coa cultura, incorporando organicamente o saber da fe ao conxunto dos demais saberes. Esta finalidade estará sempre presente na ensinanza da relixión católica, analizando criticamente tanto o positivo coma o negativo da cultura á luz do evanxeo, motivando ao mesmo tempo o aprecio da propia cultura e a estima adecuada doutras tradicións culturais e relixiosas.

## 2. PRINCIPIOS METODOLÓXICOS

Para alcanzar os obxectivos e a aprendizaxe do programa de contidos nesta área, é necesario optar por unha metodoloxía que sirva de camiño para alcanzar tales metas.

Esta metodoloxía inclúe principios didácticos, actividades e recursos de ensinanza-aprendizaxe, e, para o seu deseño, baseámonos nas orientacións didácticas do currículo de Relixión da Conferencia Episcopal para a Educación Primaria, nas finalidades educativas prescritivas da lei vixente, e nas contribucións específicas da pedagoxía e da didáctica relixiosas.

Por iso, e polo carácter “vertical” e progresivo dos contidos da área, realizamos un Proxecto Curricular de Relixión e Moral Católica para toda a etapa Primaria; de tal maneira que se partiu dun Proxecto unitario, e así, loxicamente, a ensinanza desta materia ten un criterio común, e cada ciclo enlaza cos contidos vistos nos outros dous, dotando o Proxecto dunha coherencia e dunha unidade de criterios moi importante nunha área coma esta.

Froito deste enfoque son os seguintes principios metodolóxicos desde os cales se deseñou o material curricular que ofrecemos para a Área de Relixión e Moral Católica, e que se concretan en:

- Unha ensinanza-aprendizaxe da relixión baseada no proceso psico-evolutivo do alumnado.

- Unha construción do coñecemento baseada en aprendizaxes significativas. É dicir, unha ensinanza da relixión desde e para a vida persoal, cultural, social, moral e relixiosa.
- Unha metodoloxía e unhas actividades orientadas desde os centros de interese do alumnado.
- Un enfoque da ensinanza da relixión desde as narracións bíblicas, e os seus correspondentes paralelismos con situacións da vida diaria e da literatura infantil e xuvenil.
- Unha metodoloxía e unhas actividades que promovan a interdisciplinariedade con outras áreas.
- Unha ensinanza da relixión que capacite o alumno e a alumna para o diálogo da fe cristiá coa cultura actual.
- Unha metodoloxía que fomente nos alumnos e nas alumnas a súa capacidade para ver, xulgar e actuar sobre si, sobre os demais, a sociedade e o ambiente.
- Unha metodoloxía que preste especial atención á diversidade do alumnado.
- A adquisición dunha síntese científica e teolóxica dos principais conceptos, procedementos e valores do feito relixioso, cristián e católico.
- Unha metodoloxía que lles sirva para coñecer e practicar as linguaxes relixiosas e da fe cristiá: o simbólico, o bíblico, o doutrinal, o litúrxico e o moral ou testemuñal.

Asumimos as finalidades educativas prescritivas da lei vixente e as do currículo de Relixión e Moral Católica na Educación Primaria.

Para chegar a un maior nivel de concreción curricular, integramos e avaliamos de forma crítica, creativa e construtiva as finalidades normativas da lei vixente e do currículo de Relixión e Moral Católica da Comisión Episcopal de Ensinanza e Catequese.

Tales finalidades poden concretarse en:

- Educar a dimensión relixiosa desde e para a vida cotiá.
- Favorecer o pleno desenvolvemento da personalidade do alumno e da alumna.
- Elaborar o Proxecto Persoal de Vida a través dunha escala de virtudes e valores morais, personalizados, cívicos, democráticos e relixiosos.
- Presentar a visión cristiá da persoa e da historia en diálogo con outras ciencias sociais, como a antropoloxía, e con tradicións filosóficas e relixiosas.
- Favorecer a capacidade de diálogo da cultura relixiosa e da fe antropolóxica e cristiá coas demais áreas curriculares.
- Educar moralmente a través do desenvolvemento de bos hábitos cívicos e da práctica de compromisos que melloren o contorno e a sociedade.
- Integrar a experiencia relixiosa e a educación na fe cristiá no proceso de ensinanza-aprendizaxe da relixión católica.
- Capacitar o alumnado para elaborar respostas de sentido último ante os problemas máis existenciais e cotiáns.
- Preparar para a participación e o compromiso coa mellora do ambiente, as relacións interpersoais e a vida pública.
- Posibilitar a educación integral, personalizadora e moral a través da cultura relixiosa: os coñecementos, procedementos e valores éticos dos alumnos e das alumnas en todos os ámbitos da súa vida persoal, familiar, social e profesional.

- Desenvolver a capacidade crítica e de diálogo ante a actual cultura audiovisual, especialmente respecto á televisión, ao vídeo, ao cómic, á publicidade, ao ordenador, á prensa, á música e á canción.

## 3. OBXECTIVOS

Neste proxecto preténdese que, ao finalizar o terceiro ciclo, os alumnos e as alumnas teñan alcanzado os seguintes obxectivos na área de Relixión e Moral Católica.

**Obxectivos para a etapa**

1. Coñecer os aspectos básicos das relixións xa desaparecidas relacionándoas co cristianismo.

   **Obxectivos para o terceiro ciclo**

   1.1. Investigar expresións básicas e xerais do feito relixioso na Antigüidade.

**Obxectivos para a etapa**

2. Recoñecer os fundadores e algúns elementos distintivos das grandes relixións vixentes, na súa resposta ás preguntas básicas sobre o sentido da vida e o compromiso dos crentes.

   **Obxectivos para o terceiro ciclo**

   2.1. Recoñecer os principais compoñentes que forman o feito da relixión en xeral.
   2.2. Comparar as principais semellanzas e diferenzas das grandes relixións actuais.
   2.3. Coñecer e valorar as respostas ás grandes respostas do ser humano que dan as relixións monoteístas.
   2.4. Coñecer e tomar conciencia da solidariedade da Igrexa católica e as relixións co mundo actual.

**Obxectivos para a etapa**

3. Coñecer a Biblia, a súa estrutura e sentido, identificando algúns textos básicos como Palabra de Deus.

   **Obxectivos para o terceiro ciclo**

   3.1. Coñecer e aplicar as claves de interpretación católica da Biblia.

**Obxectivos para a etapa**

4. Descubrir a acción de Deus na natureza e na persoa, como fundamento e fonte dos valores básicos do ser humano.

   **Obxectivos para o terceiro ciclo**

   4.1. Coñecer e comprender a providencia de Deus en relación coa fe cristiá e a vida diaria.
   4.2. Descubrir os principais medios e experiencias para encontrarse con Deus.

**Obxectivos para a etapa**

5. Identificar algúns personaxes fundamentais da Historia da Salvación e as súas respostas de fe, descubrindo o valor central da persoa de Xesucristo e a resposta de fe da Virxe María.

   **Obxectivos para o terceiro ciclo**

   5.1. Investigar no Novo Testamento os principais relatos e testemuñas que manifestan a verdadeira humanidade e verdadeira divindade de Xesucristo
   5.2. Coñecer a presenza e a importancia da Virxe María no Novo Testamento e na Igrexa católica.

**Obxectivos para a etapa**

6. Valorar a novidade do amor de Deus que nos salva do pecado e da morte, polo seu Fillo Xesucristo e a través da vida e acción salvífica da Igrexa, Corpo de Cristo.

   **Obxectivos para o terceiro ciclo**

   6.1. Identificar as principais características e orixinalidade do Deus cristián.

**Obxectivos para a etapa**

7. Identificar o significado dalgúns acontecementos, formulacións, expresións e textos básicos da mensaxe cristiá que faciliten a comprensión da vida do Espírito Santo no mundo e na Igrexa.

   **Obxectivos para o terceiro ciclo**

   7.1. Coñecer e valorar o Espírito Santo en relación con Deus Pai e Deus Fillo, e como axuda para o desenvolvemento de valores cristiáns e sociais.

**Obxectivos para a etapa**

8. Identificar a Igrexa nas súas manifestacións, coñecer a presenza de Deus e a súa graza nos sacramentos, e o servizo eclesial prestado polos apóstolos e os seus sucesores.

   **Obxectivos para o terceiro ciclo**

   8.1. Analizar a Igrexa católica en relación co mundo actual e as súas principais notas.
   8.2. Coñecer as principais características dos sacramentos da Orden e do Matrimonio.
   8.3. Analizar e comprender as principais características do sacramento da Unción de enfermos.

**Obxectivos para a etapa**

9. Comprender e distinguir o sentido sagrado, festivo, cultural e celebrativo das festas e dos seus ritos nas relixións monoteístas, relacionándoas cos aspectos culturais e celebrativos da liturxia.

**Obxectivos para o terceiro ciclo**

9.1. Descubrir a orixinalidade das festas relixiosas en relación co ano litúrxico da Igrexa católica.

**Obxectivos para a etapa**

10. Analizar a xerarquía de valores, actitudes e normas que conforman o ser cristián, e aplicalos ás distintas situacións da vida.

**Obxectivos para o terceiro ciclo**

10.1. Comprender e valorar a correcta relación que debe existir entre a Igrexa católica e a sociedade.

**Obxectivos para a etapa**

11. Valorar que a fe cristiá implica asumir responsabilidades, coñecer e comprender a raíz e o sentido da acción e do compromiso cristián, e manter unha actitude de tolerancia e respecto ante os sistemas éticos das distintas relixións.

**Obxectivos para o terceiro ciclo**

11.1. Tomar conciencia da importancia de respectar as crenzas relixiosas para mellorar a convivencia entre persoas de diferentes culturas e relixións.

11.2. Descubrir a orixinalidade e a contribución do compromiso social e cidadán dos cristiáns.

**Obxectivos para a etapa**

12. Coñecer, valorar e respectar o patrimonio relixioso, artístico e cultural, que se manifesta a través da linguaxe simbólica e icónica da arquitectura, pintura, literatura, música e liturxia, como expresión da fe católica e doutras relixións.

**Obxectivos para o terceiro ciclo**

12.1. Comprender y respetar las expresiones artísticas de las religiones.

12.2. Recoñecer e interpretar correctamente as manifestacións da presenza de Deus na cultura xeral e cristiá.

**Obxectivos para a etapa**

13. Descubrir que o destino eterno do home empeza aquí como don que xorde da vitoria de Cristo sobre a morte.

**Obxectivos para o terceiro ciclo**

13.1. Coñecer e interpretar correctamente a fe da Igrexa sobre a vida eterna.

## 4. CONTIDOS

No terceiro ciclo de Educación Primaria, propóñense, para a área de Relixión Católica, os seguintes contidos:

QUINTO CURSO

- A estrutura da relixión. O concepto de Deus e de home. Orixe e destino do home. As mediacións.
- Manifestacións da estrutura do fenómeno relixioso na Antigüidade (Mesopotamia, Exipto, Grecia e Roma).
- As respostas ás grandes preguntas do ser humano no xudaísmo, no cristianismo e no islam. O sentido e alcance da fe e as boas obras.
- Relatos do Novo Testamento en que as testemuñas acreditan que Xesucristo é Fillo de Deus e verdadeiro home.
- A Igrexa no mundo actual. Significado e notas da Igrexa.
- A misión dos membros da Igrexa como continuidade da misión de Xesucristo.
- As festas do pobo de Deus. O seu valor comunitario e rememorativo. O encontro con Deus a través das festas.
- Os sacramentos para o crecemento e a propagación do Pobo de Deus: Orde sacerdotal e Matrimonio.
- Compromiso e solidariedade co mundo de hoxe: manifestacións na Igrexa e noutras relixións.
- A dignidade do ser humano creado por Deus Pai. Os dereitos humanos.
- Valoración das expresións artísticas das relixións. Interpretación do significado transcendente da arte relixiosa.

SEXTO CURSO

- Mapa das grandes relixións no mundo de hoxe. Relación entre as grandes relixións vixentes, descubrindo as súas principais semellanzas e diferenzas.
- O ser humano, o sentido da súa vida e a súa salvación no hinduísmo e no budismo.
- Respecto ás conviccións relixiosas como condición mínima para a convivencia.
- A Igrexa, novo pobo de Deus. Manifestacións da estrutura xerárquica da Igrexa. O papa, os bispos, os sacerdotes, a vida consagrada.
  A Igrexa universal e a Igrexa diocesana.
- Xesús chama e envía os seus discípulos por todo o mundo para continuar a súa obra de salvación. A vida e a presenza do Espírito Santo. A expansión da Igrexa.
- Xesucristo, Salvador e Redentor do pecado e da morte.
- Xesucristo, plenitude do home.
- A presenza da Virxe María no Evanxeo e nos Feitos dos Apóstolos.
- A unción dos enfermos.
- Deus prepara unha terra nova onde habitará a xustiza. Os derradeiros momentos do ser humano.
- O home novo e a lei do espírito. O amor a Deus e o amor aos demais. O mandamento do amor ás situacións cotiás.
- O ser humano é responsable dos seus actos. O valor da conciencia, a verdade, a liberdade e a vontade. O valor da liberdade e a responsabi-lidade dos propios actos á luz do Evanxeo.
- Manifestacións da presenza de Deus na cultura cristiá.

## 5. CRITERIOS DE AVALIACIÓN

- Indica algunhas claves que utiliza a Igrexa católica para a interpretación da Biblia.

- Expresa as principais características comúns do feito da relixión en xeral.
- Recoñece as principais características das relixións da Antigüidade de Mesopotamia, Exipto, Grecia e Roma.
- Expresa o principal sentido último que lle dan á vida as relixións monoteístas.
- Enumera os principais camiños persoais e cristiáns para encontrarse con Deus.
- Sintetiza as principais características e orixinalidade do Deus cristián.
- Indica as principais testemuñas do Novo Testamento que manifestan a verdadeira humanidade e a verdadeira divindade de Xesucristo.
- Resume a relación da Igrexa católica co mundo actual e a misión que debe cumprir.
- Expresa a orixinalidade das festas cristiás e católicas en relación co ciclo litúrxico da Igrexa católica.
- Define os sacramentos da Orde e do Matrimonio.
- Describe a solidariedade da Igrexa católica e as relixións co mundo actual.
- Sinala a correcta relación que debe existir entre a Igrexa católica e a sociedade actual.
- Proporciona datos sobre a achega da Igrexa Católica e o cristianismo no desenvolvemento e na práctica dos dereitos humanos no mundo.
- Indica a orixinalidade da paz para os cristiáns e os seus compromisos para desenvolvela nas persoas e nas sociedades.
- Resume as características da arte relixiosa e cristiá.
- Enumera as principais semellanzas e diferenzas das grandes relixións actuais.
- Expresa o sentido último que lle dan á vida o hinduísmo, o budismo e o cristianismo.
- Argumenta con datos a importancia de respectar as crenzas relixiosas para mellorar a convivencia.
- Describe a Igrexa como estrutura xerárquica e o novo pobo de Deus.
- Resume a misión da Igrexa en relación con Xesucristo e o Espírito Santo.
- Recoñece as principais verdades da fe cristiá sobre Xesucristo.
- Xustifica a importancia da Virxe María no Novo Testamento e na Igrexa católica.
- Define o sacramento da Unción de enfermos.
- Enumera as principais verdades de fe da Igrexa católica sobre a vida eterna.
- Explica a providencia de Deus en relación coa fe cristiá e a vida diaria.
- Compara as diferenzas e as semellanzas entre a moral cristiá e a moral civil.
- Sintetiza a orixinalidade e a achega do compromiso social e cidadán dos cristiáns.
- Expresa o compromiso dos cristiáns para o desenvolvemento da liberdade.
- Indica o compromiso e a contribución dos cristiáns para o desenvolvemento da verdadeira democracia.

## 6. COMPETENCIAS

Neste Proxecto Curricular establécese a contribución das diferentes áreas do currículo ao desenvolvemento de cada unha das Competencias Básicas. As competencias de Relixión e Moral Católica detállanse a continuación:

**Competencia en comunicación lingüística**
- Escoitar, comprender, expoñer e dialogar.
- Utilizar a linguaxe como instrumento de comunicación oral e escrita.
- Expresar emocións, vivencias e opinións.
- Utilizar a linguaxe con versatilidade en función do contexto.

**Competencia no coñecemento e a interacción co mundo físico**

- Coidar o medio.
- Consumir de xeito racional e responsable.
- Percibir o espazo físico no que se desenvolve a vida.

**Competencia social e cidadá**
- Participar, tomar decisións e comportarse con responsabilidade.
- Dialogar para mellorar a comprensión da realidade.
- Comunicarse en distintos contextos.
- Crear un sistema de valores propio baseado no respecto, especialmente aos crentes doutras relixións.
- Comprender a realidade relixiosa e social a partir da súa análise.

**Competencia cultural e artística**
- Cultivar a propia capacidade estética mediante a expresión artística e a expresión plástica.
- Expresarse mediante elementos plásticos a través da iniciativa, da imaxinación e da creatividade.
- Desenvolver habilidades e actitudes que permitan acceder ás distintas manifestacións.
- Coñecer as obras e as manifestacións máis destacadas do patrimonio cultural cristián.
- Utilizar as manifestacións culturais e artísticas como fonte de enriquecemento e goce.
- Manter unha actitude respectuosa cara ás expresións artísticas do patrimonio cristián.

**Competencia para aprender a aprender**
- Dispoñer de habilidades para iniciarse na aprendizaxe e ser capaz de continuala.
- Perseverar e esforzarse, aceptar os erros e aprender deles.
- Favorecer a motivación, a confianza nun mesmo e o gusto por aprender.
- Xestionar e controlar de forma eficaz os procesos de aprendizaxe.
- Lograr experiencias de aprendizaxe conscientes e gratificantes, tanto individuais como colectivas.

**Autonomía e iniciativa persoal**
- Desenvolver valores persoais como a responsabilidade, a colaboración, a axuda aos demais, a perseveranza, etc.
- Afrontar os problemas e atopar solucións para eles.
- Elixir con criterio propio e levar adiante iniciativas no ámbito persoal.
- Desenvolver habilidades sociais como respecto aos demais, diálogo, agradecemento, cooperación e traballo en equipo.

# EDUCACIÓN PARA A CIDADANÍA

## 1. PRESENTACIÓN

Vivimos nunha sociedade democrática da que somos cidadáns. Ser cidadán é formar parte dunha comunidade na que temos dereitos, pero tamén deberes. Educarnos como cidadáns significa exercer eses dereitos e cumprir eses deberes.

Abordamos con este enfoque a nova materia de Educación para a Cidadanía e os Dereitos Humanos.

O obxectivo é achegar os coñecementos que permitan aos estudantes adquirir unha visión ampla das relacións cos demais, dos seus dereitos e deberes; pero tamén persegue algo moito máis importante aínda: que os mozos aprendan a usar ben a súa propia liberdade como persoas e como cidadáns. Non podemos ser libres e felices se actuamos guiados polos impulsos: habemos de facer un uso responsable da nosa liberdade.
O bo uso da liberdade apréndese, sobre todo, no comportamento diario.

O obxectivo deste proxecto é axudar aos estudantes a vivir en sociedade, comprender a realidade social do mundo en que vivimos e exercer unha cidadanía democrática.

## 2. OBXECTIVOS

A Educación para a Cidadanía e os Dereitos Humanos nesta etapa terá como obxectivo o desenvolvemento das seguintes capacidades:

1. Identificar e aceptar a propia identidade e desenvolver a confianza nun mesmo, a afectividade e a autonomía persoal na vida cotiá, nas relacións de cada alumna ou alumno coas demais persoas e como integrante dos grupos sociais en que participa.

2. Amosar actitudes contrarias á violencia, aos estereotipos (de xénero, lingüísticos, relixiosos, culturais, físicos...) e aos prexuízos, sendo quen de defender os propios puntos de vista mediante o diálogo e a argumentación.

3. Desenvolver e facer uso de habilidades emocionais, comunicativas e sociais para actuar con progresiva seguridade e autonomía na vida cotiá e para participar activamente nas relacións de grupo, amosando actitudes comprensivas, cooperativas, xenerosas e construtivas e sendo quen de autorregular emocións e condutas.

4. Coñecer e apreciar os valores e normas de convivencia, obrar de acordo con elas asumíndoas como propias e participar activamente na elaboración das normas do centro educativo (da aula, relativas ao uso de instalacións e materiais, nos regulamentos de actividades, etc.).

5. Utilizar estratexias de resolución pacífica dos conflitos desde o diálogo e a mediación.

6. Recoñecer e valorar a diversidade (de xénero, física, cultural, lingüística, étnica, relixiosa, etc.) como feito enriquecedor, valorar a contribución de cada quen ao enriquecemento dun grupo, amosar respecto polos costumes e modos de vida de persoas e de poboacións distintas á propia e esforzarse por contribuír á mellora das relacións, interesándose por compartir espazos, tempos, actividades, materiais, experiencias, etc.

7. Coñecer, asumir e valorar os dereitos e deberes que como neno ou nena lle corresponden ao alumnado e os que lle corresponderán como persoa adulta, manexar os documentos onde están recollidos e interesarse polas iniciativas que os defenden, participando, no caso de existir a posibilidade, nalgunha delas.

8. Coñecer os mecanismos fundamentais de funcionamento das sociedades democráticas, fundamentalmente nos ámbitos máis próximos á realidade do alumnado, valorar o papel das administracións na garantía dos servizos públicos e a obriga dos cidadáns e das cidadás de contribuír ao seu mantemento mediante a asunción dos seus deberes e compromisos sociais.

9. Fomentar iniciativas de participación democrática e responsable no propio centro, asumindo os papeis que correspondan en función da situación e participando, tamén activamente, en actividades fóra do centro.

10. Identificar, analizar e rexeitar situacións de abuso, de inxustiza e de discriminación, na vida cotiá do alumnado e noutras realidades e amosar sensibilidade polas necesidades das persoas e dos grupos máis desfavorecidos, desenvolvendo comportamentos solidarios e favorecedores da convivencia e participando, na medida das súas posibilidades, en iniciativas que buscan cambiar estas situacións.

11. Ser quen de analizar a situación do medio natural no contorno próximo, tomar conciencia da situación a niveis máis amplos, recoñecer a incidencia das propias accións no seu coidado ou na súa deterioración, desenvolver actitudes comprometidas para a súa conservación e mellora e asumir comportamentos (vida saudable, consumo responsable, seguridade...) que contribúan á sustentabilidade.

## 3. CONTIDOS

### 1. Identidade persoal

- Identificación das características persoais e dos trazos de identidade (as propias capacidades e necesidades).
- Desenvolvemento da autonomía persoal e da confianza nun mesmo (seguridade en si mesmo e en si mesma, autonomía para a acción, confianza nas propias posibilidades, sentimento de importancia, valoración da historia persoal e das contribucións alleas á súa construción).
- Análise de situacións na escola e fóra dela que producen sentimentos positivos ou negativos no alumnado. Causas e consecuencias das accións propias (accións que poden facer sentirse ben ou mal a outras persoas). Responsabilidade polos propios

actos. Agradecer, desculparse, presentar unha queixa, aprender a dicir non, aprender a recuperarse e responder ao fracaso. A intelixencia emocional.
- Identificación, recoñecemento, verbalización, manexo e control dos sentimentos propios (que me ocorre, por que me ocorre, que podo facer cando me sinto así).
- Valoración da liberdade e da responsabilidade na toma de decisións con criterios de eficacia e de xustiza. Responsabilidade na planificación do futuro inmediato.
- Recoñecemento das diferenzas de sexo como un elemento enriquecedor. Análise de medidas que contribúen a un equilibrio de xénero e a unha auténtica igualdade de oportunidades. A contribución das mulleres ao longo da historia e á situación actual do mundo. A vida das mulleres galegas no pasado e no presente e as súas achegas á sociedade. Redes de apoio de mulleres. Identificación e rexeitamento de desigualdades entre mulleres e homes no mundo laboral e na vida cotiá. Valoración da igualdade de dereitos de homes e de mulleres na familia e no mundo laboral e social. Características de veciñanza.
- Aplicación de condutas responsables no uso das TIC (autonomía, autocontrol, seguridade, sentido ético) e análise da realidade que presentan os medios de comunicación para desenvolver a capacidade de elección crítica e responsable.
- Sensibilización, visibilización e rexeitamento do sexismo, do racismo, da homofobia... dentro da perspectiva da defensa dos dereitos humanos e do respecto á identidade persoal.

**2. Identidade social**

- Identificación coas colectividades en que se desenvolve a vida do alumnado: escolar, familiar, local, comarcal e autonómica. Recoñecemento das vantaxes que supón pertencer a estes colectivos e das achegas que se poden facer individualmente a cada un deles.
- Importancia do recoñecemento dos dereitos e deberes do alumnado no centro escolar.
- Identificación, recoñecemento e valoración dos dereitos de todas as nenas e de todos os nenos do mundo, así como os dereitos das persoas recoñecidos nas declaracións universais, no Estatuto de autonomía de Galicia e na Constitución. Coñecemento de organizacións que loitan por que eses dereitos se respecten e do traballo que desenvolven.
- Valoración da convivencia pacífica en sociedade e recoñecemento dos valores en que se apoia: respecto, tolerancia, solidariedade, xustiza, compromiso, cooperación e cultura da paz. Identificación, recoñecemento e análise de actuacións que posibilitan e que dificultan a convivencia e o benestar dos grupos socias.
- Aplicación de habilidades, de estratexias e de procedementos que contribúen a xerar relacións de entendemento e de convivencia pacífica. Habilidades de comunicación e de relación tanto interpersoais como intrapersoais. Identificación, recoñecemento e análise de hábitos que facilitan e dificultan a relación e a comunicación.
- Desenvolvemento da vontade, da flexibilidade e da dispoñibilidade para resolver conflitos. Aplicación do diálogo e da mediación como forma de resolución pacífica dos conflitos.
- Valoración da colaboración e das diferentes posibilidades de traballo cooperativo. Identificación do proceso de toma de decisións de grupo. Identificación e uso dos mecanismos de participación no funcionamento da aula e da escola.
- Aplicación dos valores cívicos e do exercicio dos dereitos e deberes nas situacións de convivencia no contorno inmediato entre iguais e nas relacións interxeracionais.

- Valoración da igualdade dentro das diferenzas. A diversidade física, social, cultural e relixiosa.
- Recoñecemento, valoración, tolerancia e respecto polos costumes e modos de vida distintos ao propio.
- Recoñecemento de costumes, de tradicións e de estilos de vida propios e os das compañeiras e compañeiros. Valoración das celebracións e manifestacións culturais como signos de identidade e de cohesión social.
- Identificación das situacións de marxinación, de discriminación e de inxustiza social.
- Desenvolvemento de actitudes de comprensión, de superación de prexuízos e de estereotipos, de cooperación e de solidariedade ante problemas e necesidades doutras persoas. Protección e amparo das persoas máis desfavorecidas.

### 3. Compromiso social

- Valoración da necesidade de normas compartidas que regulan a convivencia frutífera no ámbito social. Elaboración de normas de convivencia da aula e do centro positivas, facilitadoras e asumidas polo grupo e pola comunidade.
  Práctica de normas cívicas, como por exemplo as de circulación viaria, e asunción de roles por medio do xogo e da simulación.
- Recoñecemento dos principios de convivencia que establecen o Estatuto de autonomía de Galicia e a Constitución española.
- Reflexión sobre as características que debe posuír unha sociedade democrática.
- Análise de mensaxes, de declaracións, de imaxes, etc. procedentes de medios de comunicación, de páxinas web, de publicidade... diferenciando información veraz e contrastada de simples opinións persoais.
- Identificación, aprecio, respecto, responsabilidade, coidado e mellora dos bens comúns e dos servizos públicos. Normas de uso e accións que contribúen ao seu axeitado funcionamento.
- Valoración dos impostos como un medio para corresponsabilizarse socialmente.
- Identificación e rexeitamento das causas que provocan situacións de marxinación, de discriminación e de inxustiza social.
- Identificación de servizos e de persoas que interveñen en casos de situacións de emerxencia (accidentes, lumes, inundacións, terremotos, guerras...) e daquelas persoas e organizacións que contribúen desinteresadamente a mellorar situacións de desvantaxe social, de pobreza, de marxinación, de fame, de explotación da infancia, de enfermidade... Busca de formas de apoio a elas e de contribución ao seu funcionamento.
- Reflexión sobre a repercusión social, no presente e no futuro, de accións individuais e colectivas. Identificación de actitudes e de estratexias persoais e colectivas de consumo responsable, de coidado do medio, de prevención de riscos viarios e de promoción de formas de vida saudable. Reflexión sobre as posibilidades de cambio nas rutinas individuais para mellorar a calidade de vida.

## 4. CRITERIOS DE AVALIACIÓN

- Amosar respecto polas diferenzas e características persoais propias e dos compañeiros e compañeiras. Valorar as consecuencias das propias accións e responsabilizarse delas.

- Argumentar e defender as propias opinións, escoitar e valorar criticamente as opinións das demais persoas, amosando unha actitude de respecto e comprendendo que o que se axuíza ou desautoriza son opinións ou actuacións, nunca persoas.
- Participar colaborativamente na elaboración das normas, aceptalas, asumilas como propias e incorporalas aos propios patróns de conduta. Reflexionar sobre as normas existentes na comunidade e sobre a súa importancia
- Familiarizarse con algúns dos dereitos humanos recollidos na Declaración universal dos dereitos humanos e na Convención sobre os dereitos da infancia e cos principios de convivencia que recollen o Estatuto de autonomía e a Constitución española. Identificar os deberes máis relevantes asociados a eles. Recoñecer situacións en que non son respectados e participar en iniciativas (reais ou simuladas) de mellora delas.
- Recoñecer e rexeitar prexuízos, situacións de discriminación, de marxinación e de inxustiza e interesarse por identificar os factores sociais, económicos, de orixe, de xénero ou de calquera outro tipo que as provocan, así como por atopar posibles vías de mellora para as persoas que as sofren. Valorar a importancia das accións individuais, pero entendendo que se necesitan accións colectivas.
- Identificar o funcionamento dos servizos públicos presentes na vida cotiá do alumnado e a súa relación con diferentes institucións e mais recoñecer a necesidade de que toda a poboación contribúa ao seu correcto funcionamento, mantemento e mellora a través de comportamentos responsables e solidarios (uso deses servizos, pagamento de impostos...). Por extensión, familiarizarse con outros servizos non tan próximos ao alumnado, pero tamén presentes de maneira directa ou indirecta na súa vida.
- Ser consciente da transcendencia presente e futura de accións habituais na vida cotiá do alumnado e da necesidade de realizalas seguindo pautas que teñen a súa base na reflexión e na análise individual e colectiva deses comportamentos.
- Concienciarse da influencia que poden exercer os medios de comunicación, a Internet ou a publicidade nas decisións e opinións das persoas.

## 5. COMPETENCIAS

**Competencia social e cidadá**

- Propiciar a adquisición de habilidades para vivir en sociedade e para exercer a cidadanía democrática.
- Reforzar a autonomía, a autoestima e a identidade persoal.
- Favorecer o espírito crítico para axudar á construción de proxectos persoais de vida.
- Impulsar os vínculos persoais baseados en sentimentos.
- Afrontar as situacións de conflito, ao propoñer a utilización sistemática do diálogo.
- Coñecer os principios contidos na Declaración Universal dos Dereitos Humanos, na Convención dos Dereitos do Neno e na Constitución Española.
- Coñecer os fundamentos e modos de organización das sociedades democráticas.
- Interiorizar valores de cooperación, solidariedade, compromiso e participación.
- Consolidar as habilidades sociais.

**Autonomía e iniciativa persoal**

- Participar, tomar decisións e comportarse con responsabilidade.
- Dialogar como modo de aproximar as diferenzas sociais, culturais e económicas.
- Construír un pensamiento propio.
- Fortalecer a autonomía para analizar, valorar e decidir.

**Comunicación lingüística**
- Coñecer termos e conceptos propios da área.
- Exercitarse na escoita, na exposición e na argumentación.

**Competencia de aprender a aprender**
- Estimular as habilidades sociais, o impulso do traballo en equipo, a participación e o uso sistemático da argumentación.
- Ser quen de sintetizar as ideas propias e alleas, e de presentar de modo razoado o propio criterio.